



Manual programa de integración



Índice

MÓDULO I: Coñecemento e respecto dos valores constitucionais en España

MÓDULO II: Valores estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia

MÓDULO III: Valores da Unión Europea

MÓDULO IV: Os dereitos humanos

MÓDULO V: As liberdades públicas

MÓDULO VI: A democracia

MÓDULO VII: A tolerancia

MÓDULO VIII: A igualdade entre mulleres e homes

MÓDULO IX: Coñecemento das linguas oficiais no territorio da Comunidade Autónoma:

Galego

Castelán



MÓDULO I: COÑECEMENTO E RESPECTO DOS VALORES CONSTITUCIONAIS DE ESPAÑA.

1. - INTRODUCCIÓN.

No preámbulo da Constitución maniféstase que a Nación española, desexando establecer a xustiza, a liberdade e a seguridade e promover o ben de cantos a integran, en uso da súa soberanía, proclama a súa vontade de:

1. Garantir a convivencia democrática dentro da Constitución e das leis, conforme a unha orde económica e social xusta.
2. Consolidar un Estado de Dereito que asegure o imperio da Lei como expresión da vontade popular.
3. Protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións.
4. Promover o progreso da cultura e da economía para asegurarlles a todos unha digna calidade de vida.
5. Establecer unha sociedade democrática avanzada.
6. Colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra.

O artigo 1 define a España como Estado Social e Democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político; enuncia o titular da soberanía, o pobo español; e consagra a chamada forma política do Estado, a Monarquía Parlamentaria.

- **Estado de Dereito**: Baséase no principio de Legalidade. As institucións organízanse segundo o principio de división de poderes e da pronunciación dunha serie de dereitos e liberdades constitucionais (que se enunciarán máis adiante) dos cidadáns que obrigan a todos os poderes e que á súa vez os poderes se comprometen a garantir. Respecto da división de poderes, ao longo da Constitución aparece unha referencia xenérica a estes; o poder lexislativo, en mans das Cortes Xerais, está regulado nos artigos 66 a 96 (estas teñen como función fundamental, aprobar as leis); o poder executivo, que posúe o Goberno, coa facultade de gobernar e administrar, está regulado nos artigos 97 a 107. Posteriormente, nos artigos 108 a 116 regúlanse as relacións entre ambos os dous poderes; e xa para finalizar, o terceiro poder, o xudicial, que ten a función de xulgar e facer executar o xulgado, está regulado nos artigos 117 a 127



- **Estado Democrático**: defínese como aquel no que o pobo, depositario da soberanía nacional, elixe os seus representantes a través do sufraxio universal e goza de dereitos colectivos como por exemplo o de asociación. Este Estado fai referencia á participación do cidadán nos asuntos públicos, participación que pode ter lugar directamente (por exemplo cando votamos) ou a través dos nosos representantes (por exemplo cando as Cortes Xerais aproban as leis).
- **Estado Social**: aquel que lles garante aos seus cidadáns o exercicio real dos dereitos sociais, prestándolles protección en determinados ámbitos como a vivenda, o ensino ou a sanidade e a inclusión de toda unha serie de dereitos de contido económico e social.

E, para levar a cabo os valores superiores indicados, apúntanse as seguintes ideas:

- A conquista do Estado polo dereito: Que afirma a liberdade do individuo fronte ao poder do Estado.
- A soberanía popular: Que nunha sociedade plural esixe o pluralismo político.
- A responsabilidade do Estado no benestar dos seus cidadáns: Que implica a intervención social do Estado e velar pola igualdade de oportunidades.
- Diversos principios éticos: Como xustiza, seguridade e lexitimidade.

2. - OS VALORES SUPERIORES.

Os valores superiores do ordenamento xurídico:

- O valor liberdade, no Título I, que regula os dereitos e deberes fundamentais, fundamento da orde política e da paz social. (artigo 10. 1º da Constitución).
- O valor xustiza concrétese constitucionalmente nos Títulos VI, relativo ao Poder Xudicial, e IX, sobre o Tribunal Constitucional.
- O valor igualdade positivízase nos artigos 9.2º e 14 da Constitución.
- O valor pluralismo político é recollido nos artigos 6 e 7 da Constitución.

O artigo 9, tras sinalar a suxeición dos cidadáns e dos poderes públicos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, e impeler aos segundos a velar pola liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra, así como a facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, declara solemnemente os principios do noso ordenamento xurídico, establecendo como tales os de:

- a) Legalidade.
- b) Xerarquía normativa.



- c) Publicidade das normas.
- d) Irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.
- e) Seguridade xurídica.
- f) Responsabilidade e interdición da arbitrariedade dos poderes públicos.

3. - OS DEREITOS E DEBERES FUNDAMENTAIS.

A Constitución trata dos dereitos e deberes fundamentais dos españois no seu Título I: "Dos dereitos e deberes fundamentais" e, concretamente, nos Capítulos:

- a) Segundo: "Dos dereitos e liberdades"
- b) Terceiro: "Dos principios reitores da política social e económica" (dereitos sociais)
- c) Cuarto: "Das garantías das liberdades e dereitos fundamentais".
- d) Quinto: "Da suspensión dos dereitos e liberdades"

O artigo 10 da Constitución senta, como declaración xeral, que "a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á Lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social".

O artigo 14 trata do **principio de igualdade**, ao establecer que os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4. - DEREITOS E DEBERES FUNDAMENTAIS.

En canto aos dereitos que se recoñecen neste Título I, son os seguintes:

- 1) Dereito á vida e á integridade física e moral**, sen que, en ningún caso, poida ser sometido ninguén a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes, quedando abolida a pena de morte, salvo o que dispoñan as leis penais militares para tempos de guerra (artigo 15).
- 2) Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto**, (artigo 16), sen máis limitación nas súas manifestacións que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola Lei, e sen que ninguén poida ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión e crenzas, consagrándose a aconfesionalidade do Estado. A liberdade relixiosa foi regulada pola Lei Orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, desenvolvida polo Real Decreto 11159/2001, do 26 de outubro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.



3) Dereito á liberdade e á seguridade persoal, polo que ninguén poderá ser privado da súa liberdade, senón coa observancia do disposto no artigo 17 e nos casos e na forma prevista na Lei.

Así mesmo, a detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das indagacións tendentes ao esclarecemento dos feitos, e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial.

Por outro lado, toda persoa detida debe ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención, non podendo ser obrigada a declarar. Garánteselle a asistencia de avogado ao detido nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que a Lei estableza (Lei 14/1983, do 12 de decembro, xunto á que debe terse en conta a *Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta*).

4) Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, recoñecido no artigo 18 e regulado pola Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, derogada parcialmente pola Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

Este artigo 18 establece que:

- O domicilio é inviolable, sen que poida facerse entrada ou rexistro nel sen consentimento de titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito, debendo terse en conta, para o efecto, a Lei 22/1995 do 17 de agosto, mediante a que se garante a presenza xudicial nos rexistros domiciliarios.
- Garántese o segredo das comunicacións, e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas, salvo resolución xudicial.
- A Lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

5) Dereito á libre elección de residencia e á libre circulación polo territorio nacional, artigo 19, así como o **dereito a entrar e saír libremente de España** nos termos que a lei estableza; dereito que non poderá ser limitado por motivos políticos ou ideolóxicos.

6) Liberdade de expresión, que engloba os seguintes dereitos, enunciados no artigo 20:

- A expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución.
- Á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- Á liberdade de cátedra.
- A comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión. A Lei regulará o dereito á cláusula de conciencia (Lei Orgánica 2/1997 do 19 de xuño reguladora



da cláusula de conciencia dos profesionais da información) e ao segredo profesional no exercicio destas liberdades.

O exercicio destes dereitos non pode restrinxirse mediante ningún tipo de censura previa. E estes dereitos teñen o seu límite no respecto aos recoñecidos no Título I, no dereito á honra, á intimidade, á propia imaxe, e á protección da xuventude e da infancia. O secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información só poderá acordarse en virtude de resolución xudicial.

7) Dereito de reunión pacífica e sen armas, sen necesidade de autorización previa, e con comunicación previa á Autoridade, que só poderá prohibilas cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública, con perigo para persoas ou bens, nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións (artigo 21).

8) Dereito de asociación. As asociacións constituídas ao abeiro da Constitución deben inscribirse nun Rexistro para os únicos efectos de publicidade. As legalmente constituídas só poden ser disoltas ou suspendidas no exercicio da súa actividade en virtude de resolución xudicial motivada. O artigo 22 declara como ilegais as asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delito e prohibe as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.

9) Dereito de participación nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal. Así mesmo, os cidadáns teñen **dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos,** cos requisitos establecidos nas Leis (artigo 23).

10) Dereito de todas as persoas a obter a tutela efectiva dos Xuíces e Tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. Todos teñen dereito ao Xuíz ordinario predeterminado pola Lei, á defensa e á asistencia de Letrado, a ser informados da acusación formulada contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con todas as garantías, a utilizar os medios de proba pertinentes para a súa defensa, a non declarar contra si mesmos, a non se confesar culpables e á presunción de inocencia. A Lei regulará os casos en que, por razón de parentesco ou de segredo profesional, non se estará obrigado a declarar sobre feitos presuntamente delituosos (artigo 24).

11) Principio de legalidade penal, que recolle o artigo 25, conforme ao cal ninguén pode ser condenado ou sancionado por accións ou omisións que no momento de producirse non constitúan delito, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente naquel momento.

12) Prohibición dos Tribunais de Honra no ámbito da Administración civil e das Organizacións Profesionais (artigo 26).



13) Dereito á Educación, recoñecéndose a liberdade de ensino. Establécese a obrigatoriedade e gratuidade do Ensino Xeral Básico, recoñecéndoseles ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, dentro do respecto aos principios constitucionais, así como a intervención no control e xestión dos centros sostidos pola Administración con fondos públicos respecto aos pais, profesores e, se é caso, os alumnos (artigo 27). Recoñécese tamén a autonomía das Universidades nos termos que a Lei estableza.

14) Dereito de libre sindicación, recoñecido no artigo 28.1º, comprende o dereito a fundar Sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, así como o dereito dos Sindicatos a formar Confederacións e a fundar Organizacións Sindicais Internacionais ou a afiliarse a estas, sen que poida ser obrigado ninguén a afiliarse a un Sindicato.

15) Dereito de folga dos traballadores (artigo 28.2º) para a defensa dos seus intereses, debendo garantirse, en todo caso, por Lei, o mantemento dos servizos esenciais á comunidade durante a folga.

16) Dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a Lei (artigo 29).

17) Dereito-deber de defender España; artigo 30: no caso de que houberse unha lei que obrigase aos españois a cumprir un servizo militar, esta regularía tamén as causas de exención deste, sendo entre elas a de maior relevancia, a obxección de conciencia.

18) Dereito do home e da muller a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica. A Lei, artigo 32, regulará as formas de matrimonio, a idade e capacidade para contraelo, os dereitos e deberes dos cónxuxes, as causas de separación e disolución e os seus efectos.

19) Dereito á propiedade privada e á herdanza, delimitándose o contido destes dereitos pola función social que han de cumprir. O artigo 33 establece que ninguén poderá ser privado dos seus bens e dereitos senón por causa xustificada de utilidade pública ou interese social, mediante a correspondente indemnización e de conformidade co disposto polas Leis (Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954).

20) Dereito de Fundación, para fins de interese xeral, conforme á Lei, rexendo para as Fundacións o exposto respecto das asociacións (artigo 34).

21) Dereito-deber ao traballo, ao que se refire o artigo 35 e xunto ao que se recoñecen os seguintes dereitos:

- a. Dereito á libre elección de profesión ou oficio.
- b. Dereito á promoción a través do traballo.



- c. Dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da familia, sen que, en ningún caso, poida facerse discriminación por razón de sexo.

22) O artigo 36 sinala que a Lei regulará as peculiaridades propias do réxime xurídico dos **Colexios Profesionais e o exercicio das profesións tituladas**, debendo ser democráticos a estrutura interna e o funcionamento dos Colexios.

23) Dereito á negociación colectiva, artigo 37, ao establecer que a Lei garantirá o dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios. Dereito dos traballadores e empresarios a adoptar medidas de conflito colectivo (folga ou peche patronal), debendo garantirse o funcionamento dos servizos esenciais para a comunidade.

24) Liberdade de empresa no marco da economía de mercado, garantindo os poderes públicos e protexendo o seu exercicio e a defensa da produtividade, de acordo coas esixencias da economía xeral e, se é o caso, da planificación. (artigo 38)

25) O artigo 39 trata do **dereito da familia a ser protexida social, económica e xuridicamente polos poderes públicos**, así como do **dereito dos fillos**, iguais ante a Lei con independencia da súa filiación, **e das nais**, calquera que sexa o seu estado civil, **a unha protección integral**, recoñecéndose, tamén, o deber dos pais de prestar asistencia de toda orde aos fillos habidos dentro e fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda.

26) O artigo 40 recolle os seguintes dereitos:

- Dereito a unha distribución máis equitativa da renda e a unha política orientada ao pleno emprego.
- Dereito á formación e readaptación profesionais.
- Dereito á seguridade e hixiene no traballo.
- Dereito ao descanso necesario.

27) O artigo 41 recoñece o **dereito á Seguridade Social** para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego.

28) O artigo 42 impele o Estado a **salvagardar os dereitos económicos e sociais dos traballadores españois no estranxeiro** e orientar a súa política cara ao retorno.



- 29) O Dereito á protección da saúde**, artigo 43, a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios, debendo os poderes públicos fomentar a educación sanitaria, a educación física e o deporte, facilitando, ademais, a axeitada utilización do ocio.
- 30) Dereito de acceso á cultura** por parte de todos, impeléndose aos poderes públicos a promover a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral (artigo 44).
- 31) O artigo 45 sanciona o dereito a gozar dun medio axeitado para o desenvolvemento da persoa**, debendo os poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.
- 32) Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico** dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade (artigo 46).
- 33) Conforme o artigo 47, todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada**, debendo os poderes públicos regular a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación, e participando a comunidade nas plusvalías que xere a acción urbanística dos Entes Públicos.
- 34) Dereito da xuventude a unha participación libre e eficaz no desenvolvemento político, social, económico e cultural** (artigo 48).
- 35) O artigo 49 imponse aos poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos**, aos que lles prestarán a atención especializada que requiran e ampararanos especialmente para o gozo dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns.
- 36) O artigo 50 ocúpase da Terceira Idade**, establecendo o seu dereito a pensións axeitadas e periodicamente actualizadas e á utilización dun sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.
- 37) O artigo 51 imponse aos poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios**, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos destes. Así mesmo, promoverase a información e a educación dos consumidores e usuarios, fomentándose as súas organizacións, ás que se oirá nas cuestións que os poidan afectar.
- 38) O artigo 52 prescribe, finalmente, que a Lei regulará as Organizacións Profesionais** que contribúan á defensa dos seus intereses, cuxa estrutura interna e funcionamento deberán ser democráticos.

En canto aos DEBERES dos Españois son fundamentalmente:



- **Deber** (que é tamén un dereito) **de defender a España**, regulando no artigo 30, ademais, a prestación obrigatoria do servizo militar, remitíndose a unha regulación por Lei do relativo á obxección de conciencia, así como as causas de exención do servizo militar obrigatorio, podendo impoñer, se é o caso, unha **prestación social substitutoria**. Así mesmo, este artigo dispón que poderá establecerse un **servizo civil para o cumprimento de fins de interese xeral**. E poderán regularse os **deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública**.
- **Deberes tributarios**, recollidos no artigo 31.1º conforme ao cal todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio.
- **Deber de traballar** (que, á súa vez, é dereito), sen discriminación por razón de sexo (artigo 35).
- **Deber dos pais a prestar asistencia de toda orde aos seus fillos** habidos dentro e fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda (artigo 39).
- **Deber de conservación do medio**, conforme o artigo 45, establecéndose, nos termos que a Lei fixe, sancións penais ou, se é o caso, administrativas, así como a obriga de reparar o dano causado.

5. - GARANTÍAS DOS DEREITOS E LIBERDADES.

- O artigo 53 dispón que os dereitos e liberdades recoñecidos nos artigos 14 a 38 vinculan a todos os poderes públicos, debendo regularse o seu exercicio só por Lei e tutelándose a través do recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional.
- En canto aos dereitos recoñecidos nos artigos 14 a 29, calquera cidadán poderá solicitar a súa tutela ante os Tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade e, se é o caso, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional. Este último recurso será aplicable á obxección de conciencia recoñecida no artigo 30.
- Os dereitos recoñecidos nos artigos 39 a 52 informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.
- O artigo 54 fálanos do **Valedor do Pobo, establecendo** que "unha Lei Orgánica regulará a institución do Valedor do Pobo, como Alto comisionado das Cortes Xerais, designado por



estas para a defensa dos dereitos comprendidos neste Título, para o efecto do cal poderá supervisar a actividade da Administración, dando conta ás Cortes Xerais".

- Unha vez esgotadas as instancias internas, e en virtude dunha Declaración do noso Ministerio de Asuntos Exteriores, do 11 de xuño de 1981 (renovada o 18 de outubro de 1985, por cinco anos, prorrogables tacitamente), pódense formular demandas ante o Secretario Xeral do Consello de Europa, tendo coñecemento destas a Comisión Europea de Dereitos Humanos, pola violación dos dereitos recoñecidos no Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, de Roma, do 4 de novembro de 1950.

6. - SUSPENSIÓN DOS DEREITOS E LIBERDADES.

Vén regulada no artigo 55 da Constitución, sobre a base do cal se pode facer a seguinte distinción:

- Os dereitos á liberdade e seguridade persoal, a inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións, liberdade de residencia e circulación, liberdade de expresión e información, de reunión e manifestación, á folga e á adopción de medidas de conflito colectivo, poderán ser suspendidos cando se acorde a declaración do estado de excepción ou o de sitio nos termos previstos na Constitución. Exceptúase do establecido anteriormente o dereito de información do detido, dos seus dereitos, razóns da súa detención e asistencia de Letrado nas dilixencias policiais e xudiciais para o suposto de declaración do estado de excepción.

- O prazo máximo de 72 horas para ser posto o detido a disposición da Autoridade Xudicial ou en liberdade, á inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións poden ser suspendidos para persoas determinadas, en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou elementos terroristas, regulándose esta suspensión pola Lei Orgánica 4/1988 de 25 maio, que reformou a Lei de Axuízamento Criminal en materia de delitos relacionados coa actividade destas bandas armadas e elementos terroristas ou rebeldes.



DEBES LEMBRAR

- Que España se constitúe nun Estado social e democrático de dereito (artigo 1.1 Constitución española);
- Que son valores superiores do ordenamento xurídico (artigo 1.1 Constitución española):
 - A liberdade (artigo 10 Constitución española);
 - A xustiza (Título VI – O Poder Xudicial- e Título X – O Tribunal Constitucional);
 - A igualdade (artigos 9.2 e 14 Constitución española);
 - O pluralismo político (artigos 6 e 7 Constitución española);
- Que a Constitución española garante unha serie de principios no artigo 9.3;
- Que os dereitos fundamentais e as liberdades públicas están regulados na Sección 1ª do Capítulo 2º do Título I da Constitución española (artigos 15 a 29);
- Que os dereitos e liberdades se poden protexer a nivel xudicial segundo tres niveis distintos (artigo 53 Constitución española) e tamén ante unha institución denominada *Defensor do Pobo* (artigo 54 Constitución española);
- Que algúns dereitos e liberdades se poderán suspender cando se cumpran determinadas circunstancias (artigo 55 Constitución española).



AUTOAVALIACIÓN

- 1- En que tipo de Estado se configura España?
 - a) Estado social.
 - b) Estado democrático.
 - c) Estado de Dereito.
 - d) Todas as respostas son correctas.

- 2- En que artigos da Constitución española se regulan os dereitos fundamentais e as liberdades públicas?
 - a) Nos artigos 10 a 55
 - b) Nos artigos 1 a 9
 - c) Nos artigos 15 a 29
 - d) Nos artigos 10 a 38.

- 3- Cantos niveis de protección de dereitos e liberdades regula a Constitución española?
 - a) Dous
 - b) Tres
 - c) Catro
 - d) Ningunha resposta é correcta.

- 4- Cales dos seguintes valores superiores do ordenamento xurídico español?
 - a) Liberdade e xustiza.
 - b) Asociación e liberdade.
 - c) Liberdade e seguridade.
 - d) Todas as respostas son correctas.



5- Que artigo da Constitución española regula as posibilidades de suspender determinados dereitos e liberdades?

- a) 55
- b) 54
- c) 53
- d) Ningunha resposta é correcta





MÓDULO II: VALORES ESTATUTARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1.- INTRODUCCIÓN

A existencia dos Estatutos de Autonomía nun Estado coma o español vén a afirmar o contido do artigo 2 da Constitución, no cal o Estado se configura como descentralizado aínda que unitario. A descentralización é o proceso polo cal o Estado lles transfire os poderes dos que é titular a outros entes xurídicos, dotados de personalidade propia, e polo tanto, dos seus propios poderes e órganos que os exerzan.

Coa descentralización do Estado español nas Autonomías, faise necesaria a existencia da norma básica que ha de rexer o funcionamento das súas institucións. Así se pronuncia o artigo 147.1 da Constitución cando define os Estatutos de Autonomía: "norma institucional básica de cada Comunidade Autónoma que o Estado recoñece e ampara como parte integrante do seu ordenamento xurídico".

Por outro lado, os Estatutos de Autonomía han de ter un contido mínimo, formado polos puntos enumerados no artigo 147.2 da Constitución:

- A denominación da Comunidade Autónoma que mellor corresponda á súa identidade histórica;
- A delimitación do seu territorio, habitualmente mediante a enumeración das provincias que o forman;
- A denominación, organización e sede das institucións autónomas propias. Este punto é o que mellor reflicte a descentralización antes mencionada, pois é onde se regula o funcionamento dos órganos que han de exercer os poderes descentralizados polo Estado;
- As competencias asumidas.

Todos os Estatutos de Autonomía presentan unha estrutura similar, pero falemos do de Galicia:

Está estruturado nun Título Preliminar, onde se recollen as bases da autonomía galega, e outros cinco Títulos, cada un deles encargado de regular un tema diferente. Os máis importantes son o Título Preliminar, que fixa as bases da autonomía, e o Título I, onde se enumeran e regulan, aínda que non detalladamente, os poderes da Comunidade Autónoma e os órganos que han de exercelos.



2.- TÍTULO PRELIMINAR. BASES DA AUTONOMÍA. ESTRUTURA POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981 de 6 abril, dedica o Título Preliminar ás bases nas que se inspira e fundamenta a autonomía galega. Nel recóllense os seguintes presupostos institucionais e ideolóxicos:

- A consideración de Galicia como Nacionalidade Histórica;
- A fundamentación dos poderes da Comunidade Autónoma galega na vontade do pobo;
- A dispoñibilidade dun Estatuto, no que se vertebran, dende un punto de vista xurídico, os poderes de autogoberno.

Estas bases fundamentais recóllense no artigo 1 do Estatuto de Autonomía:

"Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en Comunidade Autónoma para acceder ao seu autogoberno de conformidade coa Constitución Española e co presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal, a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.

Os poderes da Comunidade Autónoma emanan da Constitución, deste Estatuto e do pobo".

Significado do termo "nacionalidade histórica".

A Constitución Española parte da existencia dun só Estado, o español, e dunha soa soberanía, a nacional; e ao mesmo tempo, ao configurar as bases sobre as que se estrutura o Estado, refírese á "indisoluble unidade da Nación española", que se compatibiliza coa "autonomía de nacionalidades e rexións". De modo que estas non poden ter outro significado que o de *poderes políticos autónomos, pero supeditados á unidade do Estado e á vontade do pobo español*.

Por outra banda, a Constitución ofrece diferentes vías para que esas nacionalidades e rexións accedan ao seu autogoberno. Así, o termo "nacionalidades históricas" fai referencia a aqueles territorios que xa no pasado tiveran un Estatuto de Autonomía, e que antes de ser Comunidades Autónomas, se autogobernaban coma se xa o fosen. Estas dúas características cúmprenas Galicia, País Vasco e Cataluña.

Poderían identificarse os termos "nacionalidade" e "nación"?

O tema non queda de todo claro, pois diferentes posturas defenden que si ou que non dependendo do punto de vista dende o que se analicen ambos os dous conceptos.



Punto de vista político. Dende este punto de vista, nación pódese definir como comunidade humana asentada nun territorio específico, cunha historia común, cunha lingua compartida e cunha conciencia de patria, de identidade colectiva. Parece que dende este punto de vista si se poden identificar ambos os dous conceptos.

Punto de vista xurídico. Para este punto de vista, nación equivale a Estado, en canto forma de estruturación e artellamento do poder, como poder soberano. De maneira que non serían identificables ambos os dous conceptos. Esta é a postura mantida pola maioría.

Significado de autogoberno.

Podemos dicir que autogoberno e autonomía son o mesmo: a descentralización política do Estado e a facultade das Comunidades Autónomas de organizarse por si mesmas e tomar decisións políticas no ámbito das súas competencias. Así, estas contan cuns poderes propios. Eses poderes, no Estatuto de Autonomía de Galicia, aparecen analizados no Título I.

Poder lexislativo: exercido polo Parlamento de Galicia -elixido por sufraxio universal en eleccións periódicas cada catro anos- ao que se lle atribúe, entre outras, a función de aprobar as leis, as cales formarán parte dun ordenamento xurídico propio, diferente do estatal.

Poder executivo: exercido pola Xunta de Galicia e o seu Presidente, ao que se lle atribúe a función de gobernar en Galicia, capaz de tomar decisións propias, e non limitado simplemente a executar decisións estatais. O Presidente é elixido polo Parlamento de entre os seus membros.

3.- O TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Como xa quedou apuntado anteriormente, o Estatuto de Autonomía ha de determinar o territorio da Comunidade Autónoma, e faino mencionando as provincias que o forman: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A organización desas provincias nouro tipo de entidades como por exemplo bisbarras, mancomunidades..., non se fai no Estatuto, senón nunha lei posterior a el.

4.- OS SÍMBOLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Os símbolos representan a identidade de Galicia como colectividade humana e cultural diferenciada do resto de Comunidades Autónomas. Constitúen os signos identificativos do pobo galego.

Galicia ten bandeira, escudo e himno.

A bandeira. É de cor branca e ten unha banda de cor azul que a atravesa dende o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito. Ha de concorrer obrigatoriamente xunto á bandeira



española cando ondea en actos oficiais ou edificios públicos da Comunidade Autónoma. Nestes casos, debe cargar obrigatoriamente o escudo.

O escudo. Está formado por un cáliz de ouro e unha hostia de prata, e rodeando a todo o conxunto, conta con sete cruces, tamén de prata (algúns identifícanas coas sete provincias do Antigo Reino de Galicia). Todo isto aparece representado sobre un fondo de cor azul. E coroando o escudo, a Coroa Real Española.

O himno. A súa letra corresponde ao poema "Os Pinos" de Eduardo Pondal. Pascual Veiga compúxolle a música.

5.- A LINGUA GALEGA.

É tamén elemento diferenciador esencial da colectividade galega. Expressa o sentir colectivo e a forma de comunicación. Sobre ela créase a conciencia de pertenza a un pobo.

A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza que lle dá unidade interna á Comunidade galega. Únenos a todos os galegos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio, e uníranos co seu futuro, pois outros tamén a recibirán de nós como legado de identidade común, e na Galicia de hoxe serve como vínculo entre os galegos afincados en Galicia e fóra dela.

É por iso, que os poderes públicos de Galicia han de promoverla e protexela.

O Estatuto de Autonomía cualifícaa de lingua propia e diferénciaa do idioma castelán, que tamén é oficial na Comunidade Autónoma. Por iso se establece o dereito a poder elixir cáal das dúas usar. Podemos formular as seguintes reflexións respecto da lingua galega:

- É a lingua propia de Galicia; goza, polo tanto, do recoñecemento de lingua da nosa Comunidade Autónoma;
- Ten recoñecido o carácter de oficial por parte do Estado, o que implica a admisión dun Estado español plural lingüisticamente;
- O uso da lingua galega só é oficial no territorio autonómico, o que determina que os poderes públicos de Galicia só poderán pretender a súa normalización no ámbito territorial galego;
- O castelán tamén é oficial en Galicia;
- O coñecemento e o uso das linguas oficiais en Galicia constitúen un dereito dos cidadáns, sen que os poderes públicos poidan impoñer o deber de uso dunha ou outra, e sen que ninguén poida ser discriminado por razón da lingua.

Uso oficial da lingua galega. O galego é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma. Pero tamén o é o castelán, por ser a lingua oficial no Estado. Esta cooficialidade do galego e castelán concrétese en múltiples aplicacións:



- Na publicación oficial das normas e resolucións no Diario Oficial de Galicia (ten edición en galego e edición en castelán);
- Nas relacións dos cidadáns coa Administración Pública da Comunidade Autónoma e coa Administración de Xustiza en Galicia, con dereito ao uso do galego, oral ou escrito, e o recoñecemento da validez e eficacia plena das actuacións administrativas e xudiciais sexa cal sexa a lingua empregada;
- Na redacción dos documentos públicos e na súa inscrición nos Rexistros dependentes da Comunidade Autónoma;
- Na normalización toponímica, a partir da declaración de que os topónimos terán como única forma oficial a galega.

Uso do galego no ensino. O galego é a lingua oficial en todos os niveis educativos, quedando os poderes públicos galegos obrigados a promover a normalización do seu uso neste ámbito. Podemos facer algunhas precisións respecto do galego no ensino:

- Os nenos teñen dereito a recibir o seu primeiro ensino en galego;
- Os alumnos non poderán ser separados en centros ou aulas diferentes por razón da lingua;
- A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitarios;
- Os profesores e os alumnos de nivel universitario teñen o dereito a empregar oralmente e por escrito a lingua oficial da súa preferencia.

Uso do galego nos medios de comunicación. O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

Promoción do galego no exterior. Os poderes públicos teñen que garantir que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais e lingüísticos en lingua galega.

6.- CONDICIÓN POLÍTICA DE GALEGO.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, ao igual que os restantes, vincula a condición política ao concepto de veciñanza administrativa (empadroamento). Desta forma, todo cidadán español que posúa veciñanza administrativa nun municipio galego terá a condición política de galego. Por iso, podemos definir esta condición, resumidamente, como a facultade de exercer os dereitos de sufraxio activo e pasivo dende unha provincia (para as eleccións xerais e autonómicas) ou



municipio (para as eleccións locais) galegos. Neste sentido, o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe a condición política de galego a:

- Os cidadáns españois que teñan veciñanza administrativa nalgún municipio de Galicia;
- Os cidadáns españois residentes no estranxeiro que acrediten no Consulado español correspondente que a súa última veciñanza administrativa foi un municipio de Galicia;
- Os descendentes destes últimos, sempre que estean inscritos como españois e o soliciten expresamente.

Analizando o exposto, podemos comprobar que a veciñanza administrativa, entendida como a nosa inclusión nun padrón municipal determinado, é a única esixencia estatutaria para poder gozar os cidadáns españois da condición política de galegos. Así, non só os galegos de nacemento, senón calquera cidadán español pode alcanzar a condición política se adquire a veciñanza administrativa polo empadroamento en calquera municipio de Galicia.

7.- O RECOÑECIMENTO DA GALEGUIDADE.

A galeguidade pode considerarse como unha calidade que dá identidade e marca a singularidade característica do pobo galego. Entendemos por galeguidade a comunidade de persoas vinculadas a Galicia pola súa orixe ou pola súa identificación ou integración con e na cultura galega, residan ou non en Galicia. Deste xeito, a galeguidade transcende os límites territoriais da Comunidade Autónoma e proxéctase a todos aqueles ámbitos nos que se manifesta o feito cultural galego. Neste sentido, o Estatuto de Autonomía recoñece o dereito das comunidades de galegos asentadas fóra do territorio de Galicia á súa galeguidade, entendida como o dereito a participar e colaborar na vida social e cultural de Galicia. De todos os xeitos, en ningún caso implica o recoñecemento de dereitos políticos.

8.- OS DEREITOS DOS CIDADÁNS GALEGOS.

Con respecto aos dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos, o Estatuto de Autonomía non enumera ningún, senón que fai unha remisión en bloque á Constitución cando no seu articulado establece que os dereitos dos galegos serán os establecidos na Constitución.

Dereito dos galegos á liberdade e á igualdade. É un dereito recoñecido na Constitución, sendo os poderes públicos de Galicia os encargados de garantir a súa plena efectividade, removendo, se fose necesario, os obstáculos que o impiden.

Dereito dos galegos a participar nos asuntos públicos. É un dereito recoñecido na Constitución, sendo os poderes públicos de Galicia os encargados de garantir a súa plena efectividade, removendo, se fose necesario, os obstáculos que o impiden.



Dereito dos galegos a vivir e traballar na súa propia terra. Configúrase no Estatuto como un dos principios reitores da política social e económica dos poderes públicos de Galicia.

Por remisión en bloque á Constitución, os dereitos, liberdades e deberes dos galegos son os establecidos para todos os españois no artigo 14 e na Sección 1ª do Capítulo 2º do Título I, formada polos artigos 15 a 29.

Nesta materia é necesario facer referencia á institución do **Valedor do Pobo**, definido na súa lei reguladora como o alto comisionado do Parlamento de Galicia, elixido por este, para a defensa dos dereitos e liberdades que a Constitución reconece no Título I. Nas súas funcións de defensa de dereitos e liberdades, o Valedor do Pobo está facultado para supervisar a actividade da Administración, para posteriormente darlle conta desta ao Parlamento mediante a redacción por escrito dun informe anual onde resume a súa actividade durante o último ano. No exercicio destas funcións de defensa, o Valedor actúa asistido ata por tres Vicevaledores do Pobo.



DEBES LEMBRAR

- Desde o punto de vista territorial, España é un Estado descentralizado (artigo 2 Constitución española);
- Os Estatutos de Autonomía son a norma institucional básica de cada Comunidade Autónoma (artigo 147.1 Constitución española; artigo 1 Estatuto Autonomía de Galicia);
- Galicia é unha Nacionalidade Histórica (artigo 1 Estatuto autonomía);
- Galicia ten autogoberno, é dicir, poderes lexislativo e executivo propios (artigo 1 Estatuto autonomía);
- Galicia ten lingua propia (artigo 5 Estatuto autonomía);
- Galicia ten bandeira, himno e escudo (artigo 6 Estatuto autonomía);
- A condición política de galego está vinculada a (artigo 3 Estatuto Autonomía):
 - Ser español
 - Ter ou ter tido veciñanza administrativa ou empadramento en Galicia;
- As comunidades galegas fóra de Galicia teñen dereito á galegidade (artigo 7 Estatuto autonomía).



AUTOAVALIACIÓN

- 1- Territorialmente, ¿que tipo de Estado é España?
 - a) Descentralizado.
 - b) Desconcentrado.
 - c) Centralizado.
 - d) Concentrado.

- 2- Como se chama o dereito que teñen as comunidades galegas asentadas fóra de Galicia a compartir e colaborar na vida social e cultural de Galicia?
 - a) Participación.
 - b) Asociación.
 - c) Galeguidade.
 - d) Fundación.

- 3- Que é un Estatuto de Autonomía?
 - a) A Constitución de cada Comunidade Autónoma.
 - b) A norma institucional de cada Comunidade Autónoma.
 - c) Unha norma máis de cada Comunidade Autónoma.
 - d) Ningunha resposta é correcta.

- 4- Que símbolos representan a identidade da Comunidade Autónoma de Galicia?
 - a) Bandeira.
 - b) Himno.
 - c) Escudo.
 - d) Todas as respostas son correctas.



5- Que idiomas son oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) Só o galego
- b) Só o castelán
- c) O galego e o castelán
- d) Ningunha resposta é correcta



MODULO III: OS VALORES DA UNIÓN EUROPEA

1. INTRODUCCIÓN

A actual Unión Europea xurdiu na década dos cincuenta coa creación das Comunidades Europeas (CECA, CEE e CEEA), cada unha delas creadas a través dun Tratado. Nacen así o que se coñece como os Tratados Constitutivos das Comunidades Europeas.

Ao longo destes case sesenta anos de existencia, as Comunidades Europeas foron sufrindo importantes cambios que se foron plasmando a través do que se coñece como os Tratados Modificativos, é dicir, os Tratados que foron modificando os Tratados Constitutivos. Entre os devanditos tratados modificativos, tamén se atopan os distintos tratados de adhesión polos que se foron incorporando os distintos Estados membros.

Na actualidade está en vigor o Tratado de Lisboa, que volve ser unha modificación do Tratado Constitutivo das Comunidades Europeas (o que actualmente se coñece como Tratado de Funcionamento da Unión Europea) e do Tratado da Unión Europea.

A referencia aos valores da Unión Europea, atopámola nos primeiros artigos do Tratado da Unión Europea, concretamente nos artigos 2 e 3.

Artigo 2 do Tratado da Unión Europea.

«A Unión fundaméntase nos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, o Estado de Dereito e respecto polos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías. Estes valores son comúns aos Estados membros nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e igualdade entre mulleres e homes.»

Artigo 3 do Tratado da Unión Europea.

1. «A Unión ten como finalidade promover a paz, os seus valores e o benestar dos seus pobos.
2. A Unión ofrecerá aos seus cidadáns un espazo de liberdade, seguridade e xustiza sen fronteiras interiores, no que está garantida a libre circulación de persoas conxuntamente con medidas adecuadas en materia de control das fronteiras exteriores, asilo, inmigración e de prevención e loita contra a delincuencia.
3. A Unión establecerá un mercado interior. Obrará en prol do desenvolvemento sostible de Europa baseado nun crecemento económico equilibrado e na estabilidade dos prezos, nunha economía social de mercado altamente competitiva, tendente ao pleno emprego e ao progreso social, e nun nivel elevado de protección e mellora da calidade do ambiente. Así mesmo, promoverá o progreso científico e técnico.



A Unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a xustiza e a protección sociais, a igualdade entre mulleres e homes, a solidariedade entre as xeracións e a protección dos dereitos do neno.

A Unión fomentará a cohesión económica, social e territorial e a solidariedade entre os Estados membros.

A Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural europeo.

4. A Unión establecerá unha unión económica e monetaria cuxa moeda é o euro.

5. Nas súas relacións co resto do mundo, a Unión afirmará e promoverá os seus valores e intereses e contribuirá á protección dos seus cidadáns. Contribuirá á paz, á seguridade, ao desenvolvemento sostible do planeta, á solidariedade e ao respecto mutuo entre os pobos, ao comercio libre e xusto, á erradicación da pobreza e á protección dos dereitos humanos, especialmente os dereitos do neno, así como ao estrito respecto e ao desenvolvemento do Dereito internacional, en particular o respecto polos principios da Carta de Nacións Unidas.

6. A Unión perseguirá os seus obxectivos polos medios apropiados, de acordo coas competencias que se lle atribúa nos Tratados.

2. OS VALORES DA UNIÓN EUROPEA.

Aínda que os valores non son fáciles de definir, é ben certo que rexen comportamentos e obxectivos, prioridades e accións e que son os alicerces sobre os que se asentan as grandes nacións e organizacións. O mesmo sucede coa Unión Europea, a cal, desde as súas orixes ata a actualidade, constituíu unha comunidade en torno aos valores compartidos polos Estados membros e os seus cidadáns. Estes valores determinan a súa forma de vivir, traballar e interactuar entre si, cos seus veciños e co resto do mundo.

Ao longo dos anos de existencia da Unión, o número de membros foise incrementando: todo este proceso arrincou con seis Estados membros e na actualidade constitúeno vinte e sete Estados membros. Isto, obviamente, supuxo tamén unha ampliación das súas áreas de xurisdición. O que se mantivo invariable ao longo destes anos foron os valores fundamentais dos seus «pais fundadores» con independencia das novas responsabilidades que foi asumindo a Unión en toda unha serie de ámbitos políticos.

Todos os Estados membros da Unión defenden o sistema democrático como a mellor forma de goberno, o que dá lugar ao apoio da Unión a sociedades plurais nas que se recoñezan os dereitos de liberdade de expresión, de relixión e de pensamento. A Unión defende o Estado de Dereito expresado a través de procesos democráticos e da independencia do poder xudicial. Respecta e



fomenta a defensa dos dereitos humanos, tanto no interior dos Estados como no mundo, incluídos os dereitos das minorías e dos grupos étnicos. A Unión atopou na diversidade lingüística e no extenso patrimonio cultural e étnico dos Estados membros unha das súas máis importantes riquezas, tendo moi claro que debe mantela. Igualmente a Unión cre nunha economía de mercado, na que o sector privado sexa o motor do desenvolvemento e do crecemento co apoio do Estado.

A Unión considera fundamental a obriga que teñen as nacións prósperas de axudar ás menos desenvolvidas a participar dos beneficios da integración global. Considera que a mellor forma para resolver os problemas mundiais é o diálogo entre os países e o multilateralismo. Isto aplícao tanto a nivel interno (os Estados ceden parte da súa soberanía para acadar xuntos obxectivos que non podían alcanzar de xeito individual) como ás súas relacións internacionais, cando chega o momento de responder aos problemas en materia de seguridade, regulación do comercio internacional, desenvolvemento, terrorismo e ambiente.

Os Estados membros da Unión están unidos por valores fundamentais, que estiveron na orixe de máis de cincuenta anos de estabilidade, paz e prosperidade. Uns valores que consolidaron a voz de Europa no mundo e serviron de modelo para outras nacións. Os valores da Unión, a miúdo defendidos de xeito conxunto cos Estados Unidos, demostraron ser un importante aliciente para o cambio político, económico e social no mundo.

Os valores fundamentais orixenarios da Unión foron determinantes para a integración europea desde as súas orixes. A eles, sumáronse recentemente outros como consecuencia do papel cada vez máis importante da Unión nas relacións internacionais.

A Unión ofreceu unha comunidade de democracia a países que saían de réximes ditatoriais e contribuíron a superar as diferenzas entre a Europa Occidental e o Leste a raíz da caída do muro de Berlín (novembro de 1989).

O ESTADO DE DEREITO

Tradicionalmente, Europa organizou as súas sociedades a través de leis e de regulacións aprobadas polas institucións elixidas democraticamente e controladas por un poder xudicial independente. Ademais, non debemos esquecer, que todos os Estados membros recoñeceron a superioridade da lexislación comunitaria sobre a lexislación nacional nas áreas de competencias da Unión.

Quen se encarga de aplicar a lexislación comunitaria son os tribunais nacionais, os cales son supervisados polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea (árbitro final do dereito da Unión. A súa total independencia xudicial convérteo nun dos mellores exemplos de integración europea).



Os Estados membros da Unión desenvolveron un consenso en moitos aspectos do ordenamento xurídico, tales como normas sobre o valor probatorio, dereito dos acusados e a definición de pena cruel e inusual, que inclúe a oposición tallante da Unión á pena de morte.

A DEMOCRACIA E OS DEREITOS HUMANOS.

Desde as orixes da Unión Europea, a democracia foi un dos requisitos indispensables para poder pertencer a ela. A perspectiva da adhesión á Unión contribuíu a que moitas nacións europeas acelerasen o proceso cara a un sistema democrático. Estamos falando de países como Grecia, España e Portugal e tamén os Estados de Europa Central e Oriental trala caída do muro de Berlín e como paso previo á súa adhesión á Unión Europea.

O principio dos dereitos humanos definiuse por primeira vez a nivel europeo en 1950, polo Convenio Europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais do Consello de Europa, organización á que pertencen corenta países europeos. Reafirmouse de novo coa entrada en vigor en 1993 do Tratado de Maastricht, o cal foi asinado polos quince Estados membros que naquel momento integraban a Unión Europea, e ampliouse na Carta dos Dereitos Fundamentais proclamada en decembro do 2000 en Niza. A Carta reúne, por primeira vez, nun único texto todos os dereitos civís, políticos, económicos e sociais protexidos pola Unión; aínda que, hai que ter en conta que non estamos ante unha recapitulación dos dereitos humanos xa consagrados, senón que vai máis alá para abordar problemas característicos dos nosos días como a bioética e a protección da información e dos datos persoais.

A elaboración da Carta supuxo un gran logro que se acadou coa colaboración de todas as institucións europeas, os parlamentos nacionais e a sociedade civil.

Desde 1992, a Unión inclúe, nos seus acordos con outros países, unha cláusula na que se inclúe o respecto dos dereitos humanos e a democracia como un elemento fundamental das súas relacións exteriores. Esta cláusula aplícase na actualidade a máis de cento vinte países e representa un novo modelo non só para as relacións exteriores da Unión, senón tamén para a cooperación internacional. Igualmente, a Unión creou unha serie de instrumentos para promocionar a democracia e a protección dos dereitos humanos dentro e fóra das súas fronteiras. O Observatorio Europeo do Racismo e a Xenofobia, que contribúe á concepción de estratexias políticas neste ámbito, converteuse na Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea desde o ano 2007.

SOLIDARIEDADE

A integración de Europa ao longo dos últimos anos baseouse na promoción social e na inclusión económica a través de políticas que permitan que todos os cidadáns se



desenvolvan e prosperen. Un dos obxectivos principais da Unión é o de reducir as disparidades nos niveis de desenvolvemento económico e social dos Estados membros e tratar de que as zonas menos desenvolvidas da Unión se equiparen co resto a través de programas de mellora das infraestruturas de creación de emprego e o fomento do espírito empresarial. A axuda inclúe transferencias específicas de recursos financeiros dos Estados membros máis ricos aos máis pobres, centrándose principalmente nas rexións que posúen unhas necesidades especiais.

Por outra banda, a Unión concede gran importancia aos dereitos das minorías e á garantía de participación de todos os cidadáns nas decisións democráticas a todos os niveis, tanto na Unión como nos países que se preparan para adherirse á Unión. A integración europea non é só unha tarefa política, senón que debe nutrirse de sociedades civís fortes que dean aos líderes e responsables políticos o pulo e as ideas necesarias.

SOSTIBILIDADE

A Unión está convencida de que un crecemento económico, unha cohesión social e unhas políticas ambientais sólidas, deben ir da man. Só o desenvolvemento sostible cubrirá as necesidades do presente sen poñer en perigo a supervivencia de futuras xeracións.

Ao longo dos anos, o desenvolvemento sostible foi un elemento dos acordos da Unión, incluídos a acta Única Europea de 1987 e o Tratado de Maastricht de 1993. Con todo, o «Cume da Terra» de Río de Janeiro de 1992 comezou a centrar a atracción da Unión máis firmemente na dimensión global dos asuntos ambientais, igual que o proceso que desembocou no Protocolo de Kyoto de 1997, sobre o cambio climático global.

Un elemento fundamental do compromiso da Unión cunha xestión responsable do ambiente é a crecente toma de conciencia da independencia global en cuestións ambientais: o recoñecemento de que os problemas ambientais non teñen fronteiras e que os danos causados ao medio nunha nación poden ter impacto noutras moitas. O obxectivo das políticas económicas da Unión é promover un «desenvolvemento armonioso, equilibrado e sostible», tal como se establece no Tratado de Amsterdam de 1999.

RESPECTO Á IDENTIDADE PERSOAL E NACIONAL, A DIVERSIDADE RELIXIOSA E CULTURAL.

A Unión non aspira a substituír as identidades nacionais individuais por unha única entidade europea. Ao contrario, a Unión é unha entidade «unida na diversidade» cuxo obxectivo é permitir aos Estados membros compartir soberanía sen poñer en perigo identidades nacionais, rexionais ou étnicas.



A Unión conta con poderes ben definidos. Actúa segundo o principio de subsidiariedade en virtude do cal, a Unión ten a xurisdición unicamente en certas áreas políticas, como o comercio ou a competencia, que poden xestionarse de forma máis eficaz a nivel da Unión Europea.

ECONOMÍA DE MERCADO

Os principios da economía de mercado formaron parte da integración europea desde a creación da Comunidade Económica Europea e constitúen a base do mercado único europeo. Na práctica, os principios da economía de mercado coexistiron coa intervención do Estado en moitas áreas da economía, como o transporte, as telecomunicacións e a enerxía.

Ao longo dos últimos anos, os Estados membros transformaron radicalmente as políticas económicas seguindo tendencias similares a nivel internacional. Cada vez máis, a Unión e os Estados membros confían no exercicio da libre competencia en mercados abertos e para xerar crecemento económico, dirixir o comercio e o investimento e incrementar a prosperidade dos cidadáns da Unión Europea.

A desregulación dos sectores das telecomunicacións e do transporte aéreo e a privatización das empresas de propiedade estatal deixáronse sentir na economía. Ao mesmo tempo, a acción reguladora da Unión está coordinando as regras do xogo económico e fomentando a competencia entre empresas privadas en moitos sectores.

3. APLICACIÓN DOS VALORES EUROPEOS Á POLÍTICA EXTERIOR.

Os valores de base da Unión inspiran as súas relacións co resto do mundo. A Unión recoñece que o dos valores é un tema sobre o que as distintas sociedades poden dirixir lexitimamente, por exemplo, concedendo distintos graos de importancia ao papel das normas científicas, laborais ou ambientais nas decisións políticas. A Unión defende a negociación como a forma de resolver as diferenzas e mediante o seu exemplo consegue exercer un liderado crible.

A Unión comprometeuse a alcanzar os seus obxectivos en política exterior a través da diplomacia. As sancións económicas e as operacións militares contémpanse unicamente como último recurso, ao que debe recorrerse só cando se esgotaron as vías dispoñibles.

O multilateralismo define a política exterior da Unión, segundo a cal, moitos dos desafíos actuais só poden abordarse de forma eficaz co traballo conxunto dos distintos países e institucións internacionais. Por iso, a Unión busca proxectar unha visión global e favorecer o diálogo e as solucións multilaterais en temas como a paz, a seguridade, o desenvolvemento, o comercio, o terrorismo e o ambiente.



A Unión contribuíu a fortalecer e desenvolver a rede de tratados e acordos internacionais que constitúen o Dereito Internacional. A Unión defendeu activamente instrumentos como os Convenios de Viena; a regulación das relacións económicas e comerciais a través de organizacións regulamentadas como a Organización Mundial do Comercio; e de modo máis xeral, o recurso á cooperación dentro do sistema das Nacións Unidas para abordar problemas mundiais.

En 1950, a «Declaración Schuman» solicitou a «primeira fundación concreta dunha federación europea imprescindible para o mantemento da paz» e puxo en marcha o proceso que levou en última instancia ao establecemento da CECA, precursora da actual Unión Europea. Naceu así un novo sistema de gobernanza que se consolidou e estendeuse ao longo dos anos. Actualmente, vinte e sete Estados europeos son membros desta comunidade, unidos por unha base de valores comúns.

A Unión está convencida de que o que favoreceu tanto a Europa, ao permitir máis de medio século de paz, estabilidade e prosperidade, pódese aplicar ao resto do mundo en moitas áreas políticas.

- **Para apoiar a democracia.** A Unión proporciona axuda directa aos países en transición de gobernos autoritarios a outros democráticos. Asiste ás novas democracias no desenvolvemento de bos procedementos de goberno, no fortalecemento da sociedade civil e traballa para garantir eleccións abertas e xustas.
- **Para estimular o crecemento económico e a integración mundiais.** A Unión é líder á hora de impulsar a liberalización comercial no seo da Organización Mundial do Comercio. A súa meta é o establecemento dunha economía global de libre competencia en mercados abertos cuxa liberalización e integración beneficie a todas as nacións. Xa que logo, nas negociacións comerciais da Rolda de Desenvolvemento de Doha, a Unión aspira a obter, entre outras cousas, beneficios para os países en vías de desenvolvemento, en particular a redución da pobreza.
- **Para fomentar o respecto aos dereitos humanos en todo o mundo.** A Unión inclúe o respecto polos os dereitos humanos, o diálogo político regular e a resolución de conflitos como condicións en todos os seus acordos comerciais e de cooperación, a maioría dos cales subministra axuda e acceso preferencial ao mercado da Unión. O incumprimento destas condicións pode supoñer a suspensión da axuda da Unión ou do trato comercial preferencial.
- **Á hora de promover o desenvolvemento sostible.** A capacidade da Unión para agrupar a comunidade internacional en torno a un consenso sobre a necesidade dunha actuación responsable baséase ante todo na súa capacidade para aplicar políticas sostibles dentro do seu territorio.



A EUROPA DEFÍNENA OS SEUS VALORES NON AS SÚAS FRONTEIRAS

O feito de que a Unión esixa aos países candidatos o respecto dos seus valores como condición para a súa incorporación, fai que o proceso de adhesión á unión estimule inevitablemente a reforma política, económica e social nos Estados candidatos á adhesión.

A pertencenza á Unión non é fácil. Os países non se adhíren simplemente a un bloque xeográfico ou económico, pasan tamén a formar parte dunha comunidade de leis e valores. Os novos membros deben introducir as reformas necesarias para que os seus gobernos e sociedades cumpran os requisitos da Unión, o que a miúdo significa consolidar e modernizar as súas institucións, sistemas xudiciais e administración pública.

Para axudar aos países candidatos a preparar a súa adhesión, a Unión desenvolveu unha estrutura exhaustiva e sofisticada de instrumentos, entre os que figuran os plans de acción individuais que cobren trinta e unha áreas políticas distintas. As negociacións e a revisión inter pares desenvólvese ao longo de varios anos.

O atractivo que ofrecía a pertencenza á Unión constituíu un incentivo para a transición á democracia de Grecia, Portugal e España antes da súa adhesión nos anos oitenta. Ademais do establecemento de institucións democráticas, estes países melloraron a protección dos dereitos humanos, instauraron o Estado de Dereito e abriron os seus mercados económicos. Na actualidade, estes tres casos constituíron outros tantos exemplos do éxito da integración europea.

A aplicación tamén constituíu un incentivo importante para a reforma en Europa Central e Oriental trala caída do muro de Berlín; así en 2004 atopámonos coa incorporación de dez novos Estados, aos que en 2007 se uniron Bulgaria e Romanía. Do mesmo xeito Turquía, cuxas negociacións de adhesión comezaron en 2005 e Croacia, que solicitou a súa adhesión en 2003, puxeron en marcha ambiciosas reformas para acceder á Unión Europea.

A comunidade de valores da Unión tamén forma as asociacións cos seus veciños de África do Norte, Cáucaso do Sur, Sueste de Europa e Oriente Medio a través de iniciativas como a Política Europea de Veciñanza (PEV) e o Proceso de Estabilización e Asociación dos Balcáns (PEA).

A Política Europea de Veciñanza desenvólvese para compartir os beneficios da ampliación cos veciños máis inmediatos da Unión. A Unión e os seus socios da PEV cooperan estreitamente na seguridade política e económica e en asuntos culturais para fomentar a estabilidade, a prosperidade e a seguridade, á vez que se prevén novas liñas de división dentro da Unión ampliada e os seus veciños.



RESPECTO POLOS DEREITOS HUMANOS.

Á hora de promover o respecto polos dereitos humanos, a Unión centra a súa atención nos seguintes temas específicos:

- Fortalecemento da democracia, do bo exercicio de goberno e do estado de dereito mediante a defensa do pluralismo político, as eleccións libres, a liberdade de prensa, a independencia do poder xudicial e a fortaleza da sociedade civil.
- Abolición da pena de morte en todo o mundo.
- Loita contra a tortura e outras formas de trato inhumano a través de medidas preventivas, como a educación e formación das forzas policiais e armadas e a persecución de quen empregue medidas represivas, recorrendo incluso a tribunais internacionais.
- Loita contra o racismo, a xenofobia e a discriminación por razón de sexo, relixión, raza, orixe étnica, discapacidade, idade, ou orientación sexual.
- Promoción da igualdade de sexos e dos dereitos dos nenos en todo o mundo, incluída a loita contra o traballo infantil e a protección da infancia en zonas de conflito.
- Loita contra o tráfico de seres humanos.
- Misións de supervisión dos procesos electorais en países fóra da Unión para reforzar a confianza pública neles, disuadir a fraude electoral, consolidar o respecto dos dereitos humanos e proporcionar unha avaliación imparcial.
- Introducción dos dereitos humanos e a democratización como compoñentes esenciais da política de desenvolvemento da Unión. Desde 1992, a Unión incluíu unha cláusula de defensa dos dereitos humanos en todos os acordos comerciais e de cooperación con países non pertencentes á unión.
- Diálogo regular sobre os dereitos humanos con China, Rusia, Irán e outros países. A Unión impuxo sancións por denunciar prácticas contrarias aos dereitos humanos en Serbia, Birmania e Zimbabue.
- Apoio ás organizacións internacionais de defensa dos dereitos humanos no mundo tales como o Comité Internacional da Cruz Vermella, a Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE), varios organismos das Nacións Unidas e outras organizacións non gobernamentais.
- Apoio ao Tribunal Penal Internacional (TPI). A Unión cre que a creación do TPI é un logro significativo que consolidará o Estado de Dereito, impedirá a impunidade de quen



cometa crimes contra a humanidade e favorecerá o progreso da paz e da xustiza no mundo.

4. POLÍTICA E ACTUACIÓN DA UNIÓN FRONTE Á PENA DE MORTE

A Unión oponse á pena de morte en todos os casos e en todos os países, unha postura que ten as súas raíces na inherente dignidade de todos os seres humanos e na inviolabilidade da persoa humana, independentemente de cal sexa o crime cometido. A Unión traballa a prol da abolición da pena de morte en todo o mundo e suscita este tema en todos os países nos que existe e cos que mantén un diálogo político, incluídos os Estados Unidos. Á Unión preocúpalle especialmente a imposición da pena de morte a persoas que non cumpran os dezoito anos no momento do crime ou sufran un transtorno mental.

A abolición da pena de morte é un requisito para todos os países candidatos a formar parte da Unión, que deben asinar o Protocolo, nº 6 do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais (CEDH). Recentemente, en 2002, Turquía suprimiu a pena de morte en todas as circunstancias, incluída a guerra, que se adoptou en Vilnius en maio de 2002.

A Unión desenvolve unha actividade constante en contra da pena de morte. A nivel político, o seu traballo céntrase en:

- **Representacións diplomáticas.** Abordando o tema da pena de morte no diálogo cos países non membros da Unión. Estas xestións diplomáticas lévanse a cabo nos momentos nos que a política do país a este respecto está de actualidade, xa sexa porque se está legislando na materia ou porque hai casos de pena de morte ante os tribunais.
- **Casos individuais.** Solicitando medidas de graza ás autoridades competentes. Presentáronse estas solicitudes en aproximadamente trinta e cinco países en todo o mundo, incluídos os Estados Unidos.
- **Foros internacionais.** Tratando a cuestión en foros como a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, a Organización de Estados Americanos (OEA) e nas sesións anuais da Comisión de Dereitos Humanos da ONU.
- **Axuda financeira.** Prestando axuda a proxectos da Iniciativa Europea pola Democracia e os Dereitos Humanos.

A Unión non extradita a ningunha persoa a un país no que podería impoñerse a pena de morte polo delito que se lle imputa. A Unión ten un acordo de extradición cos Estados Unidos polo que este país renuncia a condenar á pena de morte a calquera individuo buscado polas autoridades estadounidense en territorio da Unión.



5.- OS VALORES DA UNIÓN NO MUNDO

- **Balcáns Occidentais.** A Unión proporciona axuda política e financeira aos países da antiga Iugoslavia e a Albania e por primeira vez nas súas historia despregou forzas militares e policiais nesa rexión para manter a paz e previr novos brotes de violencia. A Unión ofreceu a estes países a posibilidade de converterse en membros se logran reformar os seus sistemas políticos, sociais e económicos.
- **África.** A Unión é o maior provedor de axuda oficial a África, o que supón máis do 60% do total da axuda ao desenvolvemento. A Unión é tamén o maior mercado para as exportacións africanas. Como parte do diálogo político en curso cos estados africanos, a Unión forma o desenvolvemento da democracia, o respecto dos dereitos humanos e dos dereitos das minorías e a apertura dos mercados económicos. Apoia a integración rexional a través de institucións como a Unión Africana. Fomenta a titularidade local dos programas de axuda co fin de promover o bo exercicio de goberno, a paz e a estabilidade no continente.
- **Oriente Medio.** a Unión, xunto cos Estados Unidos, Rusia e as Nacións Unidas é membro do cuarteto internacional que elaborou a folia de ruta para Oriente Medio. É o principal doador para o proceso de paz e para a preparación do establecemento do Estado de Palestina. A través da Asociación Euromediterránea, a Unión traballa con todos os países da rexión para crear unha zona de paz e de estabilidade baseada no diálogo político e nuns lazos económicos e unhas relacións culturais máis estreitos.
- **Iraq.** A Unión subministrou axuda financeira para a celebración das primeiras eleccións democráticas en cincuenta anos e presta asistencia técnica e apoio ao esforzo de creación de institucións democráticas no país, á vez que fomenta unha administración pública responsable.
- **Afganistán.** A Unión e os seus Estados membros comprometeron 3.100 millóns de euros de axuda combinada para a reconstrución de Afganistán, na que se inclúe o apoio á administración pública e á gobernación, á celebración de eleccións libres e servizos públicos básicos tales como asistencia sanitaria, infraestruturas e desenvolvemento rural.
- **Ucrania.** En estreita colaboración cos ucranianos e con outros socios internacionais, a Unión axudou a finais de 2004 a mediar no conflito sobre a lexitimidade das eleccións presidenciais en Ucraia, baseados nos datos obtidos do seguimento das eleccións levado a cabo pola Unión e por outras xurisdicións. Celebráronse novas eleccións que tamén contaron coa participación de supervisores de Europa e doutras partes, que permitiron o cambio democrático no goberno de Ucraia.



DEBES LEMBRAR

- Que a referencia aos valores da Unión Europea, a atopamos nos primeiros artigos do Tratado da Unión Europea, concretamente nos artigos 2 e 3.
- Que aínda que os valores da UE non son fáciles de definir, é ben certo que rexen comportamentos e obxectivos, prioridades e accións e que son os piares sobre os que se asentan as grandes nacións e organizacións. O mesmo sucede coa Unión Europea, a cal, desde as súas orixes ata a actualidade, constituíu unha comunidade arredor dos valores compartidos polos Estados membros e os seus cidadáns. Estes valores determinan a súa forma de vivir, traballar e interactuar entre si, cos seus veciños e co resto do mundo.
- Que cando falamos de valores fundamentais da Unión Europea debemos ter en conta os seguintes conceptos:
 - o O estado de dereito.
 - o A democracia e os dereitos humanos.
 - o A solidariedade.
 - o A sostibilidade.
 - o O respecto á identidade persoal e nacional, a diversidade relixiosa e cultural.
 - o A economía de mercado.



AUTOAVALIACIÓN

- 1- En materia de política exterior, ¿que mecanismo defende a Unión como forma de resolver diferenzas?
 - a) As operacións militares
 - b) A negociación
 - c) Primeiro trátase de negociar e, se nunha primeira reunión non se resolveu a diferenza, acódese automaticamente ás operacións militares.
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

- 2- A referencia aos valores da Unión Europea atopámola en:
 - a) Os artigos 2 e 3 do Tratado da CECA
 - b) Os artigos 2 e 3 do Tratado de Niza
 - c) Os artigos 2 e 3 do Tratado da Unión Europea
 - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

- 3- A Unión Europea fundaméntase nos valores de:
 - a) Respecto pola dignidade humana, a liberdade, a democracia, a igualdade, o Estado de Dereito e o respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías.
 - b) Respecto da dignidade humana, a liberdade, a democracia, a igualdade, a solidariedade, o Estado de Dereito e o respecto dos dereitos humanos.
 - c) Respecto da dignidade humana, a liberdade e a igualdade.
 - d) Respecto ás minorías

- 4- O Tratado de Maastricht entrou en vigor:
 - a) En 1950
 - b) En 1970
 - c) En 1973
 - d) En 1993



- 5- Segundo o artigo 3 do Tratado da Unión Europea, a Unión establecerá unha unión económica e monetaria cuxa moeda é:
- a) O dólar
 - b) O euro
 - c) O ECU
 - d) Ningunha é correcta



MODULO IV: OS DEREITOS HUMANOS

1. - INTRODUCCIÓN.

Enténdese como Dereito internacional dos dereitos humanos, o conxunto de normas que tenden a protexer os dereitos e as liberdades fundamentais do ser humano no ámbito internacional.

O seu obxectivo é a elaboración dun marco xurídico que protexa o individuo no dereito internacional, garantíndolle o aproveitamento e o respecto de certos valores considerados como comúns polo conxunto da sociedade internacional.

ANTECEDENTES HISTÓRICOS

Actualmente, cando se fala de dereitos humanos equivale a afirmar que existen dereitos fundamentais que o ser humano posúe polo feito de ser persoa, pola súa propia natureza e dignidade, dereitos que lle son inherentes e que lonxe de nacer dunha concesión da sociedade política, han de ser consagrados e garantidos por esta.

Ao estudar os antecedentes históricos dos dereitos humanos vemos que se dan no tempo coincidindo coa aparición do Estado moderno, co que xorden as primeiras limitacións do poder do Estado.

O primeiro dereito humano reclamado é a liberdade relixiosa, que aparece como propio da ideoloxía liberal de signo individualista, que vai arraigando durante os séculos XVII e XVIII e que culminaría coa **Declaración francesa dos dereitos do home e do cidadán** do 26 de agosto de 1789, que fai fincapé nos dereitos de natureza civil e política.

O segundo elo importante xorde como froito da Revolución Industrial do século XIX. Así, o Manifesto Comunista (1848) reivindica xa dereitos doutra orde, os de natureza económica e social: o acentoponse agora no dereito ao traballo, ao salario xusto e sobre todo á asociación sindical como medio de protección dos dereitos dos traballadores. A súa plasmación está na **Declaración Rusa dos dereitos do traballador e do explotado**, do 4 de xaneiro de 1918.

A confluencia da Declaración dos dereitos do home e do cidadán e a Declaración rusa dos dereitos do traballador e do explotado foi decisiva á hora de elevar os dereitos humanos ao maior grao de protección. As sínteses entre os postulados de signo liberal e os de signo socialista, están na **Constitución da república de Weimar** de 1919, que tivo grande influencia noutras constitucións europeas posteriores, nas dúas constitucións francesas de 1946 e 1958, na Constitución italiana de 1948 e na Lei fundamental de Bonn de 1949.

Na Constitución española de 1978, os dereitos fundamentais aparecen contemplados no título I relativo aos dereitos e aos deberes fundamentais (art. 10 a 55).



De todos os xeitos hai que sinalar que ata a Carta das NU (San Francisco 26 xuño de 1945) non aparece un verdadeiro recoñecemento internacional destes dereitos.

DEREITOS CIVÍS, POLÍTICOS, ECONÓMICOS, SOCIAIS E CULTURAI

Nun momento inicial, entre 1945 e 1966 e como consecuencia da influencia que os estados occidentais tiñan na toma de decisións dos organismos internacionais, só se contemplan **dereitos de natureza civil e política**. Non obstante, tras a entrada dos países do bloque socialista e dos países do chamado terceiro mundo no seo das organizacións internacionais, a partir dos anos 60, porase o acento nos **dereitos económicos e sociais**.

Como resultado deste proceso, pódense establecer tres cousas:

- a) A importancia e a autonomía que alcanzaron as normas internacionais en materia de dereitos humanos, constituíndo algunhas delas «ius cogens» (dereito imperativo) pola súa importancia.
- b) Os dereitos humanos configúranse xa como límites da discrecionalidade do Estado. Un exemplo concreto é o art. 10.2 da Constitución española, que determina a inmediata aplicación dos tratados internacionais nesta materia, e que a interpretación do contido e alcance dos dereitos fundamentais que a CE recoñece farase de acordo cos criterios internacionais nesta materia.
- c) O carácter evolutivo e dinámico do Dereito internacional en materia de dereitos humanos, que xerou novos dereitos e novos titulares destes. Fálase así dos **dereitos colectivos**.

2.- A DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS HUMANOS

Os dereitos humanos recóllense na carta das NU cun sentido constitucional, no seu preámbulo.

A carta sinala que o respecto dos dereitos e das liberdades do home constitúe unha condición esencial para a paz internacional e que unha violación destes dereitos é un acto susceptible de poñer en perigo a paz e a seguridade mundial.

A Carta de San Francisco non contén, non obstante, unha definición dos dereitos fundamentais da persoa. Esta definición levouse a cabo en dúas fases posteriores a 1945: **na Declaración universal de dereitos humanos**, 10 decembro de 1948 e nos **Pactos internacionais**, do 16 de decembro de 1966.

A Declaración universal foi preparada pola Comisión de dereitos humanos do ECOSOC (Consello Económico e Social da ONU), e adoptada pola Asemblea xeral por 48 votos a favor, ningún en contra, e oito abstencións.



A **Declaración universal dos dereitos humanos (DUDH)** é unha declaración adoptada pola Asemblea xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 217 A (III), do **10 de decembro de 1948** en **París**, que recolle os dereitos humanos considerados básicos.

A unión desta declaración e os Pactos internacionais de dereitos humanos comprende o que se denominou unha **Carta internacional dos dereitos humanos**.

A DUDH (Declaración universal dos dereitos humanos) componse dun preámbulo e trinta artigos, que recollen dereitos de carácter civil, político, social, económico e cultural.

- Os *artigos 1 e 2* recollen principios básicos nos que se sustentan os dereitos: **liberdade, igualdade, fraternidade e non discriminación**.
- Os dereitos quedan enunciados nos *artigos do 3 ao 27* e poden clasificarse como segue:
 - Os *artigos do 3 ao 11* recollen **dereitos de carácter persoal**.
 - Os *artigos 12 a 17* recollen **dereitos do individuo en relación coa comunidade**.
 - Os *artigos 18 a 21* recollen **dereitos de pensamento, de conciencia, de relixión e liberdades políticas**.
 - Os *artigos 22 a 27* **dereitos económicos, sociais e culturais**.
- Por último, os artigos do 28 ao 30 recollen as condicións e límites con que estes dereitos deben exercerse

Aínda que **non é un documento obrigatorio ou vinculante** para os estados, serviu como base para a creación das dúas convencións internacionais da ONU, o Pacto internacional de dereitos civís e políticos e o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais, pactos que foron adoptados pola Asemblea xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 2200 A (XXI), do 16 de decembro de 1966.

O 10 de decembro de 2008 cumpríronse sesenta anos dende a Declaración universal de dereitos humanos. Nesa xornada, a Asemblea xeral das Nacións Unidas declarou ao ano seguinte, **2009, Ano internacional da aprendizaxe sobre os dereitos humanos**; debido a que, tras unha análise da situación real no mundo, se tomou conciencia de que a posta en marcha da declaración tiña defectos que poderían reducirse a través da aprendizaxe e da educación.

Diríxese a todos os individuos e a todos os organismos sociais para que acepten e promovan o respecto aos dereitos recoñecidos na declaración, a cal parte de dúas premisas fundamentais:

1. Toda persoa ten dereito a unha orde social e internacional na que poidan realizarse os dereitos contidos na declaración.



2. Os dereitos proclamados esténdense a todos os homes sen distinción nin discriminación de ningunha clase.

O catálogo dos dereitos da Declaración universal pódese sintetizar así:

1. **Dereitos inherentes á existencia da persoa mesma**

- a) Todos os homes nacen libres e iguais, é dignidade e dereitos.
- b) Dereito á vida, á liberdade e á seguridade.
- c) Dereito do ser humano ao recoñecemento da súa persoa.
- d) Dereito a unha igual protección polo dereito á non-discriminación.

2. **Dereitos relativos á protección e seguridade da persoa**

- a) Dereito a reclamar ante os tribunais internacionais calquera violación dos dereitos fundamentais recoñecidos polas leis.
- b) Dereito á seguridade e á liberdade e á protección fronte a aqueles actos que supoñan un ataque contra estas (como a escravitude, a tortura ou o trato degradante).
- c) Dereito de protección contra o arresto e a detención arbitraria, así como contra o exilio.
- d) Dereito a ser xulgado por un tribunal imparcial e independente nas causas criminais.
- e) Dereito a unha defensa adecuada en xuízo.
- f) Dereito a unha aplicación xusta e irretroactiva da lei.
- g) Protección contra actos arbitrarios relativos á intimidade da persoa, á súa familia, ao fogar ou á correspondencia.
- h) Dereito á protección dos ataques contra a honra ou a súa reputación.

3. **Dereitos relativos á vida política da persoa**

- a) Liberdade de pensamento, conciencia, relixión, expresión, opinión, reunión pacífica e de asociación.
- b) Dereito a participar na vida política do país mediante o dereito de representación política a través do dereito de sufraxio, libre, universal, igual e secreto.
- c) Dereito a participar nos cargos e servizos públicos.

4. **Dereitos de contido económico e social**



- a) Facultade de participar naqueles dereitos económico-sociais e culturais indispensables para a dignidade e libre desenvolvemento da personalidade.
- b) Dereito á seguridade social.
- c) Dereito a unhas condicións dignas de traballo.
- d) Dereito a un réxime de descanso e vacacións.
- e) Dereito a un nivel de vida axeitado para a persoa e a súa familia, e a unha axeitada protección da maternidade e da infancia.
- f) Dereito a unha educación dirixida ao desenvolvemento integral da persoa (dereito á educación).
- g) Dereito de todos a participar na cultura das súas comunidades (dereito ao acceso á cultura).
- h) Recoñecemento da propiedade e dos intereses morais e materiais do home en certas esferas (dereito de propiedade).

5. **Dereitos relacionados coa vida social e xurídica da persoa**

- a) Liberdade de movemento e residencia dentro do estado.
- b) Dereito a unha nacionalidade.
- c) Dereito a cambiar de nacionalidade.
- d) Recoñecemento de que a familia é o grupo natural fundamental da sociedade, o que implica unha especial protección do estado.
- e) Dereito a formar unha familia.
- f) Dereito ao matrimonio.

3.- DEREITOS CIVÍS, POLÍTICOS, ECONÓMICOS, SOCIAIS E CULTURAIS

Os dereitos humanos divídense en diferentes categorías: dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais.

Os dereitos humanos poden atoparse na Declaración universal dos dereitos humanos (aprobada en 1948). Tamén se inclúen en dous instrumentos legais internacionais, o Pacto internacional de dereitos civís e políticos (PIDCP, aprobado en 1966) e o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais (PIDESC, aprobado en 1966), co fin de precisar a súa natureza, principalmente en relación cos seus medios de implementación.



O **PIDCP** cita unha infinidade de **dereitos civís e políticos** ou de «**liberdades clásicas**», por exemplo, o dereito á vida, o dereito ao debido proceso, liberdade de opinión e de expresión, liberdade de pensamento e de relixión, liberdade de asociación, que están en teoría garantidos automaticamente polos estados. Discutiuse que o reforzo dos dereitos civís e políticos require principalmente da non intervención dos estados; noutras palabras, os estados deberían absterse de actuar nestes campos. O PIDCP proporciona ademais medios extensos de supervisión: un procedemento de informes, un procedemento de denuncia dos estados e un procedemento de denuncia individual.

O **PIDESC** contén a lista e desenvolve os **dereitos económicos, sociais e culturais**, como por exemplo o dereito ao traballo, o dereito á saúde, o dereito á educación e o dereito a un nivel de vida axeitado, que deben ser recoñecidos polos estados. Estes dereitos requiren un rol pro activo dos estados en materia de financiamento e de recursos materiais. Posto que estes recursos non son necesariamente e directamente alcanzables, a implementación dos dereitos económicos, sociais e culturais só se pode levar a cabo de **xeito progresivo**. As provisións do PIDESC foron formuladas dun xeito programático. Así, os estados deben promover estes dereitos e á vez ter en conta as circunstancias nacionais. O mecanismo de supervisión é máis modesto e consiste unicamente nun procedemento de informes.

A **división** entre as diferentes categorías de **dereitos humanos** -dereitos civís, políticos, económicos, sociais e culturais- **non implica de ningún xeito que unha categoría sexa máis importante que outra**. En efecto, no preámbulo dos dous pactos de 1966, afirmase que todos os dereitos humanos están interrelacionados e son indivisibles, interdependentes e igualmente importantes. Os estados confirmaron este principio en varias ocasións e a última vez **na Declaración e o Programa de acción de Viena** aprobados na Conferencia Mundial de Dereitos Humanos (Viena 1993).

Non obstante, a práctica mostra que as diferentes categorías de dereitos humanos non se desenvolveron de igual xeito. Comparado aos dereitos civís e políticos, as categorías de **dereitos económicos, sociais e culturais están menos desenvolvidas**. Isto débese en parte a que os dereitos económicos, sociais e culturais se consideraron durante moito tempo como '**dereitos secundarios**' comparado cos dereitos civís e políticos. A súa denominada 'imprecisa' redacción, a súa natureza programática e a problemática da súa xusticiabilidade son as razóns polas cales se lles atribuíu tal status. Aínda existe unha incompreensión acerca destes dereitos en relación co seu contido e coa natureza das obrigas do Estado.

Leváronse a cabo esforzos para fortalecer a implementación dos dereitos económicos, sociais e culturais mediante unha aclaración máis detallada do seu contido normativo e mediante a especificación da natureza e contido das obrigas do Estado.



Nos documentos referidos aos dereitos económicos, sociais e culturais inclúense instrumentos legais que se presentan en tres dimensións diferentes: a dimensión internacional, a rexional e a nacional.

4.- OS PACTOS INTERNACIONAIS DE DEREITOS HUMANOS

Unha resolución da Asemblea xeral decidiu separar a definición de dereitos en dous Convenios internacionais, en atención á súa distinta natureza: son os **pactos internacionais** do 16 de decembro de 1966 (España ratificouno o 20-04-1977 (en vigor 27-07-1977):

- Pacto internacional de dereitos civís e políticos
- Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais

Estes pactos recollen o catálogo de dereitos e de liberdades establecido na declaración universal, pero non se refiren a todos os dereitos, xa que deixan na marxe os que foran desenvolto a través de convenios específicos.

En ambos os dous pactos establécese a obriga do Estado que os acepte, de respectar e garantir a todos os individuos que se atopen no seu territorio tales dereitos, abríndolles as oportunas vías de recurso contra a súa violación e asegurar o dereito igual de homes e mulleres a gozar de tales dereitos.

Os **Pactos de Nova York** ou **Pactos internacionais de dereitos humanos** son dous tratados internacionais sobre dereitos humanos adoptados no seo da Asemblea Xeral das Nacións Unidas pola Resolución 2200 A (XXI), do 16 de decembro de 1966: o Pacto internacional de dereitos civís e políticos (PIDCP) e o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais (PIDESC).

A unión destes pactos e a Declaración universal dos dereitos humanos comprende o que se denominou Carta internacional dos dereitos humanos.

Proceso de elaboración

A **Declaración universal dos dereitos humanos de 1948** formaba parte dun proxecto máis ambicioso, que comprendería un catálogo de dereitos, un tratado que determinase as obrigas asumidas polos estados e unha serie de mecanismos de protección.

O proceso de redacción tivo que enfrontar numerosos **problemas** que explican a aprobación de dous tratados internacionais en lugar dun. Por outra banda, considerouse que obstaculizaba o tratamento unitario de todos os dereitos o feito de que o respecto aos económicos, sociais e culturais non poida normalmente ser obxecto de control polos tribunais.



Todo isto levou a que en marzo de 1952 os traballos quedasen practicamente paralizados. No seu período de sesións de decembro dese mesmo ano, a Asemblea xeral decidiu a adopción de dous tratados separados e un mecanismo de protección para os dereitos civís e políticos.

Aínda tiveron que pasar dez anos para que os tratados entrasen en vigor. O PIDESC entrou en vigor o 3 de xaneiro de 1976 e o PIDCP o 23 de marzo de 1976 (ao igual que o seu protocolo).

Trece anos máis tarde, a Asemblea xeral aprobou e proclamou un segundo Protocolo facultativo do pacto internacional de dereitos civís e políticos, destinado a abolir a pena de morte, o 15 de decembro de 1989.

Estrutura

A Asemblea xeral pretendeu que existise certa **unidade entre os dous pactos**. A redacción é común para determinados elementos, que son:

- O preámbulo
- O artigo 1, que recolle o **dereito de libre determinación dos pobos**
- O artigo 3, que establece a **igualdade entre homes e mulleres** no gozo dos dereitos
- O artigo 5, que **prohibe o abuso do dereito, así como a restrición dun dereito** por estar recollido cun alcance menor no pacto que no dereito interno.
- Os artigos 48 a 53 PIDCP correspóndense cos artigos 26 a 31 PIDESC. Recollen **disposicións xerais**.

Ademais, existen similitudes nos artigos 2 (alcance das obrigas asumidas polos estados) e 4 (limitacións ou suspensión de dereitos).

O catálogo de dereitos recóllese nos artigos 6 a 27, no PIDCP, e nos artigos 6 a 15, no PIDESC.

Hai ademais moitos outros convenios de NU sobre dereitos humanos:

- Convenio sobre protección e castigo do delito de xenocidio (1948)
- Convenio sobre os dereitos políticos da muller (1952)
- Convenio sobre a eliminación de toda forma de discriminación social (1965)
- Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1970)
- Convención contra a tortura e outros tratos ou penas degradantes, crueis ou inhumanos (1981)



- Convención relativa aos dereitos do neno (1990)

CONTROL INTERNACIONAL DESTES DEREITOS

O sistema de control ten o seu centro en dúas organizacións:

- a) **O Consello de Dereitos Humanos** subsidiario da Asemblea xeral que actúa en canto a violacións de dereitos humanos e de liberdades públicas das persoas.
- b) **O Comité de Dereitos Humanos**, ao que corresponde intervir con relación aos dereitos civís e políticos.

En canto á composición destes organismos, mentres que o Consello é un órgano subsidiario da Asemblea xeral da ONU, o Comité, ten un carácter supranacional, non está formada por delegados dos gobernos, senón por 22 personalidades dos estados partes do Pacto internacional dos dereitos civís e políticos, elixidos dunha lista proposta polos estados e a través dunha votación secreta.

O **Primeiro protocolo facultativo do pacto internacional de dereitos civís e políticos** é un tratado internacional que busca asegurar a aplicación das disposicións do Pacto internacional de dereitos civís e políticos (ICCPR, polas súas siglas en inglés). Para iso, faculta o Comité de Dereitos Humanos para recibir e considerar comunicacións de individuos que aleguen ser vítimas de violacións de calquera dos dereitos enunciados no pacto.

Foi adoptado pola Asemblea xeral das Nacións Unidas o 16 de decembro de 1966 e entrou en vixencia o 23 de marzo de 1976

O **Segundo protocolo facultativo do pacto internacional de dereitos civís e políticos**, destinado á abolición da pena de morte é un acordo paralelo ao Pacto internacional de dereitos civís e políticos (ICCPR, polas súas siglas en inglés). Foi aprobado o 15 de decembro de 1989 e entrou en vigor o 11 de xullo de 1991.

O **Comité de Dereitos Humanos** é un órgano convencional formado por expertos independentes, que vixía o cumprimento do Pacto internacional de dereitos civís e políticos polos estados que o ratificaron. Normalmente reúnese en tres períodos de sesións ao ano, en Xenebra ou Nova York. O comité é un dos sete organismos constituídos por tratados sobre dereitos humanos promovidos pola Organización das Nacións Unidas.

O Comité de Dereitos Humanos non debe confundirse coa Comisión de Dereitos Humanos, un organismo que se deriva da Carta das Nacións Unidas, nin co Consello de Dereitos Humanos que a substitúe. Mentres que a Comisión e o Consello de Dereitos Humanos son foros políticos onde os estados debaten todo tipo de asuntos relacionados cos dereitos humanos, o comité é un organismo formado por expertos, e a súa competencia está limitada polo Pacto internacional de dereitos civís e políticos.



O **Procedemento de queixas individuais** é un mecanismo facultativo e cuasi-contencioso polo que o Comité de Dereitos Humanos pode tratar **denuncias de violacións concretas de dereitos humanos recollidos no Pacto internacional de dereitos civís e políticos**.

5.- O CONSELLO DE DEREITOS HUMANOS: PROCEDEMENTOS DE PROTECCIÓN

O Consello de Dereitos Humanos é un órgano intergubernamental que forma parte do sistema das Nacións Unidas e que está composto por 47 estados membros responsables do fortalecemento da promoción e da protección dos dereitos humanos no mundo. **Foi creado pola Asemblea xeral das Nacións Unidas o 15 de marzo de 2006, substituíndo á Comisión de Dereitos Humanos** co **obxectivo** principal de **considerar as situacións de violacións dos dereitos humanos e facer recomendacións ao respecto**.

Un ano despois de celebrar a súa primeira reunión, o 18 de xuño de 2007, o consello adoptou o seu «paquete de construción institucional» que proporciona elementos que guían o seu traballo futuro. Entre estes destácase o novo mecanismo de exame periódico universal, a través do cal se examinará a situación dos dereitos humanos nos 193 estados membros das Nacións Unidas. Outras características inclúen un novo Comité Asesor que serve como o «think tank» do consello asesorándoo en diversas cuestións temáticas relativas aos dereitos humanos e o novo mecanismo de método de denuncias que permite que individuos e organizacións presenten denuncias sobre violacións dos dereitos humanos á atención do Consello. O Consello de Dereitos Humanos tamén continuará traballando de preto cos procedementos especiais das Nacións Unidas establecidos pola extinta comisión e admitidos polo consello.

a) A Revisión universal periódica

Este mecanismo ten un gran **potencial para promover e protexer dereitos humanos nas esquinas máis recónditas** do mundo.

A Revisión universal periódica (UPR) é un proceso único que implica unha **revisión dos logros en dereitos humanos das 193 nacións** dos membros da ONU unha vez **cada catro anos**. O UPR é un proceso **conducido polo Estado**, baixo os auspicios do Consello de Dereitos humanos, que proporciona a oportunidade para cada estado para declarar qué accións tomaron eles para mellorar a situación dos dereitos humanos nos seus países e cumprir coas súas obrigas nesta materia. Como un dos trazos principais do Consello, o UPR é deseñado para asegurar o tratamento igualitario para cada país cando a súa situación acerca dos dereitos humanos son avaliadas.

O UPR foi creado polas Nacións Unidas na Asemblea xeral do 15 de marzo de 2006, pola Resolución 60/251, que estableceu o Consello de dereitos humanos en si mesmo. Actualmente non existe ningún outro mecanismo universal desta clase. O UPR é un dos elementos clave do



novo consello e recorda aos estados a súa responsabilidade de respectar totalmente e de poñer en práctica todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais. O **obxectivo** último deste novo mecanismo é **mellorar a situación de dereitos humanos en todos os países** e tamén as violacións de dereitos humanos en calquera parte onde acontezan.

b) Comité asesor do consello de dereitos humanos

Creación

Conforme á Resolución do Consello de dereitos humanos 5/1, foi creado o Comité asesor do consello de dereitos humanos, (en diante «o comité asesor»), integrado por **18 expertos**, funcionará como «**grupo de reflexión**» do consello e traballará baixo a súa dirección. O comité asesor substitúe a subcomisión para a promoción e protección dos dereitos humanos.

O **obxectivo** do nomeamento dos membros do Comité, considerando os requisitos técnicos e obxectivos contidos na decisión do Consello 6/102, é asegurarse que o mellor asesoramento e os coñecementos especializados estean a disposición do consello. A función do comité asesor é a de **proporcionar coñecementos especializados ao consello** da forma que este o solicite, centrándose principalmente nun asesoramento baseado en estudos e investigacións. Tales coñecementos especializados serán proporcionados unicamente cando o consello o solicite, en cumprimento das súas resolucións e baixo a súa orientación.

O comité asesor debería estar orientado á implementación. O **alcance** do seu asesoramento deberá limitarse ás cuestións temáticas que gardan relación co mandato do Consello, a saber, a **promoción e a protección de todos os dereitos humanos**. O comité asesor **non adoptará resolucións nin decisións**, poderá formular, dentro do ámbito de traballo establecido polo consello e para que este as examine e aprobe, suxestións para mellorar a súa eficiencia procedemental, así como propostas de novos estudos dentro do ámbito de traballo establecido polo consello.

c) Método de denuncias da Comisión de dereitos humanos aceptado polo consello

Conforme o disposto na Resolución 2000/3 do consello, do 16 de xuño de 2000, a subcomisión de promoción e protección dos dereitos humanos, designará cada ano un grupo de traballo integrado por algúns dos seus membros, que representarán conforme a distribución xeográfica os cinco grupos rexionais, ademais fomentárase unha rotación apropiada. Este grupo de traballo, denominado **grupo de traballo sobre comunicacións**, reunirse cada ano inmediatamente despois da subcomisión **para examinar as comunicacións (queixas) recibidas de particulares e grupos que denuncien violacións dos dereitos humanos e todas as respostas dos gobernos**. As comunicacións manifestamente carentes de fundamento, como por exemplo comunicacións referidas a cuestións que se achen fóra do ámbito da Declaración universal dos dereitos humanos serán descartadas pola secretaría coa



aprobación do presidente-relator do grupo de traballo sobre as comunicacións quedando entendido que estas non serán transmitidas aos gobernos interesados nin se presentarán ao grupo de traballo sobre comunicacións. O feito de **que unha comunicación sexa transmitida ao goberno respectivo** e que un xustificante de recepción sexa enviado ao seu autor **non implica xuízo ningún** sobre a admisibilidade ou mérito da comunicación. Cando o grupo de traballo ache probas razoables da existencia dun cadro persistente de violacións manifestas dos dereitos humanos, a cuestión será remitida ao grupo de traballo sobre situacións para que a examine.

O **grupo de traballo sobre situacións estará integrado, como antes, por cinco membros** nomeados polos grupos rexionais, e prestarase a debida atención á rotación dos membros. O grupo reunirase como moito un mes antes que o consello, para examinar as situacións particulares que lle transmitira o grupo de traballo sobre comunicacións, e decidirá despois se debe remitir ou non á Comisión algunha desas situacións.

Corresponderá despois á comisión adoptar unha decisión sobre cada situación particular sinalada á súa atención desta forma.

Todos os pasos iniciais do proceso son **confidenciais** ata que unha situación se remite ao Consello Económico e Social. Pero dende 1978, o presidente da Comisión de dereitos humanos anuncia os nomes dos países que foron obxecto de exame. Deste xeito, **se un cadro de abusos acontecidos nun determinado país non se resolve nas etapas iniciais** do proceso pode ser sinalado ante a atención da comunidade mundial por medio do **Consello Económico e Social**, que é un dos principais órganos das Nacións Unidas.

Para decidir qué comunicacións poden ser aceptadas para ser examinadas, a subcomisión de promoción e protección dos dereitos humanos elaborou un regulamento. En termos xerais, esas normas poden resumirse da forma seguinte:

- **Non se admitirá ningunha comunicación que sexa contraria aos principios da Carta das Nacións Unidas** ou que mostre motivacións políticas.
- **Só se admitirá unha comunicación se, despois de examinado, se comproba que hai motivos fundados para pensar -tomando tamén en consideración todas as respostas enviadas polo goberno interesado- que existe un cadro persistente de violacións manifestas dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e dando fe que foron probadas.**
- As comunicacións **poderán proceder de particulares ou de grupos** que afirmen ser vítimas de violacións dos dereitos humanos ou que teñan un coñecemento directo e digno de crédito desas violacións. As comunicacións anónimas son inadmisibles, ao igual que as baseadas unicamente en informes dos medios de comunicación.



- Cada **comunicación deberá describir os feitos e indicar o propósito da petición e os dereitos que fosen violados**. Por regra xeral, non se examinarán as comunicacións que conteñan termos ofensivos ou comentarios insultantes sobre o Estado contra o que se formula a reclamación.
- Para que se examine unha comunicación deberanse **esgotar os recursos internos**, a non ser que poida demostrarse de forma convincente que as solucións a nivel nacional serían ineficaces ou que se prolongarían máis alá do razoable.

As comunicacións que se haberán de tramitar conforme o procedemento previsto na Resolución 1503 poden dirixirse a **Xenebra** (Suíza).

d) Procedementos especiais

A expresión «procedementos especiais» refírese aos mecanismos establecidos pola Comisión de dereitos humanos e asumidos polo Consello de dereitos humanos **para facer fronte ben a situacións concretas nos países. ben a cuestións temáticas en todo o mundo**. Actualmente, hai 30 mandatos temáticos e 8 mandatos por país. A Oficina do Alto Comisionado para os dereitos humanos presta apoio a estes mecanismos facilitándolles o persoal e o apoio loxístico e de investigación necesarios para o desempeño dos seus mandatos.

Os mandatos dos procedementos especiais, polo xeral, encoméndanlles aos titulares de mandatos examinar, supervisar, prestar **asesoramento e informar publicamente sobre as situacións de dereitos humanos en países ou territorios específicos, coñecidos como mandatos por país, ou sobre os principais problemas de violacións de dereitos humanos a nivel mundial, coñecidos como mandatos temáticos**. Os procedementos especiais ocúpense de diversas actividades, como por exemplo: dar resposta ás denuncias individuais, realizar estudos, prestar asesoramento en materia de cooperación técnica nos países e participar nas actividades xerais de promoción dos dereitos humanos.

Os procedementos especiais poden estar integrados por **unha persoa** (denominada «relator especial», «representante especial do secretario xeral», «representante do secretario xeral» ou «experto independente») ou por un **grupo de traballo** composto, polo xeral, de **cinco membros** (un de cada rexión). Os mandatos dos procedementos especiais son establecidos e definidos pola resolución que os crea. Os titulares de mandatos dos procedementos especiais cumpren a súa función **a título persoal e non reciben soldo** nin ningunha outra retribución financeira polo seu labor. O carácter independente dos titulares de mandatos é fundamental para que poidan desempeñar as súas funcións con total imparcialidade.

No que se refire ás súas actividades, a maioría dos procedementos especiais reciben **información sobre denuncias concretas de violacións de dereitos humanos e fan chamamentos urxentes ou envían cartas de denuncias aos gobernos** para solicitar



aclaracións. En 2006, enviáronse máis de 1100 comunicacións a gobernos en 143 países. Case a metade foron comunicacións conxuntas remitidas por dous ou máis titulares de mandatos.

Os titulares dos mandatos tamén realizan **visitas aos países** co propósito de investigar a situación de dereitos humanos a nivel nacional. Os titulares dos mandatos envían, polo xeral, unha carta ao goberno en cuestión solicitando unha visita, e, se este está de acordo, cúrsalles o convite correspondente. Algúns países cursaron «**convites permanentes**» o que significa que, en principio, están dispostos a aceptar automaticamente as solicitudes de calquera dos titulares de mandatos de procedementos especiais para visitar o país. Ata outubro de 2008, 63 países cursaran convites permanentes aos procedementos especiais. Despois de realizar as visitas, os titulares dos mandatos presentan un **informe** de misión no que expoñen as súas conclusións e recomendacións.

A partir de xuño de 2006, o Consello de Dereitos Humanos iniciou un proceso de construción institucional, o cal inclúe un exame do sistema de procedementos especiais. O 18 de xuño de 2007, na conclusión do seu quinto período de sesións, o Consello de dereitos humanos adoptou a Resolución 5/1 chamada «Construción institucional do consello de dereitos humanos das Nacións Unidas», na que se incluíron disposicións sobre a selección dos titulares de mandatos e a revisión de todos os mandatos dos procedementos especiais. O **proceso de revisión** tivo o seu inicio durante o sexto período de sesións en setembro de 2007 e seguiu durante a sexta sesión resumida, a sétima e a oitava sesións do Consello de dereitos humanos. O devandito proceso continuará durante a novena sesión do consello, na cal terán lugar novas revisións. Ata setembro de 2008, todos os mandatos temáticos que foron revisados foron estendidos. Algúns novos mandatos temáticos foron establecidos, como o de formas contemporáneas de escravitude e o de acceso á auga potable e saneamento. A maioría dos mandatos de países tamén foron renovados, coa excepción do mandato da República Democrática do Congo (o mandato de Bielorrusia e Cuba foron rematados en xuño de 2007).

En xuño de 2007 o consello adoptou así mesmo a Resolución 5/2, que establece un **Código de conduta** para os titulares de mandatos dos procedementos especiais. Durante a 15ª Reunión anual dos titulares de mandatos dos procedementos especiais, no mes de xuño de 2008, adoptouse o **Manual dos procedementos especiais de Nacións Unidas**, que consiste nunha guía sobre os métodos de traballo empregados polos titulares de mandato. Na mesma reunión, os participantes tamén adoptaron o Procedemento interno de asesoramento para examinar as prácticas e os métodos de traballo. A través deste instrumento, o Código de conduta e outros documentos relevantes, incluíndo o Manual dos procedementos especiais, son implementados co obxectivo de asegurar por un lado a eficacia e a independencia do sistema dos procedementos públicos especiais, e por outro a eficacia e independencia individual dos titulares de mandato. Na oitava sesión, o Consello de dereitos humanos adoptou a declaración presidencial relativa á



duración do mandato dos titulares de mandato dos procedementos especiais, en cumprimento co Código de conduta.

6.- O CONSELLO DE EUROPA

- Orixe e misión

Creado o **5 de maio de 1949**, o Consello de Europa ten por obxectivo favorecer en Europa un espazo democrático e xurídico común, organizado arredor do Convenio europeo dos dereitos humanos e doutros textos de referencia sobre a protección do individuo.

- Estados membros e observadores

O Consello de Europa ten unha dimensión paneuropea:

- **47** países membros
- 1 país candidato: Bielorrusia; o estatuto de convidado especial de Bielorrusia foi suspendido debido ao seu incumprimento dos dereitos humanos e dos principios democráticos.
- 5 estados observadores: Santa Sé, Estados Unidos, Canadá, Xapón, México.

- Obxectivos

O obxectivo do Consello de Europa é lograr unha **unión máis estreita** entre os seus membros segundo indica o artigo 1 do Estatuto do Consello de Europa pero tamén ten outros:

- **Defender os dereitos humanos**, a democracia pluralista e a preeminencia do dereito.
- Favorecer a toma de conciencia e o desenvolvemento da **identidade cultural de Europa** así como da súa diversidade.
- Buscar **solucións comúns aos problemas** aos que se enfronta a sociedade, tales como a discriminación das minorías, a xenofobia, a intolerancia, a bioética e a clonación, o terrorismo, a trata de seres humanos, a delincuencia organizada e a corrupción, a ciber criminalidade, e a violencia cara aos nenos.
- Desenvolver a **estabilidade democrática en Europa** acompañando as reformas políticas, lexislativas e constitucionais.

O mandato político actual do Consello de Europa definiuse no terceiro Cumio dos xefes de Estado e de Goberno (Varsovia, maio de 2005).

- Funcionamento

O Consello de Europa ten os seguintes órganos:



- a) **Comité de ministros, órgano de decisión** da organización, composto polos **47 ministros de Asuntos Exteriores** ou polos seus embaixadores, que os representan de modo permanentemente en Estrasburgo. A presidencia deste comité alturnase cada seis meses e séguese a orde alfabética en inglés do estado: Suecia (Sweden) 05/2008 (cambiou a súa quenda con Eslovenia), **España (Spain) 11/2008**, Eslovenia (Slovenia) 05/2009, Suíza (Switzerland) 11/2009, Macedonia (Yugoslav Republic of Macedonia) 05/2010, Turquía (Turkey) 11/2010, etc.
- b) **Asemblea parlamentaria, órgano impulsor** da cooperación europea, **representante dos 47 parlamentos nacionais** que congrega a 636 membros (318 titulares e 318 suplentes). O número de representantes depende da demografía (entre 10 e 18), reúnense catro veces ao ano durante unha semana.
- c) **Congreso dos Poderes Locais e Rexionais**, creada en 1994. Representa as **colectividades locais e rexionais** no seo do Consello de Europa. Está dividida en dúas cámaras unha para os poderes locais e outra para as rexións. Teñen 315 membros titulares e outros tantos suplentes que representan as máis de 200 000 colectividades rexionais e locais dos estados membros. Reúnense unha vez ao ano en Estrasburgo. As dúas cámaras elixen un presidente.
- d) **Secretaría xeral** composta por uns 1800 funcionarios orixinarios dos 47 estados membros e dirixido por un **secretario xeral**, elixido pola Asemblea parlamentaria cada cinco anos. Dende o 2004, é Terry Davis do Reino Unido.
- e) **Tribunal europeo de dereitos humanos**, creado despois da Convención europea dos dereitos humanos de 1950. Composta por un xuíz de cada estado membro elixido de forma renovable cada seis anos. O tribunal en pleno elixe un presidente por un período de tres anos. Dende o 2007, Jean-Paul Costa de Francia é o seu presidente.
- f) **Comisario para os dereitos humanos**, é elixido pola Asemblea parlamentaria para un mandato de 6 anos. Este mandato non é renovable e encárgase de promover a educación e a sensibilización respecto aos dereitos humanos. Pode enviar as recomendacións aos estados membros e informa o Comité de Ministros e a Asemblea Parlamentaria. Este cargo é ocupado dende o 2006 polo sueco Thomas Hammarberg.

O Consello de Europa non debe ser confundido co Consello da Unión Europea, que non é unha parte envolta na convención e non ten ningún papel na administración do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. En tanto, a convención exerce certa influencia sobre o Dereito da Unión: por exemplo, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, no seu preámbulo, «*reafirma [...] os dereitos recoñecidos especialmente por [...] a xurisprudencia [...] do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos*».



7.- O CONVENIO PARA A PROTECCIÓN DOS DEREITOS HUMANOS E DAS LIBERDADES FUNDAMENTAIS

A **Convención Europea de Dereitos Humanos** foi adoptada polo Consello de Europa en 1950 e entrou en vigor en 1953. O nome oficial da Convención é o **Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais**. Feito en Roma o 4 de novembro de 1950. España asinouno en 1977 e quedou ratificado en 1979.

O convenio recolle os dereitos civís e políticos do cidadán europeo dunha forma menos precisa que o pacto do mesmo nome das NU, pero en cambio establece un mecanismo de protección moito máis perfecto.

O logro máis importante do convenio é o protagonismo que concede ao individuo, xa que o recoñece un dereito de recurso individual ante as súas propias instancias, contribuíu a homoxeneizar as lexislacións internas na materia e exerce un acto de control internacional sobre os actos dos gobernos nacionais.

Os dereitos recoñecidos no convenio pódense invocar directamente ante os tribunais internos.

A súa estrutura é a seguinte:

Artigo 1. Recoñecemento dos dereitos humanos

TÍTULO I. Dereitos e liberdades (artigos 2 ao 18)

TÍTULO II. Tribunal europeo de Dereitos Humanos (artigos 19 a 51)

TÍTULO III. Disposicións diversas

Os dereitos que garante esta convención pódense clasificar en seis grupos:

1. Protección da integridade física

- Dereito á vida
- Protección contra penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes
- Protección contra a escravitude e traballos forzosos

2. Protección da liberdade

- Dereito á liberdade e seguridade (boa administración de xustiza)
- Dereito a un proceso equitativo (recurso efectivo)
- Legalidade das penas (irretroactividade das leis penais)

3. Protección da intimidade persoal, familiar ou privada

- Dereito ao matrimonio, respecto á vida familiar



- Inviolabilidade do domicilio
- Segredo da correspondencia

4. Protección da actividade intelectual

- Liberdade de pensamento, conciencia relixiosa e expresión
- Dereito á educación

5. Protección da actividade política

- Liberdade de reunión e asociación
- Liberdade de elección

6. Protección da actividade económica

- Dereito á propiedade

Ademais destes dereitos, a convención reforza outros xa garantidos, como é o caso da non **discriminación**.

Os estados quedan facultados a desprenderse destas obrigas en caso de guerra ou doutro perigo público, só na medida en que a situación o esixa e sen derrogar nunca dereitos fundamentais.

Ademais desta convención e no ámbito dos dereitos individuais, o Consello de Europa levou a cabo outros acordos (no mesmo ámbito dos dereitos individuais):

- O Convenio europeo de extradición (1957)
- O Convenio europeo sobre a redución dos casos de pluralidade de nacionalidades e sobre as obrigas militares no caso de pluralidade de nacionalidades (1963)
- O Acordo europeo relativo á suspensión de visados para os refuxiados (1959)
- Convenio europeo para a represión do terrorismo (1977)
- Convenio europeo para a prevención da tortura e das penas e tratos inhumanos ou degradantes (1987)

España forma parte de todos estes convenios.

PROCEDIMENTOS DE PROTECCIÓN

A **Convención Europea de Dereitos Humanos** ten por **obxecto protexer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, permitindo un control xudicial do respecto dos devanditos dereitos individuais**.



Co fin de permitir un control do respecto efectivo dos dereitos humanos, a Convención instituíu o **Tribunal Europeo de Dereitos Humanos** (ou *Corte Europea de Dereitos Humanos*), efectiva en 1954, e o **Comité de Ministros do Consello**.

TRIBUNAL EUROPEO DE DEREITOS HUMANOS

O **Tribunal Europeo de Dereito Humanos** (tamén denominado Tribunal de Estrasburgo e Corte Europea de Dereitos Humanos) é a **máxima autoridade xudicial para a garantía dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en toda Europa**. Trátase dun tribunal internacional ante o que **calquera persoa que considere ser vítima dunha violación dos seus dereitos recoñecidos polo Convenio para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais** mentres se atopaba legalmente baixo a xurisdición dun estado membro do Consello de Europa, e que esgotara sen éxito os recursos xudiciais dispoñibles nese **estado, pode presentar unha denuncia contra o devandito estado** por violación do convenio. Este convenio é un tratado polo que os 47 estados membros do Consello de Europa (todos os estados europeos salvo Bielorrusia) **acordaron comprometerse a protexer os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, tipificalos, establecer o tribunal e someterse á súa xurisdición**, é dicir, acatar e executar as súas sentenzas. A execución das sentenzas do tribunal polos estados membros que foron condenados está supervisada polo Comité de Ministros, órgano decisorio do Consello de Europa composto por un representante de cada estado membro. Non ten ningunha relación coa Unión Europea.

O tribunal ten a súa sede na cidade de **Estrasburgo** (Francia).

O **novo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos** comezou a funcionar do xeito que se describe o **1 de novembro de 1998**, coa entrada en vigor do Protocolo núm. 11 ao Convenio para a protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

O tribunal comporase dun número de xuíces igual ao das altas partes contratantes. Actualmente **47**.

- O tribunal, en pleno, elixe o seu **presidente, dous vicepresidentes e dous presidentes de sección** por un período de tres anos. Os dous vicepresidentes son igualmente presidentes de sección. Cada unha das catro seccións conta, así mesmo, cun vicepresidente.
- A **composición** das catro seccións, estable por tres anos, debe estar **equilibrada** tanto dende o punto de vista xeográfico coma dende o da representación de sexos, tendo en conta os diferentes sistemas xurídicos existentes nos estados contratantes.



- Dúas **seccións** son presididas polos vicepresidentes do tribunal e as outras dúas por presidentes de sección elixidos por tribunal. Os presidentes de sección son asistidos e, se é necesario, substituídos polos vicepresidentes de sección.
- No seo de cada sección constitúense, á súa vez, por períodos de doce meses, **comités de tres xuíces**. Estes comités son un elemento importante da nova estrutura, pois efectúan unha gran parte do labor de filtrado que antes desenvolvía a comisión.
- **Salas de sete membros**, constitúense dentro de cada sección, de modo rotatorio, co presidente da sección e o xuíz elixido a título do Estado en cuestión segundo cada caso. Cando este xuíz non é membro da sección, actuará na sala en calidade de membro 'ex officio'. Os membros da sección que non son membros titulares da sala serán suplentes.
- A **Grande Sala, de dezasete xuíces**, constitúese por tres anos. Á parte dos membros 'ex officio' -o presidente, os vicepresidentes e o presidente de sección-, a Gran Sala fórmase mediante un sistema de rotación de dous grupos, que se alternarán cada nove meses, cuxa composición ten en conta o equilibrio xeográfico e intenta reflectir as diferentes tradicións legais existentes nos estados parte.
- O protocolo número 14 inclúe a formación de **xuíz único**.

PROCEDIMIENTO INTERNO DE ESTUDO DOS ASUNTOS

- **Xeral**
 - Todo estado contratante (demanda estatal) ou individuo que alegue ser vítima dunha violación do convenio (demanda individual) pode dirixir directamente ao Tribunal de Estrasburgo unha **demanda alegando a violación** por un estado contratante dalgún dos dereitos garantidos polo convenio.
 - O procedemento ante o novo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos é **público**. As audiencias son públicas a non ser que a Sala ou a Gran Sala decida o contrario en razón de circunstancias excepcionais.
 - Os demandantes individuais poden presentar por si mesmos as demandas pero é **recomendable a representación letrada**, e mesmo necesaria para as audiencias ou unha vez que a demanda foi declarada admisible. O Consello de Europa instituíu un sistema de **asistencia xudicial** para os demandantes cuxos recursos económicos son insuficientes.
 - As **linguas oficiais do tribunal son o francés e o inglés** pero as demandas poden ser presentadas en calquera das linguas oficiais dos estados contratantes.



Unha vez que a demanda foi declarada admisible debe utilizarse unha das linguas oficiais do tribunal, a menos que o presidente da Sala/Grande Sala autorice a continuar empregando a lingua da demanda.

- **Procedemento relativo á admisión**

- Cada demanda individual é atribuída a unha **sección**, cuxo presidente designa un **relator**. Tras un exame preliminar do asunto, o relator decide se este debe ser examinado por un comité de tres membros ou por unha sala.
- Un comité pode, por unanimidade, declarar unha demanda **inadmisible ou arquivala** cando a devandita decisión se pode adoptar sen posteriores exames.
- Ademais dos asuntos que lles son atribuídos directamente polos relatores, as **salas** coñecen as demandas individuais que non foron declaradas inadmisibles por un comité de tres membros, así como as demandas estatais. As salas **pronúncianse tanto sobre a admisión coma sobre o fondo das demandas**, en xeral en decisións diferenciadas aínda que tamén o poden facer de forma conxunta.
- As salas poden en todo **momento inhibirse en favor dunha Gran Sala** cando o asunto presente unha cuestión grave relativa á interpretación do convenio ou cando exista risco de contradición cunha sentenza pronunciada previamente polo tribunal, a non ser que unha das partes se opoña no prazo dun mes dende que se notificase a inhibición.
- A primeira fase do procedemento é normalmente **escrita**, aínda que a Sala pode decidir celebrar unha audiencia.
- Tomadas por maioría, as decisións da Sala sobre a admisión deben ser **motivadas** e feitas **públicas**

- Procedemento relativo ao **fondo**

- Unha vez que a Sala decidiu admitir a demanda, pode invitar as partes a presentar **probos suplementarias e observacións** por escrito, incluíndo, polo que respecta ao demandante, unha eventual petición de «satisfacción equitativa» e a asistir a unha audiencia pública sobre o fondo do asunto.
- **O presidente da Sala pode**, a favor dunha boa administración da xustiza, **invitar ou autorizar** a todo **estado contratante** que non sexa parte no proceso, ou a toda **persoa interesada distinta do demandante**, a presentar **observacións por escrito** ou, en circunstancias excepcionais, a tomar parte na audiencia. O estado contratante do que é nacional o demandante pode intervir por dereito propio no asunto.



- Durante o procedemento referente ao fondo do asunto, desenvolveranse **negociacións tendentes a obter un acordo amigable entre as partes**, coa mediación do secretario. Estas negociacións son confidenciais.
- **Resolucións do tribunal**
 - Sentenzas: as salas deciden por maioría de votos. No prazo de tres meses que comezará a contar dende a data en que unha sala pronuncia a sentenza, toda parte pode solicitar que o asunto se eleve ante a Gran Sala, se formula unha cuestión grave relativa á interpretación ou á aplicación do convenio ou dos seus protocolos, ou unha cuestión grave de carácter xeral. Todas as sentenzas definitivas do tribunal son **vinculantes para os estados defensores implicados**. O **Comité de Ministros do Consello de Europa** é o responsable de controlar a **execución das sentenzas**. Incúmbelle por iso verificar se os estados que foron condenados por violar o convenio tomaron as medidas necesarias para cumprir as obrigas, específicas ou xerais, derivadas da sentenza do tribunal.
 - Opiniós consultivas: o tribunal pode, a petición do Comité de Ministros, elaborar opinións consultivas **sobre cuestións xurídicas relativas á interpretación do convenio e os seus protocolos**.

COMITÉ DE MINISTROS DO CONSELLO DE EUROPA

O **Comité de Ministros** é o **órgano de decisión do Consello de Europa**. Está constituído polos **ministros de Asuntos Exteriores de todos os estados membros** ou polos seus representantes permanentes en Estrasburgo.

A súa función máis importante respecto á protección de dereitos humanos é **controlar a execución das decisións do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos**, con publicación das resolucións finais e nalgúns casos provisionais.

8.- A CARTA DE TURÍN

A Carta de Turín di no preámbulo:

“Os gobernos signatarios, membros do Consello de Europa, considerando que a finalidade do Consello de Europa é conseguir unha unión máis estreita entre os seus membros co obxecto de salvagardar e promover os ideais e os principios que son o seu patrimonio común e favorecer o seu progreso económico e social, en particular mediante a defensa e o desenvolvemento dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais; considerando que, polo Convenio para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, asinado en Roma o 4 de novembro de 1950 e o seu protocolo adicional, asinado en París o 20 de marzo de 1952, os estados



membros do Consello de Europa conviñeron en garantir aos seus pobos os dereitos civís e políticos e as liberdades especificados neses instrumentos; considerando que o gozo dos **dereitos sociais** debe quedar garantido sen discriminación por motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, procedencia nacional ou orixe social; resoltos a despregar en común todos os esforzos posibles para **mellorar o nivel de vida e promover o benestar de todas as categorías das súas poboacións**, tanto rurais como urbanas, por medio de institucións e actividades apropiadas, convén...”.

Asinada en Turín o 18 de outubro de 1961, dedícase exclusivamente aos dereitos de carácter económico, social e cultural.

(Dereitos colectivos):

- Dereito ao traballo en condicións equitativas
- Seguridade e hixiene no traballo
- Remuneración equitativa
- Libre asociación (tanto en organismos nacionais como internacionais)
- Dereito de negociación colectiva (folga)
- Protección do neno e do adolescente no traballo
- Promoción profesional
- Dereito de seguridade social e asistencia social médica
- Dereito da familia a unha protección social, xurídica e económica. Especialmente á nai e ao neno.
- Dereito dos traballadores emigrantes e familiares a unha axeitada protección e asistencia
- Dereito de formación profesional, con especial protección aos diminuídos físicos e mentais, e unha especial protección da muller profesional.

A esta Carta Social hai que facerlle **4 observacións**:

- a) En canto á materia: a formulación dos dereitos é moi ambigua: en ocasións decláraos sen definilos e noutras o contido do dereito remítese aos termos recollidos no dereito interno de cada país.
- b) Por razón da persoa: aplícase só aos nacionais dos estados partes, o que exclúe os traballadores emigrantes de terceiros estados e os refuxiados, salvo aqueles que gocen do Estatuto do refuxiado da Convención de Xenebra de 1951.



- c) Ao ratificar a carta, os estados están facultados para aceptar un número limitado dos dereitos declarados. Só obriga a aceptar 10 artigos ou 45 parágrafos.
- d) No transcurso destes máis de 30 anos, algúns dos dereitos quedaron desfasados na forma en que a carta os recolle e gozan dun desenvolvemento moito maior nos dereitos internos, mesmo a nivel constitucional.

En 1988 adoptouse un protocolo adicional á Carta Social Europea que amplía o “dereito á igualdade de oportunidades”, o “dereito á información dos traballadores” e o “dereito á protección social na vellez”; asinada pola maioría dos estados membros do Consello de Europa (Londres, 5 maio de 1949).

España asinou a Carta Social Europea o 27 de abril de 1978 e ratificouna o 29 de abril de 1980.

9.- PROTOCOLO FACULTATIVO DA CONVENCIÓN CONTRA A TORTURA

A **Convención contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes** é un dos principais tratados internacionais en materia de dereitos humanos. Foi adoptada pola Asemblea xeral das Nacións Unidas o 10 de decembro de 1984 e entrou en vigor o 26 de xuño de 1987, logo de acadar o número de ratificacións necesario.

O **Comité contra a tortura que se reúne en Xenebra** é o órgano de expertos independentes que supervisa a aplicación da convención contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes polos seus estados partes.

Todos os estados partes deben presentar ao comité informes periódicos sobre o xeito en que se realizan os dereitos. Inicialmente, os estados deben informar un ano despois da súa adhesión á convención e logo cada catro anos. O comité examina cada informe e expresa as súas preocupacións e recomendacións ao estado parte en forma de «observacións finais».

Ademais do procedemento de presentación de informes, a convención establece outros tres mecanismos mediante os cales o comité desempeña as súas funcións de supervisión: o comité tamén pode, en determinadas circunstancias, examinar as denuncias ou comunicacións dos particulares que afirman que se atentou contra os dereitos consagrados na convención, levar a cabo investigacións e examinar as denuncias entre os estados.

O **protocolo facultativo** é un instrumento de suma importancia, xa que permite que se dean pasos prácticos para previr a tortura arredor do mundo. As visitas regulares aos sitios de detención son un dos medios máis efectivos para previr a tortura e mellorar as condicións de detención. Ata agora, ningún instrumento internacional permitira que se realizasen **visitas periódicas arredor do mundo**. De conformidade co protocolo facultativo, crearase un novo organismo internacional de expertos que visitarán lugares de detención: o **Subcomité do Comité**



das Nacións Unidas contra a tortura. Os estados que ratifiquen o protocolo facultativo tamén terán a obriga de establecer ou designar **mecanismos nacionais de visitas.** Estas entidades e o subcomité traballarán de xeito conxunto para realizar **visitas regulares** aos lugares de detención; tamén presentan **recomendacións** ás autoridades para mellorar as condicións de detención e o trato que reciben as persoas privadas de liberdade.

O protocolo é un instrumento innovador en tres aspectos. En **primeiro lugar,** proporciona unha combinación de **órganos de vixilancias nacionais e internacionais** que traballan de forma conxunta. En **segundo lugar,** a diferenza dos mecanismos existentes da ONU, o subcomité e os mecanismos nacionais de prevención **non necesitan un convite para realizar visitas;** os estados que ratifican o protocolo deben aceptar as visitas destes órganos sen necesidade de dar o seu consentimento previo e traballar con eles para cumprir as súas recomendacións. En **terceiro lugar,** o subcomité ten o **mandato de asesorar e de axudar** tanto os estados partes como os mecanismos nacionais de prevención.

OBXECTIVOS

A Asemblea xeral das Nacións Unidas adoptou, **o 18 de decembro de 2002,** o Protocolo facultativo da convención contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes (en diante o Protocolo). O obxectivo do instrumento é **prever a tortura e os malos tratos** mediante un sistema de visitas regulares a lugares de detención por parte de entes independentes e complementarios a nivel internacional e nacional.

DESTINATARIOS

O Protocolo busca asistir aos **estados partes da Convención contra a tortura** na implementación das súas obrigas existentes baixo a convención en materia de prevención de tortura e de malos tratos. Polo tanto, unicamente os estados que ratificaran ou adheriran a Convención contra a tortura poderán ratificar ou adherir o Protocolo.

EFFECTOS

A práctica demostrou que as visitas aos lugares de detención son un dos medios máis efectivos para prever a tortura e mellorar as condicións de detención. Por un lado, as visitas teñen un **efecto disuasivo** e, por outro, permiten a expertos independentes **examinar de primeira man o trato ofrecido ás persoas privadas de liberdade e as condicións da súa detención.** Moitas violacións proveñen de sistemas inadecuados que poden ser corrixidos mediante un control efectivo. Os expertos emiten **recomendacións** prácticas e establecen un **diálogo** coas autoridades competentes, co fin de apoialos na busca de solucións aos problemas observados.



FUNCIONAMENTO

O Protocolo asume un enfoque novo para previr a tortura e os malos tratos baixo o Dereito internacional, ao formular un **sistema dual de visitas regulares a lugares de detención por parte de mecanismos de expertos independentes a nivel internacional e nacional**. Ao ratificar ou adherir ao Protocolo, os estados partes estarán aceptando que estes entes efectúen visitas a lugares de detención **sen previo aviso** en territorio baixo a súa xurisdición.

O **primeiro compoñente** do sistema dual de visitas será un novo ente internacional: un «**subcomité**» ao **Comité contra a tortura**. Este ente, constituído inicialmente por un grupo de **dez expertos independentes provenientes de distintas profesións**, terá mandato para realizar visitas regulares a lugares de detención en todos os estados partes. Os informes das devanditas visitas considerarán recomendacións dirixidas ás autoridades competentes. Co fin de promover un ambiente de cooperación, o informe será **confidencial**, salvo que o estado parte consinta a súa publicación ou se negue a colaborar co subcomité.

O **segundo compoñente** do sistema de visitas será a **designación de entes nacionais para efectuar visitas**. Unha vez entrado en vigor o Protocolo e ao ano de ratificar ou adherirse a este, os estados partes terán a obriga de manter, designar ou crear un ou varios mecanismos nacionais facultados para realizar visitas regulares a sitios de detención. O texto non especifica o tipo de mecanismo, polo cal comisións de dereitos humanos, defensores do pobo, comités parlamentarios e organismos da sociedade civil, entre outros, poderían ser designados para cumprir con esta función. Co fin de garantir que os entes nacionais funcionen de xeito efectivo e libre de interferencia indebida por parte das autoridades, o Protocolo establece criterios e garantías específicas que deben ser respectadas polos estados partes.

Tanto o ente internacional como os nacionais terán **facultades para visitar calquera lugar de detención en calquera momento e para entrevistarse en privado coas persoas alí detidas**. Tendo en conta que as visitas non constitúen un fin en si mesmo, senón un medio para previr abusos, os mecanismos de visitas emitirán recomendacións e proseguirán o seu labor xunto coas autoridades competentes co fin de efectuar a súa debida implementación. O mecanismo internacional e os mecanismos nacionais tamén manterán unha estreita relación de colaboración, compartindo información, asesoría e apoio. Isto constituirá un reforzo adicional á implementación nacional dos estándares internacionais.

LUGARES DE VISITAS

A definición de lugares de detención contida no Protocolo é ampla, incluíndo, sen limitarse aos seguintes lugares: **estacións de policía; instalacións das forzas de seguridade; centros de detención preventiva; centros penais para sentenciados; instalacións para menores de idade;**



centros de confinamento de inmigrantes; zonas de tránsito nos portos internacionais; centros para solicitantes de asilo; institucións psiquiátricas e lugares de detención administrativa.

RATIFICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

O Protocolo precisou 20 ratificacións para entrar en vigor e España foi un deles, asinouno o 13 de abril do 2005 e ratificouno o **4 de abril do 2006**.

O **22 de xuño de 2006** entra en vigor o Protocolo de forma xeral e para España.

FINANCIAMENTO

En canto ás disposicións financeiras, o Protocolo sinala que os gastos que efectúe o subcomité para a prevención na aplicación do Protocolo serán sufragados polas **Nacións Unidas**.

Tamén se prevé a creación dun fondo especial, que poderá estar financiado mediante contribucións voluntarias dos gobernos, organizacións intergubernamentais e non gubernamentais e outras entidades privadas ou públicas.



DEBES LEMBRAR

- Que o Dereito Internacional dos dereitos humanos é o conxunto de normas que tenden a protexer os dereitos e liberdades fundamentais do ser humano no ámbito internacional.
- Que o seu obxectivo é a elaboración dun marco xurídico que protexa ao individuo no Dereito Internacional, garantíndolle o gozo e respecto de certos valores considerados como comúns polo conxunto da sociedade internacional.
- Que na Constitución Española de 1978, os dereitos fundamentais aparecen contemplados no Título I relativo aos Dereitos e Deberes Fundamentais (Art. 10 a 55).
- Que ata a Carta das NU (San Francisco, 26 xuño de 1945) non aparece un verdadeiro recoñecemento internacional destes dereitos.
- Que a DUDH (Declaración Universal dos Dereitos Humanos) está composta dun preámbulo e trinta artigos, que recollen dereitos de carácter civil, político, social, económico e cultural.
- Que os artigos 1 e 2 recollen principios básicos nos que se sustentan os dereitos: **liberdade, igualdade, fraternidade e non discriminación.**
- Que os dereitos quedan enunciados nos artigos do 3 ao 27.
- Que, **os artigos do 28 ao 30 recollen as condicións e límites con que estes dereitos deben exercerse.**
- Que o catálogo dos dereitos da Declaración Universal pódese sintetizar así:
 1. Dereitos inherentes á existencia da persoa mesma.
 2. Dereitos relativos á protección e seguridade da persoa.
 3. Dereitos relativos á vida política da persoa.
 4. Dereitos de contido económico e social.
 5. Dereitos relacionados coa vida social e xurídica da persoa.
- Que o sistema de control ten o seu centro en dúas organizacións:
 - a) O **Consello de Dereitos Humanos** subsidiario da Asemblea Xeral que actúa en canto a violacións de dereitos humanos e liberdades públicas das persoas.
 - b) O **Comité de Dereitos Humanos**, ao que corresponde intervir con relación aos Dereitos Cívís e Políticos.



AUTOAVALIACIÓN

1. O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ten a súa sede en:
 - a) Estrasburgo (Francia).
 - b) Berna (Suíza)
 - c) Xenebra (Suíza)
 - d) Todas as respostas citadas son falsas

2. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos é de data:
 - a) 10 de Decembro de 1958
 - b) 10 de Decembro de 1948
 - c) 20 de Decembro de 1958
 - d) 10 de Novembro de 1948

3. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos está composta por:
 - a) Un Título Preliminar e vinte artigos
 - b) Un Preámbulo e vinte artigos
 - c) Un Preámbulo e vinte e cinco artigos
 - d) Un Preámbulo e trinta artigos

4. O Convenio para a protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais asinouse:
 - a) En Roma, o 4 de Novembro de 1950
 - b) En Xenebra, o 5 de Marzo de 1948
 - c) Na Haia, o 2 de Febreiro de 1950
 - d) En Estrasburgo, o 3 de Marzo de 1953



5. Os artigos 22 a 27 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos recollen dereitos:
- a) Económicos, sociais e culturais
 - b) As condicións e límites con que os dereitos deben exercerse
 - c) Liberdades políticas
 - d) Dereitos do individuo en relación coa comunidade



MÓDULO V: AS LIBERDADES PÚBLICAS

A regulación dun catálogo xeral de dereitos e deberes dos cidadáns é un dos elementos que configuran, en esencia, a existencia dun réxime constitucional. En efecto, o recoñecemento da liberdade do individuo, con núcleo de todos eses dereitos fundamentais, é o soporte dun Estado que se prece de ser politicamente democrático.

Así, o artigo 1 da Constitución española proclama como valores superiores do ordenamento xurídico español a xustiza, a igualdade, o pluralismo político e a liberdade. Esa liberdade enténdese no sentido máis amplo da palabra e considérase como algo inherente ao ser humano. Agora ben, vaise analizando nunha serie de manifestacións concretas incluídas e tuteladas todas elas no texto constitucional.

Sen liberdade e sen libre exercicio dos dereitos individuais e sociais, non pode haber verdadeira democracia e este é o motivo principal que levou á Constitución española de 1978 a ocuparse prioritariamente de establecer, non só unha lista de dereitos, liberdades e deberes cidadáns, senón, o que é máis importante, un sistema de garantías xurídicas que aseguren e protexan o exercicio efectivo de tales dereitos fundamentais. Certamente, sen a regulación desas garantías non existiría unha orde social xusta, pola imposibilidade de exercer eses dereitos con total liberdade e autonomía.

O **título primeiro da Constitución española**, baixo a rúbrica «**Dos dereitos e deberes fundamentais**», iníciase cun artigo en solitario, o artigo 10, que contén unha interesante declaración sobre o valor da liberdade individual e dos dereitos fundamentais que lle son propios (considerados o fundamento da orde política e da paz social), así como un criterio interpretativo para comprender o sentido e alcance dos dereitos que desenvolve a nosa Constitución.

Internándonos no capítulo segundo, do título I da Constitución, denominado «Dereitos e liberdades», temos que se inicia cun artigo, o 14, destinado a regular o principio de igualdade. Despois ségueno dúas seccións, a 1ª cos «Dereitos fundamentais e liberdades públicas» e a 2ª cos «Dereitos e deberes dos cidadáns».

O citado artigo 14 proclama que: "Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, de raza, de sexo, de relixión, de opinión ou de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".

A igualdade configúrase na Constitución española como un valor fundamental que inspira o noso ordenamento xurídico e que se relaciona coa prohibición de efectuar discriminacións que supoñan distincións non xustificables, é dicir, non é que se prohiba toda diferenza xurídica, senón que, cando esta se realice, deberá estar convenientemente xustificada en razóns obxectivas (segundo



o Tribunal Constitucional non é admisible realizar distincións que non estean baseadas nunha causa suficientemente razoable ou que careza dunha xustificación obxectiva).

Na sentenza do Tribunal Constitucional do 2 de xullo de 1981, menciónase a diferenza entre a «igualdade ante a lei», que obriga o lexislador a non realizar tratamentos diferenciadores de situacións de feito similares e a «igualdade na lei», que supón dar un trato distinto aos que son distintos, sendo a distinción unha cuestión obxectiva, baseada en circunstancias xustas e razoables.

1.- DEREITOS FUNDAMENTAIS E LIBERDADES PÚBLICAS

Os dereitos foron amplamente desenvolvidos pola nosa Constitución, por unha clara razón dialéctica: dado que no anterior réxime político a práctica do seu respecto non existía, os dereitos debían ser tratados no novo código constitucional extensa e aínda prolixamente. Non obstante, como advirte Sánchez Agesta, a Constitución non parece seguir ningún criterio sistemático doutrinal na enunciación e ordenación dos dereitos e deberes proclamados polo seu título I.

Por outro lado, fóra deste título podemos atopar algúns outros dereitos. Tal sería o caso do deber de coñecer o castelán, lingua española oficial do Estado, como tamén o dereito a usala, contemplados polo artigo 3; igualmente, o dereito dos cidadáns a exercer a acción popular e a participar na Administración de Xustiza mediante a institución do xurado (artigo125) ou mesmo o dereito a unha indemnización a cargo do Estado polos danos causados por erro xudicial, ou ben polos que sexan consecuencia do anormal funcionamento da Administración de Xustiza (artigo121).

O **título I** da Constitución española de 1978 leva por rúbrica, «**Dos dereitos e deberes fundamentais**». Estrutúrase en **cinco capítulos** dedicados, respectivamente, a: «**Dos españois e os estranxeiros**» (**capítulo primeiro**); «**Dereitos e liberdades**» (**capítulo segundo**), dividido á súa vez en dúas seccións xa citadas. O **capítulo terceiro** leva por rótulo «**Dos principios reitores da política social e económica**», mentres que os dous últimos capítulos están dedicados ás **garantías das liberdades e dereitos fundamentais (capítulo cuarto)** e á **suspensión dos dereitos e liberdades (capítulo quinto)**.

Se entramos a contemplar o contido concreto de cada capítulo ou sección, comprobamos que nos que máis propiamente enuncian dereitos e liberdades (os capítulos segundo e terceiro) non existe unha coherencia entre a súa titulación e o seu contido. Hai dereitos do cidadán enunciados entre os dereitos fundamentais e dereitos humanos, do home, enunciados como dereitos do cidadán.

É por todo iso polo que parece oportuno concluír significando que os nosos constituíntes, ao agrupar como o fixeron os distintos dereitos e liberdades, non pretenderon tanto seguir unha determinada sistemática teórico-doutrinal, como ordenar os dereitos en función da súa distinta



protección e das garantías con que trata de protexelos en cada caso. E desta forma, e á vista do artigo 53 da Constitución, resulta claro que os dereitos se ordenaron en función dos tres niveis de protección que o lexislador constituínte previu para eles, e que en orde crecente sería:

- Os principios reitores a que se refire o capítulo III.
- Os dereitos da sección 2ª do capítulo II.
- Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas agrupadas na sección 1ª do capítulo II.

Imos agora examinar os enunciados dos cinco capítulos deste título I, con referencia ao seu contido e á protección que se lles concede.

No **capítulo I** do título primeiro da constitución regúlase o relativo aos españois e aos estranxeiros, o dito capítulo está formado por tres artigos:

O artigo 11: establece que a nacionalidade española se adquire, que se conserva e que se perde de acordo coa lei. Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade e a posibilidade de que o Estado concerte tratados de dobre nacionalidade cos países iberoamericanos ou con aqueles que tivesen ou teñan unha particular vinculación con España.

O artigo 12: establécese que os españois son maiores de idade aos 18 anos.

Por último no artigo **13** *regúlanse* os dereitos dos estranxeiros no noso país, a extradición e o dereito de asilo. Dispoñendo que os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garante o presente título nos termos que establezan os tratados e a lei. Soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, salvo o que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais e que a extradición só se concederá en cumprimento dun tratado ou da lei, atendendo ao principio de reciprocidade, quedando excluídos da extradición os delitos políticos, non considerándose como tales os actos de terrorismo e para finalizar establece que a lei establecerá os termos en que os cidadáns doutros países e os apátridas poderán gozar do dereito de asilo en España.

O **capítulo II**, está dividido en dúas seccións:

A **sección primeira** está cuberta cunha enunciación, que, dende o punto de vista da interpretación do texto «os dereitos fundamentais e as liberdades públicas», parece referirse a dereitos e liberdades humanas, do home, que se atribúen a todos, e teñen, como veremos, unha protección reforzada á que son aplicables todos os procedementos de garantía previstos no Dereito contemporáneo.



A **sección segunda** titúlase suxestivamente «Dos dereitos e deberes dos cidadáns» e aquí é ben patente que o título non se corresponde co contido, pois nel hai dereitos puramente humanos, como o dereito a contraer matrimonio ou o dereito de propiedade, que, como é natural, non se van negar aos estranxeiros, aínda que non sexan cidadáns; e outros dereitos netamente sociais, como o dereito ao traballo ou ao salario xusto familiar; e mesmo principios do dereito laboral, como a negociación colectiva e o conflito colectivo e ata normas da orde económica e social, como a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado.

O **capítulo III** ten tamén un título pouco coherente co seu contido. Titúlase: «Dos principios reitores da política social e económica» e hai, en efecto, moitas normas que teñen claramente este contido, pero hai tamén recoñecementos de dereitos sociais coa formulación axeitada ao recoñecemento dun dereito, como por exemplo, no artigo 47 «todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada» ou a formulación do deber dos pais (e o implícito dereito dos fillos) a unha asistencia durante a súa minoría de idade (artigo 39); e mesmo tamén normas de organización de institucións, como as organizacións profesionais (artigo 52).

No **capítulo IV**, establécense as garantías dos dereitos e liberdades precedentemente recoñecidos, concretándose un triplo nivel de garantías, para, a continuación (artigo 54) constitucionalizar a figura do Valedor do Pobo, como «comisionado das Cortes Xerais, designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos neste título».

Finalmente o **capítulo V** (consta dun único precepto, o artigo 55) dedícase a establecer as normas en orde á suspensión dos dereitos e liberdades, normas que se bifurcan nunha dobre dirección: as referidas á suspensión de dereitos para o suposto de que se acorde a declaración do estado de excepción ou do estado de sitio nos termos constitucionalmente establecidos (artigo 55.1), e aquelas outras, realmente novas nun marco constitucional, relativas á suspensión individualizada de certos dereitos, suspensión que teñen como destinatarios «persoas determinadas, en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou elementos terroristas». Esta suspensión queda, en todo caso, suxeita a que así o determine unha lei orgánica (que obviamente non é de obrigado desenvolvemento).

Os dereitos fundamentais non son ilimitados senón que están suxeitos a unha serie de limitacións. Ben é verdade que a nosa Constitución foi tremendamente parca a este respecto e tan só prevé, no seu artigo 10.1 con carácter moi xeral, e, ademais, dun xeito indirecto, como fundamento de limitación dos dereitos con respecto á lei e aos dereitos dos demais. Non obstante, non existe na nosa «Lex Superior» un precepto como o artigo 29.2 da Declaración universal de dereitos humanos, do 10 de decembro de 1948, precepto que pretende determinar a finalidade en que deben apoiarse as posibles limitacións dos dereitos e ao teor da cal: «No exercicio dos seus dereitos e no gozo das súas liberdades, toda persoa estará soamente suxeita ás limitacións



establecidas pola lei co único fin de asegurar o recoñecemento e respecto dos dereitos e liberdades dos demais, e de satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral nunha sociedade democrática».

Agora ben, é preciso recordar que o artigo 10.2 da nosa «lex legum» prescribe que as normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece, se haberán de interpretar de acordo coa Declaración universal de dereitos humanos.

Diso, como é obvio, infírese que os dereitos e as liberdades dos demais, a moral, a orde pública e o benestar xeral nunha sociedade democrática, haberán de ser os únicos principios que fundamenten tales limitacións, que, en todo caso, non poderán realizarse máis que por medio de lei. Tal interpretación foi ratificada polo Tribunal Constitucional, que, na súa importante sentenza do 8 de abril de 1981, recordada pola STC 37/1987, 26 marzo, constataba que ningún dereito é ilimitado, para, de inmediato, admitir que os límites dos dereitos derivan non só da súa posible conexión con outros dereitos constitucionais, senón tamén con outros bens constitucionalmente protexidos.

«Tampouco pode aceptarse -lese na citada sentenza- a tese do recurso, de que os dereitos recoñecidos ou consagrados pola Constitución só poden quedar acoutados en virtude de límites da propia Constitución ou pola necesaria acomodación co exercicio doutros dereitos recoñecidos e declarados igualmente pola norma fundamental. Unha conclusión coma esta -precisa o tribunal- é demasiado estrita e carece de fundamento nunha interpretación sistemática da Constitución e do Dereito constitucional, sobre todo se ao falar de límites derivados da Constitución, esta expresión se entende como derivación directa. A Constitución establece por si mesma os límites dos dereitos fundamentais nalgunhas ocasións. Noutras ocasións o límite do dereito deriva da Constitución só dun xeito mediato ou indirecto, en canto que ha de xustificarse pola necesidade de protexer ou preservar non só outros dereitos constitucionais senón tamén outros bens constitucionalmente protexidos».

1.1. OS DEREITOS

Cos profesores DE ESTEBAN Y LÓPEZ GUERRA podemos agrupar as liberdades e os dereitos recoñecidos na Constitución do seguinte modo: dereitos de ámbito persoal; dereitos da esfera privada; dereitos de ámbito político; dereitos de ámbito socio-económico.

Os dereitos de ámbito persoal e da esfera privada adoitan presentarse agrupados como dereitos civís.

Dereitos de ámbito persoal



Os citados autores consideran de ámbito persoal aqueles dereitos que resultan consubstanciais á condición de persoa. Trátase de dereitos que protexen directamente os compoñentes físicos e morais da persoa, e refírense, polo tanto, aos bens máis prezados: a integridade e a liberdade.

Dentro deste grupo temos os seguintes dereitos:

- a) **O dereito á vida:** a Constitución recoñece o dereito á vida fronte a todos, dereito que non pode conculcar nin sequera a sociedade ou o Estado. Consecuentemente con iso, a Constitución declara abolida a pena de morte, «salvo o que poidan dispoñer as leis penais militares para tempo de guerra».
- b) **O dereito á integridade física e moral:** segundo a Constitución, ninguén poderá ser sometido a torturas nin a tratos inhumanos ou degradantes.
- c) **As liberdades de ideoloxía e relixión:** a Constitución consagra no artigo 16 a liberdade ideolóxica e relixiosa, sen máis limitación nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei. Esta protección complétase así:
 - ninguén pode ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.
 - ninguén pode sufrir discriminación por razóns ideolóxicas («de opinión», tal e como di o artigo 14).
 - ninguén pode ser preferido ou impedido por razóns ideolóxicas para acceder aos cargos e funcións públicas (artigo 23).
- d) **O dereito á liberdade persoal:** segundo o artigo 17 da Constitución, toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade, non podendo ser ninguén privado da súa liberdade senón nos casos e na forma previstos na lei e coa observancia das seguintes regras:
 - A detención preventiva non poderá durar máis do tempo estritamente necesario para a realización das indagacións tendentes ao esclarecemento dos feitos e, en todo caso, no prazo máximo de setenta e dúas horas, o detido deberá ser posto en liberdade ou a disposición da autoridade xudicial.
 - Toda persoa detida debe ser informada de forma inmediata, e de modo que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención, non podendo ser obrigada a declarar.
 - Garántese a asistencia de avogado ao detido nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que a lei estableza
 - En relación coa detención ilegal, debe citarse a Lei orgánica 6/1984 do 24 de maio, que regula o procedemento de «Habeas corpus», mediante o cal se pode



obter a inmediata posta a disposición da autoridade xudicial de toda persoal detida ilegalmente.

Para os efectos desta lei, considéranse persoas ilegalmente detidas: as que o fosen por unha autoridade, axente desta, funcionario público ou particular, sen que concorran os supostos legais, ou sen cumprir as formalidades previstas e requisitos esixidos polas leis; as que estean ilicitamente internadas en calquera establecemento ou lugar; as que o estivesen por prazo superior ao sinalado polas leis, se transcorrido este non fosen postas en liberdade ou a disposición do xuíz máis próximo ao do lugar da detención; as privadas de liberdade cando non se lles estean a respectar os dereitos que lles recoñecen a Constitución e as leis.

- e) **Tamén poden consignarse como dereitos de ámbito persoal:** o dereito á maioría de idade, que, segundo o artigo 12 se alcanza aos 18 anos; o dereito á nacionalidade, debendo destacarse da regulación constitucional deste dereito que «ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade».

Dereitos da esfera privada

Examináronse no grupo anterior os dereitos intrinsecamente ligados á persoa. Agora ben, a personalidade do home amplíase, dende o seu propio biotipo, en círculos cada vez maiores.

Imos considerar agora os dereitos dese ámbito inmediato do home, que constitúe o que se denomina «esfera privada».

Habemos de indicar, dentro deste campo, os seguintes dereitos:

- a) **A inviolabilidade do domicilio:** significa a prohibición de entrar nel sen consentimento do titular ou resolución xudicial, salvo en caso de flagrante delito.
- b) **As liberdades de residencia e desprazamento:** implican os dereitos a circular libremente polo territorio nacional e a entrar e saír libremente deste nos termos que establece a lei.
- c) **A honra, a propia imaxe e a intimidade:** aínda que o artigo 18.1 garanta estes dereitos, o problema é que estes dereitos poden entrar en colisión coas liberdades de expresión e información.
- d) **Vida privada e informática:** a Constitución, de modo novo, tomou constancia da perigosidade que pode representar a utilización da liberdade técnica da informática para o exercicio das liberdades, e a este respecto establece que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.



- e) **O segredo das comunicacións:** segundo o artigo 18, este dereito alcanza, en especial, as postais, telegráficas e telefónicas, salvo resolución xudicial.
- f) **O dereito ao matrimonio:** non é habitual no noso constitucionalismo histórico o tratamento deste dereito, cuxa regulación se remitiu sempre á lexislación ordinaria. A Constitución de 1978, non obstante, recolle o dereito ao matrimonio no artigo 32; mentres por outra parte o número 2 dispón que a lei regulará as causas de disolución do matrimonio.

Dereitos de ámbito político

Trátase dos dereitos a través dos cales se articula a participación dos cidadáns nos asuntos públicos. O recoñecemento e a protección destes dereitos de participación é condición indispensable para a existencia dun auténtico Estado de Dereito.

Trátase basicamente das liberdades de expresión, reunión e asociación.

- a) **A liberdade de expresión:** máis que unha única liberdade de expresión, a Constitución recoñece unha ampla gama de liberdades que teñen por eixe común a liberdade de emisión e transmisión de opinións. Así, o artigo 20 recoñece e protexe os seguintes dereitos: liberdade de expresión, de comunicación de pensamentos, ideas e opinións, mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución; liberdade de produción e creación literaria, artística, científica e técnica; liberdade de cátedra; dereito a comunicar ou recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión; a cláusula de conciencia e o segredo profesional dos xornalistas. Xunto a estes dereitos, a Constitución establece tamén garantías de protección da liberdade consistentes na prohibición da censura previa (artigo 20.2) e no secuestro de publicacións e gravacións, que non poderá decretarse a non ser en virtude de resolución xudicial, que, aínda que non faga referencia a iso o texto, debe ser motivada (artigo 20.5).
- b) **A liberdade de reunión** aparece recoñecida na Constitución no artigo 21. Configúraa como un dereito cando é pacífica e sen armas; non necesitan autorización previa para o seu exercicio. Respecto ás manifestacións e ás reunións en lugares de tránsito público, a Constitución esixe a previa comunicación á autoridade, que só poderá prohibilas cando existan razóns fundadas de alteración da orde pública con perigo para persoas ou bens.
- c) **A liberdade de asociación** aparece recoñecida no artigo 22, precepto segundo o cal as asociacións constituídas baixo o seu amparo deberán inscribirse nun rexistro público para os efectos de publicidade. O número 2 deste artigo establece os límites da liberdade de asociación nos seguintes termos: «as asociacións que persigan fins ou



utilicen medios tipificados como delito son ilegais». A garantía deste dereito está encomendada exclusivamente ao xuíz penal, que só poderá prohibir unha asociación, é dicir, disolvela ou suspendela no exercicio das súas actividades, en virtude de resolución xudicial motivada. Existe así mesmo unha prohibición constitucional de asociacións secretas e de carácter paramilitar. A manifestación máis importante do dereito de asociación son os partidos políticos. A Constitución reconece expresamente no título preliminar a liberdade de creación de partidos políticos, cuxas funcións son as seguintes: «expresan o pluralismo político, concorren á formación e á manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política (artigo 6). Variantes así mesmo do dereito de asociación son o dereito de sindicación e o dereito á creación de asociacións empresariais, aínda que o seu carácter primordial é o de dereitos sociais.

- d) **Dereito de petición:** supón a posibilidade de todo español de dirixirse ás autoridades referíndose a cuestións que lle incumben e de cuxa resolución son competentes. É un dereito de ámbito político que está regulado así no artigo 29 da Constitución: «todos os españois terán o dereito de petición, individual ou colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei. Os membros das forzas ou institucións armadas ou dos corpos sometidos a disciplina militar só poderán exercer este dereito de forma individual e conforme a súa lexislación específica». Unha modalidade do exercicio do dereito de petición é a petición elevada ás Cortes Xerais e que a Constitución recolle no seu artigo 77.

Dereitos sociais

A nosa Constitución presenta os dereitos sociais en diferentes partes do título I. Na sección primeira inclúe os seguintes: educación, sindicación e folga. Na sección segunda aparecen os dereitos ao traballo e á negociación colectiva.

Finalmente outros dereitos sociais recóllense no capítulo dos «principios reitores da política social e económica», aínda que hai que advertir que neste capítulo non hai recoñecemento estrito de dereitos, senón, máis ben, o que subliña a Constitución é o deber dos poderes públicos de promovelos ou garantilos.

- a) **Dereito á educación:** o artigo 27 da Constitución reconece o dereito á educación, que terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana. Este dereito de todos á educación será garantido polos poderes públicos mediante unha programación xeral do ensino, con participación de todos os sectores afectados e a creación e a promoción de centros docentes. Engade o citado artigo, entre outras puntualizacións, as seguintes:



- a. O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.
 - b. Recoñécese a iniciativa privada na creación de centros docentes.
 - c. A subvención estatal aos centros privados queda protexida sempre que reúnan os requisitos que a lei establece.
 - d. Recoñécese a autonomía das universidades.
- b) Dereito de sindicación:** vén recollido no artigo 28.1. Este dereito foi desenvolvido, con carácter xeral, pola Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e, con carácter particular, referido aos funcionarios públicos, pola Lei 21/2006, do 20 de xuño, sobre órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións públicas.
- d) Dereito á folga:** artigo 28.2. Non é un dereito absoluto, dado que supón un límite a este a garantía constitucional de que se asegura o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
- d) Dereito ao traballo:** o artigo 35 da Constitución recolle o dereito ao traballo. O problema é a eficacia deste recoñecemento legal. Ao recoñecer a Constitución este dereito, recoñece á súa vez a libre elección de profesión e oficio e unha serie de dereitos inherentes á realización do traballo que imos expoñer:
- a. ocupación efectiva (art. 35.1)
 - b. promoción económica (art. 35.1)
 - c. promoción social no emprego (art. 35.1)
 - d. formación académica e profesional (art. 40)
 - e. non discriminación no traballo (art. 14 e 35.1)
 - f. respecto á intimidade e a consideración debida á dignidade da persoa (art.18)
 - g. descanso laboral, mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros axeitados (art. 40)
- Por outra banda, o artigo 35.2 da Constitución indica que a lei regulará o dereito ao traballo mediante «un Estatuto dos traballadores. Este Estatuto dos traballadores foi xa aprobado por Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.
- e) Dereito á negociación colectiva:** a Constitución recoñece o dereito á negociación colectiva laboral entre os representantes dos traballadores e empresarios, así como a forza vinculante dos convenios colectivos.



- f) **Os dereitos sociais en materia de Seguridade Social:** o sistema de Seguridade Social previsto na Constitución detállase no artigo 41. Ademais deste precepto xeral, existen na Constitución previsións sobre os seguintes aspectos concretos da seguridade social:
- a. Protección da familia: «os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia» (art. 39.1).
 - b. E dereito á protección da saúde: no artigo 43 da Constitución recoñécese o dereito á protección da saúde, engadindo o punto 2 do mencionado artigo que «compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios».
 - c. Os pensionistas: o artigo 50 da Constitución promete pensións axeitadas e periodicamente actualizadas que garantan a suficiencia económica dos cidadáns durante a «terceira idade». Indica, por outra parte, que os poderes públicos promoverán o benestar dos devanditos cidadáns «mediante un sistema de servizos sociais, que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio».
 - d. Atención aos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos: a eles refírese o artigo 49 da Constitución, dicindo que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento e integración destas persoas, engadindo que as amparará especialmente para o gozo dos dereitos que a Constitución outorga a todos os cidadáns no título I.

1.2. OS DEBERES

A Constitución establece, xunto aos dereitos, unha serie de deberes dos cidadáns. Dentro destes deberes hai algúns que son de carácter moral máis que obrigas xurídicas en sentido estrito.

Pola contra, outros deberes constitucionais si son obrigas xurídicas, cuxo incumprimento pode ser, por conseguinte, causa de sancións.

Os deberes morais

Dentro deste tipo de deberes debemos incluír:

- a) Deber de coñecer o castelán.
- b) Deber de traballar. Paralelo a este deber, e como xa vimos antes, hai un dereito ao traballo.

Os deberes-obriga



- a) Deber de defender España: o artigo 30 da Constitución impón a todos os españois deber de defender España e para o efecto establece a posibilidade dun servizo militar obrigatorio. Aínda que a característica de deber militar é a súa xeneralidade, o punto 2 do citado artigo determina que a lei regulará coas debidas garantías a obxección de conciencia, así como as demais causas de exención do servizo militar obrigatorio, podendo impoñer, se é o caso, unha prestación social substitutoria. Deber de defender a España é, á súa vez, un dereito constitucional.
- b) O deber tributario: as características deste deber son as seguintes:
 - a. É unha obriga de carácter xeral, que, segundo a Constitución, alcanza a todos sen excepción.
 - b. Non obstante a obriga non é igual para todos, xa que a Constitución impón un límite á lei ao determinar que a obriga de tributar se ha de realizar de acordo coa capacidade económica. Agora ben, todos aqueles que se atopen en idénticas circunstancias han de tributar na mesma medida.
 - c. A Constitución asume o principio de progresividade do deber tributario. Isto significa que canto maior sexa a base imponible, maior será o tipo de tributación.
 - d. Engade a Constitución que en ningún caso o sistema tributario terá alcance confiscatorio.

Outros deberes-obriga

O artigo 30.4 da Constitución indica que «mediante lei poderán regularse os deberes dos cidadáns» nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública». Estes deberes foron regulados na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil.

Debemos destacar desta lei o seguinte:

- a) Nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, todos os residentes en territorio nacional estarán obrigados á realización das prestacións persoais que esixa a autoridade competente, sen dereito á indemnización por tal causa e ao cumprimento das ordes xerais ou particulares que se ditén.
- b) Cando a natureza da emerxencia o faga necesario, as autoridades competentes en materia de protección civil poderán requisar temporalmente todo tipo de bens, así como intervir e ocupar transitoriamente os que sexan necesarios. Os que, como consecuencia destas actuacións, sufran prexuízos nos seus bens terán dereito a ser indemnizados de acordo co disposto nas leis.



2. GARANTÍAS E TUTELA

2.1. MODALIDADES DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS

A protección pode realizarse mediante formas moi diversas que corresponden a diferentes tradicións xurídicas latinas, anglosaxoas e mesmo nórdicas que se superpuxeron e combinaron co fin de dotar os dereitos constitucionalmente recoñecidos da maior garantía e eficacia posibles.

Os principios básicos que a respecto disto poden enumerarse son os que seguen:

- A protección pode realizarse indirectamente mediante lei, esixindo certas calidades ás leis que os determinen, desenvolvan ou limiten; ou na medida en que todo dereito ten límites, resérvase a fixación destes límites á determinación exclusiva da lei.
- A protección pode, así mesmo, realizarse mediante a intervención do xuíz na súa función esencial de «titor dos dereitos», definindo os límites do seu exercicio ou garantindo a lexitimidade dunha limitación concreta coa súa intervención.
- Pode establecerse unha protección especial do xuíz mediante a creación de recursos específicos para restablecer dereitos que se entende que foron violados, recursos que, por exemplo, poden tramitarse mediante procedementos sumarios, sendo dotados á par de preferencia procesual.
- A protección pode ser levada a cabo igualmente mediante a definición específica de garantías de procedemento, ben na actuación do xuíz ou na de calquera outro axente do poder público (por exemplo, a audiencia ou a publicidade).
- Poden protexerse os dereitos tamén coa creación de órganos específicos, como pode ser o caso dos «Ombudsman» ou do Valedor do Pobo en España, ou do Mediador en Francia, ou como tamén podería suceder coa creación dunha Comisión parlamentaria «ad hoc» encargada de velar pola protección real dos dereitos.
- Finalmente, a intervención dos tribunais constitucionais a través do recurso de amparo español ou do recurso de queixa constitucional alemán, é unha nova manifestación da multiplicidade de mecanismos cos que os códigos constitucionais da segunda posguerra trataron de superar esa idea dos «dereitos fundamentais baleiros» que aínda que expresada respecto ao texto de Weimar, podía proxectarse a moitas outras constitucións e países.

2.2. OS NIVEIS DE PROTECCIÓN DOS DEREITOS NA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978



O artigo 53 da Constitución considera polo miúdo as garantías de que se han de rodear os dereitos e as liberdades proclamados polo Título I. Nunha orde crecente referirémonos aos tres niveis de protección que configura o citado artigo 53:

PRIMEIRO NIVEL: nivel mínimo de protección, atopamos os principios proclamados polo capítulo 3, como reitores da política social e económica. A eles refírese o artigo 53.3 nos seguintes termos: «o recoñecemento, o respecto e a protección dos principios recoñecidos no capítulo terceiro informarán a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos. Só poderán ser alegados ante a xurisdición ordinaria de acordo co que dispoñan as leis que os desenvolvan».

Está claro, pois, que non estamos ante normas directamente vinculantes para os poderes públicos, senón ante simples principios informadores, que cumpren unha función orientadora, que marcan un rumbo que hai que seguir, pero que han de canalizarse xuridicamente a través das leis que os desenvolvan, pois só á vista destas, poderán ser alegados ante a xurisdición ordinaria.

É verdade que ben podería entenderse que o artigo 53.3 sustenta un mandato ao lexislador, que debe adecuar a súa obra ao recoñecemento e respecto destes principios. Tamén obrigan o xuíz en certo modo, pois a práctica xudicial ha de telos presentes. E por último, deben así mesmo reflectirse na actuación da Administración a todos os niveis, se ben iso non transcende dunha obriga moral, en ningún modo xurídica.

SEGUNDO NIVEL: atópanse todos os dereitos contidos na sección segunda do capítulo segundo, salvo a consideración especial que merece o dereito á obxección de conciencia (artigo 30.2). O artigo 53.1 contempla as garantías destes dereitos, aínda cando as súas previsións se refiren tamén aos dereitos fundamentais e liberdades públicas da sección primeira, como tamén ao dereito á igualdade do artigo 14 nos seguintes termos:

«Os dereitos e liberdades recoñecidos no capítulo 2 do presente título vinculan todos os poderes públicos. Só por lei, que en todo caso deberá respectar o seu contido esencial, poderá regularse o exercicio de tales dereitos e liberdades, que se tutelarán de acordo co previsto no artigo 161.1.a».

Á vista deste precepto transcendental, pode separarse o seguinte tríptico de garantías:

- Vinculatoriedade destes dereitos. Todos os poderes públicos se achan vinculados polas liberdades e dereitos do capítulo 2. Non estamos, pois, ante simples preceptos programáticos que esperen leis de desenvolvemento, senón que se trata de dereitos directamente invocables ante os tribunais de Xustiza.
- Principio de reserva de lei para o desenvolvemento normativo do seu exercicio.



- Prevese o control de constitucionalidade das leis de desenvolvemento dos dereitos, control que deberá orientarse prioritariamente a examinar se se vulnerou ou non o seu «contido esencial».

TERCEIRO NIVEL: habería que situar os dereitos fundamentais e liberdades públicas da sección primeira e do artigo 14, e cun tratamento un tanto específico ao dereito á obxección de conciencia.

O artigo 53.2 refírese a estas garantías nestes termos:

«Calquera cidadán poderá solicitar a tutela das liberdades e dereitos recoñecidos no artigo 14 e a sección 10 do capítulo 2 ante os tribunais ordinarios por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade e, se é o caso, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional. Este último recurso será aplicable á obxección de conciencia recoñecida no artigo 30».

Tamén aquí cabe recoñecer un tríptico de garantías, ás que -e iso non pode esquecerse- hai que sumar as contidas no artigo 53.1, inmediatamente antes expostas. As garantías específicas deste terceiro nivel de protección son estas:

- Esixencia de que a lei que haxa de desenvolver estes dereitos considerados nos artigos 15 a 29 sexa unha lei orgánica, como esixe o artigo 81.1 da nosa Norma Suprema.
- Protección xurisdiccional destes dereitos e liberdades a través dun procedemento baseado nos principios procesuais de preferencia e sumariedade.
- Recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, garantía da que se reviste o dereito á obxección de conciencia, ademais dos xa referidos e que implica a posibilidade de, esgotados os trámites previos legalmente previstos, chegar a supremo intérprete noso da Constitución en demanda de amparo constitucional.

3. SUSPENSIÓN

A suspensión dos dereitos e liberdades, regulada no artigo 55, pecha, constituíndo o seu capítulo quinto, o título I da Constitución, que leva por rúbrica, precisamente, «Dos dereitos e deberes fundamentais».

A sistemática da nosa Constitución é, neste punto, moi correcta, dado que nada resulta máis acertado que, despois de ser recoñecidos polo texto constitucional uns dereitos e liberdades, e despois de articular un sistema de garantías que aseguren a súa eficacia, contemplar as situacións extraordinarias que permitirían, excepcionalmente, que os dereitos e liberdades constitucionalmente garantidos poidan ser suspendidos. Porque un Estado de Dereito que se prece de selo ha de contemplar non só o funcionamento das institucións en situacións de normalidade, senón que ha tamén de prever, na medida do posible, as situacións de crise ou



anormalidade. E faíno a través do chamado «Dereito de excepción», que se resume na previsión de dúas medidas: a suspensión de dereitos e liberdades, por unha parte, e, por outra, a alteración do equilibrio de poderes executivo-lexislativo.

A tales situacións excepcionais ou estados de emerxencia fai referencia o artigo 116 da Constitución, desenvolto pola **Lei orgánica 4/1981**, do 1 de xuño. E á suspensión de dereitos e liberdades nas situacións excepcionais reguladas nas citadas normas refírese o artigo 55 da Constitución, que agora comentamos, e que considera a suspensión de dereitos de dúas formas: como suspensión de carácter **xeral** e como suspensión **individualizada**.

Para o estudo detido das situacións de excepción (natureza, alcance, requisitos da súa declaración, control, etc.) remitímonos ao comentario do artigo 116 e cinguímonos, neste, ao estudo da regulación da suspensión de dereitos e os seus efectos.

1º. A suspensión xeral de dereitos e liberdades

A ela refírese o apartado 1 do artigo 55. É a suspensión de dereitos no sentido máis clásico e a problemática que presenta resúmese en tres cuestións: supostos de feito que a fan posible, dereitos e liberdades que poden ser suspendidos e efectos da devandita suspensión. A estas tres cuestións referímonos seguidamente.

Supostos en que procede a suspensión.- A suspensión de dereitos, como se anticipou, é cuestión estreitamente relacionada coa declaración das situacións excepcionais, que procede, a teor do artigo 1 da **Lei orgánica 4/1981**, do 1 de xuño, «cando circunstancias extraordinarias fixesen imposible o mantemento da normalidade mediante os poderes ordinarios das autoridades». As situacións excepcionais nas que se permite a suspensión de dereitos e liberdades son, para a nosa Constitución, o estado de excepción e o estado de sitio, posto que no estado de alarma, regulado tamén na citada lei orgánica como situación excepcional, non se fai posible tal suspensión de dereitos.

O estado de excepción poderán declararse «cando o libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o normal funcionamento das institucións democráticas, o dos servizos públicos esenciais para a comunidade ou calquera outro aspecto da orde pública resulten tan gravemente alterados que o exercicio das potestades ordinarias fose insuficiente para establecelo e mantelo» (artigo 2 da Lei orgánica 4/1981). O de sitio, «cando se produza ou ameace producirse unha insurrección ou un acto de forza contra a soberanía ou a independencia de España, a súa integridade territorial ou o ordenamento constitucional, que non poida resolverse por outros medios» (artigo 32 da mesma lei).

Precisamente, o contido esencial de ambas as dúas situacións é a suspensión de determinados dereitos e liberdades, sobre a base de deixar maior liberdade de actuación ao executivo para posibilitarlle o restablecemento da orde pública alterada.



Dereitos e liberdades que poden ser suspendidos. A Constitución prevé a posibilidade de suspender os seguintes dereitos e liberdades:

- O dereito á liberdade e seguridade persoais (artigo 17). Declarado o estado de excepción, poderá deterse calquera persoa sempre que existan fundadas sospeitas de que esa persoa vaia provocar alteracións da orde pública, durante un prazo máximo de dez días, debéndose comunicar no prazo de vinte e catro horas á devandita detención ao xuíz, quen requirirá en calquera momento información sobre a situación do detido. Non afecta ao procedemento de *habeas corpus*, co cal, toda persoa detida ilegalmente poderá ser de inmediato posta en liberdade. No estado de sitio, prevese tamén a posibilidade de suspender as garantías xurídicas do detido (asistencia letrada, dereito a ser informado da acusación...) previstas no artigo 17.3.
- O dereito á inviolabilidade do domicilio (artigo 18.2), podendo a autoridade gobernativa -con inmediata comunicación ao xuíz competente- ordenar e dispoñer inspeccións e rexistros domiciliarios se o considera necesario para o mantemento da orde pública.
- O dereito ao segredo das comunicacións, en especial das postais, telegráficas e telefónicas (artigo 18.3), coas mesmas cautelas de comunicación inmediata á autoridade xudicial e sempre que a intervención das comunicacións fose necesaria para o esclarecemento de feitos delituosos ou o mantemento da orde pública.
- A liberdade de circulación e residencia (artigo 19). Pode prohibirse a circulación de persoas e vehículos, así como delimitarse zonas de protección e seguridade, e mesmo esixir a comunicación de todo desprazamento ou obrigar unha persoa a desprazarse fóra do seu lugar de residencia. Para a adopción de tales medidas, a autoridade gobernativa deberá ter motivos fundados en razón da perigosidade que, para o mantemento da orde pública, supoña a persoa afectada por tales medidas.
- Os dereitos á liberdade de expresión, á produción e á creación literaria, artística, científica e técnica (artigo 20.1 a) e b) e o secuestro das publicacións, gravacións ou outro medio de información 20.5). A adopción destas medidas -advírtese expresamente na Lei orgánica 4/1981- non poderá levar aparellada ningún tipo de censura previa.
- Os dereitos de reunión e manifestación (artigo 21), podendo a autoridade gobernativa someter reunións e manifestacións á esixencia de autorización previa, prohibir a súa celebración ou proceder á súa disolución. Expresamente quedan excluídas as realizadas por partidos políticos, sindicatos ou organizacións empresariais en cumprimento dos fins previstos nos artigos 6 e 7 da Constitución.



- Os dereitos de folga e á adopción de medidas de conflito colectivo (art. 28.2 e 37.2), facultando a lei á autoridade gubernativa para decretar a súa prohibición.

A declaración dos estados de emerxencia (excepción ou sitio, porque, insistimos, no estado de alarma non ten lugar ningunha suspensión de dereitos) non supón, obviamente, a necesidade de suspender todos os dereitos enumerados polo artigo 55.1; poden ser unicamente un ou uns poucos os dereitos afectados. Por outro lado, a suspensión do dereito ou dereitos afectados haberá de facerse de forma expresa e o principio de proporcionalidade obriga a que o acto que declare o estado correspondente determine que garantías é necesario suspender para o necesario restablecemento da orde pública.

Por outro lado, a Lei orgánica 4/1981, ao desenvolver o artigo 55.1 da Constitución e referirse á suspensión de dereitos e liberdades, consciente da anormalidade de tal situación, rodéaa de determinadas garantías que supoñen, á fin e ó cabo, unha serie de límites aos poderes do executivo. Porque o restablecemento da orde pública ou do normal funcionamento das institucións do Estado require dotar o goberno de facultades que van moito máis alá das súas facultades ordinarias, pero non de poderes absolutos. Aos límites e garantías da suspensión de dereitos e liberdades referirémonos de inmediato.

Efectos da suspensión. Con independencia de que cada unha das situacións de excepción traia consigo uns determinados efectos, derivados das súas propias características, o certo é que se non a Constitución, si a Lei orgánica dos estados de alarma, excepción e sitio previu uns xenéricos:

- A suspensión de dereitos e liberdades -e demais medidas extraordinarias- haberán de estar orientadas ao restablecemento da normalidade constitucional.
- A suspensión haberá de durar o tempo mínimo indispensable para o devandito restablecemento da normalidade constitucional.
- Como medida excepcional, a suspensión de dereitos haberá de realizarse de forma proporcionada ás circunstancias, de modo que en ningún caso será lexítima se é desproporcionada á alteración da orde pública producida.
- En fin, todos os actos da autoridade gubernativa adoptados durante a vixencia da suspensión de dereitos son impugnables en vía xurisdiccional, coa conseguinte contrapartida para o cidadán do dereito a ser indemnizado por responsabilidade patrimonial da Administración polos prexuízos sufridos na súa persoa ou nos seus bens.

2º. A suspensión individual de dereitos e liberdades



O apartado 2 do artigo 55 contempla a posibilidade de que, sen necesidade de declarar os estados de excepción ou sitio, se suspendan certos dereitos e liberdades «para persoas determinadas en relación coas investigacións correspondentes á actuación de bandas armadas ou elementos terroristas». O desexo de limitar as restricións no exercicio dos seus dereitos aos que coas súas accións poñan en perigo os dereitos fundamentais das demais persoas, evitando a xeneralización de tales restricións é o que xustifica a suspensión individual de dereitos prevista no precepto citado.

Trátase, pois, dun precepto singular, cuxa constitucionalización foi moitas veces posta en cuestión pola doutrina, pero ditado coa clara intención de loitar contra a lacra do terrorismo no noso país.

Os dereitos e as garantías, cuxo exercicio pode ser individualmente suspendido son, a teor do texto constitucional:

- A garantía da duración máxima de setenta e dous horas da detención preventiva (artigo 17.2)
- A inviolabilidade do domicilio e, por conseguinte, a garantía de resolución xudicial para efectuar nel entradas ou rexistros (artigo 18.2)
- O segredo das comunicacións (artigo 18.3)

A lexislación de desenvolvemento, á suspensión destes dereitos e liberdades engadiu a privación doutras garantías:

- Clausura dos medios de difusión, o que supón afectar a liberdade de prensa (artigo 20)
- Suspensión de cargo público e privación do dereito de sufraxio pasivo (artigo 23.2)
- Declaración de ilegalidade e disolución de partidos políticos e asociacións, fronte á liberdade de asociación (artigo 22)

Sobre estas cuestións, reguladas na marxe do texto constitucional, o Tribunal Constitucional tivo ocasión de pronunciarse nunha Sentenza 199/1987, do 16 de decembro, declarando a nulidade da clausura de medios de comunicación por considerala un atentado desproporcionado á liberdade de expresión, pero sen pronunciarse expresamente sobre as restantes privacións de dereitos «extra constitutionem».

En fin, o artigo 55.2 da Constitución contén algunhas cautelas en relación coa adopción de medidas de suspensión individual de dereitos e liberdades: «a necesaria intervención xudicial e o axeitado control parlamentario», que se concretou nun deber de información ao Congreso dos Deputados e ao Senado. A utilización inxustificada e abusiva destas medidas, a teor do último inciso do artigo 55.2, pode dar lugar a responsabilidade -penal segundo o texto constitucional,



tamén civil segundo a lexislación de desenvolvemento- como violación dos dereitos e liberdades recoñecidos polas leis; o cal é lóxico, se se ten en conta que a suspensión de dereitos e liberdades é unha medida cuxa adopción, segundo vimos dicindo, ha de ser moi excepcional, e que só se xustifica en casos tamén excepcionais.



DEBES LEMBRAR

- A existencia de dereitos, deberes e liberdades é a esencia dun Estado constitucional;
- A liberdade é un dereito inherente ao ser humano;
- A igualdade (artigo 14 Constitución española) configúrase como un valor superior do ordenamento xurídico en España (artigo 1.1 Constitución española);
- A Constitución española regula tres tipos de dereitos:
 - Os dereitos fundamentais e liberdades públicas (artigos 15 a 29);
 - Os dereitos (artigos 14 e 30 a 38);
 - Os principios (artigos 39 a 52);
- A nacionalidade española adquirese, consérvase e pérdese segundo o establecido na lei (artigo 11 Constitución española);
- O artigo 13.2 Constitución española permite aos estranxeiros exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais sempre que:
 - Haxa reciprocidade
 - Haxa un Tratado Internacional ou unha lei que recoñeza tal dereito;
- Os dereitos pódense clasificar por ámbitos:
 - Persoal
 - De esfera privada
 - Políticos
 - Sociais
- Tamén temos deberes;
- Os dereitos e liberdades pódense protexer a nivel xudicial e tamén ante o Defensor do Pobo (artigos 53 e 54 Constitución Española);
- Algúns dereitos e liberdades poderán suspenderse se se dan circunstancias especiais (artigo 55 Constitución española).



AUTOAVALIACIÓN

- 1- Cal dos seguintes dereitos pertence á esfera privada?
 - a) Sindicación
 - b) Negociación colectiva
 - c) Inviolabilidade do domicilio
 - d) Vida

- 2- Cal dos seguintes dereitos pertence á esfera política?
 - a) Petición
 - b) Vida
 - c) Honor
 - d) Educación

- 3- Como se adquire, conserva e perde a nacionalidade española?
 - a) Segundo o establecido na lei
 - b) Segundo o establecido en sentenza xudicial
 - c) Segundo o establecido polo Goberno
 - d) Ningunha resposta é correcta

- 4- En que tipo de eleccións poderán os estranxeiros votar en España?
 - a) En todas
 - b) Só nas municipais
 - c) Nas xerais
 - d) Nas autonómicas

- 5- Poderán suspenderse algúns dereitos e liberdades
 - a) Nunca
 - b) Si, baixo determinadas circunstancias
 - c) Non
 - d) Si, todos os que regula a Constitución Española



MÓDULO VI: A DEMOCRACIA

1. DEFINICIÓN

O concepto coñecido en español como democracia ten as súas bases no antigo grego e fórmase ao combinar os vocábulos *demos* (que se traduce como "pobo") e *kratós* (que pode entenderse como "poder" e "gobierno"). A noción comezou a ser empregada no século V a.C., en Atenas.

Na actualidade, enténdese que a democracia é un sistema que permite organizar un conxunto de individuos, no cal o poder non radica nunha soa persoa senón que se distribúe entre todos os cidadáns. Polo tanto, as decisións tómanse segundo a opinión da maioría.

Tamén se entende como democracia o conxunto de regras que determinan a conduta para unha convivencia ordenada política e socialmente. Poderíase dicir que se trata dun estilo de vida cuxas bases se atopan no respecto á dignidade humana, á liberdade e aos dereitos de todos e cada un dos membros.

Na práctica, a democracia é unha modalidade de goberno e de organización dun Estado. Por medio de mecanismos de participación directa ou indirecta, o pobo selecciona os seus representantes. Dise que a democracia constitúe unha opción de alcance social onde para a lei todos os cidadáns gozan de liberdade e posúen os mesmos dereitos, e as relacións sociais establécense de acordo con mecanismos contractuais.

As clasificacións de goberno impulsadas por Platón e Aristóteles aínda perduran na súa esencia. Mentres que a monarquía é o goberno que se concentra nunha única persoa, a democracia é o goberno "da multitude" (Platón) ou "da maioría" (Aristóteles).

2. TIPOS

No Dereito comparado fanse diversas clasificacións sobre a participación, así:

- Participación directa, que é a que se leva a cabo de forma directa sen ningún tipo de intermediarios.
- Participación representativa, a que se leva a cabo baseada na existencia dunha asemblea.

Ambas as dúas formas son utilizadas na Constitución de 1978, e así tendo en conta o carácter democrático que propugna a nosa constitución, no seu artigo 1 reflíctese esta participación no art. 23, que recoñece o dereito dos cidadáns a participar nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.



2.1. DEMOCRACIA DIRECTA

Orixe e evolución

Os primeiros rexistros que se conservan de democracia directa proveñen da antiga democracia ateniense, comezando en 507 a.C. Esta experiencia durou aproximadamente dous séculos, durante os cales o poder recaeu nunha asemblea na que estaban todos os cidadáns varóns que non eran escravos nin estranxeiros, os cargos públicos eran elixidos por sorteo, e un representante elixido pola asemblea encargábase de liderar o exército da cidade, chamado estratego.

Tamén hai que ter en conta a historia da Antiga Roma, na que os cidadáns realizaban e aprobaban as leis, que comezou en torno ao 449 a.C. e durou aproximadamente catro séculos, ata a morte de Xulio César en 44 a.C, aínda que moitos historiadores poñen o fin da República romana no ano 43 a.C., coa aprobación dunha lei chamada *Lex Titia*. Segundo algúns historiadores, o feito de que os cidadáns tivesen o protagonismo de facer as leis foi un factor importante que contribuíu ao auxe de Roma e da civilización grecorromana.

Despois destes antecedentes afastados no tempo, esta forma de goberno foi moi pouco utilizada. Houbo algúns intentos efémeros dende entón, pero non ao nivel de transcendencia alcanzado na antiga Atenas. Merecen mención a creación do *Althing* (Alþingi) ou "Asemblea de homes libres" na mancomunidade islandesa do século X, os *Usatges* de Cataluña no século XI (que cristalizaron no primeiro código xurídico-constitucional da historia, baixo o reinado de Ramón Berenguer IV) e os "parlamentos" creados durante o reinado de Eduardo I na Inglaterra do século XIII, onde se inicia o concepto de separación de poderes.

Pola súa banda, as democracias modernas xeralmente funcionan mediante representantes elixidos polos cidadáns, o que se coñece como democracia representativa. A era moderna dun achegamento á democracia directa a nivel federal e local comezou nas cidades de Suíza no século XIX. En 1847, os suízos engadiron o referendo estatutario á súa constitución. Pronto pensaron que ter soamente o poder de vetar as leis que producía o Parlamento non era suficiente, e así en 1891, engadiron a iniciativa de emenda constitucional. As batallas políticas suízas dende entón ofreceron ao mundo unha experiencia importante na posta en práctica deste tipo de iniciativas. Nos últimos 120 anos máis de 240 iniciativas foron votadas en referendo. Ademais, algunhas veces optouse por iniciativas que son escritas novamente polo goberno.

Non obstante, nun sentido moi estrito a democracia directa, tal como foi establecida nas antigas polis gregas, é aplicada tan só en 2 cantóns suízos: *Appenzell Rodas Interiores* e *Glaris*. Chámase *Landgemeinde*, porque o pobo se reúne na praza pública da cidade ou nunha pradería unha vez ao ano, onde aproban as leis, o presuposto e tamén as reformas constitucionais.



Outro exemplo importante son os Estados Unidos, onde a pesar de non existir democracia directa a nivel federal, máis da metade dos estados (e moitos municipios) permiten que os cidadáns promovan a votación de iniciativas, e a gran maioría dos estados contan con mecanismos para promover iniciativas ou referendos. Existen tamén reunións comunitarias (*town meetings*) e diversas institucións a nivel municipal onde os cidadáns poden interactuar cos responsables da administración na toma de decisións.

Finalmente, cabe sinalar que existe unha corrente crecentemente relevante no mundo anglosaxón que propugna como posible variante da democracia directa a implementación de combinacións das institucións actuais con aplicacións democráticas do sorteo. Entre os autores máis relevantes desta corrente pode citarse a John Burnheim, Ernest Callenbach, A. Barnett e Peter Carty, Abarbase Goodwin ou, no ámbito francés, Yves Sintomer. Os autores consagrados que dedicaron máis espazo a este tipo de propostas son Robert A. Dahl e Benjamin Barber. No mundo hispanofalante a recepción aínda é moi reducida, aínda que autores como Juan Ramón Capella presentaron a posibilidade de acudir ao sorteo como ferramenta democratizadora.

Definición

A democracia directa, chamada nalgunhas publicacións democracia pura, é unha forma de democracia na cal o poder é exercido directamente polo pobo nunha asemblea. Dependendo das atribucións desta asemblea, a cidadanía podería aprobar ou derrogar leis, así como elixir ou destituír os funcionarios públicos. A democracia directa contrasta coa democracia representativa, pois o poder exerceo un pequeno grupo de representantes, xeralmente elixidos polo pobo. A democracia deliberativa incorpora elementos da democracia directa e da democracia representativa.

Moitos países que posúen democracias representativas, permiten formas limitadas de democracia directa, como son a iniciativa popular, o referendo (plebiscito), e a revogatoria. A iniciativa popular permite aos cidadáns presentar peticións aos poderes do Estado para que un determinado asunto público sexa tomado en consideración, como pode ser unha reforma lexislativa ou mesmo constitucional. O referendo pode empregarse para aprobar ou rexeitar unha determinada lei. A revogatoria dá ao pobo o dereito de destituír do seu cargo os funcionarios electos antes de finalizar o seu mandato.

Inconvenientes

Platón foi un dos críticos máis radicais contra a democracia. Platón considera que non é certo que todos os cidadáns estean igualmente capacitados para gobernar, polo que propón un sistema político alternativo no que só os cidadáns coa capacidade racional e intelectual para gobernar, poidan facelo. Así establece un sistema claramente elitista, autoritario, no que o ben do Estado está por enriba do ben particular dos cidadáns.



Entre as obxeccións máis importantes que se adoitan imputar á democracia directa refírese á súa practicidade e eficiencia. Decidir sobre todos ou case todos os temas de importancia pública mediante referendo, pode ser lento e custoso e pode provocar nos cidadáns apatía e fatiga.

Tamén dado que as preguntas deben ser curtas, cunha resposta de si ou non, os votantes poderían elixir políticas incoherentes.

2.2. DEMOCRACIA REPRESENTATIVA

Orixe e evolución

A orixe deste sistema político non está na democracia directa, senón no liberalismo, que establece eleccións para escoller o goberno nun réxime de liberdades. Inicialmente, as que tiñan dereito ao voto eran unha minoría de propietarios (sufraxio censatario) ata que a finais do século XIX se consegue o sufraxio universal masculino, e a mediados do século XX, o sufraxio universal masculino e feminino.

Definición

O goberno representativo é aquel no que o titular do poder político non o exerce por si mesmo senón por medio de representantes, quen á súa vez formulan as normas xurídicas, fanas cumprir, deciden os problemas públicos e desempeñan as máis importantes funcións da soberanía. Cando o pobo, como titular do poder político, designa representantes seus para a integración dos órganos que exercen os diversos atributos do mando, existe a democracia representativa.

Neste sistema o poder lexislativo, encargado de facer ou cambiar as leis, é exercido por unha ou varias asembleas ou cámaras de representantes, os cales reciben distintos nomes dependendo da tradición de cada país e da cámara en que desenvolvan o seu traballo, xa sexa o de parlamentarios, deputados, senadores ou congresistas. Os representantes normalmente están organizados en partidos políticos e son elixidos pola cidadanía de forma directa mediante listas abertas ou ben mediante listas pechadas preparadas polas direccións de cada partido, no que se coñece como eleccións lexislativas.


O poder executivo recae nun goberno composto por unha serie de ministros, cada un deles encargado dunha parcela de goberno ou ministerio, e é encabezado por un xefe de Estado, presidente ou primeiro ministro, dependendo de cada país concreto.

Nalgúns países como Arxentina, Chile, Colombia, Perú ou México, (e, en xeral, na maioría de países americanos con réximes democráticos) o xefe de goberno é elixido directamente pola cidadanía mediante un proceso electoral independente do lexislativo, é dicir, mediante eleccións presidenciais. Noutros países como España, Cuba, Reino Unido, Italia ou Xapón, é elixido de xeito indirecto polos representantes da asemblea, normalmente como culminación das correspondentes eleccións lexislativas.



Actualmente a maior parte da humanidade vive baixo este tipo de sistema democrático, xa sexa baixo o formato de monarquía parlamentaria ou ben baixo o de república, sendo ambos os dous formatos moi similares no esencial. Trátase do sistema de goberno máis exitoso e con maior implantación dende os tempos da monarquía absoluta.

Aínda que para moitos a democracia representativa é o mellor sistema de goberno posible, existen algúns colectivos, repartidos na súa maioría por diferentes países con sistema de democracia representativa, que critican esta forma de democracia por considerala en realidade pouco democrática. Estes colectivos avogan por un afondamento na democracia cara a formas de democracia participativa e democracia directa e, en menor medida, de democracia deliberativa.



3. FORMAS DE PARTICIPACIÓN POLITICA EN ESPAÑA

A democracia directa, nun sentido moderno, consta de tres piares concretos:

- A iniciativa popular
- O referendo
- A revogación de cargos electos

3.1. INICIATIVA POPULAR

A iniciativa popular, tamén coñecida como iniciativa cidadá refírese á posibilidade amparada na constitución de que as persoas presenten peticións, avalada polas súas sinaturas, para que tome



a consideración política un determinado asunto público, como pode ser unha reforma dun estatuto ou unha lei, ou mesmo unha emenda constitucional.

A iniciativa pode ser directa ou indirecta. Se é directa, a presentación da iniciativa desemboca nun referendo para aprobala ou rexeitala. No caso das iniciativas indirectas, a petición é tomada en consideración polo legislativo, quen decide se se convoca ou non o correspondente referendo.

Nalgúns países, a iniciativa popular ten unha regulación específica que establece algunhas especialidades na súa tramitación.

En España no artigo 87.3 da Constitución considérase a posibilidade -regulada pola Lei orgánica 3/1984- de que os cidadáns fagan propostas avaladas por un mínimo de 500 000 sinaturas, propostas denominadas por lei (iniciativas legislativas populares). Non obstante, estas iniciativas teñen unha serie de limitacións:

- Non poden reformar ningunha lei orgánica, nin regular materia propia de lei orgánica, o que exclúe o Código penal, os Estatutos de autonomía, a Lei electoral, a do Valedor do Pobo, a do Tribunal Constitucional, a de educación, a do dereito de reunión, a de liberdade sindical, a de liberdade relixiosa, a de partidos políticos, etc.
- Non poden reformar lei tributaria ningunha, o que exclúe a Lei xeral tributaria, a Lei reguladora das Facendas Locais, a Lei sobre o IRPF, a Lei do IVE, etc.
- Non poden reformar lei ningunha de carácter internacional.
- Partindo das devanditas iniciativas non pode elaborarse lei ningunha referente á prerrogativa de graza, o indulto, que segundo o artigo 62 da Constitución corresponde ao Rei, conforme a lei.
- Non poden reformar nin o Consello Económico e Social, nin os parámetros de redistribución da riqueza, nin a harmonización entre rexións, nin a planificación da actividade económica; tampouco poden propoñerse os presupostos xerais do Estado nin emendas a estes.

Ademais, segundo o artigo 166 da Constitución, só pode reformarse a Constitución polos apartados 1 e 2 do artigo 87, polo que a iniciativa legislativa popular queda excluída como vehículo para a reforma constitucional.

Ao longo do período democrático español iniciado en 1978, tan só nove iniciativas legislativas populares pasaron o filtro da Mesa do Congreso -oito foron rexeitadas-, mentres que unicamente unha iniciativa legislativa popular foi subsumida noutra iniciativa, relativa á modificación da Lei de propiedade horizontal.



Tamén cabe a posibilidade de presentar iniciativas legislativas nos diferentes parlamentos autonómicos. Neste caso, os diversos estatutos de autonomía recollerán as condicións esixidas para iso. Os posibles plebiscitos para a súa aprobación haberán de ser autorizados polo Goberno central.

3.2 REFERENDO

(Do latín *referendum*, de *referre*: referir). Institución política mediante a cal o pobo, o corpo electoral opina sobre, aproba ou rexeita unha decisión dos seus representantes elixidos para asembleas constituíntes ou legislativas.

É unha manifestación da democracia constitucional na cal mediante a ampliación do sufraxio e o libre acceso aos cargos públicos, a totalidade do pobo organizado en corpo electoral participa no proceso de poder, o que fai indirectamente ao elixir os seus representantes e directamente por medio do referendo e o plebiscito.

Un referendo é unha elección, a través da cal o corpo electoral dun país, dunha nación, dunha rexión ou dun grupo expresa a súa vontade respecto a un asunto ou decisión, que os seus representantes constitucionais ou legais someten á súa consulta. Polo xeral é da forma si ou non onde se responde a unha pregunta formulada polo ente electoral e os interesados en levala a cabo.

O referendo é o mecanismo de democracia semidirecta por antonomasia e na actualidade complementa o réxime de democracia representativa, potenciando a intervención directa do corpo electoral.

O referendo é un procedemento para tomar decisións polas cales os cidadáns exercen o dereito de sufraxio para decidir acerca dunha proposta de resolución mediante a expresión do seu acordo ou desacordo. Para chegar ao acordo ten que haber maioría absoluta entre os votos.

O seu resultado pode ser obrigatorio (vinculantes) ou non obrigatorios (consultivos).

O referendo faise presente cando unha parte do país o solicita mediante un proceso legal, xa sexa recollendo unha cantidade necesaria de sinaturas, que a lexislación nacional o solicite ou de calquera outra forma que cada país considere máis apropiada.

Xeralmente este faise para a consulta nacional, rexional ou local, sobre un tema de interese popular e que require a aprobación de todos, como o é establecer unha nova constitución ou aprobar esta, tamén cando se quere facer unha emenda constitucional, revogar o mandato dalgún gobernante incluíndo ao máximo mandatario e outros de menor transcendencia pero que de igual forma son executables mediante esta vía.



Modalidades

Segundo o obxecto:

Referendo de independencia: se o obxecto é a declaración de independencia.

Referendo constitucional: se o obxecto é tema relacionado cunha constitución.

Referendo legal: se o obxecto está relacionado cunha lei.

Referendo revogatorio: se o obxecto é revogar un mandato de elección popular.

Segundo o fundamento:

Referendo preceptivo: se o fundamento da súa celebración é a esixencia propia do ordenamento.

Referendo facultativo: se o fundamento é a convocatoria dun órgano concreto. En caso de ser ademais consultivo a figura aproximaríase ao concepto de plebiscito.

Segundo os efectos xurídicos:

Referendo decisorio: cando o resultado se fai efectivo e vinculante.

Referendo consultivo: cando o resultado implica unicamente a manifestación da vontade xeral ou popular de forma non vinculante. No caso de ser ademais facultativo a figura aproximaríase ao concepto de plebiscito.

Referendo constitutivo ou de ratificación: cando o efecto é aprobar unha disposición.

Referendo abrogativo: se o efecto xurídico resultante é a derogación dun precepto determinado.

Tras a morte do xeneral Franco, en España leváronse a cabo catro referendos en todo o país. Dous deles efectuáronse antes da entrada en vigor da actual Constitución e tiveron o propósito de iniciar a transición á democracia e aprobar a devandita constitución.

Dende entón, os referendos consultivos foron regulados polo artigo 92 da Constitución:

"1. As decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns.

2. O referendo será convocado polo rei, mediante proposta do presidente do Goberno, previamente autorizado polo Congreso dos Deputados.

3. Unha lei orgánica regulará as condicións e o procedemento das distintas modalidades de referendo previstas nesta Constitución ".

Así, os referendos convocados en España son meramente consultivos, agás nos casos expresamente indicados pola Constitución: reforma da Constitución (artigos 167 e 168),



aprobación dos estatutos de autonomía elaborados segundo o artigo 151.2 (País Vasco, Cataluña, Galicia e Andalucía), a reforma dos ditos estatutos de acordo co artigo 152.2 e a eventual incorporación de Navarra ao País Vasco (disposición transitoria 4ª).

3.3 REVOGACIÓN DE CARGOS ELECTIVOS

O termo "revogar" ten a súa orixe no latín *revocare* e fai referencia ao acto unilateral que emana dunha vontade que se rectifica. O seu significado segundo o Dicionario da Real Academia Galega é: "deixar sen efecto ou anular unha concesión, un mandato ou unha resolución". Por mandato entende o propio dicionario o "representación que os cidadáns outorgan por vía electoral a algúns de entre eles para que exerzan o poder político no seu nome". No *Diccionario do Español Actual*, de M. Seco, defínese o termo "revogar" como "anular ou deixar sen efecto unha disposición ou mandato" mentres que por mandato se entende na súa acepción núm. 3 o "contrato consensual polo que unha persoa encarga a outra a súa representación ou a xestión dalgún negocio". No ámbito constitucional, o mandato configúrase como un instrumento institucionalizado cuxa finalidade se orienta á participación indirecta dos cidadáns nos asuntos públicos. Pola súa banda, a revogación constitúe un procedemento a través do cal os electores poden destituír un cargo público con anterioridade á expiración do período para o que foi elixido.



DEBES LEMBRAR

- Existe democracia cando o poder se distribúe entre todos os cidadáns;
- O pobo selecciona aos seus representantes mediante mecanismos de participación directa e representativa (artigo 23 Constitución española);
- A participación representativa baséase na existencia dunha Asemblea;
- Democracia directa significa que o poder é exercido polo pobo en Asemblea;
- As formas de participación política en España son tres:
 - Iniciativa popular (artigo 87 Constitución española),
 - Referendo (artigo 92 Constitución española);
 - Revogación de cargos electos.



AUTOAVALIACIÓN

- 1- Existe democracia:
 - a) Cando o poder radica nunha soa persoa
 - b) Cando o poder radica nas persoas máis vellas do país
 - c) Cando o poder radica nos máis poderosos economicamente
 - d) Cando o poder radica no pobo

- 2- A participación clasifícase en:
 - a) Directa e representativa
 - b) Directa e intermedia
 - c) Directa, representativa e intermedia
 - d) Ningunha resposta é correcta

- 3- Quen convoca referendo?
 - a) O Rei
 - b) O Congreso dos Deputados
 - c) O Presidente do Goberno
 - d) Ningunha resposta é correcta


- 4- A iniciativa popular é:
 - a) Un tipo de referendo
 - b) Unha revogación de cargos electos
 - c) Unha forma de participación política
 - d) Todas as respostas son correctas

- 5- Cando o poder é exercido polo pobo:
 - a) Hai democracia
 - b) Hai república
 - c) Hai monarquía
 - d) Todas as respostas son correctas





MÓDULO VII: A TOLERANCIA



1.- CONCEPTOS PREVIOS: TOLERANCIA E MIGRACIÓN

Antes de entrar a definir propiamente a tolerancia hai que revisar algúns conceptos que nos axudarán a entender a importancia do mantemento da tolerancia como valor social e o crecemento da intolerancia como consecuencia da situación económica e social da nosa época histórica.

En xeral a poboación dunha sociedade nun momento dado é o resultado, en canto ao seu volume e á súa composición interna, do cruzamento de tres procesos básicos ou fluxos demográficos: natalidade, mortalidade e migración.

➤ O lóxico é que o groso dos individuos dunha sociedade adopte uns patróns culturais xa determinados e que segue a maioría dos seus compoñentes, isto chámase **cultura dominante**. Agora ben, non todos os individuos seguen eses patróns, habendo polo tanto segmentos da



sociedade que crean, pensan e viven en función doutros valores ou crenzas que, aínda dentro da cultura dominante, son diferentes nalgúns aspectos, isto chámase **subcultura**.

- É que as culturas non son todas homoxéneas nin todos os seus membros as seguen cegamente. Aínda que todos fomos socializados nunha cultura determinada, nas sociedades xorden individuos que crean estas **subculturas** *que imos definir como aquelas manifestacións culturais que distinguen un segmento da poboación*.
- A diversidade cultural tamén pode manifestarse en forma de rexeitamento ou oposición aos valores dunha sociedade. Aparece o que se adoita chamar **contracultura**: manifestacións culturais que serven para mostrar rexeitamento á cultura e valores dominantes.
- As formas de comportamento aceptadas varían enormemente en cada cultura e, a miúdo, contrastan de forma notable co que os occidentais consideran «normal».
- Aínda así e a pesar da diferenza, as sociedades estanse a facer máis diversas, máis multiculturais. Algúns procesos como as guerras, a emigración e a globalización actual fixeron que as poboacións se dispersen e se establezan en novas áreas saltándose as fronteiras. Así se produce a aparición de sociedades que son conglomerados culturais, nas que a poboación se compón de varios grupos de diversa procedencia cultural, étnica e lingüística.

Unha das principais causas da diversidade cultural é a migración entendida segundo a UNESCO como *"todo desprazamento da poboación dunha delimitación xeográfica a outra por un espazo de tempo considerable ou indefinido"*.

Os emigrantes vense obrigados a asumir novos papeis, en especial nas migracións internacionais. Deberán adoptar os modelos culturais da sociedade de adopción e intentar unha integración estrutural cos grupos sociais do país de recepción. A integración cultural resulta relativamente sinxela, o maior problema supón a integración estrutural posto que a maior parte de emigrantes soamente se relacionan con grupos sociais da súa mesma orixe.

Poden orixinarse dúas situacións. No primeiro caso chegan a crearse grupos étnicos que manteñen durante moito tempo os modelos culturais do seu país orixe e soamente se relacionan con membros do seu mesmo grupo. No segundo caso, os emigrantes están obrigados a adaptarse con maior rapidez sen ter tempo a crear grupos sociais illados.

Os movementos migratorios ao longo de toda a historia constituíron un factor moi importante de **equilibrio demográfico e intercambio cultural**. Na actualidade, o tema é obxecto dunha gran polémica entre os que defenden a **liberdade dos fluxos migratorios** e os que tratan de **frealos e regulalos** atendendo a razóns de natureza económica ou política.

Os primeiros aducen que a **emigración é un dereito fundamental das persoas**, recoñecido na Declaración universal de dereitos humanos de 1948 (artigo 13): *«Toda persoa ten dereito a circular*



libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun estado. Toda persoa ten dereito a saír de calquera país, mesmo do propio e a regresar ao seu país». Así mesmo, consideran que a liberdade de **circulación de capitais, mercadorías e traballadores** constitúe o núcleo central das sociedades modernas (xa se mire dende a ideoloxía do libre mercado ou dende o internacionalismo dos traballadores).

Por outra parte os partidarios da regulación sitúanse na óptica da nación-estado ou de unidades políticas máis amplas como a UE, tratando de acomodar os procesos migratorios aos intereses específicos de cada nación. O criterio de valoración neste caso non é o equilibrio internacional senón os intereses nacionais no marco dun mundo crecente desigual e xerarquizado.

En definitiva, as migracións basicamente danse de países subdesenvoltos, cara aos países desenvolto, tales como os EE UU a Unión Europea, Australia, etc., onde ademais do benestar económico e social, existe plena liberdade de pensamento e de movementos e onde a tolerancia se converte nun valor social fundamental e as condutas discriminatorias son castigadas e sancionadas na maior parte das súas cartas magnas.

2.- CONCEPTO DE TOLERANCIA

Poderíamos definir a tolerancia como a aceptación da diversidade de opinión social, étnica, cultural, sexual, relixiosa, política... que presentan as diversas persoas e comunidades en función das súas características.

É a capacidade de saber escoitar e aceptar os demais, valorando as distintas formas de entender e posicionarse na vida, sempre que non atenten contra os dereitos fundamentais de cada persoa e os dereitos humanos que vimos no módulo IV.

A tolerancia é entendida como a capacidade de respecto e a consideración cara á diferenza, como unha disposición a admitir nos demais un xeito de ser e de obrar distinta á nosa ou como unha actitude de aceptación do lexítimo pluralismo que existe actualmente en Galicia onde convivimos, en harmonía, persoas procedentes de moi diversas procedencias xeográficas e culturais.





A tolerancia consiste no respecto, na aceptación e no aprecio da rica diversidade das culturas do noso mundo, das nosas formas de expresión e dos medios de ser humanos.

A tolerancia é unha actitude que se basea fundamentalmente no respecto polo outro, que o outro é en si mesmo diferente de min e, polo tanto, pensa e sente de xeito diferente.

O coñecemento, a actitude de apertura, a comunicación e a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión fomentan a tolerancia.

DIFERENZA CON OUTROS CONCEPTOS

Tolerancia non é o mesmo que pasividade, condescendencia ou indulxencia. Ante todo, a tolerancia é unha actitude activa de recoñecemento dos dereitos humanos universais e as liberdades fundamentais dos demais.

Conforme o respecto dos dereitos humanos, practicar a tolerancia non significa tolerar a inxustiza social nin renunciar ás nosas propias conviccións persoais.

Ao contrario, significa que toda persoa é libre de adherirse ás súas propias conviccións e acepta que os demais se adhiran ás súas. Significa aceptar o feito de que os seres humanos, naturalmente caracterizados pola diversidade do seu aspecto físico, pola súa situación social, pola súa forma de vestirse, polo seu comportamento e polos seus valores teñen dereito a vivir en paz e a ser como son. Significa que un non ha de impoñer as súas opinións persoais aos demais.

Un bo lema para recordar a tolerancia sería:

"Todos/as iguais, todos/as diferentes"

No sentido de que todas as persoas somos diferentes en canto ás nosas crenzas, ao modo de pensar, ás emocións, aos sentimentos... e ao mesmo tempo iguais en dignidade e en dereitos sen que poida haber discriminación en razón da idade, da nacionalidade, do sexo... ou calquera outra variable persoal.

3.- INTOLERANCIA E CONSECUENCIAS: RACISMO, XENOFOBIA E DISCRIMINACIÓN

O mundo soña coa tolerancia dende que é mundo, quizais porque se trata dunha conquista que brilla á vez pola súa presenza e pola súa ausencia. Dise que a tolerancia é doada de aplaudir, difícil de practicar e moi difícil de explicar. A **intolerancia** defínese como a falta da habilidade ou a vontade de tolerar algo. Nun sentido social ou político, é a ausencia de tolerancia dos puntos de vista doutras persoas. A intolerancia resulta ser calquera actitude irrespectuosa cara ás opinións ou ás características diferentes das propias. No plano das ideas, por exemplo, caracterízase pola perseveranza na propia opinión, a pesar das razóns que se poidan esgrimir contra ela. Supón, polo tanto, certa dureza e rixidez no mantemento das propias ideas ou características, que se teñen como absolutas e inquebrantables, moitas veces por un descoñecemento da realidade.



Para evitar as situacións de intolerancia hai que deixar claros unha serie de conceptos mal entendidos moitas veces.

- **Etnia:** ("pobo" ou "nación") *un conxunto de persoas que comparten trazos culturais, lingua, relixión, celebración de certas festividades, música, vestimenta, tipo de alimentación, unha historia e, comunmente, un territorio.*
- Unido ao concepto de etnia, temos o concepto de **raza**, entendido como unha categoría de persoas que se perciben a si mesmas e son percibidas por outros como distintas sobre a base de trazos bioloxicamente herdados. Podemos entender que hai moita máis diversidade de etnias que de razas, xa que os biólogos consideran que temos só tres razas: caucásicos (pel clara e pelo liso), negroides (pel escura e pelo rizado) e mongoloides (pel amarela ou marrón e ollos resgados). Aínda que esta división é biolóxica, é un concepto moi criticado en canto que a variación xenética entre individuos de distintas razas é a mesma que entre individuos desta, e a maioría das veces as diferenzas que se establecen é por outro tipo de condicionantes.
- O **racismo** é a doutrina que establece unha escala xerárquica no seo dos grupos.
 - Existe na actualidade un choque entre a tendencia "**progresiva homoxeneización a escala mundial**" impulsada pola ciencia, pola tecnificación, pola economía de mercado, polos hábitos de consumo, pola burocracia, polos medios de comunicación social, pola mobilidade xeográfica, etc., e entre a tendencia de "progresivo desexo de diferenciación" impulsada: polos nacionalismos, polos desexos de afianzamento das raíces culturais e identidades específicas, etc. Tal choque de tendencias é a fonte de conflitos que se expresan de diversos modos na dinámica social.

Así mesmo, no artigo 2 da Declaración da UNESCO sobre a raza e os prexuízos raciais de 1978, dise que "*o racismo engloba as ideoloxías racistas, as actitudes fundadas nos prexuízos raciais, os comportamentos discriminatorios, as disposicións estruturais e as prácticas institucionalizadas que provocan a desigualdade racial, e maniféstase por medio de disposicións lexislativas ou regulamentarias e prácticas discriminatorias, así como por medio de crenzas e actos antisociais*".

- As dúas consecuencias fundamentais do racismo son:
 - **A segregación**, que se radicaliza na exclusión e que se extrema traxicamente no exterminio, asociada preferentemente a procesos de diferenciación dos outros.
 - **A discriminación**, que se traduce en explotación asociada neste caso a relacións de desigualdade que supoñen a inferioridade dos outros; aquí non hai



preocupación por identificar e sinalar o outro mentres "esteá no seu sitio", é dicir, no chanzo inferior; o outro non é molesto na súa miseria e na súa marxinação, comeza a selo cando esixe unha situación de igualdade.

- **Xenofobia:** a palabra xenofobia procede de *xenos*, que significa "estranxeiro" e *fobeo*, que pode ser traducido por "temer", "asustarse de", "previrse contra". **Xenofobia**, *non é outra cousa que: medo aos estranxeiros e descoñecidos que provoca, como reacción inmediata unha actitude de hostilidade cara aos estranxeiros.*
- **Estereotipo:** *etiqueta verbal ou sobrexeneralización que se aplica a un grupo de persoas e que produce actitudes intolerantes cara aos outros (ex.: os xitanos son todos uns ladróns).*

Reducidos a "prexuízos" o racismo e a xenofobia ofrécensenos como simples **crenzas inxustificadas** adoptadas **a priori** seguramente pola influencia social do medio que, ao mesturarse con sentimentos negativos, xeran actitudes de odio cara aos estranxeiros ou cara aos membros doutras razas, aínda que sexan do mesmo país e que é o máximo exemplo da intolerancia cara aos outros.

A INTOLERANCIA E O XURDIMENTO DO RACISMO E DA XENOFOBIA

En primeiro lugar e dende un punto de vista psicolóxico, o racismo e a xenofobia créanse:

- **Pola creación dun chibo expiatorio que sofre situacións de intolerancia** e que se corresponde con persoas ou categorías de persoas que teñen pouco poder ou prestixio na sociedade na que viven ou que viven en situacións sociais precarias e a quen outros, irracionalmente, responsabilizan dos seus propios problemas. As minorías étnicas ou raciais son bos chibos expiatorios por ser brancos doados aos que se lles pode acusar de tal ou cal delito sen temor a sufrir represalias. Un exemplo claro aconteceu cando os nazis responsabilizaron os xudeus de todos os males presentes e pasados de Alemaña. Trátase polo tanto, dunha teoría onde o prexuízo cara aos grupos minoritarios ten a súa orixe na "frustración".
- **Polo tipo de personalidade do individuo:** as persoas que teñen fortes prexuízos caracterízanse por ter un tipo de personalidade, "a autoritaria". Estes individuos son persoas ríxidas, pouco tolerantes, pois todo lles parece ou bo ou malo, ou branco ou negro, e que adoitan ver o mundo bastante etnocéntrico. Ademais, caracterízanse por ser conformistas, submisas cos seus superiores e despectivas cos seus inferiores. Comprobase, que estas persoas autoritarias que tiñan fortes prexuízos contra unha minoría tamén adoitaban telos contra todas as minorías e polo tanto transmitían condutas intolerantes.



Por outro lado e dende un punto de vista sociolóxico, tanto o racismo como a xenofobia, tamén se poden explicar atendendo ás condutas intolerantes derivadas de:

- **Etnocentrismo ou racismo cultural**, consiste en *xulgar outras culturas mediante a comparación coa propia*. É «a tendencia emocional que fai da cultura propia o criterio exclusivo para interpretar os comportamentos doutros grupos, razas ou sociedades», é dicir, a supremacía da nosa cultura sobre a dos outros, ou o que é o mesmo «nós» fronte aos outros ou o hábito de xulgar outra cultura segundo os parámetros da propia. É unha disposición natural (e universal) que resulta de estar moi vinculado emocionalmente á cultura onde un creceu.
- Dado que as culturas humanas son tan variadas, non resultará sorprendente que aos que proveñen dunha delas lles resulte difícil aceptar as ideas ou o comportamento dos habitantes doutras.

A nosa sociedade debe, non obstante, dar prioridade a outros conceptos que transmiten unha idea tolerante das culturas:

- **Relativismo cultural**: *é a idea de que unha cultura ha de estudarse a partir dos seus propios significados e valores*. Se o mundo que nos rodea é diferente, por que non han de selo tamén as expresións culturais nas que se sustenta?
 - A realidade non é absoluta, non existe unha única realidade senón que a esta hai que vela dende o ámbito onde se expresa e se coñece.
 - O relativismo cultural pódese definir como «a *disposición a xulgar unha cultura dende si mesmo*». O relativismo cultural pódenos axudar a aproximarnos mellor a outros costumes ou estilos de vida sen prexulgalos e, polo tanto, a evitar situacións de intolerancia.
- **Pluralismo cultural**: *consiste na convivencia de maiorías e minorías conservando a súa identidade cultural e compartindo os recursos sociais dunha forma igualitaria mediante a igualdade de oportunidades*.
- **Multiculturalismo** *constitúese nun ideal de interacción cultural, para o que a diversidade cultural é desexable, xa que cada cultura crece e se enriquece coas outras, respectando as diferenzas e a liberdade*.
- **Asimilación** como o proceso polo que unha minoría se integra dentro da maioría, sendo unha integración plena, sempre étnica pero non racial, tal e como sucedeu cos inmigrantes europeos na América de principios do século XX.
- **Crisol de culturas ou *melting pot***, segundo o cal todas as culturas que comparten territorio se funden para dar lugar a unha cultura totalmente nova en continua evolución.



➤ Ao longo da historia producíronse **situacións intolerantes** que trouxeron como consecuencia:

- **o desprazamento:** recolocouse ou expulsouse unha minoría.
- **a segregación:** consegue a separación física, espacial e social da minoría, a través da microsegregación (en lugares públicos), mesosegregación (por barrios, guetos) e macrosegregación (por territorios, como as reservas).
- **o xenocidio:** aniquíllase sistematicamente unha raza ou unha etnia.
- **a escravitude:** conséguese un sistema institucionalizado de servidume, que non só se deu historicamente senón que aínda non desapareceu a día de hoxe.

➤ Pero tamén as minorías se resisten a ser marxinas e tratadas de forma intolerante, a través da **autosegregación**, como acontece nos barrios chineses das cidades; a través da **resistencia encuberta**, con roubos, diminución da produtividade; a través da **resistencia pacífica**, mediante desobediencia civil, a sensibilización da opinión pública, (Nelson Mandela, Luther King); **a revolta total** e **a presión internacional** tamén marcan unha resistencia a este tipo de trato marxinal.

4.- PROCESOS DE INCLUSIÓN E EXCLUSIÓN SOCIAL

O termo *exclusión* refírese a que algunha cousa ou alguén queda *fóra* de algo, en contraposición aos que están *dentro*. A exclusión é un proceso social de separación dun individuo ou dun grupo respecto ás posibilidades laborais, políticas, económicas e culturais ás que outros si teñen acceso e das que gozan.

Aínda que adoitan asociarse, non se debe confundir o concepto de exclusión social e o de desigualdade. A desigualdade vai existir irremisiblemente en calquera sociedade e dáse a todos os niveis, pois deriva do aproveitamento individual das oportunidades que ofrece a sociedade. Cousa distinta é a «desigualdade de oportunidades» en cuxo caso, se as persoas non teñen as mesmas oportunidades de participar socialmente, é cando se produce a exclusión.

Podemos distinguir tres **graos de exclusión social**: a pobreza, a marxinação e a desviación. O maior grao de exclusión social constitúeo a *pobreza*, xa que é un tipo de exclusión que ameaza todos os dereitos fundamentais, que presenta unha reacción social positiva (tolerante). No segundo nivel de exclusión social estarían os *marxinados* (minusválidos, inmigrantes, minorías étnicas, parados, anciáns, etc.). Respecto a eles, a reacción social adoita ser menos positiva (intolerante) e, nalgúns casos, pode existir automarxinación. Por último, o terceiro nivel estaría constituído polos *desviados* (reclusos, drogadictos, etc.). Neste caso, a reacción social é negativa (totalmente intolerante), existe automarxinación e ruptura das normas e mesmo das leis.



Para evitar situacións de exclusión social é fundamental educar en valores de solidariedade, de igualdade e, por suposto, de tolerancia que se deben transmitir a través da familia, da escola ou da propia zona de residencia.

5.- TOLERANCIA E HABILIDADES SOCIAIS

No contexto no que vivimos no ano 2012 a tolerancia é máis esencial que nunca, dado que a nosa época se caracteriza pola globalización da economía e por unha grave crise económica que afecta, con maior ou menor gravidade, á economía mundial.

A respecto disto débese prestar especial atención aos grupos vulnerables socialmente desfavorecidos para protexelos coas medidas sociais necesarias especialmente en materia de vivenda, de emprego e de saúde, respectar a autenticidade da súa cultura e os seus valores e facilitar a súa promoción e a súa integración social e profesional, en particular mediante a educación.

A educación, como este programa de integración no que estás a participar, é o medio máis eficaz de previr a intolerancia e desenvolver técnicas e estratexias para potenciar os comportamentos de tipo tolerante.

A primeira etapa da educación para a tolerancia consiste en ensinarlles ás persoas os dereitos e as liberdades que comparten, para que poidan ser respectados e en fomentar ademais a vontade de protexer os dos demais.





6.- DINÁMICAS E ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

Unha forma práctica e divertida de fomentar o respecto entre persoas é mediante os xogos e as dinámicas sobre o respecto que poden aplicarse en grupos de alumnado que realizan xuntos cursos de formación.

Respecto á diversidade: unha forma de respecto consiste en aceptar que os outros países e sociedades teñen unha forma de ver a vida e de relacionarse cos/coas demais compañeiros/as distinta á que coñeceron ata agora.

Unha actividade consiste en facer que cada compañeiro/a investigue sobre as tradicións e os costumes dun país, para logo expoñelo na clase diante dos compañeiros.

O obxectivo é aprender conceptos e actitudes sobre outra cultura, de modo que valoremos a diversidade.

PERCIBIMOS E PENSAMOS DIFERENTE

Observe a figura que aparece a continuación durante uns 10 segundos e logo escriba que é o que ve.




Outra dinámica para realizar no grupo-clase en parellas de alumnado formadas polo profesorado dunha forma aleatoria é a de explicarlle á súa parella durante uns dez minutos de que rexión ou país proceden.

Cando todas as parellas se escoiten, cada alumno deberá expoñer diante da clase e falando en primeira persoa como é a súa parella. Durante esta dinámica sobre o respecto non se deben tolerar interrupcións nos relatos potenciando o respecto mutuo e a atención ao expresado polo/a compañeiro/a por parte tanto da súa parella coma por parte do grupo-clase.



Outro exercicio para desenvolver a nosa capacidade de tolerancia podémolo realizar na aula con todos/as os/as compañeiros/as sentados formando un círculo, podemos escribir unhas cantas calidades sobre o compañeiro sentado á esquerda e todos os papeis coa descrición se gardan nunha bolsa. A continuación, cada un vai lendo as calidades e argumenta a que alumno fan referencia. Convén que as calidades que citemos dos/as nosos/as compañeiros/as de curso sexan o máis concretas e específicas posibles.

Que ves máis claramente aquí: dous rostros en negro ou unha copa en branco?



(Obviamente ambas as dúas opcións son reais e válidas)

Cada participante no programa poderá traer á sesión formativa unha canción típica do seu país de orixe que lles porá aos demais, explicándolles (en caso de que o idioma presente algunha dificultade) o que significa a letra da canción e cal é a razón pola que a elixiu.

Noutra sesión do curso o profesorado pode poñer a disposición dos participantes fotos de seres humanos en actividades e xestos diferentes. Cada participante elixe a foto ou o recorte co que se sinta identificado e explica por que pensa que o representa, expresando como se sente el ante



esa foto ou recorte. Os integrantes do grupo poden formularlle preguntas ao que falou. Deixarase de lado todo comentario que implique falta de respecto ás persoas.

Se eu fose

Pídeselle a cada participante que complete oracións deste tipo:

- Se eu fose unha árbore sería...
- Se eu fose unha parte da xeografía (río, montaña, bosque, etc.) sería...
- Se eu fose unha máquina sería...
- Se eu fose un estado climático (chuvioso, anubrado, soleado, ventoso, etc.) sería...
- Se eu fose un animal sería...
- Se eu fose un coche sería...
- Se eu fose un perfume sería...
- Se eu fose unha froita sería...
- Se eu fose unha cor sería...

Unha actividade sumamente interesante para xerar un sentimento de grupo e potenciar a tolerancia e o mutuo coñecemento consiste en que os participantes saquen tres obxectos que leven na súa carteira ou no peto. Logo, cada un, diralles aos demais do grupo, por que leva consigo tales obxectos (razóns prácticas, emocionais, etc.) e deberá indicar cal dos tres obxectos ten maior valor afectivo para el e por que. Os demais poderán facerlle preguntas.



COMPARTIMOS UN MUNDO

Con todas as nosas diferenzas,

compartimos un mundo.

Ser tolerante é dar a benvinda

ás diferenzas e

deleitarnos compartíndoas.



DEBES LEMBRAR

- Que as formas de comportamento aceptadas varían enormemente en cada cultura, e a miúdo, contrastan de forma notable co que os occidentais consideran «normal».
- Que unha das principais causas da diversidade cultural é a migración entendida segundo a UNESCO como “todo desprazamento da poboación dunha delimitación xeográfica a outra por un espazo de tempo considerable ou indefinido”.
- Que a emigración é un dereito fundamental das persoas, recoñecido na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948 (Artigo 13): «Toda persoa ten dereito a circular libremente e a elixir a súa residencia no territorio dun estado. Toda persoa ten dereito a saír de calquera país, ata do propio, e a regresar ao seu país».
- Que podemos definir a tolerancia como a aceptación da diversidade de opinión social, étnica, cultural, sexual, relixiosa, política..., que presentan as diversas persoas e comunidades en función das súas características.
- Que o racismo é a doutrina que establece unha escala xerárquica no seo dos grupos.
- Que as dúas consecuencias fundamentais do racismo son a segregación e a discriminación.
- Que a xenofobia non é outra cousa que: medo aos estranxeiros e descoñecidos que provoca, como reacción inmediata unha actitude de hostilidade cara aos estranxeiros.
- Que un estereotipo é unha etiqueta verbal ou sobrexeneralización que se aplica a un grupo de persoas e que produce actitudes intolerantes cara aos outros.



AUTOAVALIACIÓN

- 1- O prexuízo que consiste no rexeitamento cara ás persoas procedentes doutras culturas e nacionalidades etiquetándoas como estrañas ou estranxeiras é coñecido como:
- a) Segregación
 - b) Discriminación
 - c) Xenofobia
 - d) Estereotipo
- 2- A habilidade social coñecida como empatía consiste en:
- a) Poñerse no lugar dos demais
 - b) Intentar comprender as súas necesidades, desexos, motivacións....
 - c) Ambas as opcións son correctas
 - d) Ambas as opcións son incorrectas
- 3- Os tres graos de exclusión social son:
- a) A pobreza, a miseria e a indixencia
 - b) A pobreza, a marxinação e a encarceración
 - c) A pobreza, o racismo e a marxinação social.
 - d) A pobreza, a marxinação e a desviación
- 4- As persoas con algún tipo de discapacidade física, psíquica e/ou sensorial atoparíase segundo esta clasificación en:
- a) O primeiro nivel de exclusión social
 - b) O segundo nivel de exclusión social
 - c) O terceiro nivel de exclusión social
 - d) En todos os niveis



- 5- A emigración é un dereito fundamental das persoas tal como aparece recollido en:
- a) Artigo 13 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948
 - b) Artigo 2 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948
 - c) Artigo 13 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1958
 - d) Ningunha é correcta



MÓDULO VIII: A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

1. - MARCO CONCEPTUAL

Igualdade legal e igualdade real.

A **igualdade de dereitos entre mulleres e homes** está recoñecida nos textos das Constitucións dos países da Europa occidental. Así, inclúese o principio de igualdade como un dereito fundamental das persoas que non poden ser discriminadas por razón de sexo, nacemento, raza, relixión...

A pesar deste recoñecemento xurídico da igualdade, de tal forma que as leis en España ofrecen un trato igual a homes e mulleres (**igualdade formal ou legal**), non obstante, isto non significa que exista unha **igualdade real**.

A sociedade leva séculos practicando a desigualdade entre mulleres e homes e os usos e costumes tenden a manter esta situación. As leis penalizan a discriminación por razón de sexo pero é necesario traballar por un cambio social profundo.

Diferenzas entre sexo e xénero.

As diferenzas sexuais entre as persoas (sexo feminino - sexo masculino), determinan só **diferenzas biolóxicas** e funcionais na reprodución sexual.

Non obstante, **ser home ou muller** non é unha característica biolóxica, senón unha construción de identidades a través de mecanismos de **socialización** pactados **histórica e culturalmente**, que sitúan a uns e outras no **xénero masculino** ou no **xénero feminino**, determinando con iso a educación que deben recibir e o papel social que teñen que xogar as persoas segundo o sexo co que nacen.

As razóns polas que as diferenzas biolóxicas entre os sexos se transforman en desigualdades no exercicio de dereitos e liberdades estúdanse na teoría do sistema sexo-xénero.

Mentres que o sexo se refire a diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes, o xénero fai referencia á construción social da desigualdade, que varía en culturas e épocas diversas.



TEORÍA SEXO-XÉNERO	
SEXO	XÉNERO
Biolóxico	Cultural
Natural	Social
Estable	Cambiante

A socialización diferencial e os seus instrumentos.

O sistema sexo/xénero constrúese mediante a **socialización diferencial** (socializar de forma diferente segundo o sexo co que se nace e a función social para a que foi destinada). Deste modo mulleres e homes foron identificándose con espazos, valores, actitudes, comportamentos, responsabilidades, estereotipos e intereses, propios dos papeis atribuídos a cada sexo na nosa sociedade. É xusto este conxunto de aprendizaxes e realidades o que se denominou interiorización da **identidade de xénero**.

A **socialización diferencial instrumentalízase** principalmente a través:

- Da **linguaxe**: as imaxes que se transmiten de homes a mulleres a través da linguaxe estruturan unha percepción sexista da realidade que incide na reprodución de papeis e estereotipos de xénero, a través de mecanismos como: a asimilación do xenérico masculino para nomear a toda a humanidade excluindo e invisibilizando a presenza do xénero feminino; a visibilización das mulleres con connotacións pexorativas (como por exemplo, home público - muller pública), a conversión das mulleres en cousas, etc. A utilización dunha linguaxe que nomee mulleres e homes evitando, ademais, a adxudicación de papeis subordinados, permitirá modificar esa percepción.
- Da **familia**: é o primeiro ámbito de relacións dos seres humanos, e nela apréndense as primeiras normas de conduta, de como é necesario comportarse en función do sexo co que se naceu. O proceso de socialización no ámbito familiar realízase a través dos papeis que representan o pai e a nai, dada a súa función de modelos de comportamento que hai que imitar, da adxudicación de xoguetes diferentes a nenas e nenos, dos contidos dos contos e do reforzamento diferencial dunhas condutas segundo respondan ás expectativas sociais de xénero.



- Do **ámbito educativo**: tamén contribúe á socialización diferencial a través dos contidos escolares, a linguaxe e as imaxes dos libros de texto, o uso dos espazos de xogo e a interacción entre o profesorado e o alumnado. Os diferentes libros de texto, por exemplo, transmiten os homes como protagonistas absolutos da historia, a ciencia e o coñecemento; mentres as mulleres ou están ausentes ou teñen un papel secundario no desenvolvemento dos temas.
- Dos **medios de comunicación**: tanto a través do seu contido escrito ou oral coma das imaxes que conteñen, reforzan os papeis e os estereotipos de xénero. Dentro dos medios de comunicación, a publicidade é un dos vehículos de maior impacto aínda que tamén é bastante sensible aos cambios sociais que se están a producir.

Desta forma, dos homes espérase que (**identidade masculina**):

Sexan independentes e activos, teñan a capacidade de tomar a iniciativa e de solucionar os seus propios problemas sendo racionais. As súas funcións deben desenvolverse no espazo do público: a cultura, a economía, a política, a ciencia. Dende ese espazo, vinculándoo principalmente ao mundo do emprego, deben ser os provedores do mantemento do núcleo familiar.

E das mulleres espérase que (**identidade feminina**):

Sexan pacientes, traballadoras, ordenadas e se adapten ou acomoden a calquera situación ou dificultade. A adecuación a uns canons de beleza física, predominantes no momento, é un elemento central na súa identidade. A súa principal función é responsabilizarse do benestar físico e psicolóxico das persoas, e estar pendente das súas necesidades e intereses. O seu ámbito é o doméstico.

Non obstante os modelos de socialización non son estáticos nin inamovibles. Responden ás necesidades concretas dunha sociedade e varían en función dos intereses dominantes (políticos, económicos...) e da presión social que as organizacións exerceron sobre estes nas diferentes épocas da historia.

Boa proba diso son os **cambios emprendidos ao longo do século XX**, grazas á loita das mulleres pola igualdade de dereitos que propiciou a súa visibilización, así como a asunción por parte das institucións públicas do desenvolvemento das políticas de igualdade de oportunidades.

A realidade mostra tamén que, a pesar das discriminacións aínda existentes, a división de funcións entre o ámbito público e o ámbito persoal correspóndese cada vez menos co mundo que vivimos mulleres e homes. Unhas e outros queren optar a diversos modelos de vida persoal e profesional. As mulleres avanzaron considerablemente na súa autonomía e independencia económica; o proxecto profesional é unha parte importante do seu proxecto de vida e acceden a



unha maior diversidade de profesións e postos de traballo. Na actualidade xa pertence ao imaxinario colectivo a presenza de mulleres nas máis diversas ocupacións, aínda cando nalgunhas sexa minoritaria.

Unha consecuencia inmediata desta realidade é a **necesidade de articular políticas, medidas e accións concretas** que faciliten a transformación e os cambios de valores que aínda se seguen transmitindo por medio dos axentes de socialización.

ACHEGAS DAS MULLERES Á HISTORIA DA HUMANIDADE

A enumeración das seguintes obras, investigacións, etc., está concibida como un exemplo e como unha forma de recuperar e visibilizar o papel das mulleres e das súas contribucións á historia do progreso da humanidade. A selección en ningún caso ten carácter exhaustivo nin responde a criterios de importancia.

AS MULLERES INVENTAN...

- Astrolabio, invento realizado por Hypatia de Alexandría no século IV segundo consta nalgunhas cartas de Silesio de Cirene. Facilitou o desenvolvemento do comercio e a navegación ao mellorar o sistema de navegación.
- Máquina analítica, antecesora do ordenador, foi inventada por Ada Lovelace continuadora das investigacións de C. Babagge. Permitía facer cálculos matemáticos inabarcables dende a capacidade humana.
- Radio, elemento metálico, descuberto por Marie Curie e o seu marido. Permitiu o desenvolvemento das investigacións sobre as radiacións.
- Institución analítica (1748), mellor tratado de cálculo diferencial da época realizado por María Agnesi, primeira profesora universitaria da Universidade de Bolonia.
- Cafeteira Melitta, inventada a principios do século XX por Melitta Bentz. Significou un importante avance no desenvolvemento tecnolóxico do fogar.
- Líquido corrector de erros, inventado en 1957 por Bette Nesmitt Graham.



INVESTIGAN E OBTENÉN O PREMIO NOBEL DE MEDICINA:

- Gerty Theresa Radnitz Cori, en 1947, polos seus estudos no metabolismo dos hidratos de carbono e as funcións das encimas no tecido muscular.
- Rosalyn Sussman Yalow, en 1977, pola aplicación da medicina nuclear á detección e pola cuantificación de substancias como a insulina.
- Bárbara McClintock, en 1983, pola súa nova teoría sobre a herdanza.
- Rita Levi-Montalcini, en 1986, pola descrición das substancias químicas que regulan o crecemento das células e dos tecidos, e que permiten explicar as causas das enfermidades tumorais.
- Gertrude Elion, en 1988, polo descubrimento da mercaptopurina e derivados.
- Christiane Nüsslein Volhard, en 1995, polos seus traballos sobre o control xenético das primeiras fases de desenvolvemento embrionario.

E TAMÉN NOUTRAS ÁREAS CIENTÍFICAS:

- Grace Murray Hopper, oficial da mariña dos Estados Unidos e Premio Nobel colectivo en 1957, inventou a linguaxe de programación COBOL.
- Marie Sklodowska Curie, Nobel de Física en 1903 polo descubrimento da radioactividade espontánea, compartido con Pierre Curie e Henri Becquerel, e Nobel de Química en 1911 polo descubrimento dos elementos radio e polonio, e o illamento deste último.
- Irene Joliot-Curie, filla de Marie Curie, Nobel de Química de 1935 pola síntese de novos elementos radioactivos.
- Marie Göppert Mayer, Nobel de Física en 1963, coa súa teoría da estrutura das capas nucleares.
- Dorothy Crowfoot-Hodhkin, Nobel de Química en 1964, pola descrición da estrutura da vitamina B12 utilizando métodos radiolóxicos.

TAMÉN CREAM ARTE, CULTURA; SON ESCRITORAS, ESCULTORAS, PINTORAS, FOTÓGRAFAS...

- Emilia Pardo Bazán, unha das figuras máis importantes do século XIX español, pola súa actividade literaria e a súa implicación en movementos sociais, culturais e a defensa das mulleres españolas, que a levou a enfrontarse á Real Academia por negarlles o ingreso ás mulleres. Como conselleira de Instrución Pública, propón no Congreso Pedagóxico de 1892 a coeducación en todos os niveis, co obxecto de superar a división de funcións asignadas ao home e á muller.



- Artemisia Gentileschi, no século XVI, traballou con éxito como pintora en Florencia, Nápoles e Inglaterra, destacando os seus nus femininos e a representación das mulleres da Biblia.
- Camile Claudel, destacada escultora que traballou nos seus comezos con Rodin en 1864.
- Marie Blanchard, pintora cubista e profesora de debuxo en Salamanca, foi recoñecida con éxito no Salón de Outono de París en 1920, onde montou un taller.
- Frida Kahlo, pintora expresionista e surrealista mexicana, da primeira metade do século XX.
- Talla Modotti, fotógrafa mexicana, precursora do fotoperiodismo.

E ELABORARON DOCUMENTOS HISTÓRICOS E LITERARIOS IMPORTANTES:

- Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá. Obra escrita en plena Revolución Francesa por Olympe de Gouges, reivindicando a igualdade de dereitos das mulleres fronte á Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán.
- *Cité de dames*. Obra de Simone de Beauvoir, escrita en 1949, constitúe unha das obras básicas do pensamento feminista do século XX, na que analiza as bases da construción da identidade feminina como "segundo sexo" dependente doutro, o varón. Supuxo unha ruptura fronte á crenza das "diferenzas naturais" entre mulleres e homes.
- Declaración de Séneca Falls, de 1848, onde se defende o dereito do voto para as mulleres.

2. - A IGUALDADE DE HOMES E MULLERES, UNHA LOITA QUE SE INICIA HAI TRES SÉCULOS

No **século XVIII**, coa expansión do pensamento ilustrado (principalmente dende Francia) as ideas de **Igualdade e Cidadanía** tiveron un amplo desenvolvemento. O seu obxectivo era lograr a superación do sistema social e político vixente, asentado no peso da tradición e na regulación relixiosa de todas as esferas das vidas das persoas.

O novo pensamento (cultural, político, científico e económico) reivindica unha organización social que se sustente no recoñecemento e na valoración da autonomía, a razón e a liberdade humanas, e que permita tanto o desenvolvemento dos dereitos dos cidadáns como unha maior equidade nas relacións cos gobernantes.



Dentro da orde social, mulleres e homes deben manter diferentes funcións respectando unha xerarquía marcada pola "orde natural". O destino do home será buscar o coñecemento, utilizar a razón, dirixir o progreso da humanidade e realizar o traballo produtivo. O destino das mulleres será manter o fogar e coidar a saúde e o desenvolvemento das futuras xeracións cumprindo co papel de esposa e de nai.

Ao longo do **século XIX**, o **concepto de igualdade evoluciona** e é asumido polas democracias burguesas, que inclúen nos seus ordenamentos xurídicos os valores de liberdade, xustiza e igualdade.

A partir de mediados do **século XX**, os cambios históricos e a loita das mulleres por mellorar as súas condicións de vida, e especialmente polo dereito á educación e ao sufraxio, desembocaron na incorporación do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nas lexislacións de organizacións internacionais (Nacións Unidas, Organización Internacional do Traballo), europeas (Unión Europea) e de constitucións nacionais, dándose os primeiros pasos para avanzar na igualdade formal.

Non obstante, a **igualdade real** non se consegue só mediante a aprobación de leis, xa que a división e a xerarquización histórica de competencias, funcións e espazos nos que deben situarse homes e mulleres consolidou valores e actitudes sexistas que son difíciles de mover e que sustentan situacións de discriminación sexual.

Como exemplo, podemos observar o difícil que resulta implantar un modelo máis igualitario, na solicitude de permisos por paternidade/maternidade, a pesar das medidas lexislativas que tratan de corrixir esta situación.

As medidas lexislativas basicamente permiten incidir na **discriminación directa**, é dicir, en aquelas situacións nas que explicitamente se aplica un tratamento desigual baseándose en prexuízos sexistas e que está explícita e claramente prohibida pola normativa nacional e internacional.

Pero estas medidas non son suficientes para lograr a **igualdade real** entre mulleres e homes e para facer fronte ás **discriminacións indirectas**. Estas prodúcense cando non se ten en conta a posición de desigualdade da que parten as mulleres e cando se aplica unha medida aparentemente neutra, que encobre e que reafirma a posición de desigualdade.

Casos de discriminación indirecta prodúcense, por exemplo, nos procesos de selección de persoal, cando se xustifican co argumento da insuficiencia decisións tomadas seguindo estereotipos relacionados con maior absentismo de mulleres ao asumir responsabilidades familiares. As discriminacións indirectas só se poden superar a través do cambio de actitude e de reforzar a posición das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.



Actualmente, dende as institucións asúmese que non se pode defender a igualdade entre as persoas se non se ten en conta especificamente a discriminación histórica que mantivo as mulleres en posición de inferioridade con respecto aos homes e se recoñece a necesidade de asumir o concepto de igualdade de xénero, que implica:

- Aceptar que as persoas, mulleres e homes, somos diversos (neste sentido diferentes) e iguais como cidadás e cidadáns.
- Recoñecer que mulleres e homes achegamos á sociedade os nosos coñecementos, saberes, habilidades, potencialidades e que ambos os dous sexos debemos participar na mesma medida en todas as esferas da vida pública e privada (persoal).
- Introducir accións que posibiliten o equilibrio entre mulleres e homes en todos os campos da vida.

Mecanismos para avanzar na igualdade entre homes e mulleres.

Estas accións, que posibilitan a igualdade entre homes e mulleres, instruméntanse a través de **políticas de igualdade de oportunidades** que pretenden tanto incidir na eliminación de toda forma de discriminación, como establecer pautas concretas de actuación que reforcen a posición das mulleres na sociedade e permitan superar as barreiras determinadas historicamente.

Estas estratexias concéntranse nos programas de acción comunitaria de ámbito europeo e nos **plans de igualdade de oportunidades** entre homes e mulleres que desenvolven as autoridades nacionais, autonómicas e locais.

A súa aplicación permite a posta en marcha de **medidas de acción positiva**, que supoñen "un tratamento desigual que actúa sobre un colectivo historicamente discriminado co fin de compensar a súa situación de desvantaxe e favorecer a consecución da igualdade real", é dicir, as medidas de acción positiva son intervencións concretas que procuran reforzar especificamente a presenza das mulleres en todas as esferas (educación, emprego, participación política, económica...) para lograr co tempo a igualdade real na economía, nos órganos de goberno e de representación, o mercado de traballo, a repartición de responsabilidades, a participación cultural...

As **accións positivas** teñen unha dimensión estratéxica e están acoutadas temporalmente, mentres se manteñen as situacións de desigualdade. Un exemplo de medida de acción positiva é o sistema de cotas que ten por obxectivo reforzar o número de mulleres nos postos de decisión política, establecendo unha porcentaxe mínima de participación. A súa duración establécese mentres os cambios sociais non permitan, neste caso, un acceso igualitario de mulleres e homes aos postos de decisión políticos e económicos.



Para romper coas discriminacións estruturais, dende a Conferencia Mundial das Mulleres de Pequín, en 1995, impúlsase o **concepto de *mainstreaming***, que é tamén un dos obxectivos prioritarios do V Programa de Acción Comunitaria ou Estratexia Marco Comunitaria sobre a Igualdade entre Homes e Mulleres (2001-2005). Considérase a principal estratexia para promover a igualdade de oportunidades dunha forma global, implicando os gobernos e a todos os actores no compromiso de promover activamente a igualdade, introducindo a perspectiva de xénero en todas as políticas, os programas e as actuacións.

A aplicación dos principios da **perspectiva de xénero** en todos os proxectos económicos e políticos das organizacións e dos gobernos, dende a análise inicial da realidade, mesmo o deseño e a valoración do impacto das accións na vida de homes e mulleres, é o *mainstreaming* (eixe transversal) de xénero.

RESUMO DE NORMATIVA E POLÍTICAS PÚBLICAS DE IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES

Organización das Nacións Unidas

Recolle na súa carta fundacional de 1945 o compromiso de reafirmar a fe nos dereitos fundamentais e na dignidade e o valor da persoa na igualdade de dereitos de homes e mulleres. Dende entón elaboráronse documentos e textos legais que consideran a discriminación sexual como inxusta, posto que constitúe unha infracción dos dereitos humanos.

En 1967 asínase a Declaración sobre a Eliminación da Discriminación contra as mulleres. En 1979, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aproba a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller. Consta de 30 artigos que obriga os 141 países asinantes á igualdade de dereitos, na esfera política, económica, social, cultural e civil. Tamén dispoñen de medidas que garantan a igualdade no acceso á educación, ao emprego e a impulsar a igualdade de responsabilidades na esfera familiar.

No marco das políticas de igualdade das Nacións Unidas organízanse as conferencias mundiais sobre as mulleres que pretenden elaborar propostas para que en todos os países e rexións do mundo:

- Se garantan os mesmos dereitos e oportunidades para mulleres e homes.
- Se prodúzase o cambio de actitudes necesario para que mulleres e homes compartan responsabilidades en todos os ámbitos.

Dende o ano 1975 convocáronse catro conferencias mundiais:



- 1975. Ano Internacional da Muller. Primeira conferencia mundial sobre as mulleres en México, da que saíu un plan de acción para a década 1975-1985.
- 1980. Segunda conferencia mundial sobre as mulleres en Copenhague, igualdade, desenvolvemento e paz, co obxectivo de revisar os proxectos e readaptar os programas, facendo especial fincapé no emprego, na saúde e na educación.
- 1985: Terceira conferencia mundial en Nairobi, para examinar e avaliar os logros anteriores, introduce o concepto de *mainstreaming*.
- 1995. Cuarta conferencia mundial de Pequín, onde se aprobaron dous textos para acelerar as estratexias de Nairobi: a Declaración de Pequín e a Plataforma de Acción. Ten por obxectivo eliminar todos os obstáculos que dificultan a participación activa da muller en todas as esferas da vida pública e persoal mediante unha participación plena e en pé de igualdade no proceso de adopción de decisións nas esferas económicas, social, cultural e política.

Organización Internacional do Traballo

No preámbulo da constitución da OIT, en 1919, afirmase o principio de salario igual por un traballo de igual valor. En 1948, aproba convenios e diferentes consellos contra a discriminación no emprego, a favor da igualdade de remuneración e da repartición de responsabilidades familiares. En 1975, realiza a Declaración sobre a igualdade de trato e de oportunidades para as traballadoras, e en 1985 a Resolución sobre a igualdade de trato e oportunidades para os traballadores e traballadoras no emprego.

Dende o comezo, a OIT adoptou convenios e consellos que garanten a igualdade de dereitos no emprego, a formación profesional, as condicións de traballo e a seguridade e a saúde no traballo.

Unión Europea

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é unha cuestión clave na construción europea, onde son necesarias todas as contribucións das cidadás e cidadáns que a compoñen.

No ámbito legislativo cabe destacar:

En 1957, o Tratado de Roma, constitutivo da Comunidade Económica Europea, no seu artigo 119 mantén a aplicación do principio de igualdade de retribución para traballadores masculinos e femininos para o mesmo traballo. Segundo o Tratado de Amsterdam establécese igual retribución para traballo de igual valor.

No marco das **políticas de igualdade de oportunidades** entre mulleres e homes, dende 1982, desenvóléronse cinco **Programas de Acción Comunitaria (2001-2005)**.



O 20 de decembro de 2000, o Consello de Europa adoptou a decisión pola que se estableceu un programa de acción comunitario sobre a estratexia comunitaria en materia de igualdade entre mulleres e homes, para o período abranguido entre o 1 de xaneiro de 2001 e o 31 de decembro de 2005. Segundo esta decisión, os obxectivos do programa son os seguintes:

1. - Igualdade na vida económica

O ámbito refírese aos desfases persistentes entre homes e mulleres no mercado do traballo e as formas de abordalos. A acción consistirá en aumentar o índice de emprego das mulleres e reducir a súa taxa de desemprego, así como facilitarlles ás mulleres e aos homes a conciliación do traballo e da vida familiar.

2. - Igual participación e representación

Este ámbito refírese á falta de participación das mulleres nos órganos de toma de decisión. As accións consisten en adoptar estratexias e instrumentos para que cheguen máis mulleres a todos os ámbitos decisorios da vida política, económica e social, incluídas as actividades de relacións exteriores e de cooperación para o desenvolvemento, o labor e a participación de mulleres en misións internacionais.

3. - Dereitos sociais

É necesario aplicar unha integración do factor de igualdade en todos os ámbitos políticos que afectan á vida cotiá das mulleres, como é o caso do transporte, a saúde pública e a loita contra a discriminación baseada noutros motivos. O seu obxecto é mellorar a aplicación da lexislación comunitaria, en particular nos ámbitos da protección social e o permiso parenteral, as maneiras e os medios de conciliar máis sinxelamente o traballo e a vida familiar, especialmente establecendo indicadores para ofertar mellores servizos de asistencia aos nenos e nenas e ás persoas anciás.

4. - Igualdade na vida civil

O ámbito refírese á aplicación dos dereitos humanos específicos da muller. As accións fomentan o recoñecemento dos dereitos humanos específicos das mulleres, fan respectar o dereito á igualdade de oportunidades e reforzan a loita contra a violencia sexista e a trata de mulleres.

5. - Superación dos estereotipos tradicionais masculinos e femininos

O ámbito trata das imaxes estereotipadas sobre as mulleres e os homes e as necesidades de cambiar os comportamentos, as actitudes, as normas e os valores que definen os papeis de cada sexo na sociedade e inflúen sobre eles. As accións abranguen a integración da dimensión de xénero, particularmente en educación, formación, cultura, ciencia, medios de comunicación e políticas en materia de deporte.



Estado español

A **Constitución española** de 1978 establece no **artigo 14**: "Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra circunstancia persoal ou social", e no **artigo 9**: "Corresponde aos poder públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social".

O **Estatuto dos traballadores** regula tamén a non discriminación para e no emprego por razóns de sexo; nas relacións laborais, no sistema de clasificación profesional, nos ascensos e nas remuneracións.

A creación en 1983 do **Instituto da Muller** permitiu a posta en marcha de **políticas de igualdade** de ámbito estatal, posibilitando reformas legais e o desenvolvemento de programas de actuación.

Neste contexto, puxéronse en marcha ata o momento sucesivos **plans de igualdade de oportunidades** que posibilitaron:

- Sensibilizar e implicar os poderes públicos no establecemento de mecanismos de igualdade.
- Cumprir a normativa e as directrices europeas en materia de igualdade e realizar reformas legislativas dende o ámbito estatal (principalmente no primeiro plan de 1988).
- Fomentar a creación de recursos e servizos para as mulleres, así como apoiar as actuacións do movemento asociativo destas.
- Fomentar a creación e o desenvolvemento de estruturas políticas e administrativas nas diferentes administracións públicas para levar a cabo as actuacións en materia de igualdade de oportunidades.
- Apoiar o desenvolvemento de estudos e investigacións que permitan coñecer a situación real das mulleres nos diferentes ámbitos.

Actualmente, o **Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades(2008-2011)** inspírase en dous principios básicos: non discriminación e igualdade; e desenvolve catro aspectos: cidadanía, empoderamento, transversalidade e innovación; que están ademais relacionados entre si.

Dende o punto de vista normativo destaca a aprobación de dúas leis estatais:

A **Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero**, o obxectivo da cal é erradicar a violencia que sofren as mulleres por parte de homes que son ou



foron as súas parellas; o que se considera a manifestación máis brutal da desigualdade que existe na nosa sociedade.

A Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que nace da necesidade de promover dun xeito activo a igualdade real combatendo as manifestacións que aínda persisten, de discriminación directa e indirecta por razón de sexo. A lei regula dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas, públicas e privadas, dende unha perspectiva multidisciplinar e cun enfoque integral.

A POLÍTICA DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA HOMES E MULLERES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O **Estatuto de autonomía de Galicia** atribúelles, no artigo 4.2, aos poderes públicos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas e remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

En Galicia puxéronse en marcha sucesivamente cinco **Plans de igualdade de oportunidades** para as mulleres galegas:

- O **primeiro plan, 1992-1994**, recolle 56 actuacións en 5 áreas: educación e cultura, formación, emprego e relacións laborais, servizos sociais, asociacionismo e participación e saúde.
- O **segundo plan, 1995-1997**, foi aprobado polo Pleno do Consello do Servizo Galego de Igualdade o 6 de marzo de 1995. Recolle actuacións de cinco áreas: asociacionismo, participación e cooperación; educación e cultura; formación e emprego; ordenamento xurídico e servizos; sociais e saúde. Respecto ao anterior, mellórase a estruturación e a aplicabilidade do plan, mediante o establecemento de prioridades, de obxectivos e de accións para cada unha das áreas.
- O **terceiro plan, 1998-2001**, subliña a importancia da colaboración entre todos os organismos de igualdade das comunidades autónomas, administracións públicas, organizacións non gobernamentais e axentes sociais, e da aplicación do principio de igualdade transversalmente en todas as políticas que desenvolvan as diferentes institucións.
- O **IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas 2002-2005** trata de reforzar e de dar continuidade aos plans anteriores e recolle propostas orientadas, por un lado, a avanzar na capacitación política e técnica e, por outro, a establecer estratexias dirixidas ao fortalecemento das mulleres e as súas agrupacións, ao incremento da participación social e política destas e á posta en práctica de novos modelos de comportamento persoais e colectivos.



Este plan desenvólvese ao redor de sete áreas de actuación: cooperación, participación socio-política e acceso ao poder; educación en igualdade; información, sensibilización e medios de comunicación; formación, emprego e conciliación da vida persoal, familiar e laboral; saúde integral e promoción da inclusión social; cultura, ocio e deporte e desenvolvemento sostible.

- O **V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes** (2007-2010), comprende catro liñas de actuación: participación e empoderamento; acceso á información e aos recursos; formación en igualdade entre mulleres e homes; e abordaxe integral da violencia de xénero.

Unha das principais características deste plan é que se trata dun plan consensuado no ámbito institucional, en cuxa elaboración implicar todas as consellerías e departamentos da Xunta de Galicia.

E unha das grandes novidades que incorpora é o enfoque máis estrutural, que implica a toda a sociedade, a mulleres e homes e as institucións nas que a sociedade galega se articula; en definitiva, aplica a estratexia de *mainstreaming* de xénero.

Nota: actualmente está en período de aprobación o VI Plan Galego de Igualdade entre Mulleres e Homes.

No ámbito da normativa autonómica destaca en primeiro lugar, a **Lei para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia**, aprobada o 15 de xuño de 2004 polo Parlamento de Galicia, que se estrutura nos seguintes títulos:

- **Título preliminar.** No capítulo I, de disposicións xerais, trata do obxectivo da eliminación da discriminación de xénero, dos conceptos de discriminacións directas e indirectas, do dereito á maternidade, das accións positivas e do obxectivo de erradicación dos prexuízos de xénero. O capítulo II trata nos seus artigos do principio de transversalidade, o significado da transversalidade, criterios de actuación e o impacto de xénero na elaboración das normas

- **Título I. Actuación administrativa da Xunta de Galicia.** O capítulo I, dedicado á educación e á formación para a igualdade entre mulleres e homes, trata nos seus artigos do currículo regulador do sistema educativo, a erradicación de prexuízos nos centros docentes, as cuestións de xénero no campo da educación superior, e da formación en igualdade de oportunidades.



O capítulo II, sobre a igualdade de oportunidades e medios de comunicación trata do fomento da igualdade nos medios de comunicación, os programas e as campañas contra a violencia de xénero, o fomento da igualdade nas novas tecnoloxías e os espazos electorais.

O capítulo III, da erradicación do uso sexista da linguaxe, fala da definición da linguaxe inclusiva e da erradicación do sexismo na linguaxe institucional e social.

O capítulo IV, da violencia contra as mulleres, trata das medidas de erradicación da violencia contra as mulleres e das actuacións xudiciais en materia de violencia contra elas.

O capítulo V, do Plan integral de apoio á familia, actualmente derogado pola Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

O capítulo VI, da igualdade laboral entre mulleres e homes, trata do Plan de emprego feminino, do Programa de apoio ás empresas con plans de igualdade, das actuacións neste campo de sensibilización, do control da legalidade dos convenios, da elaboración de ditames por requirimento xudicial e das atribucións sobre infraccións e sancións de orde social.

No capítulo VII, da inserción social das mulleres en situación de exclusión social faise mención ás mulleres en situación de risco de exclusión social e ás mulleres prostituídas.

No capítulo VIII, da participación das mulleres no desenvolvemento rural, trátase dos dereitos das mulleres no desenvolvemento rural e da titularidade e cotitularidade das explotacións agrarias.

O capítulo IX, da colaboración autonómica coas corporacións locais, trata da colaboración municipal nos plans e programas autonómicos e da promoción autonómica de plans municipais de igualdade.

- **Título II. As condicións de emprego na Administración pública galega**

O capítulo I, do acceso ao emprego público galego, trata sobre o fomento da composición equilibrada do persoal, do control das ofertas de emprego público, da composición paritaria de tribunais examinadores, das actuacións especiais en casos de infrarrepresentación e da promoción do exercicio de dereitos de conciliación.

O capítulo II, da igualdade retributiva no emprego público, sinala as garantías de efectividade da igualdade retributiva e da valoración excepcional do esforzo físico.

No capítulo III, sobre os dereitos de conciliación do emprego e da vida familiar, trátase das garantías do exercicio dos dereitos de conciliación, do complemento das prestacións por risco durante o embarazo, do dereito das mulleres xestantes a elixir o período de vacacións, da flexibilización da xornada por motivos familiares, da preferencia en cursos formativos autonómicos e do permiso de paternidade.



No capítulo IV, das medidas de prevención e de sanción do acoso sexual, defínese o acoso sexual e o seu carácter discriminatorio, preséntanse medidas de prevención do acoso sexual e expóñense unha declaración de principios, o procedemento informal de solución, o procedemento e as infraccións disciplinarias.

O capítulo V, da erradicación do acoso moral por razón de xénero, define o acoso moral por razón de xénero e relaciona garantías da erradicación do acoso moral.

En segundo lugar destacamos a aprobación da **Lei 2/2007, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia**, coa seguinte estrutura:

No **título preliminar**, baixo a rúbrica de disposicións xerais, establécese o obxecto e ámbito de aplicación da Lei, recolléndose o compromiso da introdución do principio de transversalidade no exercicio das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais, correspondendo este cometido ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, coa colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade.

No capítulo I do **título I** defínense os conceptos de discriminación directa e indirecta, acoso e acoso sexual; concrétase a excepción de boa fe ocupacional con relación á diferenza de trato lexítima e recoñécese a boa fe ocupacional con relación a actividades de atención a vítimas de violencia; recoñécese a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como o dereito de homes e mulleres á configuración do seu tempo buscando a corresponsabilidade, e promóvense accións de sensibilización social.

No capítulo II deste título créase a Unidade Administrativa de Igualdade do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, que funcionará coordinada e vinculada funcionalmente co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, coas funcións de asesoramento en materia de xénero, impulso da participación equilibrada de mulleres e homes nos postos de traballo do citado departamento, deseño de formación en materia de igualdade, colaboración co departamento competente en materia de igualdade na elaboración dos informes de impacto de xénero das normas do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, recepción das estatísticas que este elabora, promoción do principio de igualdade, asesoramento a empresas, revisión de convenios colectivos, elaboración de ditames e vixilancia sobre o cumprimento desta Lei.

No **título II** determínanse as medidas para a promoción da igualdade nas empresas, regulando os plans de igualdade que se articulen nestas, a responsabilidade social das empresas e a Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Con respecto aos plans de igualdade nas empresas, determínase o citado concepto como un conxunto de medidas que comprenden a fixación de obxectivos concretos, a elaboración dun



código de boas prácticas na organización do traballo, o establecemento de sistemas de control sobre o cumprimento e a transparencia na súa implantación, que será levado a cabo polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade. Serán de cumprimento obrigatorio para organismos autónomos e entidades públicas empresariais con participación da Comunidade Autónoma de Galicia, e voluntarios para as demais empresas, sendo apoiados económica e tecnicamente a través de convocatoria anual do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo.

As empresas poderán asumir accións de responsabilidade social a través de diversas medidas, sendo unha delas a promoción da participación das mulleres nos consellos de administración.

Créase a Marca Galega de Excelencia en Igualdade. Para a súa obtención, as empresas con domicilio en Galicia poden presentar un balance ao departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo sobre os parámetros de igualdade existentes na súa organización. Da concesión da marca derivaranse dereitos e facultades referidos á súa utilización comercial, consideración dos gastos destinados á implantación de plans de igualdade, subvención das cotizacións sociais por accidentes e enfermidades laborais e preferencia na adxudicación de contratos da comunidade autónoma.

Ha de recoñecerse o importante papel que o movemento cooperativo está a desenvolver na inserción das mulleres no ámbito profesional. Os principios inherentes a este tipo de sociedades dótanas dunha especial eficacia na busca de maiores niveis de igualdade.

No **título III** promóvese a igualdade no campo da negociación colectiva e das relacións de traballo colectivas, para o cal se crea a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva. Trátase dun órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade, adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais e con colaboración do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, con competencias na redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade, análise de convenios colectivos e organización de formación en igualdade.

No **título IV** establécese a integración da igualdade no emprego, e, en concreto, na formación profesional e nas políticas activas de emprego, contemplando que en calquera actividade formativa se poderán implantar medidas de acción positiva, introduciranse contidos obrigatorios sobre igualdade de oportunidades e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, con profesorado especializado, e, en todo caso, fomentárase a conciliación da vida persoal, familiar e laboral do alumnado, no ámbito de actuación do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo. As actividades formativas procurarán acomodar os seus



E, en terceiro lugar, foi relevante a aprobación en Galicia da **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**, que establece medidas conducentes a coordinar e planificar os recursos necesarios a través dunha correcta rede que integre medidas de información, de recuperación psicolóxica, de apoio económico, de inserción laboral e de acceso á vivenda. Consta da seguinte estrutura:

No **título preliminar** defínese o obxecto da Lei e descríbense as diferentes formas de violencia de xénero. Así, a Lei ten por obxecto a adopción de medidas integrais dirixidas á prevención e atención para o tratamento da violencia exercida contra as mulleres, así como á protección e asistencia ás vítimas. Ademais, quedan dentro do ámbito de aplicación da Lei todas as mulleres que vivan, residan ou traballen en Galicia e sufran calquera das formas de violencia descritas. As situacións de violencia sobre as mulleres afectan tamén ás e aos menores que se atopan no ámbito familiar, vítimas indirectas de violencia. A Lei considera a súa protección non só para a tutela dos dereitos das e dos menores, senón tamén para garantir de forma efectiva as medidas de protección e atención adoptadas con carácter xeral.

No **título I** regúlanse as medidas de prevención da violencia de xénero. Ao longo dos tres capítulos deste título abórdanse: en primeiro lugar, as medidas precisas para unha axeitada sensibilización social fronte a este problema, así como o papel primordial que deben cumprir os medios de comunicación social neste ámbito; en segundo lugar, as medidas de investigación e formación; e, en terceiro lugar, as medidas que se deben adoptar no ámbito da educación regulada, entre as que cabe destacar a revisión e adaptación do currículo educativo.

O **título II** regula as accións dos poderes públicos e das e dos profesionais precisas para protexer e asistir as mulleres que sofren violencia de xénero. Para iso garántese unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral ás mulleres que sufran violencia. Os dispositivos de alarma (teleasistencia) e os programas de reeducación son tamén instrumentos básicos para protexer aquelas que sufran violencia. Agora ben, todas estas medidas non son suficientes se ao final as vítimas carecen dos recursos precisos para iniciar unha nova vida en liberdade e afastada dos seus agresores.

O **título III** dedícase á organización do sistema de protección e asistencia integral e especializada fronte á violencia de xénero.



ESTRUTURAS PARA A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES

ORGANIZACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS

- ONU Mulleres: entidade das Nacións Unidas para a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres.

EUROPA

- Parlamento Europeo. Comisión dos dereitos da muller e igualdade de xénero.

ESPAÑA

- Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Dirección Xeral para a Igualdade de Oportunidades. Instituto da Muller.

GALICIA

- Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Igualdade.

ÁMBITO MUNICIPAL

- Concellarías da Muller



horarios e a súa situación ás necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e formativa do alumnado ao que fosen dirixidas.

As axencias de colocación velarán pola aplicación do principio de igualdade no acceso ao mercado laboral, podendo adoptar medidas de acción positiva para favorecer o acceso ao emprego do sexo menos representado.

Así mesmo, promoverase a incorporación de actividades feminizadas e realizadas sen remuneración á lista de cualificacións profesionais.

Finalmente, en todas as actuacións de políticas activas, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, coa periodicidade que sexa necesaria, definirá as accións para promover a inserción laboral das mulleres, tendo en conta, en especial, as mulleres do medio rural e as mulleres do sector marítimo-pesqueiro.

No **título V**, sobre integración da igualdade na política preventiva de riscos laborais, pretenden evitarse desigualdades na prevención, promovendo a realización de estudos estatísticos que permitan dispoñer de datos analizados por sexo no ámbito da saúde laboral, estudando accidentes de traballo e enfermidades profesionais manifestadas sobre un dos sexos, investigando a influencia da situación de mulleres e homes na familia con relación ás enfermidades laborais, establecendo formación específica en materia de saúde laboral e prevención de riscos dende a perspectiva de xénero e adaptando equipos de protección, circunstancias do posto de traballo e condicións da súa execución aos diversos condicionantes de xénero.

Articularanse medidas para combater en orixe os riscos derivados das condicións de traballo que poidan afectar negativamente ao embarazo, ao parto e á lactación natural, e realizaranse actuacións en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores laborais feminizados.

O **título VI** regula os bancos municipais de tempo e os plans de programación do tempo da cidade, medidas cuxa xestión será municipal, contando co apoio do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo, e coas cales se pretende mellorar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

O **título VII** regula o Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais, órgano de participación mediante unha canle de libre adhesión das asociacións de mulleres, onde se integrarán as secretarías da muller dos sindicatos e da Confederación de Empresarios e Empresarias de Galicia e con representación do departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade, determinándose as súas competencias, as súas normas de funcionamento e a forma de adhesión a el, así como as formas de financiamento para o seu funcionamento.



ANEXO I: SITUACIÓN ACTUAL DA PARTICIPACIÓN DAS MULLERES

Ao longo do último século, e particularmente nos últimos 20 anos, o acceso e a participación das mulleres en todos os ámbitos da esfera pública experimentou un grande avance. Este avance é bastante evidente nos ámbitos do emprego e da educación. No primeiro, houbo unha evolución positiva non só cuantitativa senón tamén cualitativa, ao ampliarse tamén a diversificación profesional das mulleres en ocupacións nas que non tiñan practicamente presenza e elevarse nos niveis profesionais que alcanzan. No segundo, o avance foi moito maior, en especial nas carreiras universitarias, aínda que a presenza de mulleres en carreiras técnicas segue sendo escasa.

Tamén se observa o aumento, aínda que o avance sexa máis lento, da presenza de mulleres en estruturas de decisión política, tanto dentro dos partidos políticos como nos diferentes niveis de goberno. No ámbito xudicial, a determinados niveis (xuíces-xuízas), practicamente existe paridade.

A participación dende o ámbito asociativo é tamén moi importante, as mulleres sempre participaron en movementos asociativos; hoxe en día supoñen arredor do 75% do voluntariado en asociacións de todo tipo. O desenvolvemento do movemento asociativo de mulleres permitiu o acceso a espazos e formas dende as que construír plataformas e deseñar estratexias de mellora e de avance, levando ao ámbito público as súas reivindicacións e os seus intereses ao mesmo tempo que eses espazos permitiron aprender a organizar as formas de actuación.

Todos estes avances non acontecen illados uns doutros, aínda que os niveis alcanzados en cada un sexan diferentes. Pero todos forman parte dunha mesma tendencia transformadora que cala na estrutura da organización social e constitúe unha das maiores revolucións do século XX, que continuará o seu desenvolvemento no XXI: o acceso das mulleres ao ámbito público, visible e recoñecido e a paulatina nova situación de mulleres e homes na sociedade, compartindo o poder político, económico, os espazos de participación social e as responsabilidades familiares, dende a súa autonomía como cidadás e cidadáns.

Para coñecer como se produciu esta evolución e que grao de participación social, política e económica tiñan mulleres e homes, utilízanse diversas variables (instrución, estado civil, idade...) e indicadores que facilitan a lectura e a interpretación da realidade, mostrando un diagnóstico da igualdade alcanzada ou desigualdade persistente. O diagnóstico, realizado a través da análise e da interpretación dende a perspectiva de xénero, permite ademais planear as estratexias e as actuacións tendentes a corrixir as desigualdades detectadas e prever os seus impactos en mulleres e homes.

En calquera caso, é evidente que este tipo de análises supoñen aplicar sistematicamente a disgregación por sexos de todos os datos referidos aos ámbitos enumerados; diferentes



organismos públicos e entidades persoais realizan a recollida de datos sobre a realidade económica, política, social, educativa, e/ou elaboran informes e realizan o tratamento da información, utilizando diferentes sistemas de mediación e indicadores cuantitativos. Especificamente, os organismos de igualdade entre mulleres e homes, entre as súas funcións veñen realizando unha importante tarefa na recollida, no tratamento e na interpretación de datos.

Por outro lado, é básico coñecer as fontes de información que conteñen os datos sobre a situación de mulleres e homes na sociedade, así como os estudos e as investigacións que se realizan.

PARTICIPACIÓN ECONÓMICA

Para analizar a participación de mulleres e homes na actividade económica e profesional é fundamental coñecer que conceptualización se ten da economía e dos factores que participan nela, e cara a onde está a evolucionar. Un factor clave de análise é o de coñecer como a división sexual do traballo ten separados os espazos e as actividades de mulleres e homes producindo a división entre traballo produtivo e traballo reprodutivo.

A visión da realidade económica habitualmente asocia o traballo exclusivamente ao terreo da produción de bens e servizos e a colocación de ambos os dous nun mercado cuns determinados prezos.

O **traballo reprodutivo** (realizado dende o ámbito doméstico) non ten un prezo, non existe como tal e non se contabiliza nas estatísticas oficiais; só así se explica que na enquisa de poboación activa, na categoría de "poboación inactiva" se inclúan, do lado de estudantes e pensionistas, as persoas dedicadas en exclusiva a "labores do fogar", ignorando grande parte da participación das mulleres nas actividades económicas posto que exclúe o traballo realizado no ámbito reprodutivo.

Dende a perspectiva de xénero, o traballo engloba as **actividades produtivas** (emprego) e as actividades reprodutivas, posto que ambas as dúas son produto da actividade humana para cubrir as súas necesidades e contribúen ao desenvolvemento social e económico, e polo tanto débense utilizar indicadores que dean conta destas realidades en toda a súa complexidade.

O aumento da presenza de mulleres no emprego é claro, aínda que continúan existindo factores que dificultan o seu acceso e a súa promoción profesional, como poden ser a repartición desigual das responsabilidades familiares -que fai que teñan unha dispoñibilidade menor- ou os estereotipos e as representacións mentais do empresariado sobre o traballo feminino e masculino -que inflúe na segregación ocupacional. Na situación laboral das mulleres inflúen tamén outros factores como o estado civil e a idade.



Para analizar a participación das mulleres no ámbito económico, é importante ter en conta diferentes criterios e sistemas de indicadores como:

- Presenza global de mulleres e homes no mercado de traballo (taxas de actividade, desemprego, ocupación...).
- Perfil da poboación activa, ocupada e parada segundo a idade, o estado civil e a formación.
- No caso das persoas ocupadas: que tipos de traballo realizan, diferenzas salariais, modalidades de contratación.
- Segregación no mercado: en que ramas de actividades e ocupacións se concentran homes e mulleres, e que nivel profesional alcanzan.
- Os relacionados co uso do tempo que comprenden as diferentes actividades que realizan as persoas ao longo dun período de tempo e permite facer visibles as diferentes tarefas e as funcións entre o xénero feminino e o xénero masculino. Como indicadores, analízase o tempo que dedican mulleres e homes ao: traballo doméstico (mantemento, coidado, compras, servizos...); educación (asistencia a cursos, estudos académicos, lectura ou estudo...); tempo libre (deportes, relacións sociais, lectura, viaxes...); traballo remunerado (ocupación laboral principal...).

Tendo en conta estes indicadores podemos coñecer, por exemplo a través do CSIC por medio da enquisa CERES sobre o uso do tempo, que o traballo non remunerado supón case o 50% do PIB e é realizado maioritariamente polas mulleres.

En resumo, os datos sobre como se sitúan mulleres e homes fronte ao emprego permítenos falar de logros e tamén identificar as diferenzas que marcan desigualdades:

- Respecto ao estado civil: a taxa de actividade baixa de mulleres solteiras a casadas, mentres que nos homes crece. Respecto ás taxas de paro este é moito maior nas mulleres casadas que nos homes casados.
- Respecto á idade: a taxa de actividade e de ocupación das mulleres alcanza complexidade máxima no intervalo de 25-29 anos e a partir de aí decrece rapidamente. Nos homes, a actividade crece ata o intervalo de 30-34 anos e a ocupación ata o de 40-49 anos, e a partir de aí decrecen pero moi lentamente. As diferenzas entre as taxas de paro están moi marcadas en dous períodos de idade: 20-24 anos e 30-34 anos.
- Por sectores de actividade, as menores diferenzas entre homes e mulleres atópanse no sector servizos. Nos demais sectores, as mulleres non alcanzan o 25% e na construción son tan só o 4%.



- Segundo o tipo de contrato e xornada, os datos indícanos que as mulleres constitúen a inmensa maioría das persoas asalariadas con contrato temporal e a tempo parcial.
- Con respecto ao tipo de ocupación, as mulleres son maioría nos empregos de tipo administrativo e nos de restauración e comercio. Pero tamén é importante destacar que constitúen xa preto da metade da poboación con empregos na categoría de técnicas/os profesionais, científicas/os e intelectuais.
- Con respecto á situación profesional observamos que a porcentaxe de mulleres emprendedoras se incrementa paulatinamente.

En definitiva, tanto en España, en xeral, como en Galicia, en particular, a situación laboral das mulleres caracterízase por:

- Ter unha taxa de actividade menor que os homes, pero sufrir unha taxa de paro maior e unha taxa de ocupación menor.
- Experimentar unha forte discriminación salarial que rolda os trinta puntos de diferenza cos homes e que é maior canto maior é a titulación.
- A segregación ocupacional horizontal, ao concentrarse nunhas poucas actividades profesionais.
- A segregación ocupacional vertical, xa que as mulleres están concentradas nas categorías profesionais máis baixas, mesmo en actividades onde a súa presenza é maioritaria (educación, sanidade...).

Non obstante, os cambios sociais, económicos e tecnolóxicos producidos nos últimos anos indican que esta situación está a cambiar e que a **división sexual do traballo** tradicional xa non é a única realidade.

- Cada vez menos mulleres e homes se identifican cunhas expectativas de papel asociadas exclusivamente a un ámbito.
- Moitas das tarefas que tradicionalmente se realizaban no ámbito doméstico, actualmente contrátanse no exterior e de feito fálase dos servizos de proximidades (atención a persoas dependentes...) dentro dos novos filóns de emprego.
- As novas tecnoloxías e a informática están a introducir cambios radicais na economía, que afectan ao emprego e aos perfís profesionais requiridos no mercado de traballo.
- Evoluciona tamén a cultura empresarial e as políticas de recursos humanos, valorándose habilidades como a visión global dos problemas, a capacidade de escoita e a negociación, o sentido práctico, que as mulleres aplicaron tradicionalmente no ámbito doméstico.



PARTICIPACIÓN POLÍTICA

- O obxectivo de lograr unha representación equilibrada entre mulleres e homes nas estruturas de decisión política, en igualdade de condicións, forma parte das propostas no marco da Plataforma de Acción da Conferencia de Pequín de 1995, da Estratexia Marco Comunitaria da Unión Europea; do IV Plan para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Instituto da Muller.
- Na comunidade galega, o IV Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas contempla como actuación impulsar a presenza das mulleres nos órganos de decisións e de postos de responsabilidade en todas as administracións públicas galegas. Nos últimos anos, aumentou notablemente a presenza de mulleres en postos de responsabilidade e decisión política, tanto dentro dos partidos como dentro dos diferentes niveis de Administración pública (Congreso, Senado, comunidades autónomas, deputacións e concellos). Formalmente, existe certo consenso sobre a necesidade de alcanzar un repartición equilibrada do exercicio do poder. Nos órganos de goberno nacionais o número de deputadas e senadoras incrementouse de forma imparable dende o ano 1977 ata hoxe. As diferenzas porcentuais entre as mulleres candidatas e as elixidas tamén se reduce considerablemente. Existen cada vez máis maxistradas e fiscais mulleres, e o número de xuízas supera o de xuíces. Non obstante, a presenza de mulleres é aínda escasa nos parlamentos das comunidades autónomas e na representación municipal.

PARTICIPACIÓN SOCIOEDUCATIVA

- Dende unha perspectiva histórica, o acceso das mulleres á educación académica regulada nos seus diferentes niveis é un logro bastante recente aínda que foron sempre educadoras e transmisoras de múltiples coñecementos a través da palabra e dende o seu papel dentro da estrutura familiar.
- Ás mulleres permíteselles acceder ao ensino a finais do século XVIII aínda que inicialmente os contidos se centraban en rezar e coser. En 1821 inclúense no seu ensino os contidos de lectura, escritura e cálculo. O modelo de escola imperante é a escola separada por sexos. En 1892 Emilia Pardo Bazán, conselleira de Instrución Pública, propón a escola mixta para todos os niveis; non obstante, agás nalgunhas experiencias (Escola Moderna, Institución Libre de Ensino), mantense a escola separada ata 1970, salvo na II República.
- A Lei xeral de educación de 1970 marca un fito importante na escolarización das mulleres e no seu acceso ao coñecemento xa que establece en España non só a escola mixta senón tamén o sistema obrigatorio de ensino para todas as nenas e nenos cos mesmos contidos curriculares para os dous sexos. Este feito facilitou o acceso á educación pero a



obligatoriedade do ensino non garantiu, nin garante o tratamento igualitario, posto que a escola mixta segue un modelo de ensino masculino, formalizado a través dos libros de texto, a interacción profesorado - alumnado, etc.

- Este feito fai necesario introducir o concepto de **coeducación**, o que supón levar a perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades ao ámbito educativo. Segundo Marina Subirats "...a escola mixta non é coeducativa, senón que supuxo a extensión dos modelos culturais masculinos ao conxunto da poboación, e un sistema escolar coeducativo debe permitir integrar na educación dos homes e das mulleres elementos culturais que antes aparecían como específicos de cada un dos sexos".
- Quantitativamente, o nivel formativo da poboación española incrementouse notablemente nos últimos anos. Actualmente, da poboación de máis de 16 anos con estudos secundarios e medios, as mulleres supoñen practicamente a metade e o mesmo da poboación que ten estudos técnico-profesionais superiores. Na universidade igualan ou superan o número de homes e en carreiras técnicas, pasaron de ser o 10% a principios dos 80 a ser a cuarta parte aproximadamente na actualidade.
- En xeral, o acceso a maiores niveis de formación inflúe positivamente no aumento das taxas de actividade e de ocupación das mulleres. Non obstante, o acceso á formación técnica é aínda escaso e isto implica unha permanencia da segregación ocupacional, freando o desempeño de ocupacións e de niveis profesionais con amplas perspectivas de desenvolvemento e de promoción.
- Os niveis educativos das mulleres galegas, seguindo a tendencia xeneralizada, alcanzan e superan os niveis dos homes en todos os niveis, incluída a universidade, onde as mulleres superan a metade do alumnado. Dentro do profesorado tamén son maioría, agás na FP e na universidade
- Para a análise da presenza de mulleres na educación débense ter en conta algúns indicadores:
 - Formación regulada: distribución da poboación por idade, sexo e nivel de instrución, taxas de escolarización de mulleres e homes, tanto por cento de persoas matriculadas e de persoas que rematan os seus estudos, sexo e opcións educativas en formación profesional e estudos universitarios, incluída a realización de doutoramentos.
 - Formación profesional ocupacional: alumnado formado, por sexo e rama; alumnado contratado despois da formación, por sexo; alumnado inserido por conta propia e allea.
 - Formación profesional continua: análise da participación das mulleres e homes na formación profesional continua, materias nas que se forman, motivacións por sexo.



FONTES DE INFORMACIÓN

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA e INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA

- Estatística do ensino superior en España
- Enquisa de poboación activa.
- Datos de paro rexistrado.
- Anuario estatístico.
- Enquisa de salarios na industria e nos servizos.

INSTITUTO DA MULLER

- Enquisa sobre usos do tempo.
- Muller en cifras.



ANEXO II: CAMBIOS NA SITUACIÓN DA MULLER NOS ÚLTIMOS 25 ANOS

Políticos

- En España o dereito ao voto da muller non se consegue ata a II República da man de Clara Campoamor. Nesta época melloran as condicións laborais da poboación, se ben a muller tiña menor salario, xeneralizábase o acceso á educación primaria e permítese a entrada das mulleres na universidade, polo que pouco a pouco van conseguindo empregos máis cualificados.
- A Guerra Civil española fai que as mulleres se incorporen de forma masiva ao ámbito laboral, pero cando finaliza restablécese o Código Civil de 1889 e prodúcese unha volta das mulleres ao ámbito doméstico. Non se pode traballar sen o consentimento do marido, nin tampouco abrir unha conta bancaria ou administrar o propio diñeiro.
- Esta situación prolongouse ata o 24 de xullo de 1961, data na que se promulga a Lei sobre dereitos políticos, profesionais e de traballo da muller. Nesta lei recoñécese o dereito ao mesmo salario e fixo desaparecer a excedencia forzosa no traballo ao casar, pero mantivo a esixencia da autorización do marido para poder traballar.
- En 1975 coa reforma do Código Civil, desaparecen as limitacións que o matrimonio lles impón ás mulleres, xa poden traballar sen ter que pedir a autorización, realizar contratos e actos sen que o marido exerza a súa representación.
- O artigo 14 da Constitución española abre definitivamente en 1978 o camiño cara á igualdade real e efectiva entre mulleres e homes; así como o recoñecemento ao traballo de todos os españois no seu artigo 35 e, ademais, o 9.2 impón aos poderes públicos a obriga de promover as condicións necesarias e remover os obstáculos existentes, para que a igualdade sexa real e efectiva entre a cidadanía.
- Dende 1976 ata a actualidade fóronse eliminando os obstáculos legais que lles impedían ás mulleres exercer con plenitude o seu dereito ao traballo. Así mesmo, incorporáronse importantes dereitos sociais a través de plans, medidas e lexislación en materia de igualdade de oportunidades.
- O exemplo máis recente e máis importante constitúeo a aprobación da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, cuxo título IV se ocupa do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades, incorporando medidas para garantir a igualdade entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesional e nas condicións do traballo. Esta lei proxecta o principio de igualdade sobre os diversos ámbitos do ordenamento da realidade social, cultural e



artística na que poida xerarse ou perpetuarse a desigualdade, de aí a consideración da dimensión transversal da igualdade, sinal de identidade do moderno dereito antidiscriminatorio, como principio fundamental do presente texto.

- Esta lei formula como obxectivo principal aumentar a participación das mulleres no mercado de traballo e contempla medidas para facer posible a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Emprego

- Os cambios nestes últimos 25 anos, (1983-2008) non só foron dende o punto de vista legal, se ben este aspecto foi fundamental para o avance noutras facetas como o emprego, a educación, a participación política e social, entre outros.
- Segundo o Informe das "mulleres en cifras 1983-2008" do Instituto da Muller nestes 25 anos a taxa de ocupación feminina pasou do 22,7% ao 44,1% aínda que a presenza feminina continúa sendo deficitaria na dirección de empresas e postos de responsabilidade. Así mesmo, o paro feminino segue sendo máis elevado que o masculino, pois as mulleres paradas supoñen cerca do 54,4% do total de persoas en situación de desemprego.

Uso do tempo

- Dende o ano 1983 ata o 2006, data da última enquisa sobre uso do tempo do Instituto da Muller, o tempo dedicado polas mulleres ao traballo doméstico descendeu significativamente, pasando de case 8 horas diarias a preto de 6. Non obstante, ese descenso non foi debido a unha maior corresponsabilidade por parte dos varóns, que, mesmo, dedican a estas tarefas menos tempo en 2006 que en 1993, 2 horas e 20 minutos, fronte a 2 horas e media, senón á maior incorporación das mulleres ao traballo remunerado: isto fai que, en xeral, se dedique a estas tarefas menos tempo e que parte deste traballo sexa realizado a través de recursos externos ou outras formas de organización.

Educación

- Segundo o Informe das "mulleres en cifras 1983-2008" do Instituto da Muller, dende o curso 1982-83, a participación feminina na universidade foi elevada, non obstante, na actualidade esta participación é xa claramente maioritaria. No curso 2006-2007, a porcentaxe de alumnas matriculadas superaba o 54%, o que indica que as mulleres se atopan globalmente máis preparadas que os homes. Este feito, non obstante, segue sen ter unha tradución no acceso ao mercado de traballo e, aínda menos, a postos de dirección ou de responsabilidade.



- Segundo datos da publicación: I Plan de Igualdade en Educación da Consellería de Educación (reedición 2007), o desequilibrio existente entre o número de alumnas e alumnos en determinadas familias profesionais, así como nas distintas modalidades de bacharelato e nas distintas ramas universitarias, poñen de manifesto unha división do traballo sexuada que é necesario corrixir na dirección e facer efectiva a igualdade na elección profesional para toda a cidadanía.
- Datos como que o 96,8% do alumnado matriculado na familia profesional de Imaxe Persoal sexan mulleres, que o 81,8% do alumnado da modalidade Tecnolóxica de bacharelato sexan homes e que nas carreiras técnicas haxa un 75% de alumnos fronte ao 63,7% de alumnas das carreiras de humanidades, veñen a ilustrar esta segregación horizontal na elección dos estudos (cursos 2004-2005 e 2005-2006).
- Segundo datos do "Anexo ao Plan Estratéxico para a Igualdade de Mulleres e Homes 2010-2013" durante o curso 2006-2007, no segundo ciclo da ESO, no Bacharelato e na FP, as mulleres constitúen unha porcentaxe maior de matriculación que os homes (un 73,3% fronte ao 63,4% deles) cunha diferenza de case 10 puntos porcentuais. No ensino universitario de primeiro e segundo ciclo, as mulleres representan o 41,3% fronte ao 32,1% dos homes, e en ensinanzas universitarias de terceiro ciclo, as mulleres supoñen o 1,5% e os homes o 1,4%.



Ámbito económico

- Independentemente da crecente participación das mulleres no ámbito económico, a súa presenza nos órganos de decisión e poder empresarial é case marxinal. Tomando como referencia as empresas incluídas no IBEX 35, vemos que, en 2007, a presenza de mulleres nos seus Consellos de Administración se duplicou, alcanzando o 6,4%, dende o 2,5% contabilizado en 2004, debido á aprobación da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



DEBES LEMBRAR

Acción positiva.

Medidas dirixidas a un grupo determinado coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

Conciliación do traballo e da vida familiar.

Introdución de sistemas de permiso por razóns familiares, de permiso parental, de atención a persoas dependentes (menores, persoas maiores, con discapacidade) e creación dunha estrutura e organización do contorno laboral que facilite a homes e a mulleres a combinación do traballo e das responsabilidades familiares.

Diferenza de retribución entre homes e mulleres.

Diferenza de soldo medio entre homes e mulleres por traballos equivalentes.

Discriminación directa.

Situación na que se trata a unha persoa menos favorablemente en razón, por exemplo, do seu sexo. A discriminación directa existe cando a lexislación ou as normativas especifican un motivo como o sexo, por exemplo, para negar a igualdade de oportunidades.

Discriminación indirecta.

Situación na que unha lei, un regulamento, unha política ou unha práctica, aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre as persoas dun ou doutro sexo.

División do traballo.

A división do traballo remunerado e non remunerado entre homes e mulleres, tanto na vida privada como na pública, en función dos roles que tradicionalmente lles foron asignados.

Xénero e sexo.

XÉNERO: Concepto que fai referencia ás diferenzas sociais (por oposición ás biolóxicas) entre homes e mulleres que foron aprendidas, cambian co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

SEXO: Características biolóxicas que distinguen ao macho da femia.



Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Ausencia de toda barreira que, baseada no sexo da persoa, impida a súa participación económica, política e social.

Igualdade de trato entre mulleres e homes.

Ausencia de discriminación, directa ou indirecta, por razóns de sexo.

Roles establecidos en función do sexo.

Pautas de acción e comportamento asignadas a homes e a mulleres, respectivamente, e que rexen as relacións entre as persoas, e segundo as cales se atribúen a uns e outras distintos traballos e valor, responsabilidades e obrigas.

Trasversalidade/Mainstreaming de xénero.

Integrar sistematicamente as situacións, prioridades e necesidades respectivas de mulleres e homes en todas as políticas, con vistas a promover a igualdade entre homes e mulleres, e recorrer a todas as políticas e medidas xerais co fin específico de lograr a igualdade, tendo en conta activa e abertamente, desde a fase de planificación, os seus efectos nas situacións respectivas dunhas e doutros cando se apliquen, supervisen e avalíen.

Perspectiva de xénero.

Ter en consideración e prestar atención ás diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dados dunha política.

Segregación horizontal.

Concentración de mulleres e de homes en sectores e empregos específicos.

Segregación vertical.

Concentración de mulleres e de homes en graos e niveis específicos de responsabilidade ou de postos.



AUTOAVALIACIÓN

1. Respecto aos conceptos de sexo e xénero podemos afirmar:
 - a) Que o sexo é unha creación cultural
 - b) Que o sexo é unha atribución biolóxica.
 - c) Que o xénero é unha creación social.
 - d) Son correctas as respostas b e c.
2. Desde o ámbito da igualdade de oportunidades para homes e mulleres podemos estudar discriminacións:
 - a) Directas e indirectas.
 - b) Por razón de sexo, relixión, nacemento, ou raza.
 - c) Inversa e proporcional.
 - d) Horizontal e vertical.
3. Dos que aparecen a continuación, ¿cal identifica como obxectivos das políticas públicas de igualdade de xénero?:
 - a) A corresponsabilidade das tarefas familiares.
 - b) O empoderamento das mulleres.
 - c) A presenza equilibrada de homes e mulleres nos órganos de poder e de decisión política.
 - d) Todas son correctas.
4. Con cál dos seguintes principios identifica esta definición: integrar sistematicamente as situacións, prioridades e necesidades respectivas de mulleres e homes en todas as políticas e en todas as súas fases?
 - a) Perspectiva de xénero
 - b) Transversalidade.
 - c) Mainstreaming de xénero
 - d) As respostas b) e c) son correctas.



5. As medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar están dirixidas a:
- a) As mulleres.
 - b) Os homes.
 - c) As mulleres e os homes.
 - d) As mulleres que teñen un traballo remunerado ademais das responsabilidades familiares.



SOLUCIONARIOS AUTOEVALUACIONES

SOLUCIONARIO MÓDULO I

- 1- D
- 2- C
- 3- B
- 4- A
- 5- A

SOLUCIONARIO MÓDULO II

- 1- A
- 2- C
- 3- B
- 4- D
- 5- C

SOLUCIONARIO MÓDULO III

- 1- D
- 2- C
- 3- A
- 4- D
- 5- B

SOLUCIONARIO MÓDULO IV

- 1- A
- 2- B
- 3- D
- 4- A
- 5- A



SOLUCIONARIO MÓDULO V

- 1- C
- 2- A
- 3- A
- 4- B
- 5- B

SOLUCIONARIO MÓDULO VI

- 1- D
- 2- A
- 3- A
- 4- C
- 5- A

SOLUCIONARIO MÓDULO VII

- 1- C
- 2- C
- 3- D
- 4- B
- 5- A

SOLUCIONARIO MÓDULO VIII

- 1- D
- 2- A
- 3- D
- 4- D
- 5- C



MÓDULO IX: LINGUA GALEGA

TEMA 1.- COMUNICACIÓN

A COMUNICACIÓN

A comunicación humana é a que se establece entre os seres humanos para intercambiar pensamentos, inquiredanzas e experiencias. É a emisión dunha mensaxe que debe ser comprendida.

Interveñen os seguintes factores:

- EMISOR: a persoa que envía a mensaxe.
- RECEPTOR: a persoa que recibe a mensaxe, é a persoa á que vai dirixida a información.
- MENSAXE: é o contido da información, é o que se transmite.
- CÓDIGO: é o sistema de signos que deben ser coñecidos polo emisor e polo receptor.

As súas funcións son:

- REPRESENTATIVA ou REFERENCIAL: relacionada co contexto, é cando se emprega a lingua para dar unha noticia, narrar un suceso, describir un lugar ou transmitir contidos. **Contexto.**
- EXPRESIVA: relacionada co emisor, para expresar sentimentos de admiración, entusiasmo, dor... O falante manifesta o estado psíquico ou os sentimentos. **Emisor.**
- APELATIVA: relacionada co receptor, para chamar a atención de alguén, dar unha orde, pedir auxilio, atraer a atención do oínte. **Receptor.**
- METALINGÜÍSTICA: emprega a lingua para falar das estruturas lingüísticas.
- POÉTICA: transmite con beleza e elegancia os pensamentos. **Mensaxe.**



TEMA 2.- ALFABETO

O ALFABETO

O alfabeto galego posúe 23 letras: 5 vogais e 18 consoantes.

- As vogais son: a, e, i, o, u.
- As consoantes son: b, c, d, f, g, h, l, m, n, ñ, p, q, r, s, t, v, x, z.

A orde de todas as letras no alfabeto galego é:

ALFABETO	
A-a	a
B-b	be
C-c	ce
D-d	de
E-e	e
F-f	efe
G-g	gue
H-h	hache
I-i	i
L-l	ele
M-m	eme
N-n	ene
Ñ-ñ	eñe
O-o	o
P-p	pe
Q-q	que
R-r	erre
S-s	ese
T-t	te
U-u	u
V-v	uve
X-x	xe
Z-z	zeta

As letras: j (iota), k (ka), w (uve dobre, dobre uve), y (i grego), ç (ce cedilla) son de orixe estranxeira.

Son dígrafos: ch, ll, qu, gu, nh, rr.

Aínda que j é unha letra allea do alfabeto galego, úsase en palabras tomadas doutros idiomas, con distintas pronuncias: *jacuzzi, jazz, jeep, jet, jockey, judo, jumbo, júnior, júnker; jaima, jondo.*



Aínda que **k** é unha letra allea do alfabeto galego, úsase en palabras tomadas doutros idiomas: *kafkiano, kaiak, káiser, kamikaze, kantismo, karate, karma, kart, kelvin, kharxa, kiowa, kiwi, kosovar, kuwaití*.

Aínda que **w** é unha letra allea do alfabeto galego, úsase en palabras tomadas doutros idiomas: *wagneriano, walkie-talkie, walkman, wáter-polo, wéber, wéstern, whisky, windsurf*.

Aínda que **y** é unha letra allea do alfabeto galego, úsase en palabras tomadas doutros idiomas: *yang, yeísmo, ye-yé, yin, yonqui, yuan, yuppie*.

Para ordenar alfabeticamente

- Pola primeira letra segundo o alfabeto galego
- Se todas as palabras coinciden na primeira letra hai que observar a segunda e ordenalas por esa segunda letra: abella, acaba, aderezo, aéreo, afección, agosto.
- Se coinciden as dúas primeiras letras hai que fixarse na terceira e ordenalas alfabeticamente segundo esta terceira: bébedo, beber, bebida.



1. **Complete coas letras que faltan:** a f m l ...
2. **Ordene alfabeticamente as seguintes letras:** t, n, e, x, g, l, z, h, m, a, q.
3. **Ordene alfabeticamente:** dieta, alimento, comida, esforzo, garavanzos, bebida, fibela.
4. **Ordene alfabeticamente:** ensalada, ameixas, friame, botella, dátil, cazola, galleta.
5. **Ordene alfabeticamente os seguintes nomes propios:** Carlos, David, Pilar, Daniel, Adolfo, Teresa, Luis, Quique, María, Oliva.
6. **Ordene alfabeticamente:** pastilla, pus, pouso, piñeiro, plástico, protector, pelota.
7. **Ordene alfabeticamente:** fácil, fonda, furar, feliz, firme, fraco, fondo, flanco.
8. **Ordene alfabeticamente:** optimista, obreiro, omitir, oasis, oficio, ostras.
9. **Ordene alfabeticamente:** cuberta, cromo, censo, comisario, cemento, clase, casino.
10. **Ordene alfabeticamente:** fotógrafo, fortaleza, foco, fogón, fondo, folio.
11. **Ordene alfabeticamente:** migrado, migración, migrar, migratorio, migueliño, milésimo.
12. **Ordene alfabeticamente:** papel, padrón, pan, palma, país, paciencia, paquete.
13. **Ordene alfabeticamente:** inseguro, especial, verán, inmenso, espazo, variable, interior, estraño, vinte, infinito, vivir, esfera.
14. **Ordene alfabeticamente:** domingo, luns, martes, mércores, lúa, mercurio, marte, venres, sábado, xoves, xúpiter, terra, neptuno.
15. **Ordene alfabeticamente:** boneca, corpo, cebola, orquestra, cuña, procurar, maceta, parque, carne, cogomelo, recordo, procurar, cuña.



TEXTO

Veume ver Aia.

Estaba eu deitado, doente, no leito, cismando nun milleiro de cousas dabondo importantes: o fondo en milímetros que acadara o meu embigo, rodeado todo el daquela tona graxenta que os anos e mais a nugalla lle botaran enriba, ou preguntándome, como cando era eu neno, onde carallo teríamos a alma, se é que era certo aquilo de que acougaba na caixa do peito: se a rentes da soá, se por onde a paletilla ou, pola contra, se, simplemente, no bandullo; sitio, a non dubidalo, ben axeitado, por certo; cando entrou ela.

Estaba eu, naquel intre, ollando de rebolo o peito, albiscando o meu respirar pousado, pendente do seu balo e devalo compasado, e mais dunha mosca grandeira e grosa coma un tabán, moura, que teimaba por se pousar xusto no teto dereito, cousa que, certamente, non me contentaba moito, amais de me distraer da miña preocupación fundamental: sobe o peito, baixa a alma, síntoa no bandullo: son moito horas de xantar; canto sentín unha aguilloada na miña derradeira situación anímica ao tempo que o meu respirar ficaba pendurando nun silencio case fúnebre e, obxectivamente, dramático, ao vela a ela: aquela muller tiña a virtude de alterarme o parénquima hepático e mais a función respiratoria, todo xunto.

Alfredo Conde, Breixo

QUÉN É O AUTOR

ALFREDO CONDE é un escritor e político nacido en Allariz no ano 1945. Estudou Náutica na Coruña e Historia en Santiago de Compostela. Traballou como mariño e tamén como profesor nun colexio privado. Foi deputado no Parlamento de Galicia como independente no grupo do PSdeG e conselleiro de cultura con Fernando González Laxe. Foi o primeiro presidente do PEN Club de Galicia. Foi columnista en periódicos de tirada nacional *El País*, *Diario 16*, *ABC* ou no francés *Le Monde*, e tamén en *La Voz de Galicia*.

Obtivo entre outros premios:

Premio da Crítica española, por Breixo.

Premio da Crítica de Galicia, por Breixo.

Premio Chitón de novela por Memoria de Noa.

Premio Ícaro por Memoria de Noa.

Premio Blanco Amor, por Xa vai o griffón no vento.

Premio da Crítica española, por Xa vai o griffón no vento.

Premio Nacional de Literatura en narrativa, por Xa vai o griffón no vento.

Premio Nadal por Los otros días.

Entre as súas obras cómpre destacar:

Narrativa: Mementos de vivos, Come e bebe que o barco é do amo, Memoria de Noa, Xa vai o griffón no vento, Sempre me matan, Romasanta, Memorias incertas do home lobo.

Poesía: Mencer de lúas.



EXERCICIOS DO TEXTO

1. **Ordene alfabeticamente:** cismando, cousas, embigo, graxenta, nugalla, acougaba, bandullo, albiscando, preocupación, alma, aguilloada, fúnebre, hepático.
2. **Ordene alfabeticamente:** deitado, doente, dabondo, despois, dentro, diferente, doces.
3. **Ordene segundo saian no texto as palabras:** cousas, función, neno, leite, embigo, teimaba, alma, caixa, tona, soá, bandullo, mosca, peito.



TEMA 3.- ACENTUACIÓN

AGUDAS, GRAVES, ESDRÚXULAS

En galego levan acento:

- As palabras **agudas** que teñen como sílaba tónica a última e rematan en vogal, en consoante -n, consoante -s e grupo consonántico -ns; agás cando a vogal forma parte de ditongo ou ditongo mais -s: avó, camión, compás, cancións; partiu, ademais. Non se acentúan as monosílabas, agás as de acento diacrítico.
- As palabras **graves** que son as que teñen como sílaba tónica a penúltima e rematan en consoante distinta de -n, -s, -ns ou en ditongo máis -s: fácil, amábeis. Non levan tampouco acento as graves que rematan en vogal: doutra.
- As palabras **esdrúxulas** teñen como sílaba tónica a antepenúltima e acentúanse todas: véspera, plátano.

DIACRÍTICOS

Son parellas de palabras que se distinguen pola acentuación.

CADRO DE DIACRÍTICOS	
á (a + a art; subst.)	a (art; pron.; prep.; nome de letra)
ás (a + as art.; subst.)	as (art; pron.; nome de letra)
bésta ('arma')	besta ('animal')
bóla ('esfera')	bola ('pan')
cá (ca + a)	ca (conx.; negación)
cás (ca + as)	cas (prep.)
chá ('plana')	cha (che + a)
chás ('planas')	cha (che + as)
có (ca + o)	co (con + o)
cómpre ('é mester')	compre ('merque')
cómpren ('son mester')	compren ('merquen')
cós (ca + os, subst.)	cos (con + os)
dá (P3 pres. e imp. de dar)	da (de + a)
dás (P2 pres. de dar)	das (de + as)
dó ('compaixón'; 'nota musical')	do (de + o)
é (pres. de ser)	e (conx.)
fóra (adv.)	fora (antepretérito de ser e ir)
má ('ruín')	ma (me + a)
máis (adv. e pron.)	mais (conx.)
más ('ruíns')	mas (me + as)
nó (subst.)	no (en + o)
nós (pron. tónico; pl. de nó)	nos (pronome átono; en + os)



CADRO DE DIACRÍTICOS	
ó (a + o)	o (art; pron.)
ós (a + os)	os (art; pron.)
óso (do corpo)	oso ('animal')
pé (base, parte do corpo)	pe (letra)
póla ('rama')	pola ('galiña'; por + a)
pór ('poñer')	por (prep.)
présa ('apuro')	presa ('prendida'; 'presada'; 'de auga')
sé ('sede eclesiástica'; imp. de ser)	se (conx.; pron.)
só (adv. e adx.)	so (prep.)
té ('infusión')	te (pron.; letra)
vén (pres. de vir)	ven (pres. de ver; imp. de vir)
vés (prs. de vir)	ves (pres. de ver)
vós (pron. tónico)	vos (pron. átono)

PALABRAS CON ACENTUACIÓN PARTICULAR

Acne, aerólito, alvéolo, amálgama, amoníaco, anódino, ástur, atmosfera, auréola, bérber, cámping, chofer, ciclope, cóengo, colon, conclave, decagramo, electrólise, elite, endócrino, fotólito (substancia), gladiólo, hectolitro, heroe, hidrosfera, lígur, litosfera, medula, mísil, omoplata, parasito, paxaro, pecíolo, período, perito, popurrí, prénsil, radar, réptil, rícino, rubéola, téxtil, traquea, varíola, xermolo.

DITONGO

É a reunión nunha soa sílaba dunha vogal forte e unha vogal débil (ditongo **decrecente**: enteiro), de vogal débil e vogal forte (ditongo **crecente**: canción) e de vogal débil e vogal débil (ditongo **homoxéneo**: partiu).

- Son vogais fortes: a, e, o.
- Son vogais débiles: i, u.

Para acentualos márcase a vogal forte sempre que cumpra as normas vistas anteriormente: canción, contóunolo.

Cando hai dúas vogais débiles, se son ditongo hai que seguir as normas e acentuar a primeira das débiles: partíullela.

HIATO

Son dúas vogais que nunca forman sílaba; dúas fortes sempre son hiato (aéreo), forte e débil (aínda), débil e forte (día) ou dúas débiles (ruído, viúvo).

Márcase o acento sobre a vogal débil ou na segunda das débiles.

Se son dúas fortes seguen as normas de acentuación vistas.



TRITONGO

Son tres vogais nunha sílaba, dúas débiles aos lados e a forte no medio: fieis.

Acentúase sempre a forte segundo as normas, no caso de levar acento unha das débiles convértese en ditongo e hiato ou hiato e ditongo.

DIÉRESE

Úsase coa letra "u" para sinalar que hai que pronunciala: güe, güi: bilingüe, pingüín.

Úsase coa letra "i" na P4 e P5 dos verbos rematados en -aer, -oer, -aír e -oír para distinguir as formas do copretérito das de presente de subxuntivo, para indicar que forman sílaba por si mesmas.

Tamén levan diérese os verbos rematados en -uír aínda que non hai homonimia.

COPRETÉRITO	PRES. SUBX.
caía	caia
caías	caias
caía	caia
caíamos	caiamos
caíades	caiades
caían	caian



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

1. **Poña acento a:** ataude, casuístico, temia, raiz, moito, rail, niño, xuzo, aínda, miudo, feriu, acuífero, calou, envíei, Bueu, xesuíta.

2. **Poña o acento onde cumpra e clasifique as palabras segundo sexan agudas, graves, esdrúxulas e segundo teñan ditongo, hiato ou tritongo:**

1. textil	1. propio	1. maledicencia	1. xa
2. cerámica	2. policía	2. arcaísmo	2. haren
3. vinganza	3. agridoce	3. bisturi	3. cacto
4. década	4. traxedia	4. ousadía	4. chimpance
5. replica	5. irma	5. tiraliñas	5. habil
6. censurabeis	6. denuncia	6. imprescindibel	6. loei
7. dubida	7. ai	7. xaponeses	7. andazo
8. vinda	8. diluíu	8. isosceles	8. ala
9. escribin	9. avo	9. rubi	9. transeunte
10. pelica	10. prohibiu	10. lección	10. infección
11. lapis	11. sombrío	11. profecía	11. acabou
12. multinacionais	12. caracol	12. simbiose	12. faisán
13. saúde	13. larinxite	13. xaxun	13. bemol
14. sífilis	14. imbecil	14. plurais	14. illo
15. supremacia	15. consul	15. área	15. zona
16. conxuxe	16. botánica	16. personaxe	16. metodico
17. gratis	17. intrínseco	17. voraz	17. liberdade
18. covardía	18. obsequio	18. tose	18. habera
19. fariseo	19. recibiu	19. veludo	19. doenza
20. aflicion	20. cardíaco	20. ducia	20. bebedo

3. **Acentúe correctamente e clasifique:**

- Se fora fora había ver o frío que vai.
- Xa podes pechar a porta porque non vai vir ninguén máis.
- Bebe pouco, que se bebes moito despois haite que levar a casa.
- Se ves que hoxe chegas tarde, ves mañá.
- Cantos cadelos trouxo a cadela?
- Para cargar eses toros compre un pouco máis de forza.

4. **Acentúe segundo as normas:**

- Na rúa onde vivía miña tía había un baúl que so se vía de día, aínda que de noite saía a lua e o iluminabao.
- Colleu a agulla, picou o dedo, botou sangue e pediu auxilio. Tomei unha gasa e non me serviu, collín unha toalla e puxenlla.



- c) Dixo el que hoxe a tarde e o mellor dia para ir aos cogomelos e as castañas.
- d) No tempo dos apostolos habia uns homes moi barbaros que subian as arbores e comian os pexegos.
- e) A avoa colleu o fio e pediu a agulla para ir coser ao seu cuarto.
- f) Helena toca a harmonica na horta mentres Henrique varre coa vasoira.
- g) O exterior esquerdo do Marin e estranxeiro, mais xoga mais e mellor que os de aqui.
- h) Nos somos asi; ainda que nos ofrecian alguns cartos, negamonos a sair pola television.
- i) Xamais pensei en Elias, el non e o rei do xogo. Todos os anos o botan dos equipos nos que xoga.
- l) Non esaxero se digo que e estraño ser bilingüe aqui, ainda que hai alguns que o son.
- m) O avogado recibiu o acusado na rua e colleu un taxi vermello.
- n) Ai habia uns homes moi divertidos que partian ovos coas balas de pistola que atoparon nun oco da parede.
- ñ) Para cumprir as nosas leis, traian os papeis traducidos a nosa lingua e asi xamais entraban no carcere.
- o) Vos vivistes nun pais que trataba ben as mulleres. Ali nunca houbo discriminacion sexual.
- p) As catro da tarde, as duas irmas decidiron ir a casa da avoa levarlle a torta que compraran.

5. Coloque a diérese se é necesario:

ambiguidade	abranguer	unguento
piraguismo	guillotina	aguerrida
anguiliforme	bodegueiro	antiguidade
bilingue	sangue	merengue
ortigueira	pinguín	guerra
guiso	lingueta	cargueiro
pingue	aguinaldo	aguia
exsangue	alugueiro	contiguidade
exiguidade	albergue	alfandegueiro
linguista	egua	figueira



6. Acentúe os diacríticos e faga unha frase mostrando a diferenza coa parella:

Veú con moita presa para dicirnos que colleran presa a activista.

Xa estaba no bordo da rúa cando lle dixo a súa nai: Xa non bordo máis!

O xoves hai unha concentración de mozos no pavillón grande.

Co rego que abriron polo medio da horta, rego as miñas plantas canto quero.

Ola!, saudou Xusto ao entraren, namentres na cociña a ola seguía a ferver.

Fomos nos e non vos quen dixo a verdade.

7. Acentúe o seguinte texto:

TEXTO

Unha vez unha raposa polo monte e viu voar unha agúa moi alta.

- Ai, ho! -dixolle berrando-. Para onde vas?
- Vou as vodas do ceo, respondeulle a agúa.
- E logo? Hai vodas hoxe?
- Hai e moi boas, por certo.
- Pois eu quería ir, como faremos?
- Eu te levarei!

Entón a agúa pousouse no chan, a raposa subiuselle as costas e botaron a voar. Ao iren xa moi alto, a agúa fixo un recorte e chimpou a raposa embaixo. E a raposa, a o ver que ia caer por riba dun penedo puxose a berrar.

- Fuxe, laxe, que te esfarelo.

que se saio desta

non torno as vodas do ceo.

Conto popular galego



8. Identifique e clasifique as palabras do texto que teñan ditongo, hiato, tritongo.

TEXTO

Era unha gran troita que só saía no solpor, co seu lombo verde de pencas negras. Todos dicían que ían pescar a nai das troitas, pero non recordo ter visto nunca a ninguén con cama naquela paraxe. Agora hai plásticos azuis prendidos nas raíces dos ameneiros. Quizais as novas troitas fan casas como as dos emigrantes de Terra Nova ao volveren de Europa, substituíndo a pedra por azulexería, a madeira por aluminio, e as tellas por uralita. Boto á auga unhas follas de menta.

Manuel Rivas, Os comedores de patacas

9. Ordene segundo aparecen no texto as seguintes palabras :paraxe, follas, raíces, aluminio, emigrantes, lombo, solpor, troita, pencas, tellas.

QUÉN É O AUTOR:

MANUEL RIVAS é escritor, poeta, ensaísta e xornalista, naceu na Coruña, a súa obra desenvolveuse fundamentalmente en galego, aínda que tamén escribe artigos en castelán para o xornal *El País*. Entre as súas obras destacan:

Contos: ¿Que me queres, amor? co famoso relato "A lingua das bolboretas" da que se fixo unha película; outro libro de relatos: Ela, maldita alma.

Narrativa curta: Os comedores de patacas, O lapis do carpinteiro (tamén película de Antón Reixa), Premio da Crítica española; En salvaxe compañía. As súas últimas obras: Os libros arden mal, Os Grouchos...

Poesía: Balada nas praias do Oeste, Costa da Morte blues, A desaparición da neve...

Teatro: O heroe

Como periodista colaborou en prensa, radio e televisión.

Foi socio fundador de Greenpeace en España, participou na plataforma *Nunca máis*, cando foi o desastre do Prestige.



10. No seguinte texto de Xesús Valcárcel, sinala se hai ditongo, hiato ou tritongo no seguinte texto.

TEXTO

O sol deitaba unha raxeira fría sobre os patios, un sol de inverno e remoto. Pola tardiña, despois dun estudo, veu o Pelao, cazadora de coiro negra, ameazante, como un gladiador vestido de fantasía. O Pelao dábanos medo; el sabía e compraciábase en producirnos esa repulsión. Na súa actitude había unha necesidade de chamar a atención, un reclamo dorido e distante que a min non me gustaba. Non andaba ben vestido, e iso é algo que priva de encanto a un home. Un día pillou unha víbora, e traíaa metida nunha botella. Achegouse ás reixas con ela, tapada coa cazadora e, de súpeto mostrouna.

- Que é, Pelao?
- Non lle chames Pelao.
- Ola, Miguel -díxolle Rosa.
- Metíchela nunha botella?
- Non se che pon dereita?
- Queres conservala?
- É unha víbora -explicou.

Un bicho pequeno, delgado, cunha raia branca ao longo do lombo, furioso de se ver preso, cun ferrete dunha cuarta. Traía a botella tapada cunha rolla e, cada vez que lla tiraba un intre, o réptil erguíase, xa canso, na botella.

O Pelao miraba a víbora e a nós, como aquel que agarda un premio, unha admiración, feliz de ver os saltos e os empurróns histéricos das nenas.

QUÉN É O AUTOR

XESÚS VALCÁRCCEL é un escritor español en lingua galega. Nado en Lugo en 1965. Membro do colectivo poético *Cravo Fondo*, o seu primeiro texto poético foi Tránsito, seguido de Emaín, Rosa clandestina, A porta de lume, Areas do fondo, Contos nocturnos (primeiro libro de narrativa) e Matar o tempo a súa primeira novela. Outros libros de relatos: O capitán lobo negro co que obtivo o Premio da Crítica de narrativa galega, Os ollos do sentinela e a novela As grandes carballeiras. Como obras de ensaio: Animal sentimental, Monte do Cerveiro, Casa do poder...

Xesús Valcárcel, Matar o tempo



11. Indique pola súa acentuación se as palabras son agudas, graves ou esdrúxulas no texto anterior.

12. Ordene alfabeticamente as seguintes palabras: patios, réptil, raxeira, sol, reclamo, inverno, cazadora, rolla, gladiador, raia, fantasía, premio, medo, repulsión.

13. Indique a orde na que aparecen no texto estas palabras: cazadora, encanto, gladiador, fantasía, lombo, réptil.

14. Indique a orde alfabética correcta destas palabras: actitude, atención, vestido, encanto, víbora, botella, reixas, bicho, lombo, admiración, empurróns.

15. Indique a orde na que aparecen no texto estas palabras: víbora, raxeira, bicho, patios, botella, sol, admiración, inverno, medo, repulsión, actitude, atención, reclamo, vestido, reixas, raia, rolla, premio, empurróns.



TEMA 4.- O TEXTO

O texto é o produto inmediato da fala. Tamén pode ser a mensaxe resultante dun sistema específico de normas.

RESUMO

Debe ser un texto breve: unha terceira parte do texto, ocupará como máximo entre 8 ou 10 liñas. O inicio debería ser un predicado nominal. Debemos expresar coas nosas palabras o que o autor expresa no texto. Non se deberían repetir palabras do texto. Non se debe facer ningún tipo de comentario, débese presentar dunha forma obxectiva, neutra.

ESTRUTURA

Consiste en dividir o texto en partes desde o punto de vista do seu contido. A estrutura externa pode ser útil, dado que hai correspondencia entre división en parágrafos e división en partes.

IDEAS PRINCIPAIS E SECUNDARIAS

Para distinguir as ideas principais das secundarias pode haber distintos criterios: a relación co tema principal e a súa autonomía.

- As ideas principais expresan unha información básica do tema principal do texto ou sobre algún aspecto esencial. Son autónomas, non dependen doutra idea.

- As ideas secundarias son as que amplían ou demostran a idea principal da cal dependen.

TEMA

O tema dun texto é a idea que o autor quere comunicar. Debe ser un sintagma nominal, cun substantivo abstracto e algún complemento ou proposición adxectiva. Pode coincidir co título. Deberíase deixar para o final.

COMENTARIO DE TEXTO

Consiste nun exercicio de composición onde se expresan os aspectos substanciais do texto, demóstrase a capacidade de síntese e descóbrease as articulacións internas do texto.

TEXTO

En Galicia, á beira da maioría das casas de labranza, hai un hórreo. Serve fundamentalmente para secar e gardar o millo e para o preservar da humidade e dos ratos. Nalgunhas zonas tamén se emprega para gardar outros produtos como as fabas, os allos, as cebolas, etc. e para curar carnes, en especial os xamóns.



Existen varios tipos de hórreos, que varían dunhas zonas a outras segundo os materiais de que estean feitos e da forma que teñan. Tamén, segundo as zonas, reciben distintas denominacións: cabazo, celeiro, canastro, piorno, espigueiro, palleira, etc.

O tipo de hórreo máis común en Galicia é rectangular, asentado sobre columnas. A cuberta, xeralmente de dúas augas, é de tella, de lousa ou de palla. As paredes poden ser de pedra, de madeira ou de ambos os materiais. En calquera caso, teñen que ter aberturas que permitan o paso do aire para que os produtos gardados se ventilen e non collan humidade.

CUESTIÓNS

1. Lea o texto e diga o seu tema.
2. Cales son as ideas principais e secundarias?
3. Faga un resumo.
4. Faga unha estrutura coas ideas do texto.
5. Comente que lle parece a conservación das tradicións dun pobo.

TIPOS DE TEXTO

NARRACIÓN

Unha **narración** é un relato duns feitos reais ou imaxinarios que lles suceden a uns personaxes nun lugar. Cando contamos algo que nos sucedeu ou que soñamos, ou cando contamos un conto, estamos a facer unha narración.

Un aspecto fundamental das narracións, xunto co espazo, é o tempo no que transcorren os feitos. Indícanos como avanza o relato. Ao escribir, podemos acelerar ou demorar o tempo da narración segundo conveña. Para sinalar o tempo nunha narración, pódense usar palabras que indican a noción do tempo, chámanse conectores temporais: **onte, xa, hoxe, entón, máis tarde, cando, despois, dende onte, noutro tempo, dentro dun momento...**

TEXTO

Hoxe pola mañá, cando me erguín da cama, quedei sorprendida do día tan estupendo que facía; axiña puxen uns vaqueiros e uns deportivos, collín o can e funme disposta a percorrer o paseo marítimo.



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

Cando tiña camiñado un pequeno treito, ocorréuseme baixar á praia; a marea estaba baixa e o can podería correr así ás súas anchas.

Que raro que non haxa ninguén! -pensei-, pois os domingos de inverno, cando fai sol, a máis dun lle tenta a idea de pisar a area e de camiñar preto da beira.

Cando reflexionaba sobre isto, notei que pouco a pouco o sol ía desaparecendo e que o ceo se poñía escuro. Unhas nubes grises íano cubrindo todo.

Foi moi pouco o tempo que tiven para pensar no feo que se estaba poñendo. Unhas gotas gordas foron o comezo; chamei o can que estaba entretido desenterrando algo, pero non me oíu.

Púxenme a correr, cada vez chovía máis forte e eu só tiña o xornal que comprara no quiosco no paseo.

Todos os meus esforzos foron inútiles; o trebón foi tan grande que me calou de arriba a abaixo; ao único que daba a impresión de non lle importar foi ao meu compañeiro. Parecía gozar con todo o que estaba a pasar.

Volvemos para a casa empapados; do xornal dese domingo apenas se lía o anuncio dunha borrasca.

CUESTIÓNS

1. Que lle pasa á protagonista da historia?
2. En que lugar lle sucede o que conta?
3. Está soa ou acompañada?
4. É ela quen conta o que lle pasou ou é outra persoa?

TEXTO

Érgome ao abrir o día
inda alumea o luceiro,
e en chegando a algún regueiro
bautizo con auga fría
o leite do meu pucheiro
porque mellor aproveite,



quen merca o leite?
Madrugueiros estudantes
acho ao pasar pola veiga
e detéñenme os tunantes
pedindo nata, manteiga,
e que sei eu... benandantes!
Mal fogo de Deus os deite,
quen merca o leite?
Cando eu entro pola vila
todos inda están na cama
en doce calma tranquila,
quen de sono os espabila?
Eu que vou chama que chama
ata que algún se endereite,
quen merca o leite?
E esperta algún señor
abrazando a compañeira
entre suspiros de amor,
pero grazas á leiteira
que entre os seus brazos a estreite,
quen merca o leite?

CUESTIÓNS

1. Cando se ergue o protagonista?
2. En que persoa está narrado o poema? Xustifíqueo.
3. Por que cre que se repite no poema "quen merca o leite"?
4. Que lle ocorre ao personaxe da historia?



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

TEXTO

Arthur e eu separámonos nos mellores termos, sen rancores por ningunha das partes. Antes de despedirme ocupárame de atopar un substituto, e iso fixo a miña marcha relativamente doada e sinxela. Mantivémonos en contacto durante algún tempo, chamándonos de cando en vez, para comunicarnos as últimas noticias, pero acabamos distanciándonos e, cando Arthur morreu de leucemia hai uns anos, nin sequera me acordaba da última vez que falara con el. Logo veu o suicidio de Kosinski. Engadamos a iso o asasinato de John Lennon, máis dunha década antes, e case todas as persoas que coñecín nos meses pasados naquela oficina desapareceron.

CUESTIÓNS

1. Quen é o narrador? En que persoa está?
2. Que lle ocorre ao/á protagonista?
3. Sinale os acontecementos linealmente.
4. Indique os conectores temporais.

DESCRICIÓN

A **descrición** é un cadro pictórico no que se detallan características de persoas, animais, cousas, percepcións, sentimentos, accións, ambientes, retratos...

Séguense estes pasos:

- Observación exhaustiva do que se vai describir aplicando os cinco sentidos: vista (tamaño, forma...), olfacto (olores), gusto (sabores), oído (sons) e tacto (textura, temperatura...).
- Criterio de selección das características máis salientables.
- Ordenación das ideas e datos obtidos: espacial, física, psicolóxica...
- Abundancia de substantivos, adxectivos, comparativos, metáforas, símiles, hipérbatos...

TEXTO

A casa era antiga, do século XVIII. Todas as xanelas do piso baixo tiñan reixas de grosos ferros, por onde entraban as pólas dos pexegueiros e das figueiras (...)

A casa tiña unha gran solaina de pedra. Subíase a ela desde o horto por unha escaleira tamén de pedra. Por dentro estaba moi ben toda a reitoral, con cuartos moi folgados e andamios e pasadelos de moito vagantío. A cociña era



a mellor do lugar. Mellor dito, había dúas cociñas. Unha de labor, coa súa lareira e o seu gran caldeiro de cobre para cocer as patacas e os nabos aos recos da ceba e da cría. Alí facíanse tamén os magostos polo castañal asando as castañas nun tambor. A outra cociña servía de comedor para os criados e para os obreiros. Non tiña lareira, senón unha gran cociña de ferro arredada da parede e rodeada de escanos, coa súa mesa de mármore branco. As paredes lucían unha banda de azulexos encarnados e brancos (...)

O comedor estaba no piso. Todos os mobles eran de castiñeiro ou de concheiro. O teito, coas vigas ao aire, e o chan de grandes táboas de castiñeiro. Había un grande aparador, un reloxo de pesas, cadeiras de palla e unha gran lámpada de petróleo de bronce e louza, desas de corredora (...)

O noso cuarto era moi grande. Tiña dúas camas de pau de cerdeira (...) Había tamén unha gran consola negra con dous parrulos cos pés moi ben traballados. Tiña un espello con marco dourado. Nun curruncho, ardía unha pequena lámpada de aceite, diante da imaxe da Virxe da Soidade (...)

Ánxel Fole

CUESTIÓNS

1. Indique que se está a describir no texto e que elementos se utilizan.
2. Explique o significado de: rodelo, garfo, mesado, canastro, estoxo.
3. Indique outros significados das seguintes palabras: cortina (peza de tea pendurada para adornar), tallo (banqueta pequena sen respaldo para unha soa persoa), araña (lámpada de teito de cristal con varios brazos), rolo (berce que abala).
4. Emparelle os significados:

Non facer pote unha cousa	Perder unha oportunidade
Tirar nabos da panela	Ocultar
Pintar o caneco	Non ser rendible
Correr a cortina	Rifar
Mamar na rolla de atrás	Indagar as intencións de alguén



TEXTO

Terra de Courel, áspera e forte... Terra brava de lobos e aguias: terra alta de fragas e devesas.

Pode ser que aquí se achen as devesas meirandes de Galicia. Hai faias nelas e chopos, rebolos, bidueiros. Algunhas árbores chegan aos trinta metros. Nas devesas da Regueira e do Rebolo hai teixos grandísimos que teñen centos e centos de anos. Atravesar un destes bosques leva varias horas de camiño. Por alí andan o lobo e o xabaril. Unha vez vimos dez lobos xuntos cando iamos derrubar uns castiñeiros bravos para facer unhas vigas.

Por onde queira que se olle, vense os montes máis altos da serra: o Pía Paxaro, Lucenza, Montouto, o monte da Golada. Os seus cumios están cubertos de neve ata o verán. Nos días serenos do inverno e da primavera, relocen coma se fosen azucre.

Ánxel Fole

QUÉN É O AUTOR

ÁNXL FOLE (Lugo 1903 - 1986) é un dos escritores galegos máis importantes do século XX. Escribiu en galego e en castelán. Participou na fundación da editorial Galaxia, na que se publicou a súa obra narrativa: Á lus do candil, Contos a carón do lume e Terra brava. Contos da solaina. O seu único texto dramático publicado na editorial Citania en Bos Aires foi Pauto do demo. A súa produción xornalística foi recollida en Historias que ninguén cre. Ingresou na Real Academia Galega en 1963. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas no ano 1997.

CUESTIÓNS

1. Que se describe no texto?
2. Como se conta o que se ve?
3. Indique a orde alfabética correcta de: brava, lobos, bidueiros, teixos, bosques, horas, lobos, castiñeiros, montes, serra, neve, verán, inverno.
4. Sinale a orde na que aparecen no texto: árbores, faias, áspera, fragas, forte, aguias, azucre, altos.



TEXTO

CONTO

Vamos bebendo!

Teño tres pitas brancas
e un galo negro
que han de poñer bos ovos
andando o tempo;
e hei de vendelos caros
polo xaneiro;
e hei de xuntar os cartos
para un mantelo;
e heino de levar posto
no casamento;
e hei...
- Pois mira, Marica
vai por un neto,
que entrementes non quitas
eses cerellos,
e as pitas van medrando
co galo negro
para poñer os ovos
e todo aquilo
do xaneiro, dos cartos
e do casamento,
miña prenda da alma,
vamos bebendo!

Rosalía de Castro



QUÉN É A AUTORA

ROSALÍA DE CASTRO naceu en Santiago de Compostela en 1837. Xa desde moi nova comezou a escribir e a súa primeira publicación foi un libro de poemas en castelán, La Flor, en 1857. Un ano máis tarde casou co escritor e historiador galeguista Manuel Murguía. A súa obra escrita, tanto en lingua galega como en castelán, encádrase sempre no romanticismo, destaca no estilo pola súa sinxeleza e sensibilidade. Con ela iníciase o Rexurdimento da lingua galega escrita no século XIX. Os títulos poéticos de maior importancia son Cantares Gallegos, Follas Novas e En las orillas del Sar. Morreu en Padrón, A Coruña, en 1885, cando só tiña 48 anos. Dedicóuselle o primeiro ano que se conmemorou o Día das Letras Galegas en 1963 co gallo do centenario da publicación da súa obra Cantares Gallegos.

INSTRUCCIÓNS

As instrucións están moi presentes na nosa vida cotiá. Este tipo de textos teñen o propósito de orientar os procedementos en forma detallada, clara e precisa para realizar algunha actividade segundo estas características:

- Guían sobre como accionar algún aparato ou sistema.
- Explican como elaborar algo a partir de elementos e procesos, dividíndose na lista de elementos ou materiais, por exemplo unha receita.
- Lingua clara, directa e lineal.

TEXTO

Uso dunha lavadora:

1. Abra a porta.
2. Meta dentro a roupa.
3. Poña deterxente, suavizante, etc.
4. Nos mandos seleccione:
 - a. Programa: elíxao segundo o tipo de roupa, fixándose nas indicacións que lle dan na propia lavadora.
 - b. Temperatura: regúlea de acordo co tipo de tecido.
 - c. Centrifugado especial: úseo para a roupa delicada.
 - d. Media carga: utilíceo cando vaia lavar pouca roupa, sobre todo se é de algodón, de color ou sintética. Permite aforrar auga, electricidade e tempo.
 - e. Iniciar/parar: prémese este botón para poñer a lavadora en marcha e tamén para parala cando está funcionando.



DIÁLOGO

O **diálogo** é unha técnica moi importante. A través del o narrador reflicte directamente o que din os personaxes da historia cando falan entre eles. O autor emprega os verbos: dixo, responde, pregunta... Adóitase poñer guión antes de cada intervención dos personaxes que transmiten as súas palabras.

TEXTO

Chove ás veces e Madrid está frío e desaprachable. Pasan paraugas ao outro lado do escaparate da librería do meu amigo Antonio Méndez, o libreiro da rúa maior. Estamos alí de charla, fumando un cigarro, rodeados de libros, mentres Alberte, o empregado fraco, alto e tranquilo, que non leu unha novela miña na súa vida nin pensa facelo -nin falta que fai, adoita gruñirme o cabrón- ordena as súas últimas novidades. Nesas, entra un rapaz novo cunha mochila ás costas e queda un pouco á parte, o aire tímido, esperando a que Antonio e mais eu fagamos unha pausa na conversación.

Á fin, en voz moi baixa preguntalle a Antonio:

- Podo deixarlle aquí un currículo?

- Claro, responde o libreiro. Déixamo.

E entón o rapaz saca da mochila un mazo de folios, cada un coa súa foto de carné grampada e entrégalle un.

- Moitas grazas, murmura, coa mesma timidez de antes.

- Se algunha vez ten traballo para min...

Empeza a dicir. Logo cala. Sorrí un pouco, méteo todo de novo na mochila e sae á rúa, baixo a chuvia.

Antonio mírame, grave.

- Veñen por ducias. Rapaces e rapazas novas. Cada un co seu currículo. E non podes imaxinar de que nivel. Licenciados nisto e naquilo, cursos no estranxeiro, idiomas. E xa ves, hai que foderse.

Cóllolle o folio da man. Fulano de tal, nacido en 1978, licenciado en Historia, cursos disto e do outro en París e en Italia. Tres idiomas. Lugares, empresas, datas. Conto ata seis traballos lixo, deses de tres ou seis semanas e logo á rúa. Miro a foto de carné, un apuntamento de sorriso, mirada confiada, tal vez de esperanza. Logo boto unha ollada ao outro lado do escaparate, pero o mozo desapareceu xa entre os paraugas, baixo a chuvia.



Estará, supoño, entrando noutras tendas, noutras librerías ou onde sexa, sacando o seu conmovedor currículo de mochila. Devólvolle o papel a Antonio, que se encolle de ombros, impotente, e gárdao nun caixón. El mesmo tivo que despedir hai pouco un empregado, incapaz de pagar dous soldos...

Arturo Pérez Reverte

QUÉN É O AUTOR

ARTURO PÉREZ REVERTE é xornalista, con moita experiencia en crónicas de guerra e coñecido escritor de novelas e ensaios. Pertence á Real Academia de la Lengua. É ben coñecida a súa ironía, a súa acidez e as expresións mordaces que utiliza para reflectir a sociedade do momento.

CUESTIÓNS

Encha o diálogo coas partes que faltan:

Son bonitas, canto custan?
 Grazas, ata logo.
 Esta azul de listas.
 Si, por favor.
 Pois... o M paréceme.
 De acordo, grazas.
 Si, por favor, quería ver camisas para home.
 Si, azul ou de listas.

Empregada: Boa tarde, necesita axuda?

Cliente:

Empregada: Que talle usa?

Cliente:

Empregada: Algunha cor en especial?

Cliente:

Empregada: Que lle parecen estas?

Cliente:

Empregada: 24 €, quere probalas?

Cliente:

Empregada: O probador estalle alí, á esquerda.

Cliente:

(Despois de probalas)

Empregada: Entón, cal lle gusta máis?

Cliente:

Empregada: Ben, pode pagar na caixa e xa lla envolven alí. Grazas e boas tardes.

Cliente:



ANUNCIO

O **anuncio** en prensa é un método moi utilizado polas empresas para cubrir postos de traballo. Tamén o utilizan persoas que buscan emprego para ofrecer os seus servizos. Á hora de ler un anuncio cómpre fixarse nos seguintes aspectos:

- Nome da empresa (se o houbese)
- Posto que se ofrece: tarefas, responsabilidades...
- Requisitos, condicións que se han de cumprir para poder aspirar ao posto.
- Condicións que se valoran, pero que non son imprescindibles.

Normalmente pídennos unha resposta por correo, aínda que en ocasións se realice por vía telefónica, ou ben mesmo presentándose persoalmente.

4 MOZOS OU MOZAS
20-26 ANOS 1600 EUROS/MES
Empresa internacional, altamente recoñecida, selecciona 4 mozos que queiran formarse e traballar como vendedores, para integrarse no seu equipo comercial da Coruña OFRECEMOS: Contrato laboral con alta na seguridade social Ingresos anuais mínimos de 25 000 € (fixo + variable) Integración nunha GRANDE EMPRESA, que lles facilitará proxección profesional Ensinanza práctica personalizada (non se precisa experiencia) Posibilidade de promoción REQUIRIMOS: Habilidades comunicativas, nivel cultural medio e dispoñibilidade total (a idade é orientativa)
CHAMAR O LUNS 27 AO TELF. 981 174 428, DE 9.00 A 13.00 HORAS E DE 15.30 A 18.00 HORAS SRTA. NATALIA

PRENSA ESCRITA

É un dos medios de comunicación de masas.

Características:

- Obxectividade (feito)
- Subxectividade (opinión)
- Liberdade de expresión
- Actualidade
- Periodicidade
- Difusión
- Publicidade

O estilo da prensa debe ser claro, exacto e breve.



TEXTO

A actividade gandeira galega foi moi dependente das subvencións da UE. Porén, estas axudas tenden a desaparecer, polo que cumprirá facer un esforzo de renovación para se liberar desta dependencia.

La Voz de Galicia

REFRÁN

É unha frase popular, sentenciosa e aguda, que reflicte a experiencia das xentes sobre algún tema en concreto. Por exemplo, hai refráns sobre o tempo, sobre o matrimonio, sobre os oficios, sobre o sentido da vida...

Relación co tempo:

- Voa o tempo coma o vento.
- O tempo é ouro.
- O tempo é gran mestre.
- Todo o cura o tempo.

Relación cos oficios ou profesións:

- Estamos nunha terra tan bruta que o que non traballa non manduca.
- Quen non traballa, non ten migalla.
- Na terra do meu home, o que non traballa non come.
- Quen ten oficio, ten beneficio.
- Home de moitos oficios, pouca ganancia.
- Sete oficios tiña Xan e de ningún gañaba o pan.
- Cando oías a rula rular, o cuco cucar, colle o teu sachín e vai sementar.
- Por San Marcos nin sementado nin nos sacos.
- O que queira boa vendima facer, que se poña en setembro a recoller.
- En marzo, podar e cavar, que o que poda en abril ese é ruín.
- A horta en outono mantén o seu dono.
- No mes dos mortos non mondes os teus hortos.

CUESTIÓNS

1. Complete:

Ata o corenta de ... non quites o saio.

En ... augas mil.

Trinta días ten n... con a..., x... e s...

M... ventoso e a...chuvioso sacan a m... florido e fermoso.

O traballo mata o ..., pero non mata o ...

Ao que ... Deus lle ...



TEMA 5.- ORTOGRAFÍA

Tra, tre, tri, tro, tru son distintas de tar, ter, tir, tor, tur

1. Encha coas sílabas axeitadas:

...ballo, ...seiro, ...tilla, ...ceiro, ... sillo, ca...ce, es...la, en...da, a...decer, ras...llo, ...tura

2. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.

3. Como se chama?

- O número que vai despois do doce:
- O medio de transporte que vai pola vía:
- Un período de tres meses:
- O contrario de ancho:
- A persoa que prepara os xogadores:

Bra, bre, bri, bro, bru son distintas de bar, ber, bir, bor, bur

4. Encha coas sílabas axeitadas:

...cear, ...budo, ...ce, ...colaxe, ...lo, ...to, ...do, ...cha, ...lesco, ...ma

5. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.

6. Como se chama?

- Un país que é famoso polos seus entroidos:
- Unha verdura parecida á coliflor:
- Un vento lixeiro:
- Un adorno de metal que se pon na solapa:
- Algo parecido á néboa:

Bla, ble, bli, blo, blu fronte a bal, bel, bil, bol, bul

7. Encha coas sílabas axeitadas:

...dade, ...baíno, ...bordo, ...dado, ...garo, ...quear, ...són, ca..., reta...

8. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.



Cra, cre, cri, cro, cru distintas de gra, gre, gri, gro, gru

9. Encha coas sílabas axeitadas:

...cido, ...queta, ...stal, ...po, ...ña, ...nio, ...ceiro, ...xo, ...tar, ...seiro

10. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.

11. Como se chama?

- A folla tenra do nabo:
- Algo ou alguén que causa riso pola súa ridiculez:
- Cor intermedia entre o branco e o negro:
- Que non está ben cocido:
- Golpe na cabeza:
- Facer comentarios negativos sobre alguén:
- Pasar dun extremo a outro é:
- Unha persoa que cre en algo ou en alguén é un:
- O aprendiz de mariñeiro que axuda na faena do barco é o:
- O froito dos cereais chámase:

Antes de "p" e "b" sempre se escribe "m"

12. Subliñe as palabras con "mp", "mb":

Choveu tanto que cheguei á casa empapado. Púxenme malo e subiume a temperatura. Amparo levoume ao ambulatorio. Empecei a marearme porque o ambiente me puxo nervioso. O médico empeñouse en tomarme a tensión. Volvín para a casa aínda impresionado.

13. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.

14. Complete:

ca...bio, a...tena, e...botellado, e...bebido, A...tonio, Hu...berto, e...perador, i...maduro, e...busteiro, e...cadernado, e...mascarado, co...table, si...pático, ta...pouco, ca...bio, lá...pada, si...ple, ma...damento, ma...sión, ta...pón, sa...ba, sa...guinario, sí...bolo, ta...bor, ta...go, a...bición, ba...bú

Olo! Ca, co, cu, pero que, qui; za, ce/ze, ci/zi, zo, zu

15. Sinale todas as palabras que conteñan o son /z/: precipitacións, cultivos, colapsan provocan, predición, cuantiosos, utilizan, inundacións, gráfico, accidentes, oscilan, velocidade, dirección, escala, información.

16. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.



Non levan "-n": albará, centeo, abdome, amea, certame, cicel, ameazar, colmea, amoestar, apisoar, comigo, area, cominar, cadeado, ditame, exame, bo, avea, cardeal, enseada, estrear, frear, gravame, pregoar, pole, xerme, volume, ventá, lagosta, lagostino, teor, soto, saba, soar, trastornar, limoada, hipérbato, polisíndeto, asíndeto, coroar, crime, doar, emendar, entoar, velame.

Ollo! Ga, go, gu, pero gue, gui; güe, güi

17. Complete con g, gu ou gü:

A Paula ...ustáballe acender unha fo...eira para quentar o ...iso.

A ...aita é un instrumento musical ...ale...o.

Farruco di que o án...ulo recto ferve a noventa ...raos.

O avo...ado recorrerá contra esa sentenza se o teu testemuño foi falso.

O xeneral pediu voluntarios para a ...erra.

Cando se apa...ou o xerador tivestes unha idea luminosa.

Houbo un pin...ín moi fermoso, pero non llo che...amos a ensinar ao público.

O Deportivo conse...iu un resultado favorable.

O b e o v representan un son único: saber, recibir, gabián, goberno, billa, marabilla, móbil, automóbil, bolboreta, bico, besta, branco, deber, pobo, cabalo, cantabamos, bidueiro, ribeira..., pero viño, vivir, avó, avoa, varrer, vasoira, verza, voda, vulto, covarde, esvelto, gravar, avogado...

18. Encha os ocios con b/v:

Enga...etar

In...estir

...arredoiro

Discó...olo

Al...edrío

No...elo

A...ondar

Hi...ernar

...eirado

A...olto

Sali...ar

Es...ozo

A...ultar

Gara...anzo

Escara...ello

Su...scri...ir

En...orcar

Co...iza

A...anar

...eleno

Xa...elina

Có...ado

A...eiro

E...anxeo

Fi...ela

Cor...eta

Re...entar

Mara...illoso

Endi...ia

Corco...a

Mo...ilizar

Al...edro



19. Encha os ocos con b/v:

Non sentiu o dé...il ...adaleo que a...isa...a aos fregueses do ca...odano polo ...inculeiro do a...ogado con...erso.

...rais ficou inmó...il, ...arado, como un o...elisco, fronte aos re...irados sal...axes que o o...ser...a...an aco...ardados desde a ri...eira.

O ...estiaro con numerosos fotogra...ados presenta...a os máis depra...ados animais do a...ismo dos tempos.

20. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.

Letra x: esta letra ten dúas pronuncias, como /ks/: **sexo, taxativo, aproximar, externo, texto** ou como /x/: **xamón, xeral, xirafa, xoia, xuízo.**

21. Separe en dúas columnas as seguintes palabras segundo a súa pronuncia: granxa, salvaxe, cacarexar, exemplo, conexión, explique, muxir, exacto, existen, enxame, expansión, exame, axuda, xa, prestixio, rexión, explotación, paxaro, hoxe, xúntanse, axila.

Letra h: **escríbense con h as seguintes palabras: hipopótamo, hipermercado, tamén os prefixos: hecto-, hemi-, hexa-, hidro-, hiper-, hipo-, homo-, hetero-..., non se escriben con h: ermida, ermo, irmán, ola, ombro, orfo, óso, ovo...; levan -h- intercalado: anhelar, inhóspito, inhumano...**

22. Complete coa letra que falta: ...ipermercado, ...emodiálise, ...eterosexual, ...idropesía, ...idróxeno, ...omoxéneo, ...emisferio, ...exágono, ...ipódromo, ...arpa, ...inchar, ...orchata, ...elmo, ...oco, ...ombro, ...orfo, in...óspito, ...eterodoxo, ...endecasílabo, ...ucha, ...ermida, tru...án, ...impar, in...umano, ba...ía, ...achado

23. Ordene alfabeticamente as palabras do exercicio anterior.

24. Complete con h se cómpre:

O apart...eid que viviu Sudáfrica ...ai pouco, recordaba en dureza a trans...umancia ...ebrea nos tempos do ...olocausto.

Descubriu un ...inchazo no ...ombro e decidiu visitar un médico ...omeópata.

Letra b: os verbos haber, habitar, herdar e honrar e todas as palabras derivadas deles escríbense con -b-. Todos os verbos rematados en -bir escríbense con -b- agás servir, vivir e os seus derivados que se escriben con -v-.



25. Subliñe todas as palabras que se escriban con b ou v:

A camareira veu onda nós e, con toda amabilidade, díxonos:

- Veña! Xa fixestes o que debíades, traballando todo o día. Agora é o tempo de xantar e beber. Primeiro, sorbede amodo este zume que vos preparei. E despois, á mesa!
- Pero muller, ti non sabes a fame que ten esta xentiña!
- Non vos preocupedes, que ha de haber comida para fartarvos!

26. Ordene alfabeticamente as palabras subliñadas do exercicio anterior.

27. Complete:

- Antía ... nunha casa cando morreron os seus avós.
- Todos os primeiros de novembro ... os seus devanceiros.
- Os antigos galegos ... en poboados chamados castros.
- Naquela feira ... dúas mil persoas cando menos.

28. Que é?

- Unha medida de cen litros:
- Saída de moito sangue por unha ferida:
- Un polígono de seis lados:
- Un lugar onde se realizan as carreiras de cabalos:
- Unha persoa que sente inclinación sexual por persoas do outro sexo:
- Unha persoa que sente inclinación sexual por persoas do mesmo sexo:

Letra nh: pronúnciase cun son propio da lingua galega que se denomina nasal velar. Emprégase este son coa grafía "-nh-" en interior de palabra: unha, cando vai un -n diante de consoante nasal: un gato.

29. Subliñe o son nh:

"Unha vez regresabamos dunha festa cando nos atopamos nunha revolta do camiño cunha sorpresa inesperada. As pólas dunhas árbores caeran sobre o carreiro. Algunha delas medía máis de catro metros e chegaba ela soa para impedir o paso. De súpeto, da maior delas saíu brincando un esquío cunha cola longuísima".

30. Ordene alfabeticamente as palabras subliñadas do exercicio anterior.



Palabras que cambiaron o "l" por "r": aprazar, branco, brando, brasón, compracer, cravar, cravo, cumprir, dobrar, emprazar, empregar, escravo, fraco, fruta, frecha, fretar, frota, frouxo, igrexa, nobre, obriga, pracer, praga, praia, prata, praza, prazo, preamar, pregar, preto, recruta, singradura...

31. Complete cos grupos consonánticos:

...anco	...asfemia	o...ea	...amar	...aro
...eamar	...ancura	...avar	o...igar	...ando
...avo	..egar	...asón	...avuñar	...acer
...aga	...atino	...axio	...aia	...ato
...ata	...azo	re...uta	es...avo	...ase
...obo	o...iga	so...ar	so...ete	xo...ar
...uma	no...e	...ega	...eito	do...ar

Vocalización da consoante implosiva: doutor, doutoramento, doutrina, reitor, reitorado, reitoral, reitoría, seita, suxeitar, suxeito.

Grupo -cn-: consérvase en: acne, arácnido, pívnicico, pirotécnicico, tecnicismo.

32. Complete coa vogal correspondente:

Muse...	T...rta	T...rmar	L...rchán	Parad...iro
Val...roso	T...món	S...merxer	Trad...	Mar...sía
V...ntaxoso	X...ringa	S...bornar	M...imiño	M...rmelada
Ímpet...	R...ncor	Tr...moia	Pa...	Am...tista
P...mento	V...spera	T...mbar	...nano	...nxeño
...spavento	Viv...nte	X...rgón	Cal...frío	Ca...r
D...funto	S...focar	...feminado	...staleiro	Chav...lla
...nxerto	R...baño	Cham...scar	Berb...quí	Pro...r
Paradox...	Ch...minea	As...mblea	Ferr...ría	R...strollo
...ngazo	Ef...mero	Mach...car	Eix...	Serv...nte
M...nestra	G...rrón	Mex...ricas	...ncordio	Chap...zar
Enchent...	Glót...	D...sconforme	Pál...do	Hipocr...sía
Bíped...	Pért...ga	Gl...cido	M...sura	Forn...lo
M...tade	S...frir	Com...chón	Vac...na	Lab...rinto
M...stura	Trast...	Am...ncer	Ábsid...	Cas...río



Nómad...	X...lea	Arr...utada	...nimigo	C...star
Hebre...	S...smo	M...lida	Ant...face	D...rmiñón
L...opardo	C...rral	Rom...ría	Toup...	As...sinato
Fl...co	Cr...sta	B...rrico	Carótid...	Rict...
Rex...r	D...sculpa	Fr...nte	L...nterna	Arr...mbar
D...mitir	V...ngador	Bord...	Conc...bir	Ac...rtar
Bat...r	Camp...onato	F...sco	Gre...	Desd...cir
...noxar	X...xuar	Embud...	Trans...	V...rnizar
Corr...xir	X...rra	Lob...to	R...xón	F...ciño

33. Complete coa consoante que falta:

Ro...da	Pe...ida	Alba...el	...azaña	...eiravía
So...nábulo	...obelete	P...eito	Tro...ar	Li...ivia
Rexur...ir	...ilaba	Comu...ón	Fil...armónica	Rec...uta
...erollo	Comu...gar	Canast...a	Anto...ar	Corni...a
...esgo	Poli...ón	A...ame	En...istar	Garatu...a
Ba...alada	Seg...ar	Co...ote	E...trangular	Sab...e
Aco...ardar	Tate...ar	Esta...ística	Divi...o	P...esebe
En...iva	Deli...to	Ami...ade	P...eamar	Mara...edí
...angrena	Me...quiño	Atrope...o	A...mario	...ariz
Bol...evique	Su...traer	Fle...món	...astío	P...ostrar
Ra...ura	C...ocodilo	Me...quita	F...auta	...azapo
Ciru...xián	Hema...ia	Fal...riqueira	...áter	Diab...o
Mi...ato	Dispo...ible	...andolina	Ermi...án	Pro...nóstico
Baca...au	Clare...ar	Inve...tir	Vasa...o	Esc...avo
Ta...ar	...anceler	Sa...cristán	Encarce...ar	...afo
B...asfemia	Impo...ente	F...anela	Cli...é	De...ogar
Orquest...a	Fole...pa	Frag...ancia	Dob...a	Cara...el



TEMA 6.- VARIEDADES

Hai que distinguir entre lingua, linguaxe e fala.

- **Lingua** é a forma particular de linguaxe que emprega cada comunidade.
- **Linguaxe** é un conxunto de sinais con significado coñecido polo emisor e polo receptor. A linguaxe é a capacidade humana para comunicar os propios pensamentos a un receptor mediante un código coñecido polo emisor e polo receptor.
- **Fala** é o uso particular e concreto que fai cada falante dun idioma.

A fala debería estar supeditada á norma lingüística, non sempre é así e por iso se producen variedades atendendo a razóns sociais, culturais, xeográficas, etc. Son os **niveis** de lingua. Unha persoa estudada emprega a lingua de xeito diferente a como a utiliza unha que non ten estudos.

A lingua oral tende á dispersión mentres que a lingua escrita tende á unificación. Estas dúas forzas contrarias deben estar equilibradas nunha lingua normalizada. A escrita debe basearse na lingua oral, pero debe ser supradialectal e ser recoñecida como propia por todos os usuarios, que deberán sentirse identificados con ela.

NIVEIS DA LINGUA

NIVEL CULTO é a lingua empregada por persoas instruídas. Pode ser técnico-científica ou literaria.

Características da lingua técnico-científica:

- Predominio da función referencial (finalidade práctica)
- Predominio da denotación das palabras, do significado das palabras segundo o dicionario
- Predominio de cultismos
- Uso de tecnicismos (palabras propias de cada profesión, ciencia...)

Características da lingua literaria:

- Finalidade recreativa
- Predomina a beleza sobre a mensaxe ou contido
- Predomina a función poética

NIVEL COLOQUIAL OU FAMILIAR é a forma de fala empregada na conversa diaria cos amigos e coa familia.

Características:

- Espontaneidade
- Naturalidade
- Tendencia a incorreccións gramaticais



NIVEL VULGAR é a lingua que se afasta da norma, ten incorreccións que se chaman **vulgarismos** ou **interferencias**.

Os vulgarismos máis destacados son:

- Fónicos: *ademirar, *arradio, *espranza, *conexo, *verdá no canto de admirar, radio, esperanza, coello, verdade.
- Morfosintácticos: *a sangue, *o árbore, *quenes, *casouse, *cáense, *despertouse por o sangue, a árbore, quen, casou, caen, espertou.
- Léxicos: *axuntamento, *xaula, *carreteira, *cuchillo, *rodilla por concello, gaiola, estrada, coitelo.

As **interferencias** danse cando se introducen elementos fonéticos, morfolóxicos e léxicos dunha lingua noutra veciña que distorsionan e edulcoran a súa norma lingüística. No caso do galego e o castelán son constantes:

- **Nivel fónico:**
 - Substitución de lateral palatal sonora pola fricativa palatal xorda, "ll" por "x". Ex.: *parexa por parella.
 - Uso de cinco vogais tónicas fronte a sete, perdendo a distinción de vogais semiabertas e semipechadas. Ex.: podo (de podar) e podo (poder).
 - "Br-, pr-" por "bl-, pl-". Ex.: *blanco, *plaza por branco, praza.
- **Nivel morfolóxico:**
 - Alteracións do xénero dos substantivos. Ex.: *o arte, *a nariz.
 - Uso errado de te/che. Ex.: *xa te dixen iso.
 - Lleísmo: uso de lle no canto do pronome de CD. Ex.: *saúdalle atentamente.
 - Plural dos demostrativos neutros: *estos, *esos, *aqueiros.
 - Pronome relativo e interrogativo: *quenes.
 - Uso de tempos compostos: *había feito.
 - Verbos que non admiten reflexivos: *sentouse, *cásase.
- **Nivel sintáctico:**
 - Ausencia de artigo co posesivo: *súa carteira.
 - Mala colocación do pronome persoal átono: *lle dixen.
 - Emprego da preposición "a" con certas perífrases: *volveu a comer, *veu a comer.
 - Emprego da preposición "a" co C.D.: *vixiou ao neno.
- **Nivel léxico:**
 - Limitación de uso dalgunhas palabras galegas: vasoira por *escoba, billa por *grifo.
 - Adaptación ortográfica incorrecta ao galego: *axuntamento, *cuchilo, *carreteira.
 - Substitución total: *adiós, *Deus, *Pueblo, *iglesia.



REXISTROS DA LINGUA

REXISTRO FORMAL: elaborado, coidado.

REXISTRO INFORMAL: espontáneo, relación coa lingua oral.

1. Indique o nivel e o rexistro dos seguintes textos, xustificándoo:

TEXTO

O carriso e o boi

Andaba un día o carriso a brinquiños na procura de herbiñas e bechos por un campo en diante. Un boi apastaba de par do carriso e, como o pasario era tan piquirrichiño o boi non o vía e por pouco non lle pon un pé enriba e o aplasta. O carriso botouse a un canto e pareseulle moi mal que o boi nono vise ou fixera menos del, e deixándose levar polo carriso, porque os pasariños tamén se encarraxan, prantouse voando no espinazo do boi, doulle dúas couces cos seus peños e dísolle furioso: ei, ti! Seica queres que te revente?

Conto popular

TEXTO

A transmisión de enerxía a través dos distintos niveis das cadeas tróficas non é completa, xa que en cada nivel se perde unha porción notable. En cada nivel só unha parte do alimento se inxire e transforma; o resto libérase como refugallo. Ademais, parte da enerxía que chega a un nivel emprégase para realizar as funcións vitais: respiración, reprodución, movemento... nas que se queima enerxía e se libera ao medio en forma de calor, que non se pode recuperar.



TEXTO

Pedriño, o fillo máis vello de Farruco, veu vivir coa tía Ádega. El era manso, doce, alabeeiro; pero tamén lacazán, pousafoles, e máis que nada comellón e lambeteiro.

Endexamais podía ver comer sen pedir parte, e moitas veces daba noxo de velo tan devecido sempre, tan famento, inda que tivese o fol estoupando de comida.

Cando algún compañeiro comía unha mazá. Pedriño achegábase a el, paseniñamente, e dicíalle con verdadeira homildade:

- Non tires o carozo, eh!

Despois Pedriño enfiaba os ollos de boi de Belén na gorxa do compañeiro, co degoiro dun mendicante que olla unha comida de casamento, e decíalle untuoso:

- Ben me podías deixar parte!

Sabía o gran broeiro que a comida non presta se un famento nos está contando as enviadas, e de cada bocado que recibía a mazán Pedriño alarmábase:

- Qué chantada lle meteches! Se lle dás outra nin chisco queda dela!

Pedriño non deixaba de ollo ó rapaz da mazá deica sacarlle da boca pola persuasión.

Castelao, Os dous de sempre

QUÉN É O AUTOR

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO naceu en Rianxo - A Coruña en 1886 e morreu en Bos Aires - Arxentina en 1950, foi escritor, pintor, médico e debuxante, así como un dos pais do nacionalismo galego. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas de 1964.

Entre as súas obras destacan:

Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto

As cruces de pedra na Galiza

As cruces de pedra na Bretaña

Cousas

Os dous de sempre

Retrincos

Sempre en Galiza

Os vellos non deben de namorarse



TEMA 7.- LÉXICO E SEMÁNTICA

FAMILIA LÉXICA: PREFIXOS E SUFIXOS

Unha familia léxica está formada por todas aquelas palabras que comparten a mesma raíz e que, polo tanto, teñen certa relación de significado: labrar, labrador, labrego, labradío, labranza, labradura...

Poden ser familias léxicas irregulares: plano, planicie, aplanar, chan, chaira...

Para formar unha familia léxica só hai que engadirlle prefixos ou sufixos: libro, librería, libreiro, libresco, libriño...

Os prefixos póñense diante das palabras para crear outras novas, de diferente significado.

Os sufixos engádense ao final das palabras para formar outras novas.

Hai un gran número de prefixos.

**"Des-" e "anti-" significan "o contrario de" e "en contra de".
Descalzarse, desaparecer, antibelicista.**

EXERCICIOS

1. Sinale que palabras teñen o significado de "contrario" ou "contra de": desafío, antiácido, desacerto, despacho, desagradecido, antialérxico, desacordo, desafortunado, anticonceptivo, desanimarse, desmaiarse, desastre, antitusíxeno, desorganizar, despois, desértico.

2. Faga unha lista coas palabras onde "des" ten o significado de "o contrario de": desabafar, desabolar, destacar, desacato, desaloxo, desaliñado, desaire, desafogo, desafiante, desactivar, desacostumado, desaclimatar.

"Hiper-" significa "moi, moito, demasiado": hipersensible, hiperactivo.

EXERCICIOS

3. Que significa hipertensión?

que ten a tensión alta

que ten a tensión baixa



O prefixo "re-" significa "repetición": a secretaria refixo a carta.

O prefixo "in-/im-" significa "que non está" ou "que non é": intranquila, imperfecta. Cando vai diante de substantivos significa "sen": inconsciencia, impaciencia.

EXERCICIOS

4. Complete estas frases:

Isto non se pode perdoar, é:

Esta comida diríxese mal, é:

Non tes paciencia, es un:

Resulta imposible de mellorar, é:

Os prefixos "pre-/ante-" significan "anterior" ou "antes": preadaptación, antediluviano.

O prefixo "tele" significa "a distancia": telecadeira.

O prefixo "super" significa "encima de" ou "exceso de": superdotado.

EXERCICIOS

5. Una a palabra coa súa definición: telegrafía, superdotado, superpor.

Pór unha persoa ou cousa encima doutra:

Sistema de transmisión de mensaxes por cable:

Persoa con calidades superiores ao normal:

Os sufixos "-ón/-azo" significan "maior tamaño": caixón, barcaza.

O sufixo "-aría/-ería" significa lugar onde habitualmente se fai ou se vende algo: cervexaría/cervexería.

O sufixo "-iño" indica menor tamaño: coelliño. Tamén indica valor afectivo: meu pequerrechiño.

Os sufixos "-ante, -ente, -inte" indican habitualmente a persoa que realiza unha acción: escribente.

EXERCICIOS

6. Escriba as accións que realizan estas persoas:

estudiante, crente, cantante, viaxante, camiñante, votante,
navegante, debuxante

7. Como se chaman as persoas que realizan as seguintes accións:

gobernar, estudar, vixiar, pasear



O sufixo "-ble/bel" significa "que se pode": agradable/agradábel.

EXERCICIOS

8. Indique o adxectivo:

- O que non se fatiga é:
- O que non serve é:
- O que non se pode separar é:
- O que non se cansa é:
- O que non se pode aguantar é:

9. Separe os prefixos nas palabras que o teñan:

antepoñer, apoñer, arrepoñer, contrapoñer, indispoñer, recompoñer, supoñer, repoñer, pospoñer, opoñer

10. Faga dúas listas, unha onde haxa prefixos, outra con sufixos e outra sen eles:

encontro, aclaración, amoroso, enterrador, amoral, colidir, conselleiro, consoante, espada, consumismo, abeirar, esverdear, coordinada, enclaustrado

11. Indique onde hai prefixos semellantes:

perseguidor, percebe, posgraduado, parachoques, prexuízo, páramo, positivo, posguerra, parapsicoloxía, préstamo, prealpino, percepción, perdurabilidade, preamar, parable, posdental, paracaídas

12. Escriba a familia léxica de:

flor, mercado, venda, noite, longo, forza, orde, corpo

13. Cal das seguintes palabras non pertence á mesma familia léxica:

día - diario - dialecto - mediodía - diúrno

mar - marea - marear - marusía - maremoto - marengo

papel - papelaría - papar - empapelar - empapar - papeliño

14. Agrupe as palabras seguintes en familias léxicas:

indolencia	colorar	corar	iluminación	xeral
regular	xénero	rella	adoecer	soidade
lume	chaga	cóbado	alumeado	só
xeneral	solitario	praga	colorista	dexenerado

15. Faga dúas familias léxicas, unha de *impresión* e outra de *interese*:

impresionable, impresionar, interesado, interferencia, interesante, impresentable, impresionante, interesar.



SEMÁNTICA

SINÓNIMOS

Son palabras que teñen o mesmo significado ou moi parecido. Utilízanse para non repetir as palabras e enriquecer a lingua que usamos: *tenda - comercio; repostos - recambios; automóbiles - coches*. Non sempre son perfectos: *tenro - brando*, pódense intercambiar no caso da carne, pero non no caso dun neno.

ANTÓNIMOS

Son as que expresan significados contrarios: *traballador - lacazán*.

HOMÓNIMOS

Son as que soan igual pero teñen distinto significado. Poden ser **homógrafas** ou **homófonas**, estas últimas escríbense con distinta grafía pero pronúncianse igual: *peto* (paxaro/obxecto para gardar cartos); *ravo - rabo*.

EXERCICIOS

1. Indique o sinónimo de:

outrora, antonte, logo, decote, paseniño, bastante, de socato, quizá, entón, de fronte

2. Relacione as tres columnas con sinónimos:

comezar	fazula	soberano
amencer	alba	faceira
meixela	rei	aurora
monarca	iniciar	empezar

3. Complete coa palabra que lle pareza máis axeitada:

canso, esgotado, rendido, fatigado

- Fun para a cama porque estaba moi ...
- Sentiuse ... despois do longo paseo.
- O capataz caeu ... e durmiu.
- Voume dar un baño, estou ...!

4. Forme parellas de sinónimos:

aguantar, gustar, medo, agradar, pánico, soportar, falar, detestar, charlar, odiar

5. Substitúa as palabras destacadas por sinónimos:

- O sendeiro sobe ata o outeiro.
- Colgou o lenzo no vestíbulo da casa.
- O chofer detivo o taxi na praza.
- Xoán é un rapaz moi charlatán.



6. Marque os sinónimos:

honra, desigualdade, dignidade, laboriosidade, corrupción, cómodo, prexuízo, descansado, impostos, seguridade, principiante, aprendiz, director, secretaria, supervisor, xefe.

7. Substitúa as palabras en cursiva polo seu sinónimo:

resolución, artigo, elaboración, descoido, acusou, provocou, compañía, produtivo, comercio, obreiro

- A *sentenza* xudicial deulle a razón ao *traballador*.
- A *fabricación* dese modelo *orixinou*lle perdas á *empresa*.
- Despois do accidente, *denunciou* a empresa por *neglixencia*.
- O *negocio* da hostalería non era *rendible*.
- A oferta do *produto* era maior que a demanda.

8. Una cada palabra co seu sinónimo:

delegación, inestimable, manifestar, vago, valioso, sucursal, lacazán, declarar

9. Indique os antónimos de:

visible, dentro, regular, posible, lonxe, perder, xeneroso, arriba, vencer, adiante, engurrado, enriba, educado, hogano, egoísta, liso, groseiro, cargar, permeable, pregar, prudente, tapar, antano, sensible

10. Relacione cada palabra co seu antónimo:

coser, oferta, vestir, engurrar, permanente, acaer, limpar, abotoar, lixar, alisar, empresario, poñer, descoser, apertar, demanda, tirar, afrouxar, desabotoar, eventual, alongar, desatar, traballador, espir, acurtar, amalloor, sentar mal

11. Forme parellas de antónimos:

aumentar, fundir, menor, restar, engadir, forte, poñer, tranquilo, colocar, mendigo, minguar, rico, obter, conseguir, maior, iniciar, rematar, débil, solidificar, sereno.

12. Cambie as palabras en cursiva polo seu antónimo e observe como cambia o seu significado:

- Pedro *nunca* axuda nas tarefas domésticas.
- O ano *pasado* compramos un coche.
- *Rematou* o traballo o venres.

13. Suprima o prefixo para formar o antónimo:

desobedecer, imperecedoiro, ilexítimo, desenfundar, insuficiente, ilóxico, imparcial



14. Escriba os contrarios dos seguintes verbos: dar, baixar, permitir

15. Copie e complete: vago/bago, plano

- Luís é un home moi ...
- Collín un ... do acio.
- Aquel camiño era moi ...
- Estabamos analizando o ... do piso.

16. Una cada palabra co seu significado: baga, vaga, polo, valor, balor

- Casula onde se desenvolven as sementes dos legumes:
- Onda:
- Cría dunha ave:
- Xeado cun pau:
- Peluxe branca ou verdosa que causan os fungos:
- Valentía:

17. Significado de enerxía:

- Graza
- Forza
- Rapidez

18. Cales das seguintes palabras teñen un significado semellante a clandestino:

ilexítimo, prohibido, inestable, encuberto, descarado, atrevido, secreto, político, oculto

19. Poña ao lado de cada definición a palabra correspondente: inscribir, describir, subscribir

- Dicir como é unha persoa, animal ou cousa:
- Apuntar a alguén nunha lista para facer algo:
- Aboarse a algunha publicación:

20. Una cada significado coa súa expresión:

Facerse con algo	gañar a súa amizade ou admiración
Facerse con alguén	facer que alguén nos insista moito
Facerse pregar	acostumarse
Facerse a algo	conseguilo, adquirilo

21. Significado de "ir ao gran":

- Empezar a cultivar un campo
- Centrarse no esencial dun asunto
- Acudir en axuda de alguén



22. Que significa "picar no anzol":

- Caer na trampa
- Cravar o anzol
- Enfadarse

23. Significados de "pescar":

verbo. 1. Sacar peixes e outros animais que viven na auga. 2. Sacar algo de calquera líquido. 3. fig. Sorprender a alguén nalgunha acción, polo xeral considerada como mal. 4. Alcanzar a alguén que se persegue. 5. Comezar a experimentar ou sufrir os efectos de algo.

Sinale o número en cada frase da palabra "pescar":

- O policía pescou o ladrón cando ía subir ao tren.
- Nese río péscanse moitos cangrexos.
- Non camiñes descalzo ou pescarás unha pulmonía.
- Luísa pescou o seu fillo fumando.

24. Una cada palabra co seu significado:

subemprego, folga, pluriemprego, despedimento

- Indemnización que se lle paga a un traballador ao despedilo.
- Posto de traballo mal pagado ou de cualificación inferior á experiencia do que o desempeña.
- Situación da persoa que ten máis dun emprego ou traballo.
- Paro colectivo dos traballadores para forzar a favor das súas reivindicacións.

25. Que significa "mobilidade xeográfica":

- Disposición para mudarse de lugar
- Corremento de terras
- Folga de traballadores

26. Relacione as profesións coa acción e co utensilio:

modista, pintor, cirurxián, carpinteiro, albanel; bisturí, agulla, serra, paleta, pincel; operar, bordar, encalar, pintar, edificar, serrar, zurcir, cravar, sombrear, curar

27. Explique o significado de "lista" en cada frase:

- Onte apuntouse á lista do paro.
- Xa estou lista para saír.
- A miña filla é máis lista que a fame.



28. Cambie a palabra marcada por unha das seguintes: alegre, habita, agarrou, envía

- O rei **vive** nun pazo.
- **Colleu** o seu maletín con todos os documentos.
- **Manda** cartos de presentación a todas as empresas.
- É o rapaz máis **divertido** do mundo.

29. Una:

Facerse ao mar	chegar a porto
Izar a áncora	en abundancia
A toda vela	saír do porto
Travesía	viaxe
Andar ao mar	ocuparse en pescar
A mares	a toda velocidade
Arribar	levantar a áncora para saír

30. Poña sinónimos e antónimos das palabras marcadas:

TEXTO

Cando o taberneiro **rematou** de ler aquela nova inqueda -un neno suicidárase pegándose un tiro na sen **dereita**- falou o vagamundo **descoñecido** que **acababa** de xantar moi pobremente nun curruncho da tasca mariñeira e dixo:

- Eu **sei** a historia dese neno.

Pronunciou a palabra neno dun xeito moi particular. Así foi que, os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro **calaron** e escoitaron con xesto inquiridor moi **atento**.

- Eu sei a historia dese neno **-repetiu** o vagamundo. E tras unha solerte e ben medida pausa, **comezou**:

- Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de **medo** viu saír do camposanto florido e **recendente** da súa aldea a un vello moi vello en coiro.

Rafael Dieste, *O neno suicida*, Dos arquivos do trasno

QUÉN É O AUTOR

RAFAEL DIESTE naceu en Rianxo - A Coruña 1899 e morreu en Santiago de Compostela 1981. Pertence á Xeración do 22 ou do 25. Escribiu contos e pezas de teatro: A fiestra valdeira e Dos arquivos do trasno. En 1970 ingresou na Real Academia Galega e dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 1995.



TEMA 8.- MORFOLOXÍA

SUBSTANTIVO: XÉNERO E NÚMERO

O substantivo é a parte da oración que se refire a realidades.

Clasifícase en:

- Substantivo **común**: aquel que permite nomear todas as persoas, animais ou cousas da mesma clase ou especie, sen particularizar o seu significado. Considéranse xenéricos: *home, cabalo, casa*.
- Substantivo **propio**: aquel que particulariza a cada individuo dos demais dunha mesma clase, especie ou xénero. Aplícase a un só ser, persoa, animal ou cousa. Considéranse individuais. Escríbense coa letra inicial en maiúscula: *María, Xinzo, Pastor*.
- Substantivo **individual**: aquel que en singular se refire a unha persoa, un animal ou cousa: *árbore, peixe*.
- Substantivo **colectivo**: aquel que en singular se refire a un grupo de persoas, animais ou cousas: *exército, manda*.
- Substantivo **concreto**: aquel que se refire a persoas, animais, plantas ou obxectos que podemos percibir polos sentidos: *vento, paisaxe, sal*.
- Substantivo **abstracto**: aquel que se refire a conceptos, sentimentos ou ideas que só podemos pensar ou imaxinar e non os percibimos polos sentidos: *xustiza, igualdade*.

EXERCICIOS

1. Una o substantivo individual co colectivo:

espárragos, illa, rosa, barco, uvas, xogador, arquipélago, flota, mangado, ramo, equipo, acio

2. Clasifique estes substantivos en concretos ou abstractos:

edificio, preocupación, nube, infancia, fume, simpatía, auga, caridade, dor

3. Seleccione no seguinte texto os substantivos:

María compra o xornal no quiosco da súa rúa cando sae facer a compra no supermercado. Nun dos baixos próximos hai un taller de coches. Un mecánico escoita un transistor entanto que traballa. A música escóitase en toda a rúa.



XÉNERO

Xénero masculino: as palabras que rematan en -o, -án, -ote, -ume (agás **servidume**), nomes de letras. Tamén son masculinos: berce, cal (parede), cárcere, costume, couce, cuspe, coral (coro), dote, fantasma, fel, labor, leite, lume, mel, nariz, riso, sorriso, sal, sangue, sinal, ubre.

Xénero feminino: as palabras que rematan en -a, -se, -te, -axe (agás **traxe, garaxe, paxe**). Tamén son femininas: árbore, arte, calor, canle, dor, eclipse, fronte, reuma, cor, ponte, pantasma, orixe, orde, suor, marxe, sebe, feluxe.

O nome das árbores froiteiras depende da froita: se a froita é masculina a árbore é masculina: *o limón, o limoeiro*; se a froita é feminina a árbore é feminina: *a laranxa, a laranxeira*. Agás: **a piña, o piñeiro; a castaña, o castiñeiro; o figo, a figueira**.

Formación do feminino:

-o	-a: neno, nena
-ó tónico	+a: avó, avoa
-consoante, agás -n	+a: rapaz, rapaza
-e	-a: mestre, mestra
	-esa: abade, abadesa
-a	-isa: poeta, poetisa
-án	-á: cidadán, cidadá
	-ana (adx. despectivos): folgazán, folgazana. Agás: barregán, rufián, marrán, nugallán, truán: barregá, rufiá, marrá, nugallá, truá
-én	invariables: recén, refén
-ín	+a: bailarín, bailarina
-ón	-oa: patrón, patroa
	-ona: lambón, lambona (cando -ón significa aumentativo)
-ún	invariables: común
	cervún, vacún, cabrún - cervúa, vacúa, cabrúa
	euscaldún, euscalduna



NÚMERO

Formación do plural:

- vogal	+s: neno, nenos
-n	+s: camiión, camiións
- consoante	+es: rapaz, rapaces
-l	agudas > is: papel, papeis compostas de monosílabos e graves +es: ollomol, ollomoles, fácil, fáciles
-s	agudas +es: compás, compases Graves: invariables: lapis (o, os)
composta	composta con guiión, no último elemento: físico-químicos composta aglutinada, no último elemento segundo as normas: bulebule, bulebules composta de dous substantivos, no primeiro elemento: sofá cama, sofás cama composta de substantivo e adxectivo, nos dous: gardacivil, gardas civís composta con preposición, no primeiro elemento: estrela de mar, estrelas de mar
estranxeirismos	engaden todos - s: clubs, tests

EXERCICIOS

1. Poña o artigo masculino ou feminino:

panadeira, espello, lámpada, tubo, libro, cadeira, casa, pinza

2. Poña o feminino de:

amigo, pescador, duque, galo, actor, macho, boi, cabalo, heroe, abade, boi, carneiro

3. Cales das seguintes palabras se empregan indiferentemente para masculino ou para feminino:

testemuña, espía, camareiro, futbolista, alcalde, maquinista, arquitecto, cantante

4. Poña en plural as seguintes palabras:

fugaz, andar, lei, cor, dolmen, cidade, húsar, noz, valor, encanto, anciá, uz, heroe, feliz, problema, home, encaixe, lugar

5. Poña o singular ou o plural das seguintes palabras:

útil, felicidades, rebaixas, luns, fol, animais, papel, plan, sofá, balón, matices, luces

6. Poña en feminino ou masculino:

locutor, touro, cabalo, muller, actriz, príncipe, galo, duquesa



7. Clasifique as seguintes palabras segundo vaian en singular ou plural:

arroces, volume, compras, emprego, condicións, técnico, enchufes, disposición, taller, experiencias

8. Cambie o xénero e o número onde se poida nas seguintes frases:

- Os esquiadores chegaron ao cume xeado.
- O telefonista recibiu a mensaxe do señor Luís.
- O decorador e a arquitecta foron ver a casa.
- Antonio vai casar con Henriqueta o día quince.

9. Poña en plural:

- A perdiz librouse por aquela vez da ave rapaz.
- Foi incapaz de coller a noz da árbore.
- Debaixo do anteface víaselle unha cruz.
- Apagouse a luz nun intre.
- Era un rapaz audaz, capaz de calquera cousa.
- Unha voz asustou o rapaz.
- Sacou a raíz que estorbaba.

10. Clasifique os substantivos en singular ou plural:

Carmela, mira se na maleta metiches toda a equipaxe: as camisas, o traxe de baño, as sandalias, o sombreiro, a toalla, o xampú, os panos da man e a colonia.

11. Subliñe todas as palabras que estean en plural:

TEXTO

Hai disto unha chea de anos, tantos que nin os tataravós dos máis vellos da bisbarra chegarán a saber nunca dalgún seu devanceiro, que tivese noticia do tempo no que se desenvolveu a historia que imos contar agora.

Daquela á Terra Chá aínda non se lle chamaba por ese nome porque a vida das xentes transcorría nun espazo tan cativo que non permitía o coñecemento cabal dos límites dunha comarca e, ademais, tampouco había naquela época poetas que puidesen deixar por escrito o fondo sentimento que a terra de cada un fai solecer na alma dos seus fillos. Por estas razóns, o rapaz de dezaseis anos que vivía, el só, ao abeiro duns cinsentos penedos, húmidos de mofo pola cumprida sombra das grandes árbores que os rodeaban, nunca pensara en lle dar nome ao lugar aquel nin podía imaxinar que outros chegasen a facelo algún día.



El si sabía da terra, do seu tacto e mais do seu sabor, do arrecendo diferente de cada unha das herbas que nela medraban, das pegadas que garda na tona despois do paso dos animais, da súa harmonía plástica con auga, do seu xeneroso ventre creador de froitos e tamén desa amorosa aperta final coa que permite a calquera ser vivo integrarse nela para sempre.

Paco Martín

QUÉN É O AUTOR

PACO MARTÍN naceu en Lugo, foi mestre de ensino primario ata a súa xubilación no ano 2000. Dirixiu o semanario *Axóuxere*. Primeira peza narrativa Muxicas no espello. Primeira novela, finalista do Premio Galaxia con No cadeixo. Outras novelas: E agora cun ceo de lama, Das cousas de Ramón Lamote, referente da literatura infantil e xuvenil, supuxo o Premio Nacional de literatura infantil en 1986. Lembranza nova de vellos mesteres, Servando/rei do mundo enteiro, Tres historias para ler á noite, A bisneta lercha, Das novas cousas de Ramón Lamote.

TIPOS DE SUBSTANTIVOS SEGUNDO A SÚA COMPOSICIÓN

Cando unha palabra está formada por un lexema é unha **palabra simple**.

Se está formada por dous ou máis lexemas é unha **palabra composta**.

Se está formada por lexema e prefixos ou sufixos é unha **palabra derivada**.

Se está formada por dous ou máis lexemas e prefixos ou sufixos é unha **palabra parasintética**.

EXERCICIOS

1. Indique se son simples, compostas, derivadas ou parasintéticas:

hidroavión, estupendamente, olladela, afialapis, paradoiro, rabelo, agridoce, abrecartas, sedoso, pousapratos, neurocirurxián, abrelatas, coliflor, preamar, librepensador, baixamar, paporrubio, sempreviva, comparar, tirarrollas, lobishome, amendoado, motocicleta, contagotas, portafolios, neno, aparcacoches, ruxerruxe, delgado, radioóinte, espantallo, hidromasaxe, bulebule, xordomudo, non-fumador

2. Que é?

- Serve para cortar o céspede:
- Parte metálica onde se coloca a lámpada:
- Aparato para mirar cousas afastadas:
- Aparato para limpar o cristal dos coches:
- Aparato para dosificar un líquido gota a gota:



ADXECTIVO: GRAOS

O adxectivo cualificativo é unha palabra que nos di como son ou como están as persoas, os animais ou as cousas. O adxectivo pode ir diante ou detrás do substantivo ou nome ao que se refire.

Pode ser **especificativo** (salienta unha calidade que achega ao substantivo que acompaña entre outras posibles: *situación cómica*) ou **explicativo** (normalmente anteposto, resalta a calidade propia do substantivo: *árido deserto*).

Posúe tres graos:

GRAO	TIPOS	USOS	EXEMPLOS
POSITIVO			alegre
COMPARATIVO	IGUALDADE tan/tanto... como	+verbo	É tan alto como pensaba
	tan/tanto... coma	+pronome persoal tónico	É tan alto coma ti
	Tan/tanto...como/ coma	+ resto das formas	Non chove tanto hoxe como/coma onte.
	INFERIORIDADE: menos... ca*	+pronome persoal tónico	Parece menos agradable ca min
	menos... que/ca	Con todo tipo de palabra agás verbo ou pronome tónico	Parece menos agradable que onte
	menos... do que	+verbo	Parece menos agradable do que pensei
	SUPERIORIDADE máis... ca	+pronome persoal tónico	Parece máis alegre ca eles
	máis... que/ca	Con todo tipo de palabra agás verbo ou pronome tónico	Parece máis alegre que alto
	máis... do que	+verbo	Parece menos alegre do que pensaron
SUPERLATIVO	ABSOLUTO	sintético é unha soa palabra: prefixo, sufixo...	O neno parece guapísimo/ requeteguapo
		analítico: adverbio + adx., repetición de adxectivo...	A nena é moi alegre. A nena é alegre, alegre.
	RELATIVO máis/menos... de		O máis alegre do grupo da clase son eu.

* Tamén é "ca" obrigatorio se a continuación vai unha oración subordinada temporal, condicional ou relativa.

**EXERCICIOS****1. Marque os adxectivos:**

- Fixemos unha longa viaxe.
- O camiño cara á choza era longo e escarpado.
- O tren é lento, pero seguro.
- É unha laranxa moi apetitosa.

2. Subliñe os adxectivos e diga o grao:

- É unha empresa moi produtiva.
- A difícil elaboración do produto encarecía o custo.
- A actuación dos sindicatos non foi a máis correcta.
- A fábrica sufría grandes perdas continuamente.

3. Complete estas comparacións:

- Branco como a ...
- Veloz como un ...
- Frío como o ...
- Gris como o ...
- Redondo como o ...

4. Introduza a partícula comparativa segundo corresponda:

- Este caderno é mellor ... o meu.
- Foron máis áxiles ... min.
- Quérelle máis ao tío ... á tía.
- Faino mellor deste xeito ... ao chou.
- A Encina sempre tivo moitos menos cartos ... el.
- O Rubén era tan fedello ... o seu curmán.
- O Miguel obtivo resultados peores ... pensaba.
- O Daniel é case tan rico ... o veciño.
- Os nenos déronlles ... libros á avoa ... á amiga.
- Agora é forte o Ricardo.
- Recollemos fabas nós contabamos.



ARTIGO

O artigo nunca pode aparecer illado na oración, sempre acompaña o substantivo. Vai normalmente diante. Ten xénero: masculino ou feminino, e número: singular ou plural.

Divídese en:

- Determinado: o, a, os, as. 2ª forma do artigo: lo, la, los, las.
- Indeterminado: un, unha, uns, unhas.

EXERCICIOS

1. Escriba o artigo correspondente:

... mesetas, ... ríos, ... cumio, ... acantilado

2. Complete cos artigos:

- Todos ... animais pasaron ... noite a durmir.
- ... actividades máis importantes eran ... agricultura e ... turismo.

3. Sinale os artigos do texto:

O alpinista escalou a montaña máis elevada da cordilleira. Tras moitos esforzos alcanzou o cumio. Desde alí divisábanse os outros picos do macizo. Era un panorama precioso!

DEMOSTRATIVO

Expresa a idea de distancia espazo-temporal do obxecto ao que determina con respecto ao falante, en relación coas persoas gramaticais.

DEMOSTRATIVO			
	masc.	fem.	neutro
1ª pers.	este	esta	isto
	estes	estas	
2ª pers.	ese	esa	iso
	eses	esas	
3ª pers.	aquel	aquela	aquilo
	aqueles	aquelas	

Contraen coas preposicións: **de** e **en**. Tamén co indefinido *outro*, agás o neutro. Hai unha forma tripla que é **preposición + demostrativo + outro**: **naqueloutro**



EXERCICIOS

1. Encha cos demostrativos oportunos:

- Aquí tes ... carballo e alí está ... máis baixo.
- Non ves a parva ... con que nos vén agora!
- Cando chegou á cidade, sentiuse incómoda en ... pequeno apartamento.
- En ... tempos as mulleres non tiñan dereito ao voto, aínda que en ... seguen discriminadas no acceso ao traballo.
- ... poesías, que agora che traio, son apenas un anaco da miña alma.

2. Sinale as formas do demostrativo:

- Claro, iso si, as mámoas están a carón da casa de meu avó.
- Chamou Xoán, daquela virá ao cine pola noite.
- Houbo sempre moita paz nesa familia, ata que xurdiu o aquel do herdo.
- Non cho repito outra vez, se o volves facer, xúroche por estas que non baixas cos patíns.

POSESIVO

Indica a quen pertence algo, concorda co substantivo ao que acompaña en xénero e número. Vai sempre acompañado de artigo obrigatoriamente, agás cando é substantivo referido a parentesco próximo: pai, nai, avó, avoa, fillo, filla, neto, neta, irmán, irmá, tío, tía, curmán, curmá, que é opcional. Nunca se pon cando se trata de seres únicos ou cando é un vocativo: *Súa Santidade chega mañá a Santiago de Compostela. Miña rula, ven agora.*

POSESIVO					
		masculino sing.	feminino sing.	masculino pl.	feminino pl.
1ª pers.	un posuidor	meu	miña	meus	miñas
	varios posuidores	noso	nosa	nosos	nosas
2ª pers.	un posuidor	teu	túa	teus	túas
	varios posuidores	voso	vosa	vosos	vosas
3ª pers.	un posuidor/ varios posuidores	seu	súa	seus	súas

EXERCICIOS

1. Indique os posesivos das seguintes oracións:

- É o teu gato o que pasou á miña casa.
- As miñas irmás levarán os seus fillos ao parque.
- Faremos o cadro coas súas pinturas e os teus lapis.



2. Substitúa as palabras que van entre parénteses polos determinantes posesivos correspondentes:

- Non me gustan (deles) zapatos.
- Atopei (de ti) reloxo.
- Vouche emprestar (de min) chaqueta.
- Estivemos en (dela) festa.
- Déixame (de ti) gravata.
- Encántanme (delas) libros.

3. Escriba o posesivo que corresponda:

- Luís ten unha casa moi grande: A ... casa.
- Brais e mais eu temos os mesmo gustos: Os ... gustos.
- Os xoguetes que tedes ti e mais a túa curmá están no faiado: Os ... xoguetes.
- A secretaria de don Pedro está enferma: A ... secretaria.
- O CV de Xoán é o mellor: O ... CV.
- Déixoches aquí os documentos de Sara e mais os meus: Os ... documentos.
- O apelido da miña familia é de orixe árabe: O ... apelido.

4. Poña en feminino:

- El é amigo teu; fala ti con el.
- Non soporto eses primos teus.
- Ese fillo teu vaite matar a desgustos.

5. Poña en plural:

- Atopou unha cousa túa.
- Unha amiga miña viu esa película e di que está ben.
- Saín cun amigo seu.

6. Sinale os posesivos:

noso, aquel, os, teu, a, miña, ese, voso, unha, estes, seu, o, aquela, meus, súas, unhas, vosos, isto, aqueles

7. Escriba unha resposta que esixa un posesivo:

- As túas anteriores experiencias foron boas?
- Está preparada a miña cea?
- O voso coche é estranxeiro?
- É boa a saúde de Paco?
- A nosa empresa non é rendible?



INDEFINIDO

Hai formas variables en xénero e número, só en número e só en xénero.

- En xénero e número: *todo, moito, pouco, ningún, algún...*
- En número: *tal, bastante...*
- En xénero: *varios, ambos, entrambos*
- *Calquera* é unha forma invariable, pode referirse a persoas ou animais.
- *Quenquera* forma invariable que ten o valor de calquera persoa.
- En galego en expresións negativas emprégase a forma *ningún, ninguén*, non algún, alguén.
- *Ambos* fai referencia a dous e non sería incorrecto poñer: *ambos os dous, ambas as dúas*.

EXERCICIOS

1. Localice todos os indefinidos:

- Cada un sabe o que teu que facer.
- Había moitos paxaros naquel país, pero non vin ningún merlo.
- Vosoutros ides ao cine e os demais podedes ir, se queredes, á praia.
- Ambos os dous concursantes conseguiron sen problema o premio.
- Xa teño bastantes discos dese cantante, gustárame un destoutro conxunto galés.
- Quenquera que acenda o ordenador hoxe arríscase a coller o virus.
- Chorou moitas bágoas que lle estragaron os ollos.

NUMERAL

- Os numerais **cardinais** expresan unha cantidade: *un, unha, dous, dúas, tres, sete, oito, doce, quince, dezaseis, dezasete, dezaioito, vinte e un, trinta e dous, corenta e tres...*
- Os numerais **ordinais** expresan a orde: *primeiro/a, segundo/a, terceiro/a...*
- Os numerais **multiplicativos** indican unha cantidade duplicada: *dobre, duplo/a, triplo/a, cuádruplo/a...*
- Os numerais **colectivos** indican un grupo en singular: *dúo, trío, decena, ducia...*
- Os números **partitivos** expresan división, por iso tamén se chaman **fraccionarios**. *Era dono dun terzo do capital. Ela só tiña a oitava parte.*



- A maioría dos partitivos escríbense igual que os ordinais, a partir de once.
- Funcionan como substantivos: *A metade do terreo para ti*, ou como adxectivos: *Medio pexego para ti e outro medio para min*.
- Tamén admiten variación de xénero e de número.

EXERCICIOS

1. Encha os ocios con:

acio, mangado, restra, ramo

- Un ... de loureiro
- Unha ... de allos
- Un ... de uvas
- Un ... de espárragos

2. Complete as frases co correspondente numeral:

sétima, medios, cuarta, décima, terzo, décimas

- Só me corresponde unha ... parte da torta.
- Regaláronme a ... parte da pasaxe aos Estados Unidos.
- Era moi difícil separar exactamente un ...
- A novena parte dunha cantidade é menos que a ... parte desa mesma cantidade.
- As dúas ... partes da facenda están dedicadas a regadío.
- Con dous ... podemos xuntar un enteiro.

3. Escriba con cifras:

- Período 2004 - 2005:
- 8% dos contratos:
- 100 000 postos de traballo:
- Un salario mínimo que aumenta 540 €:
- Un alto executivo gaña sobre 80 000 € ao ano:

4. Escriba o correspondente numeral ordinal:

dous, sete, seis, quince, sete, vinte....



INTERROGATIVO E EXCLAMATIVO

- Nunca deben levar acento.
- O signo de interrogación e exclamación ponse só ao final.
- Formas: que, quen, cal, onde, cando, como, por que...

RELATIVO

As formas do pronome relativo son semellantes ás do interrogativo e exclamativo coa única diferenza que este pronome debe levar o antecedente expreso, ao que fai referencia. Só hai un determinante relativo con forma variable en xénero e número: cuxo, cuxa, cuxos, cuxas.

- **Quen** é unha forma invariable, sempre en singular e referida a persoas. Valor especial na forma "ser quen de": ser capaz de.
- **Que** forma invariable para referirse tanto a persoas como a cousas, pode ter acompañamento de artigo ou demostrativo que sería o seu antecedente.
- **Onde** é un relativo de lugar, fai referencia a lugares.

EXERCICIOS

1. Sinale os relativos, exclamativos e interrogativos:

- Cantos hai que cando lles preguntas que? responden que de que?
- Que de cousas que non necesito queren que compre os que as venden!
- Lembras quen fora o que che dixera? Quen che dese o que che fai falta!
- Que vas facer co aire que me roubaches do beixo ledo, do cantar florido, que en ti me revelaches no tempo amortecido, no tempo separado e compartido?
- A quen lle doarás o teu ser enteiro que a min non deas na esmiuzada entrega, o teu sentir valeiro, a túa presenza cega, presenza que me amosa e que te nega?

2. Sinale os determinantes e os pronomes do seguinte texto:

TEXTO

O PROFETA ERMITÁN

Houbo unha vez un profeta ermitán que cada tres lúas baixaba á cidade e nas prazas do mercado predicaba o dar e compartir entre a xente. E era elocuente e a súa fama estendíase por toda a Terra.



Unha tarde, tres homes chegaron á súa ermida e saudárono. E dixéronlle: "Ti predicas o dar e o compartir. E buscas ensinar a quen ten moito para dar aos que posúen pouco; e non dubidamos de que a túa fama che teña proporcionado riquezas. Agora ven connosco e dános das túas riquezas, aos que estamos necesitados"

E o ermitán respondeulles: "Meus amigos, non teño máis ca esta cama, esta esteira e esta xerra de auga. Levádeo todo se así o queredes. Non teño nin ouro nin prata".

Entón mirárono con desprezo e mudaron as súas faces, e o último detívose por un intre na porta e berrou: "Oh, ti, impostor! Ti, falso. Ti ensinas e predicas aquilo que ti mesmo non practicas".

Khalil Gibran, O vagabundo

PRONOME PERSOAL

O pronome persoal substitúe un nome de persoa, animal ou cousa e indica a persoa que realiza a acción do verbo e o seu número.

PRONOME PERSOAL		
	Sing	Plural
1ª pers.	Eu	Nós, nosoutros/as
2ª pers.	Ti	Vós, vosoutros/as
3ª pers.	El/ela	Eles/elas

Estes pronomes poden facer a función de suxeito ou ir despois dunha preposición, pero tamén os hai que fan a función de complemento directo e indirecto. As súas formas son:

PRONOME PERSOAL		
	CD	CI
1ª pers.	me	
	nos	
2ª pers.	te	che
	vos	
3ª pers.	o, lo, no	lle
	a, la, na	
	os, los, nos	lles
	as, las, nas	

Usos:

- Emprégase **lo, la, los, las** cando o verbo remata en **-r** ou **-s**: *Fomos comprar o regalo: fomos compralo/ fómolo comprar.*



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

- Emprégase **no, na, nos, nas** cando o verbo remata en **ditongo**: *Comprou o regalo: comprouno.*
- Emprégase **o, a, os, as** cando o verbo **non remata en -r, -s ou ditongo**: *Comprará o regalo: comprarao.*

Colocación do pronome átono:

- Nunca pode comezar unha oración (vai enclítico): *Ile podo pasar os apuntamentos > *Pódolle pasar os apuntamentos.*
- Nunha oración subordinada, nunha negativa, nunha desiderativa ou nunha que vai introducida por determinante ou pronome interrogativo/exclamativo, o pronome átono vai diante do verbo: *Se o ves, non llo mostres; Oxalá cho fagan todo no momento; Que che dixo?; Onde o viches!*
- Cos adverbios: acaso, ata, case, disque, quizais, seica, xa, aínda, sempre, só, tamén, ben ou igual: *Ata se rirían del. Xa lle mandou vir o coche.*
- Os adverbios logo e agora fan que o pronome vaia antes do verbo cando significan "axiña": *Logo encamiñouse ao hotel (=despois encamiñouse); Logo se encamiñou ao hotel (=axiña se encamiñou)*
- Algúns pronomes admiten a dupla posición diante ou detrás. Se vai diante ten un ton máis enfático: *Alí ofrecíase carne seca, sopa de ostras/Alí se ofrecía carne fresca...*
- Algúns pronomes indefinidos provocan anteposición: algo, alguén, ambos, entrambos, bastante, calquera, mesmo e todo: *Todo o sorprendía; Alguén lles daría información.*
- Cando vai un pronome átono cun infinitivo e cunha preposición pode ir antes ou despois do infinitivo: *De o traeres a tempo podías facelo ben* (neste caso a preposición non contrae co pronome átono); *De traérela a tempo podías facelo ben.*
- No caso das perífrases hai unha dupla situación:
 - Perífrase con preposición ou conxunción no medio:
 - Hei de darcho
 - Heicho de dar
 - Hei de cho dar
 - Perífrase formada por verbo persoal e infinitivo ou xerundio:
 - Vaillo levar
 - Vai levarllo
 - Vai asumíndoo
 - Vaino asumindo



OUTROS PRONOMES ÁTONOS

SOLIDARIEDADE

De uso frecuente na fala coloquial por mor da súa expresividade, emprégase cando se quere facer partícipe ao noso interlocutor ou interlocutores do que dicimos, implicándoo/s afectivamente. Podemos tratar o interlocutor de ti/vós ou de vostede/s:

SOLIDARIEDADE		
	atuamento	cortesía
un interlocutor	che	lle
varios interlocutores	vos	lles

Para a súa colocación debe seguir as normas estudadas para o pronome átono, pero se vai con algún dos outros pronomes este debe ir sempre en primeiro lugar: *Dóecheme moito esta perniña.*

DATIVO DE INTERESE

Indica o interese que manifesta a persoa na acción que se expresa. Presenta as mesmas formas que o C.I. É compatible na frase co C.I. e co pronome de solidariedade. Pódese eliminar na oración sen que varíe o seu significado: *Dóecheme moito esta perniña.*

REFLEXIVO

É aquel pronome que vai na mesma persoa que o suxeito, el realiza a acción e sobre el recae: *Eu lávome.* Sempre son de C.D.

Formas: me, te, se, nos, vos, se.

RECÍPROCO

É aquel pronome que vai só en plural porque unha persoa realiza algo a outra e esta a unha: nos, vos, lles. Pode ser C.D. ou C.I.: *Nós escribímonos. Vós escribídesvos cartas.*

EXERCICIOS

1. Complete cos pronomes correspondentes:

- ... amañou o ordenador de Xurxo.
- Lembro cando ... compraches a primeira impresora.
- ... non pensamos contratar o ADSL.
- A min paréceme que ... deberían cambiar a conexión á internet.
- ... vas vir á explicación dos novos programas?



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

2. Substitúa polos pronomes correspondentes:

- Brais saúda o seu amigo:
- Recolle a roupa:
- Pinta tamén os dormitorios:
- Lava as saias:
- Uxía ingresa a pensión:
- Fina compara o terreo:
- Anxos atende o alumno:
- Pedro prepara as tortillas:
- Antonio limpa os cubertos:
- A nena le o conto:
- Manuel Rivas redactou a reportaxe:
- Luís Seoane pintou un fermoso cadro:
- Compraremos a motora:
- Van declarar a verdade:
- Deben estudar os temas:
- Imos alugar o cuarto:

3. Comente a colocación do pronome átono:

TEXTO

NENO 1: Acelera! Veñen pisándonos os talóns!

NENO 2: Dispáralles ás rodas dianteiras!

NENO 1: (*Disparando co dedo*) Bang! Bang!

NENO 2: Décheslles?

NENO 1: Dei! Pero seguen achegándose!
Coidado coa curva!

NENO 2: Dispara outra vez!

NENO 1: Bang! Bang!

(*Os nenos seguen ao seu e o vello vai a outro punto da praza*)

O TÍO SAM: ...Goliat, practica sen éxito nos zancos que lle fixeramos había uns días...

Roberto Vidal Bolaño, Saxo tenor

QUÉN É O AUTOR

ROBERTO VIDAL BOLAÑO naceu en Santiago de Compostela en 1950 e morreu no 2002. Formou parte do Grupo Abrente de teatro. As súas actividades xiran arredor do teatro, creación do Grupo Antroido e a compañía Teatro do Aquí. Caracterizado polo compromiso co país e coa lingua. Conseguiu diversos premios: Abrente, O Facho, Ciudad de Valladolid. O seu recoñecemento non se deu ata os anos 90. Entre as súas obras destacan: A burla do galo, Agasallo de sombras, Laudamuco, Señor de Ningures -Ledaíñas pola morte de meco, Saxo tenor, Touporroutou da lúa e do sol...



4. Localice os pronomes persoais:

TEXTO

O príncipe mira para o lume e cavila as palabras.

- Chegaron máis barcos cargados de Homes de Fóra. Bateron en nós e roubaron bastante na terra. Cando nos demos xuntado para defendernos, xa eles tiveran tempo de fortificarse na beira do mar, xunta o campo das batallas, naquela punta onde hai un carballo moi grande que ten tres gallas case desde a rentes da terra. É un sitio moi bo para iso, pois ao pé da punta hai unha baía pequena e moi abrigosa. Alí teñen os barcos. Na batalla tivemos bastantes perdas de xente, mortos e malferidos. Eles tamén levaron o seu, porque eran menos ca nós, e terminaron retirándose para o seu refuxio. Pero marchar non marcharon. Fixeron chozas e estacadas, e parece que teñen pensado quedar. Cando máis descoidados estamos, saen de golpe e rouban o gando e a gra, e matan homes e mulleres non, pero levan con eles cantas poden. Seguro que para o ano que vén chegan máis, e perderemos a terra. Xa hogano nos custou ben traballo gardala.

Darío Xohán Cabana

DARÍO XOHÁN CABANA naceu en Roás, Terra Chá - Lugo en 1952. Colaborou con Xosé María Álvarez Blázquez en Edicións Castrelos. É membro do Consello de Redacción de *A Trabe de Ouro*, e membro da Real Academia Galega desde o 2006.

Obras:

Poesía - Home e terra, Verbas a un irmao, Ábrelle a porta ó día, Cinco lendas, Vinte cadernos: Poemas 1969-2002, Cabalgada na brétema...

Narrativa: Noticias dunha aldea, Galván en Saor, Fortunato de Trasmundi, Vidas senlleiras, Cerco de ferro...

Literatura infantil-xuvenil: As aventuras de Breogán Folqueira, Chirlo merlo na figueira, O milagre das estrelas, Inés e a cadela sabia...

VERBO

- En galego hai tres conxugacións: -ar (1ª), -er (2ª), -ir (3ª).
- Todos os verbos están constituídos por: lexema + vogal temática + modo tempo + número e persoa.
- Os tempos verbais en galego son os seguintes:
 - Presente de indicativo: non ten modo tempo.



- Copretérito ou pretérito imperfecto de indicativo: hai que distinguir o modo-tempo da primeira conxugación -BA- e o da segunda e terceira -A- (ten vogal temática).
- Pretérito de indicativo ou pretérito perfecto: non ten modo-tempo, distínguese do presente de indicativo en que teñen terminacións de número e persoa distintas.
- Antepretérito ou pluscuamperfecto: modo-tempo -RA-.
- Pospretérito ou condicional: modo-tempo -RIA- (P4, P5) e -RÍA- (as demais persoas).
- Futuro de indicativo: modo-tempo -RE- (P1, P4, P5), -RÁ- (P2, P3, P6).
- Presente de subxuntivo: modo-tempo -E- primeira conxugación e -A- segunda e terceira conxugación.
- Pretérito de subxuntivo: modo-tempo -SE-.
- Futuro de subxuntivo: modo-tempo -R- (P1, P3, P4, P5), -RE- (P2, P6). Nos verbos regulares coincide no lexema co infinitivo conxugado, pero nos irregulares leva o mesmo lexema que o pretérito de subxuntivo, o pretérito de indicativo e o antepretérito.
- Verbos que terminan en -aer, -oer, -aír e -oír (caer, moer, saír, oír) levan diérese na P4 e P5 do copretérito, para distinguilo do presente de subxuntivo. Tamén levan diérese os que rematan en -uír (construír).
- Verbos ler, crer, rir, só teñen unha vogal.
- Verbos con **alternancia vocálica**: cambian a vogal do lexema de timbre en todas as persoas agás nas P4 e P5 dos tres presentes (indicativo, subxuntivo e imperativo):
 - Conxugación 1:
 - SEMIABERTO: acordar, alegrar, almorzar, berrar, chocar, colgar, espertar, entregar...
 - SEMIPECHADO: arrolar, cebar, chegar, contar, pesar, podar, torrar...
 - Conxugación 2:
 - beber (alternan semipechado P1 do presente de indicativo, presente de subxuntivo e P2 do presente de imperativo; semiaberto P2, P3, P6 do presente de indicativo).
 - comer (mesma alternancia que beber).
 - quecer e esquecer (todo semiaberto).
 - deber, ler e crer (todo semipechado).



- Modelo **mentir**: seguen este modelo os verbos ferir, sentir, seguir e derivados e compostos: malferir, desmentir, asentir, consentir, resentir, conseguir, perseguir e proseguir (conferir, inferir, etc. non son derivados de ferir).

PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE SUBXUNTIVO	PRESENTE IMPERATIVO
minto	mintas	
mentes	mentas	mente
mente	menta	
mentimos	mentamos	mentide
mentides	mentades	
menten	mentan	

- Modelo **fuxir**: seguen este modelo os verbos acudir, bulir, rebulir, cubrir e derivados, cumprir ("ser necesario"), cuspir, durmir, engulir, fundir ("render"), lucir e derivados, mulir, muxir, pulir, ruxir, sacudir, subir, sufrir, sumir e derivados, tusir, ulir, urdir, xunguir, xurdir.

PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE SUBXUNTIVO	PRESENTE IMPERATIVO
fuxo	fuxa	
foxes	fuxas	fuxe
foxe	fuxa	
fuximos	fuxamos	fuxide
fuxides	fuxades	
foxen	fuxan	

- Conservan o "u" en todo lexema dos tres presentes: discutir, conducir, argüír, asumir, cumprir (completar), curtir, derruír, diluír, disminuír, etc.
- Modelo **advertir**: seguen este modelo os verbos divertir, agredir, transgredir, conferir, diferir, inferir, preferir, proferir, referir, transferir, competir, repetir, concernir, discernir, espelir, espir, dixerir, inxerir, suxerir, inserir, medir, pedir e derivados, reflectir, vestir, investir, etc.

PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE SUBXUNTIVO	PRESENTE IMPERATIVO
advirto	advirta	
advirtes	advirta	advirte
advirte	advirta	
advertimos	advirtamos	advertide
advertides	advirtades	
advirten	advirtan	



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

- En galego **non son reflexivos**: adormecer, afogar, podreecer, caer, calar, casar, cansar, espertar, estremecer, ficar, marchar, morrer, parar, quedar, rir, sorrir, secar: Cansei de andar toda a tarde por eses montes. Onte casaron meus curmáns nunha cerimonia íntima.
- Verbos irregulares: caber, caer, dar, dicir, estar, facer, haber, ir, oír, poder, poñer/pór, querer, saber, ser, ter, traer, valer, ver, vir.

EXERCICIOS

1. Analice morfoloxicamente:

decidiches, vén, detiñan, predispuxeramos, deamos, fixedes, quixer, corresponderían, teña, continuará

2. Localice e analice os verbos do seguinte texto:

TEXTO

A noite déitase para durmir ao longo do río. Onde terá a cabeza a noite?, que almofada usará? Todas as terras do mundo coñecen a noite, pero debe haber un rostro da noite diferente para cada país. Para cada alma tamén, si. A noite miña de hoxe quizais non teña par no mundo. A brétema do río vai envolvendo cos seus panos os choupos. Dentro de pouco xa non distinguirei a terra miña. Miña! Por iso podo dala como galano a quen quixer podo dicir que é miña, e na posesión que tomo dela cada día, está a miña alma e está o meu corpo, a miña carne. Unha carne moza! Gustaríame ensinarlle a terra miña! Gustaría de que alguén comparase a miña carne coa da terra en abril, e dixese as semellanzas e disparates. Téñoa por tan miña, que me parece que é en min onde nace o trigo verde, onde cae a choiva, onde pousan as aves.

Álvaro Cunqueiro, Palabras de véspera

QUÉN É O AUTOR

ÁLVARO CUNQUEIRO foi novelista, poeta, dramaturgo, periodista e gastrónomo. Naceu en Mondoñedo en 1911 e morreu en Vigo en 1981. No instituto estableceu amizade con Fole. Despois de matricularse na Universidade de Santiago de Compostela abandonou os seus estudos para dedicarse ao xornalismo. Acudía en Santiago ás tertulias do Café Español, onde se relacionaba con Fernández del Riego, García Sabell, Torrente, etc. Estivo en Madrid como redactor para despois colaborar en xornais galegos. Obras:

Poesía: Mar ao norde, Poemas do si e do non, Cantiga nova que se chama Riveira.

Novelas: Se o vello Simbad volvese ás illas.

Libros de relatos: Xente de aquí e de acolá, Escola de menciñeiros.

Recibiu o Premio Nacional da Crítica por Las crónicas del Sochantre. Ingresou na Real Academia Galega. Premio Nadal por Un hombre que se parecía a Oreste e por Herba aquí e acolá. En 1991 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.



3. Poña os seguintes verbos na P3 do pretérito:

recibir, cotizar, depender, analizar, resultar, decepcionar, negociar, cobrar

4. Complete as frases co copretérito dos verbos *dedicar, esperar, gardar, matricular*.

- A empresa ... buscar traballo aos desempregados.
- Os rapaces ... a documentación na carpeta.
- O novo ... pacientemente na sala.
- Cada vez que se ... xurdíalles un problema.

5. Cubra os espazos coa forma verbal axeitada:

- O teu irmán (BUSCAR) ... na librería, pero non o (ATOPAR) ...
- Eu (ANDAR) ... todo o día (TRABALLAR) ...
- Ti (CHAMAR) ... ao doutor?
- A túa amiga (ACEPTAR) ... encantada o convite, pero el non a (CHAMAR) ...
- O médico dime que non (TRABALLAR) ...
- O mestre non deixa que o alumnado (ROMPER) ... as cousas.
- A rapaza dixo que non (COMER) ... fóra ata que ti non (CHEGAR) ...
- O militar non quixo que os soldados (COMBATER) ... sen casco.
- Pedíume que (RECIBIR) ... os parentes con moito cariño.
- Aconséllome que (ESCRIBIR) ... con claridade.

6. Cambie os verbos dos seguintes textos para pretérito de indicativo:

- Os periodistas desempeñarían desta maneira unha das principais misións que lles impón o seu nobre cargo, e a prensa faríalle un servizo á terra galega, que nunca se podería estimar o bastante, porque o principal monumento que un pobo pode levantar é a rexeneración verdadeira da súa linguaxe, e a proba máis concluínte de que se cobiza con gusto é que sostén con tesón o que un afamado escritor lle chamou a bandeira da patria.
- Esa mancadura no coteno do meu compa ten unha importante consecuencia para a nosa amizade. Serve para facela máis íntima, expresada na fala que primeiro rompe nos nosos labios, que nos une o mundiño rústico onde os nosos ollos se abren -a lingua proscrita nunha cidade chea de uniformes- que nos negamos o un ao outro. Ata entón.



7. Elixo a forma máis axeitada:

- Cando cheguemos á casa poderedes facer o que ...
 - Quixerdes
 - Queirades
 - Quixerades
- Se ... connosco aínda ... un bo equipo.
 - Viñese/fariamos
 - Viñera/faciamos
 - Viñer/faremos
- Sexa o que ... non parecía agoirar nada bo aquel estronicio.
 - For
 - Fose
 - Fora
- Quen a ... coller!
 - Puidera
 - Puidese
- Onde ... fai como ...
 - Fores/vires
 - Vaias/vexas
 - Foses/vises
- Pode dala como galano a quen ...
 - Quixer
 - Queira
 - As dúas son válidas
- Actúa coma se el non ... tamén seu fillo.
 - For
 - Fose
 - As dúas son correctas

8. Clasifique estas palabras segundo sexan substantivo, adxectivo ou verbo:

elaboración, traballar, recomendado, entrevista, trabaloso, elaborar, documento, recomendable, entrevistado, traballador, recomendar, documentarse, documentado, entrevistar, elaborado



ADVERBIO, PREPOSICIÓN E CONXUNCIÓN

Son partes invariables da oración, dentro das clases de palabras fronte ás anteriormente estudadas que son variables, en xénero, en número, en tempo, en modo...: substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes e verbos.

ADVERBIO

- Adverbios de lugar: onde, u, velaquí, velaí, aquí, acá, acó, alí, alá, aló, acolá...
Algures, ningures empréganse sempre precedidos de preposición
- Adverbios de tempo: onte, trasantonte, antonte, mañá, pasadomañá, logo, despois, axiña, logo, tarde, sempre...
Logo pode ter o valor de axiña, despois, entón
- Adverbios de modo: así, case, ben, mal...
- Adverbios de cantidade: bastante, só, menos, pouco...
- Adverbios de afirmación: si, abofé, certo, tamén...
- Adverbios de negación: non, nin, nunca, tampouco...
- Adverbios de dúbida: quizá, quizais, quizabes, acaso, disque...

PREPOSICIÓN

- **Ante** e **perante** son sinónimos, non así durante.
- **Contra** pode ter valor de aproximación ou dirección.
- **Deica** e **ata** son sinónimas con valor espazo-temporal.
- **Segundo/conforme** son sinónimas.
- **Onda** significa “lugar onde”; **xunta** “xunto a” e **canda** “compañía”.
- **"Ir en"** pode significar lugar a onde ou lugar onde.

CONXUNCIÓN

- Conxuncións coordinantes:
 - Copulativas: e, nin...
 - Adversativas: pero, non obstante...
 - Disxuntivas: ou, xa, ora...
 - Distributivas: ou...ou, xa...xa, ora...ora...
- Conxuncións subordinantes:
 - Completivas: que, se...
 - Condicionais: se...
 - Causais: porque...



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

- Consecutivas: de tal xeito que...
- Comparativas: que, como/coma...
- Concesivas: aínda que...
- Finais: para que...
- De lugar: onde...
- De modo: como...
- De tempo: cando...

EXERCICIOS

1. Identifique os adverbios, as preposicións e as conxuncións e clasifíqueos:

TEXTO

Na Galicia do XVIII a propiedade da terra atópase cáseque totalmente nas mans do alto clero e da nobreza laica, con notoria vantaxe para os mosteiros e mais os cabidos e catedrais. Na outra banda, están os labregos, que, aínda no caso de que sexan propietarios dalgunha parcela ou pequena explotación, teñen que se valer, na súa maioría, do arrendo ou do aforamento das terras daqueles. É o foro o contrato agrario típico de Galicia, a forma principal de cesión do dominio útil a cambio dunha renda. Ata ben entrado o século XV os foros tiñan sido xeralmente contratos perpetuos. Após a crise económica e social de fins da Idade Media, impuxéronse os foros de "tres voces" de duración, e dende 1525 pódese dicir que o foro perde na práctica o seu carácter. Máis adiante haberá a tendencia a se realizaren "por vida de tres señores reis"...



APÉNDICE ORTOGRÁFICO

acantoar	amoestar	apisoar	cicel	comadroa
acareo	amorodo	apócema	arrapañar	arrefriar
acostumar	alumado	aramado	friame	acazaparse
aflito (aflixir)	cacto	delito	delituoso	vítima
amasillo	amortallar	atallo	olleiras	grampa
amestrar	acredor	crer	ler	crente
asasinar	avaliación	desapegar	descolar	a icona
atraente	berbequí	cegoña	cemiterio	desconforme
atropelo	avasalar	bulicio	calafrió	calo
azucreiro	ábsida	acender	anano	anoxar
baleiro	valor (mofo)	chibo	gabián	marabilloso
bandurra	nora	vendima	compasar	chicoria
basear	cute	chifre/asubio	disfrace	embigo
bípede	viaduto	vitoria	cualificativo	calidade
callar	cativar	psicanálise	recadar	cuñar/cruñar
callos	crioulo	camelo	ebulición	nobelo
campá	soá	avaría	casarío	marmelada
campión	cerimonia	cranio	crista	enfermidade
carrapata/carracha	cazapo	cirúrxico	tríscele	caderno
cartolina	rigoroso	somerxer	fastoso	acoirazar
caveira	coar	panca	pallaso	acubillo
colidir	bordel	botifarra	suborno	relevo
comezar	enxaboar	espécime	réxime	frear
compilar	acantonar	apaixonante	confrade	pasional
comuñón	xeral	xeneral	canón	daniño
cravo	escravo	recruta	adxectivo	obxecto
crenza	provedor	reembolso	chistera	agridoce
desgustar	dormente	efémero	encordio	manequín
eccema	equinoccio	flaccidez	fricción	friccionar
engano	pestanda	rapina	mariño	albará
esbrancuxado	brasón	diabro	obriga	crición
espavento	estaleiro	assemblea	carie	cheminea
financeiro	pregue	sela	xusticeiro	arrabalde
fiorde	rutineiro	sermonar	sabotar	enfastiar
flegmón	prognóstico	gnomo	regra	singradura
fritir	lixivia	minestra	requirir	increible
gángster	harpía	harmonía	helmo	hipocrisía
húmido	achado	ermida	inchazo	ombreiro
inflación	machucar	chacina	recheo	encher
inflar	afroitado	fruta	frete	flegma
irrefreable	la	pa	ra	lique
isóscele	mármore	milagre	pube	vertixe
lagaña	latrina	lanterna	nácara	omoplata
liñaxe	ouriñal	rañura	esquimó	figurino
mapoula	metrallar	minorar	podrecer	xadrez
novelo	querela	acharoado	charón	veludo
onomatopea	virxindade	pálpebra	rolda	quenda
orchata	osmar	furna	urna	acibeche
pagode	resgar	tenaces	verniz	xelea
paixón	sereno	serea	sirena	comungar



MÓDULO IX – LINGUA GALEGA

pebida/pibeda	rebentar	saraiba	sable	nobre
pértega	labirinto	reberete	sabedoría	sobrevivente
rabaño	rancor	rescaldo	romaría	vantaxe
rapsodo	saboroso	caloroso	valoroso	mercadoría
rebanda	vangloria	acevro	ávrego	substantivo
refusar	mofo	flanela	florería	enfastiar
rendible	venda	cru	suar	alude
rocha	rochedo	addenda	lámpada	liderado
sismo	risco	sinistro	sucidade	glicemia
substituír	vizconde	civilidade	mobilizar	almorábide
tafetá	terreal	vaidade	desenvaiñar	dispoñible
telefonar	planadora	sabotar	sermonar	apremar
transo	congro	dinosaurio	mordomo	vidro
vacina	vestiario	biscoito	peituga	menopausa
voante/voador	volante	vixiante (adx.)	vixilante (sub./adx.)	apostila
voo	radiooínte	estrondo	maxestoso	monstro
xene	ametista	efeminado	enchente	engrenar
tocado	bispado	aprazar	cumprir	apracible
emprego	pneumático	inaprazable	incumprir	pregar
soprete	prexudicial	catar	ditongo	sétimo
arquidiocese	archivo	aldraba	canastra	cirurxía
fragrancia	fustrigar	mastro	orquestra	sangrar
friorento	excarcerar	garapiñada	entrecosto	madrasta
sanguento	sentinela	escavar	escusa	estrañeza
esterno	almiscrar	belisco	estranxeiro	mesquiño
torresmo	polisón	xasmín	digresión	diminuír
subtracción	peite	tsar	cafeal	envurullo
regulamentar	rouco	acurtar	bucina	curtametraxe
circuíto	custar	estufado	insubornable	mulido
sufocar	tintura	maxestoso	evanxeo	covarde
avultar	caravel	corveta	devalo	devecer
envorcar	escarv dentes	esvelto	laverca	ouvear
varanda	varredura	vimbio	viruxe	xavelina
cornixa	graxa	sofexo	taxa	xarampón
xordeira	bolxevique	caxemira	clixé	haxix
xilín	xilaba	conxectura	gasoso	andazo
amizade	axuizar	cansazo	desprezo	doenza
pertenza	traizoeiro	maxestático	pneumotórax	sintaxe



CUESTIONARIO

EXAME 1

TEXTO 1

O noso planeta está enfermo, e esa enfermidade ten moito que ver co desenvolvemento, a industrialización e a civilización do lixo que reina nos países máis ricos do planeta, en flagrante contraste coa penuria crecente dos países máis pobres, cunha poboación que aumenta de xeito case exponencial.

Nesa perspectiva, os grandes problemas planetarios como o incremento do efecto invernadoiro, o deterioro da capa de ozono, a crecente contaminación dos mares, a desertización, a escaseza de auga potable ou a xestión dos residuos están obrigando aos países desenvolvidos a formularse un novo modelo de desenvolvemento, máis achegado a presupostos ecolóxicos có anterior, que era estritamente economicista e que semella rexeitado por insostible.

1. O tema principal é:

- A destrución do mundo produto da enfermidade.
- A paisaxe destrúese pola enfermidade.
- O deterioro do medio.

2. No texto, a palabra «reina» significa:

- Rexer un estado un rei, unha raíña ou un príncipe.
- Dominar ou exercer unha influencia.
- Existir algo durante certo tempo.

3. Das seguintes series de palabras, cal garda a orde alfabética correcta?

- Aumenta, crecente, capa, enfermo, deterioro.
- Aumenta, enfermo, deterioro, capa, crecente.
- Aumenta, capa, crecente, deterioro, enfermo.

4. Que quere dicir a palabra «enfermo» no texto:

- Resentido.
- Deteriorado.
- Con medicación.



5. Por que este texto pertence a un rexistro formal da lingua?

- Porque ten unha expresión coidada, con frases elaboradas e léxico técnico.
- Porque ten unha linguaxe sinxela, expresións de fácil comprensión, con léxico habitual.
- Porque o tema que trata é coñecido por todos e tratado con asiduidade.

TEXTO 2

Os representantes electos nas últimas eleccións deron lectura aos resultados das respectivas seccións. Todos tiñamos a convicción de que aqueles datos obxectivos non eran moi exactos, pero coñecendo a traxectoria profesional do doutor no país e no estranxeiro non quixemos facer conxecturas. Os redactores dos medios de información esixiron que se proxectasen na pantalla os datos. Pero as cifras eran tan esaxeradas que os propios electores preferiron agardar a reunión nocturna.

1. No texto, a expresión «Deron lectura» significa:

- Entregar a lectura a alguén.
- Entregar documentación para que sexa lida.
- Ler.

2. No texto, a palabra «exactos» significa:

- Matemáticos.
- Convincentes.
- Comprensibles.

3. Seguindo a orde coa que aparecen no texto, cal é a serie de palabras correcta?

- Conxecturas, electores, representantes, respectivas, traxectoria, reunión.
- Representantes, respectivas, traxectoria, conxecturas, electores, reunión.
- Reunión, electores, respectivas, representantes, traxectoria, conxecturas.

4. No texto escríbese «que se proxectasen na pantalla os datos», por que?

- Porque queren que os datos sexan coñecidos publicamente.
- Porque queren que os datos vaian camiñando cara á pantalla.
- Porque se necesita que a pantalla sexa coñecida polos datos.



5. Resuma o texto.

6. Que serie de palabras ten unha ortografía correcta de «h/non h»:

- a. Ipoteca, bahía, hermitán, acne, ábitat.
- b. Hipoteca, baía, ermitán, acne, hábitat.
- c. Hipoteca, baía, hermitán, acne, ábitat

7. Estableza a orde alfabética correcta de: actualidade, península, víbora, exercicio.

- a. Exercicio, actualidade, península, víbora.
- b. Actualidade, península, exercicio, víbora.
- c. Actualidade, exercicio, península, víbora.

8. Unha palabra composta é aquela que está formada por:

- a. Dous lexemas.
- b. Un lexema e un sufixo.
- c. Un prefixo e un lexema.

9. Que significa a palabra «traxectoria» na expresión «Traxectoria profesional do doutor»?

- a. Liña que se traslada dun punto a outro.
- b. Movemento que fai unha persoa.
- c. Diferentes traballos realizados por unha persoa.

10. Que significa a palabra «agardar» na expresión «Preferiron agardar a reunión nocturna»?

- a. Esperar.
- b. Atender ata que chegue a reunión.
- c. As dúas son correctas.



EXAME 2

TEXTO 1

Xa me decatei de que naquel viaxe tivestes moitos problemas. Non sei se é que estaba a carretera en mal estado ou se iades distraídos mirando o paisaxe, pois desde o alto vense todas as aldeias da costa e da ría abríndose para saír ao mar. O primer día que eu fun por alí había maravillas dignas de figurar nun museo, pero nestes derradeiros tempos construíron moitas fábricas con enormes cheminés, oficiñas e mil trapalladas máis. Os fabricantes de gasoliña mercaron media ría porque din que hai petróleo, pero o que eu creo é que todos eses que din que van facer da vila unha metrópolis, o único nome que merecen é o de asesiños do medio ambiente e da natureza. Sinceramente, cando chegue a primaveira vou organizar unha manifestación contra esa industrialización irracional.

1. O tema principal é:

- a. A industrialización da paisaxe.
- b. A falta de costa na paisaxe.
- c. Unha viaxe pola paisaxe costeira.

2. No texto, a palabra «distraídos» significa:

- a. Entretidos.
- b. Non manter a atención.
- c. Pasar o tempo dun xeito agradable.

3. Das seguintes series de palabras, cal garda a orde alfabética correcta?

- a. Trapalladas, viaxe, tempos, paisaxe, problemas.
- b. Paisaxe, problemas, tempos, trapalladas, viaxe.
- c. Tempos, paisaxe, problemas, trapalladas, viaxe.

4. Que quere dicir a expresión «Abríndose para saír ao mar» no texto:

- a. Abrir portas e ventás para ver o mar.
- b. Coller un barco para ir ao mar.
- c. Expansión cara ao mar.

5. Por que este texto pertence a un nivel vulgar da lingua?

- a. Porque consta dunha linguaxe complexa e expresións difíciles de comprender.
- b. Porque consta dunha linguaxe sinxela, expresións fáciles e erros propios deste nivel.
- c. Porque consta dunha linguaxe sinxela, expresións fáciles e sen tecnicismos.


TEXTO 2

Todos están moi amables comigo: a señorita Vacaburra, definitivamente, ten un tipo extraordinario. Creo que vai moi lixeira por debaixo da bata. Ten a cara redondeada, o pelo curto, algo rizado, e uns ollos moi grandes e con moita luz, desa que brilla nos campos mollados. Agora que me deron algo, síntome moito mellor. Levaron o reloxo. Creo que a ninguén lle gustaba aquel artefacto espantahoras porque non volveron traer outro e quedou na parede unha silueta co pouso marelo das horas.

1. No texto, a expresión «Vai moi lixeira» significa:

- a. Camiña amodo e con tento.
- b. Non leva moita roupa.
- c. Non ten peso enriba do corpo.

2. No texto, a palabra «luz» na expresión «Ollos con moita luz» significa:

- a. Lámpada acendida que iluminan os ollos.
- b. Estar enfadado.
- c. Ollos grandes e moi expresivos.

3. Seguindo a orde coa que aparecen no texto, cal é a serie de palabras correcta?

- a. Amables, extraordinario, bata, ollos, horas.
- b. Amables, bata, horas, extraordinario, ollos.
- c. Amables, horas, ollos, extraordinario, bata.

4. No texto escíbese «quedou na parede unha silueta», por que?

- a. Porque cando sacas o reloxo aparece o corpo dunha persoa.
- b. Porque cando sacas o reloxo hai unha mancha que é o seu contorno.
- c. Porque colocas un cadro no lugar do reloxo.

5. Resuma o texto.
6. Que serie de palabras ten unha ortografía correcta de «s/x»:

- a. Xordeira, sinxelo, frouxo, sorbete, xovenco.
- b. Sordeira, sinxelo, frouxo, sorbete, sovenco.
- c. Sordeira, xinselo, frouso, xorbete, sovenco.

7. Estableza a orde alfabética correcta de: raro, cauteloso, sospeitoso, profesional.

- a. Raro, profesional, sospeitoso, cauteloso.
- b. Profesional, sospeitoso, raro, cauteloso.
- c. Cauteloso, profesional, raro, sospeitoso.



8. Cal das seguintes palabras ten ditongo:

- a. Extraordinario.
- b. Ninguén.
- c. Traer.

9. Que significa a palabra «pouso» na expresión «Co pouso marelo»?

- a. Restos sólidos que deixan os líquidos no fondo dos recipientes.
- b. Marca que deixa o reloxo na parede.
- c. Lugar en que se coloca o reloxo.

10. Que significa a palabra «artefacto» na expresión «Aquel artefacto espantahoras»?

- a. Reloxo.
- b. Moble.
- c. Bomba.



EXAME 3

TEXTO 1

Todo aquel follón polo anel da voda de mamá. Levara cen mil pesetas, o que ela cobrara por coser miles de malditos abelorios en traxes de fantasía, levará o vídeo, regalo especial de Nico para a casa, e esoutras xoias que mamá só puña unha vez ao ano. Pero ela púxose fóra de si cando notou que lle faltaba o anel, aquela arandela de nada. Nunca a vira así, tan caída, sen forzas para rifarme, con saloucos que non a deixaban respirar. Xuro que cría que era polo vídeo. Realmente, penseino moito pero non tiña outra saída. Non podía inimistarme con Don. É só un préstamo, mamá. Devolvereino todo. Xa verás. Iso quería dicirle.

1. O tema principal é:

- a. O roubo do anel.
- b. A falta dun anel de vodas.
- c. O enfado dunha nai e o malentendido por parte do fillo.

2. No texto, a palabra «abelorios» significa:

- a. Xoias de ouro.
- b. Bólas de vidro que se cosen como adorno.
- c. Traxes con cosido especial.

3. Das seguintes series de palabras, cal garda a orde alfabética correcta?

- a. Abelorios, anel, arandela, regalo, xoias.
- b. Anel, arandela, regalo, xoias, abelorios.
- c. Regalo, arandela, anel, xoias, abelorios.

4. Que quere dicir a palabra «malditos» no texto:

- a. Que sofre unha maldición.
- b. Que resulta desagradable ou molesto.
- c. Que se caracteriza pola mala intención.

5. Por que este texto pertence a un nivel coloquial da lingua?

- a. Porque ten frases sinxelas e expresións fáciles de comprender.
- b. Porque ten erros ortográficos propios deste tipo de nivel.
- c. Porque as frases son complexas e ten linguaxe específica.



TEXTO 2

Nós ordenamos as nosas lexións ao noso xeito e maneira; pola contra, os inimigos ordenan así mesmo as súas. Despois ambos os dous xefes saen ao medio do campo, conversan fóra do barullo das lexións. Conveñen que os vencidos neste combate han de entregar a cidade, o territorio, os altares, os lares e a si mesmos. Ao chegaren a este acordo, soan as trompetas nos dous bandos.

1. No texto, a expresión «Ordenamos as nosas lexións» significa:

- a. Colocalas seguindo unha orde.
- b. Introducilas nun lugar seguro.
- c. Mandar nelas para que fagan algo.

2. No texto, a palabra «conveñen» significa:

- a. Coincidir con alguén nun sitio.
- b. Chegar a un acordo.
- c. Ser unha cousa ou persoa útil.

3. Seguindo a orde coa que aparecen no texto, cal é a serie de palabras correcta?

- a. Inimigos, combate, trompetas, lexións.
- b. Combate, lexións, inimigos, trompetas.
- c. Lexións, inimigos, combate, trompetas.

4. No texto escíbese «conversan fóra do barullo das lexións», por que?

- a. Porque o ruído das lexións os molestan.
- b. Porque as lexións están atentas a todo en silencio.
- c. Porque botan do lugar as lexións xunto co barullo.

5. Resuma o texto.

6. Que serie de palabras ten unha ortografía correcta de «-r/-l-»:

- a. Gladíolo, froco, plata, escravo.
- b. Plancto, cumprir, sobrete, praza.
- c. Blusa, graxa, plateiro, expricar.

7. Estableza a orde alfabética correcta de: comezos, nevadas, difícil, palangana.

- a. Nevadas, difícil, comezos, palangana.
- b. Difícil, comezos, nevadas, palangana.
- c. Comezos, difícil, nevadas, palangana.



8. Cal das seguintes series está formada só por substantivos:

- a. Ideas, breve, piedade, dependente.
- b. Profesional, raro, foto, mostrar.
- c. Mirada, coche, odio, desprezo.

9. Que significa a palabra «altares» na expresión «Entregar a cidade, o territorio, os altares»?

- a. Monumento elevado do solo, destinado ao culto relixioso.
- b. Logros conseguidos que teñen en alta estima.
- c. Lugar semellante a cidade e territorio.

10. Que significa a palabra «soar» na expresión «Soan as trompetas nos dous bandos»?

- a. Facerse coñecido nos dous bandos.
- b. Emitir ou producir un son as trompetas.
- c. Ter certa aparencia ou dar a impresión de algo.



EXAME 4

TEXTO 1

Estabamos a comezos de decembro. Nosa avoa desacochounos a David e mais a min aloumiñándonos con dozura como facía acotío. Ao lavármonos, parecía coma se a auga da palangana estivese máis fría ca de costume. Tras o almorzo, collemos a bolsa co material escolar e, saíndo pola porta, vimos que todo estaba branco. Que sorpresa! Caera unha nevada pola noite que callou no chan e facía difícil distinguir onde había un carreiro. Ao andarmos, os nosos zocos afundíanse naquela sólida masa de auga que se lles ía pegando e que, a miúdo, tiñamos que sacudir. Nosoutros non estabamos acostumbrados ás nevadas e, sobre todo, a unha tan grande coma aquela.

1. O tema principal é:

- Unha gran nevada.
- A chegada do mes de Nadal.
- A separación dunha avoa e o seu neto.

2. No texto, a palabra «aloumiñándonos» significa:

- Facer soar un pito.
- Tratar con aloumiños.
- Abrazos e bicos que lle entrega a avoa.

3. Das seguintes series de palabras, cal garda a orde alfabética correcta?

- Decembro, costume, difícil, dozura, fría.
- Difícil, decembro, dozura, fría, costume.
- Costume, decembro, difícil, dozura, fría.

4. Que quere dicir a expresión «Todo estaba branco» no texto:

- Pintado con cal.
- Desaparecera o mundo.
- Acababa de nevar.

5. Por que este texto pertence a un nivel coloquial da lingua?

- Porque ten unha linguaxe próxima a como se fala habitualmente cos seus erros propios.
- Porque a súa linguaxe é coidada e sinxela, con vocabulario fácil de entender.
- Porque a súa linguaxe é coidada e ten tecnicismos propios do tema.


TEXTO 2

O dependente non lle indica como facelo. Ela vai afastando as fotos da muller loura e colócaas enriba do mostrador coma se estivese facendo un solitario. Presente que non se trata máis que dunha prórroga, que finalmente se confirmará o insinuado polo dependente. Este ólla a cunha compaixón infinita cando pon cadanseu negativo sobre a foto correspondente. Cada ovella coa súa parella, así van saíndo, un tras outro.

1. No texto, a expresión «Afastando as fotos da muller loura» significa:

- Poñer as fotos lonxe da muller loura.
- Colocar as fotos nun sitio onde non estea a muller loura.
- Separar as fotos da muller loura das outras.

2. No texto, a palabra «acotío» significa:

- Separado no tempo.
- Todos os días.
- Día si e día non.

3. Seguindo a orde coa que aparecen no texto, cal é a serie de palabras correcta?

- Mostrador, compaixón, negativo, ovella.
- Compañión, mostrador, negativo, ovella.
- Ovella, compaixón, negativo, mostrador.

4. No texto escríbese «O dependente non lle indica como facelo», por que?

- Porque o dependente non lle axuda.
- Porque o dependente fai todo.
- Porque o dependente inicia o proceso.

5. Resuma o texto.
6. Que serie de palabras ten unha ortografía correcta de «-ct-/-t-/-cc-/-c-»:

- Tática, subscripción, terceto, mutación.
- Infección, vítima, produción, calefacción.
- Satisfacción, práctica, curucto, adicción.

7. Estableza a orde alfabética correcta de: embaixadores, mensaxeiros, vencidos, trompetistas.

- Mensaxeiros, vencidos, trompetistas, embaixadores.
- Vencidos, trompetistas, mensaxeiros, embaixadores.
- Embaixadores, mensaxeiros, trompetistas, vencidos.



8. Cal dos seguintes verbos está en copretérito (imperfecto de indicativo)?

- a. Obedecía.
- b. Fun.
- c. Cantara.

9. Que significa a palabra «negativo» na expresión «Cadanseu negativo sobre a foto correspondente»?

- a. Unha foto polo lado de atrás.
- b. Primeira imaxe dunha fotografía de tons escuros e claros.
- c. Calquera cousa que serve para negar a fotografía.

10. Que significa a expresión «Cada ovella coa súa parella»?

- a. É un palíndromo: na foto había unha ovella.
- b. Non ten un significado especial.
- c. Facer coincidir a foto e o seu negativo a pares.



SOLUCIONES

EXAME 1

1. C

2. B

3. C

4. B

5. A

EXAME 2

1. A

2. A

3. B

4. C

5. B

EXAME 3

1. C

2. B

3. A

4. C

5. A

EXAME 4

1. A

2. B

3. C

4. C

5. B

TEXTO 2

1. C

2. B

3. B

4. A

5. ...

6. B

7. C

8. A

9. C

10.A

1. B

2. C

3. A

4. B

5. ...

6. A

7. C

8. A

9. B

10. A

1. A

2. B

3. C

4. A

5. ...

6. B

7. C

8. C

9. A

10. B

1. C

2. B

3. A

4. A

5. ...

6. B

7. C

8. A

9. B

10. C



MÓDULO IX: LENGUA ESPAÑOLA

TEMA 1.- EL ABECEDARIO

El abecedario español está hoy formado por las **27 letras** siguientes: *a, b, c, d, e, f, g, h, i, j, k, l, m, n, ñ, o, p, q, r, s, t, u, v, w, x, y, z*.

Solo son propiamente letras los grafemas, esto es, los signos gráficos simples. Por esta razón, no deben formar parte del abecedario las secuencias de grafemas – **dígrafos**- que se emplean para representar ciertos fonemas, como *ch, ll, gu* (ante *e, i*), *qu* (ante *e, i*) y *rr*.

Todas las letras de una palabra española, excepto la **h**, deben pronunciarse.

Un sonido simple nunca estará transcrito por dos signos, excepto los grupos **qu, gu, ch, ll** y **rr**.

Antiguamente la **ñ** era un dígrafo (*mn, nn*), pero pronto evolucionó hacia la representación actual, es decir una **n** con tilde: **ñ**

Desde 1994 las letras **ll** y **ch** no tienen entradas independientes en el diccionario. Se sitúan en **c** y **l** respectivamente, en el orden alfabético correspondiente.

Algunas letras tienen un sonido u otro según el contexto en el que se encuentren.

- Por ejemplo, la letra **c** se pronuncia **[k]** si va delante de **a, o** o **u**, y se pronuncia **[θ]** si va delante de **e** o **i**.
- Lo mismo ocurre con la letra **g**: se pronuncia **[g]** si va delante de **a, o** o **u** y se pronuncia **[j]** si va delante de **e** o **i**.

SONIDOS VOCÁLICOS			
Letra	Sonido	Ortografía	Ejemplos
a	[a]	A a	Ana
e	[e]	E e	Elena
i	[i]	I i	Inés
o	[o]	O o	Rodolfo
u	[u]	U u	Úrsula



SONIDOS CONSONÁNTICOS			
b (be)	[b]	B b	Bárbara
c (ce)	[k, θ]	C c	Carmen, Cecilia
ch	[tʃ]	CH ch	Chile
d (de)	[d]	D d	David
f (efe)	[f]	F f	Felipe
g (ge)	[g, j]	G g	Gregorio, Gustavo, Ignacio, Miguel, Jorge
h (hache)	[∅]	H h	Hilario
j (jota)	[j]	J j	Javier
k (ka)	[k]	K k	Iñaki
l (ele)	[l]	L l	Lucía
ll	[ll]	Ll ll	Sevilla
m (eme)	[m]	M m	Marta
n (ene)	[n]	N n	Nicolás
ñ (eñe)	[ɲ]	Ñ ñ	Íñigo
p (pe)	[p]	P p	Pablo



q (cu)	[k]	Q q	Enrique
r (erre)	[r, R]	R r	María, Pedro, Oscar, Roberto, Tarragona
s (ese)	[s]	S s	Sebastián
t (te)	[t]	T t	Timoteo
v (uve o ve)	[b]	V v	Viviana
w (uve o ve doble)	[w]	W w	Wenceslao
x (equis)	[ks]	X x	Félix
y (i griega o ye)	[y]	Y y	Cayetano
z (zeta o zeda)	[θ]	Z z	Zacarías



TEMA 2.- CLASES DE PALABRAS

INTRODUCCIÓN

Las palabras desde un punto de vista gramatical se agrupan en conjuntos homogéneos que reciben el nombre de categorías gramaticales o clases de palabras.

Se suelen distinguir nueve categorías gramaticales que podemos dividir en dos grupos: variables (determinantes, pronombres, sustantivos, adjetivos y verbos) e invariables (adverbios, preposiciones, conjunciones e interjecciones). Las interjecciones merecen una mención especial, ya que son palabras aisladas que constituyen un enunciado por sí solas; se usan para expresar sentimiento, para saludar, para llamar la atención...

1. DETERMINANTES

Definición.

El determinante es una clase de palabra que precede al sustantivo u otras clases de palabras a las que sustantivan, formando un sintagma nominal. Su función es actualizar, fijar la referencia del sintagma nominal, así para que mesa sea un objeto concreto se necesita la presencia de un determinante: *la mesa, esta mesa, mi mesa...*

Son una clase variable de palabras (tienen flexión de género y número concordando con el sintagma nominal al que acompañan) y tienen paradigmas cerrados (el inventario no se puede ampliar con palabras de nueva creación).

Clasificación.

Según su función se distinguen: artículos determinados, artículos indeterminados, demostrativos, posesivos, numerales, indefinidos, interrogativos y exclamativos.

1.1. ARTÍCULO DETERMINADO

Definición.

Es una palabra variable (puede ser masculino, femenino, singular o plural), sin significado propio, que anuncia la presencia de un sustantivo -con el que concuerda en género y número- o de una palabra sustantivada (palabra que cambia su categoría de origen por la de un sustantivo. Ejemplo: *El estudiar me cansa*. En este caso, *estudiar* cuya categoría natural es la de verbo en forma no personal, cambia a sustantivo, pues lleva un artículo delante).

Se utiliza en los siguientes casos:



- Ante nombres conocidos por el hablante o el oyente, bien porque fueron nombrados en el discurso previo, bien porque su existencia se puede presuponer. Ej. *Había un niño y una niña. **El** niño corría y **la** niña saltaba.*
- Para establecer generalizaciones. Ej. ***El** perro es un mamífero.*

Formas:

Masculino	Femenino	Neutro	
el	la	lo	Singular
los	las		Plural

La forma neutra no tiene plural y suele determinar a adjetivos, a los cuales **sustantiva**, o aparecer con adverbios en oraciones exclamativas: ***Lo** bueno. ¡**Lo** bien que lo hace!*

Cuando las preposiciones A y DE preceden al artículo masculino singular EL, se produce una CONTRACCIÓN, y pasa a llamarse ARTÍCULO CONTRACTO.

A + EL = **AL** DE + EL = **DEL**

USOS PARTICULARES

- **El apellido**
 - El artículo determinado va siempre delante del apellido introducido por: señor (es), señora(s), señorita(s):
***El** señor Solís ha salido.*
 - Excepto cuando hablamos directamente con la persona:
Encantada, señor Pérez.
 - **Los + apellido** permite la omisión de señores:
*Es un conocido de **los** Álvarez.*
- **La edad**
 - El artículo determinado plural va detrás de la preposición cuando se habla de la edad en la que una persona realizó una acción:
*Rosana emigró a **los** veinte años.*
 - **Los + numeral** permite la omisión de años y expresa la década de lo que se habla:
*Pedro se enamoró a **los** cincuenta.*
Pero: Pedro tiene cincuenta años.
- **Los días de la semana**
 - El artículo determinado singular señala un día determinado:
*Llegaremos **el** domingo a Santiago.*
 - El artículo plural señala una periodicidad:
*No me gustan **los** lunes.*
Pero: Mañana es jueves, hoy es miércoles.
- **La hora**
*Es **la** una.*



Son **las** dos.

Pero: *Descanso de dos a tres.*

- **El porcentaje**

El cuarenta por ciento de las veces actúo por intuición.

- **Formas sustantivadas**

- **El, la, los, las + adjetivo:**

El nuevo está en mejores condiciones.

- **El + verbo en infinitivo** permite formar sustantivos que corresponden precisamente a la acción definida por el verbo y equivale a "el hecho de + infinitivo":

El hacer deporte es bueno para la salud.

- **Valor demostrativo o posesivo**

- **El que, la que, los que, las que, lo que** cuando preceden al relativo, el artículo adquiere un valor demostrativo:

*Este coche es **el que** tuvo el siniestro.*

